

DE  
SE  
MESTRE

izPR98T

# CADERNOS DE LINGUA

E  
P  
L  
I  
N  
G  
U  
A



8

2.º SEMESTRE. 1993

DE  
SE  
MESTRE

ZñDV

REAL  
ACADEMIA  
GALEGA



— 10 —

R E A L  
ACADEMIA  
GALEGA





# CADERNOS DE LINGUA

2.º SEMESTRE, 1993

8

*(The following text is a mirrored/ghosted image of the table of contents, appearing upside down and faintly in the background of the page.)*

..... 5

..... 10

..... 23

..... 24

..... 25

..... 26

..... 27

..... 28

..... 29

..... 30

..... 31

..... 32

..... 33

..... 34

..... 35

..... 36

..... 37

..... 38

..... 39

..... 40

..... 41

..... 42

..... 43

..... 44

..... 45

..... 46

..... 47

..... 48

..... 49

..... 50

..... 51

..... 52

..... 53

..... 54

..... 55

..... 56

..... 57

..... 58

..... 59

..... 60

..... 61

..... 62

..... 63

..... 64

..... 65

..... 66

..... 67

..... 68

..... 69

..... 70

..... 71

..... 72

..... 73

..... 74

..... 75

..... 76

..... 77

..... 78

..... 79

..... 80

..... 81

..... 82

..... 83

..... 84

..... 85

..... 86

..... 87

..... 88

..... 89

..... 90

..... 91

..... 92

..... 93

..... 94

..... 95

..... 96

..... 97

..... 98

..... 99

..... 100

..... 101

..... 102

..... 103

..... 104

..... 105

..... 106

..... 107

..... 108

..... 109

..... 110

..... 111

..... 112

..... 113

..... 114

..... 115

..... 116

..... 117

..... 118

..... 119

..... 120

..... 121

..... 122

..... 123

..... 124

..... 125

..... 126

..... 127

..... 128

..... 129

..... 130

..... 131

..... 132

..... 133

..... 134

..... 135

..... 136

..... 137

..... 138

..... 139

..... 140

..... 141

..... 142

..... 143

..... 144

..... 145

..... 146

..... 147

..... 148

..... 149

..... 150

..... 151

..... 152

..... 153

..... 154

..... 155

..... 156

..... 157

..... 158

..... 159

..... 160

..... 161



Real Academia Galega (R.A.G.)  
 Ed. (E. Fernández Rei) ..... 157  
 Ed. (X. C. Somoza) ..... 161



**Director:** Constantino García  
**Vicedirector:** Manuel González González  
**Coordinador:** Xose Luís Regueira  
**Secretaria:** María do Carme Pazos Balado

**Coordinadores de área:**

Carlos Díaz Abreira, Xermán García Cancela, Antón López Dovao,  
 Miguel Pérez Pereira, Modesto A. Rodríguez Neira

**Colaboracións e correspondencia:**

Orixinais para publicación e correspondencia en xeral envíanse ó  
 coordinador:

Xosé Luís Regueira Fernández  
 r/. Hórreo, 31 - 2º  
 15702 Santiago de Compostela

**Subscripción e intercambio:** Dirixirse a

Editorial Galaxia, S. A.  
 r/. Reconquista, 1 - 36201 Vigo

© Real Academia Galega  
 A Coruña, 1990

Edita: Real Academia Galega  
 r/. Tabernas, 11 - 15001 A Coruña

I.S.S.N.: 1130-5924

Título clave: Cadernos de lingua  
 Título abreviado: Cad. Ling.

Depósito Legal: C-1.642-1992

Deseño: M. Janeiro

Imprime: Obradoiro Gráfico, S. L.  
 Avda. Rebullón, 49 - Mos

Esta publicación é posible gracias á colaboración económica da Consellería de  
 Cultura da Xunta de Galicia.



## ÍNDICE

### ARTIGOS

- X. BOUZADA FERNÁNDEZ, A lingua galega no sector dos servizos ou as racionalidades, dilemas e paradoxos presentes en usos cotiáns da lingua galega ..... 5
- A. M. LORENZO, A lingua galega nas actividades laborais do sector secundario: do hábito adquirido á interacción social ..... 19
- X. R. FREIXEIRO MATO, A lingua de Crecente Vega (*Codeseira*, 1933): un paso adiante no proceso de estandarización do idioma ..... 25
- L. BLANCO, Ourensanismos en *Xente ao lonxe* ..... 55
- X. DOMÍNGUEZ DONO - A. FACHAL FRAGUELA, A fauna en Cunqueiro. As aves ..... 67
- I. SALGADO BASOIA - M. PÉREZ RODRÍGUEZ, A fauna en Cunqueiro. Os peixes ..... 81
- R. MARIÑO PAZ, O padre Sarmiento no seu tempo ..... 87
- C. HERMIDA, Lamas Carvajal e o Rexurdimento ..... 101
- X. M<sup>a</sup> LEMA SUÁREZ, Os nomes de persoa dunha parroquia rural galega: Berdoais (1607-1760) ..... 117
- C. SILVA DOMÍNGUEZ, A combinatoria do posesivo na frase nominal ..... 135

### RECENSIÓNS

- Informe da Comunicación en Galicia*, VV.AA. (E. Fernández Rei) .... 157
- Redação e textualidade*, MARIA GRAÇA COSTA VAL (X. C. Sousa) ..... 161



## A LINGUA GALEGA NO SECTOR DOS SERVICIOS OU AS RACIONALIDADES, DILEMAS E PARADOXOS PRESENTES EN USOS COTIÁNS DA LINGUA GALEGA <sup>1</sup>

XAN BOUZADA FERNÁNDEZ

Dpto. de Socioloxía da Universidade de Vigo

### 1. Introdución e consideracións metodolóxicas

A nosa formulación metodolóxica tenta establecer unha aproximación microsociolóxica a un ámbito coma o sociolingüístico, no cal, e entre nós, levan prevaecido de xeito case exclusivo as enquisas sobre hábitos e actitudes. O tipo de lectura da realidade factible co recurso ás enquisas baseadas en cuestionarios pechados pode disimular e mesmo agachar aspectos substanciais do problema que se pretende analizar, mentres que o manexo de enfoques etnometodolóxicos facilita un tipo de perspectiva empírica que, malia a súa perda en representatividade estatística, agranda e fecunda a posible comprensión dese acto social cardinal que é o momento da interacción lingüística. Ese recurso permite enriquecela dimensión cualitativa e afondar nunha ampla diversidade de matices.

A nosa proposta metodolóxica inspírase inicialmente no "enfoque dramático" de Erving Goffman<sup>2</sup>, o cal nos abre o camiño para entendermos algunhas das claves que rexen o comportamento do actor social *en situación*. A alternativa metodolóxica de Goffman parte do suposto de que o trato social ordinario se coordina do mesmo xeito que unha escena que fose integrando sucesivamente diversos tipos de accións, de oposi-

---

<sup>1</sup> Ponencia presentada no Curso de Verán da Universidade de Santiago de Compostela titulado "Conflicto Lingüístico e Normalización en Galicia" celebrado en Santiago de Compostela entre o 13 e o 16 de xullo de 1992.

<sup>2</sup> Goffman, E. (1987): *La presentación de la persona en la vida cotidiana*, Madrid, Amorrotu-Murguía, pp. 11-28. Así mesmo, Goffman, E. (1991): *Les cadres de l'expérience*, Paris, Minuit. V. en particular pp. 102-103.

ción e de respostas dramáticas, as cales tenderían a encaixar nun conxunto formando un marco coherente por mor da unión dos fragmentos procedentes das distintas vivencias. Non obstante cómpre indicar que neste traballo non nos deteremos a afondar na fecundidade interpretativa do método, tal e como en certa medida xa fixeramos noutros traballos anteriores; optamos aquí máis ben por establecer unha estimación global do acontecido nos eventos interactivos analizados.

Co obxectivo de enriquece-la presente aproximación metodolóxica, e no decurso do reconto dos devanditos eventos, imos tamén acudir a un instrumento de uso frecuente por parte da socioloxía como son as "entrevistas en profundidade", as cales, polo seu carácter cualitativo, permitirannos entender con maior facilidade o modo que teñen de percibir e interpreta-lo actual proceso de cambio sociolingüístico uns actores sociais tan estratéxicos como o son hoxe os empregados das Caixas de Aforros. De cara a potencia-lo alcance dos recursos de carácter metodolóxico que utilicemos, aproveitaremos neste traballo unha vella distinción conceptual elaborada polo lingüista Kenneth Pike, que nos permitirá diferenciar entre as perspectivas de análise *etic* e *emic*. A perspectiva *etic* concrétase nunha lectura externa e valorativa sobre dos actos de interacción establecida coa pretensión de aproximarnos a unha análise obxectiva. Unha aspiración de obxectividade que debe ser completada e contrastada coa inicial aproximación de tipo *emic* implícita nas opinións elaboradas sobre as súas propias actitudes lingüísticas por parte dos mesmos empregados de Caixavigo. Ámbalas dúas perspectivas, coidamos, facilitannos un maior afondamento no problema, unha contrastación entre ambas, o achegamento ás claves internas do fenómeno e mesmo á posibilidade de explicarmos unha perspectiva en función da outra.

Este enfoque metodolóxico<sup>3</sup> tenta ir lendo, desde as tácticas expresas e implícitas do actor, como se vai forxando o proceso de construción social da identidade. Resulta clave desentrañar este proceso pois a identidade colectiva non é senón un fenómeno susceptible de ser promovido e o uso da lingua constitúe un dos seus medios privilexiados. Esa empresa áchase concorrida por unha ampla diversidade de complexos paradoxos, de dobres vinculacións e de vacilacións, amais de se configurar coma un fráxil soporte de mediación entre o cotián mundo da vida e as conformacións sistémicas.

---

<sup>3</sup> Pike, K.L. (1967): *Language in Relation to a Unified Theory of the Structure of Human Behavior*, 2ª ed., La Haya, Mouton. Cómpre consignar aquí que este recurso metodolóxico ten sido utilizado entre nós por autores coma Gil Calvo, Ed. et alt. (1985): *Ocio y prácticas culturales de los jóvenes*, Madrid, Ministerio de Cultura, v. pp. 35 e ss. Así mesmo ten reflexionado sobre das virtualidades do recurso a nivel sociolóxico, Beltrán, M. (1991): *La realidad social*, Madrid, Tecnos, pp. 37 e ss. Ámbolos autores seguen de cerca o proposto por Harris, M. (1982): *El materialismo cultural*, Madrid, Alianza Editorial, en pp. 47 e ss.

Esta complexidade evidénciase tanto entre aqueles nenos pequenos urbanos educados en galego que sospeitan da eficacia dun instrumento que non lles facilita a inserción e a comunicación doada cos seus pares, como entre os adolescentes que con frecuencia tenden a eludilo galego naquelas fases máis delicadas da súa iniciación nos ritos sociais de representación. Algo semellante acontecelles a aqueles adultos que cando recorren ó castelán en situacións de apremio, vergoña<sup>4</sup> ou inseguridade o que fan é optar polo código que coidan máis manexable e menos arriñado. Asemade cómpre non ignoralas dobres ou múltiples vinculacións tácticas existentes verbo do idioma, que resultan concretables mesmo no uso alternante do galego como lingua sindical e solidaria cabo da utilización intencional do castelán no proceso de socialización dos propios fillos<sup>5</sup>. Tamén resulta constatable como con frecuencia se producen dúbidas tácticas no que se refire ós diferentes usos instrumentais que segundo circunstancias e contextos semellan facer recomendable a alternancia entre unha e outra lingua. Segundo cal sexa o lugar e o momento daráselle prioridade a optar polo galego para evidenciar que un non é un estraño e que coñece as claves e os valores que rexen entre un determinado grupo (p.e. nunha feira ou nun mercado), ou ben cumprirá acudir con preferencia ó castelán se o ámbito no que se exerce recomenda mostrar que un é quen de estar á altura das circunstancias (p.e. nunha interacción con descoñecidos na oficina bancaria). Todo isto sen esquecermo-la complexidade canónica dun código coma o lingüístico, que se re-crea decote no exercicio elíptico cando, botando man da experiencia, comprobamos como pode ser máis doada, quizais por mor dunha laboriosa asimilación, e familiaridade coa lingua galega nunha sucursal urbana galega da Caixa de Pensións de Catalunya que nunha das moitas que teñen implantadas no mesmo tipo de lugares as Caixas e Bancos galegos. E dicimos isto por non recorrer á anécdota e recordala vella sabedoría de petrucio listo e intuitivo da que facía gala no seu tempo o empresario ourensán Euloxio Gómez Franqueira, cando para inicia-lo contacto con algún dos moitos labregos que chegaron a integrarse na súa rede cooperativa, adoitaba encetar tacticamente a súa conversa con eles en castelán para ir logo pouco a pouco encamiñándose cara ó galego.

Digamos para rematar estas consideracións introductorias que toda aproximación teórica a un problema sociolóxico implica apostar por unha determinada perspectiva e que esa mesma aposta condiciona o al-

---

<sup>4</sup> A transcendencia social da vergoña coma instrumento de control social é algo coñecido e recoñecido hoxe, ver como exemplo o traballo de Elías, N. (1989): *El proceso de civilización*, México, F.C.E., pp. 499 ss.

<sup>5</sup> Cumpriría referirse aquí á prudente chamada de atención sobre os riscos do reduccionismo voluntarista implícita no *Informe Dramático* que no seu momento publicara Alonso Montero.

cance da propia análise. Somos conscientes de que ó facermos fincapé nos aspectos microsociolóxicos podemos da-la impresión de que ignoramos ou des prezámolo-los factores macrosociolóxicos e estruturais. Non é ese o caso, o noso obxectivo é o de proporcionar unha cala específica enriquecedora e afirmadora da transcendencia de ter en consideración a conducta dos autores sociais para a análise da nosa situación sociolingüística, a cal, desde logo, non exclúe outros posibles enfoques. Do mesmo xeito engadiríamos que aproximarse sen escrúpulos e sen prexuízos ó cofecemento das claves e dos valores que rexen a situación non vai en detrimento das forzas de cambio senón todo o contrario.

## 2. Eixes teóricos e balance das interaccións observadas (perspectiva etic)

Neste apartado presentaremos os resultados derivados da estimación dunha serie de vintenove interaccións diferentes efectuadas con empregados de sucursais de Caixavigo. Para a inicial cuantificación desta análise utilizaremos como variables independentes o sexo do empregado interpelado, no primeiro cadro, e a situación da sucursal segundo estivese localizada no centro, no ensanche urbano dos anos sesenta, nas parroquias da periferia, ou en concellos da área de influencia da cidade de Vigo, no segundo dos cadros. A variable dependente á que nos referiremos será a da lingua utilizada polo empregado para responder á interpelación do cliente. A interpelación inicial do observador en tódolos casos foi realizada en lingua galega.

Cadro nº 1

|   | V  | M | TOT |
|---|----|---|-----|
| G | 8  | 0 | 8   |
| C | 9  | 6 | 15  |
| M | 4  | 2 | 6   |
| T | 21 | 8 | 29  |

Cadro nº 2

|   | Centro | Ensanche | Parroq. | Pob. | T. |
|---|--------|----------|---------|------|----|
| G | 2      | 0        | 1       | 5    | 8  |
| C | 4      | 4        | 4       | 3    | 16 |
| M | 3      | 3        | 0       | 0    | 6  |
| T | 9      | 7        | 5       | 8    | 29 |

Con respecto á actitude lingüística dos empregados interpelados distinguimos tres opcións segundo estes se expresasen exclusivamente en lingua galega, en castelán ou ben o fixesen nunha mestura das dúas linguas.

O resultado derivado da simple cuantificación da actitude lingüística dos suxeitos estudados é a que aparece reflectida nos cadros 1 e 2 e móstranos como o colectivo dos que utilizan de xeito invariable o castelán é aquel que inclúe a un maior número de persoas, ó redor da metade do total. En segundo lugar sitúanse (un de cada catro) aqueles que diante dun cliente que se expresa en lingua galega se adecúan de xeito inmediato a este código e se expresan nel con fluidez. Unha persoa de cada catro tamén optou pola dúbida indecisa practicando diversas formas de mestura dos códigos galego e castelán que lle permitisen vadear do xeito menos cruento posible a proclividade rutinaria cara á lingua castelá. Dentro deste grupo que mestura os dous idiomas resultan detectables varias tácticas de converxencia diferentes. En primeiro lugar ten aparecido un tipo de falador vergonzante e/ou lacónico que exerce introducindo algunhas expresións curtas en galego. En segundo lugar evidenciouse a existencia de certos suxeitos cualificables pola súa postura coma o colectivo dos castrapistas mesurados afectos ó voluntarismo mesturador. Como terceiro e último tipo de actitude converxente coidamos incluíble tamén un grupo definible coma o daqueles "que colocan *-iños*". O recurso á terminación en *-iño* ou en *-iña* de palabras castelás mostrouse coma un medio particularmente fecundo nas mans dalgúns empregados que optaban por vadealo problema e non se decantar cara a unha elección lingüística definida. Entre o conxunto de actitudes detectadas destaca tamén unha que non resulta de moi doada clasificación e que é a daqueles individuos que diante dun cliente que usa fluidamente o galego, sen decidirse a se poñer á súa altura compartindo o mesmo código, deciden repregarse cara a un uso lacónico, e mesmo vacilante, da lingua castelá, semellando ás veces coma se sentisen reparo en recoñece-la súa indecisión diante do uso do galego<sup>6</sup>.

Se nos detemos no cadro 1 e observámo-las tendencias que se evidencian nel comprobamos como entre os homes un tercio longo deles atendeu en galego ó requirimento realizado nese mesmo idioma polo seu cliente, mentres que neste caso ningunha das mulleres coas que se interaccionou se pregou a falar na lingua galega. Obviamente os casos aquí recollidos non posúen un valor estatístico representativo, con todo semellan datos razoablemente orientativos.

---

<sup>6</sup> Sobre deste tema e para un maior afondamento poden ser vistos os nosos traballos: "A lingua galega nas actividades económicas e comerciais", no número 107 da Revista Grial, así como o artigo, "Os comportamentos lingüísticos no mundo do traballo", no número 14 da Revista Análise Empresarial. Ámbolos dous realizados conxuntamente con Anxo M. Lorenzo.



Do mesmo xeito, e coas mesmas limitacións do comentado máis arriba, o lugar no que se atope situada a sucursal de Caixavigo cara ó uso da lingua galega. No cadro 2 podemos constatar comparativamente a maior proclividade cara ó uso do galego cos clientes posta en evidencia polos empregados que traballan nas pequenas poboacións do contorno vigués. Aínda que resulte menos esperable que esta tendencia non se manifeste tamén nas sucursais das parroquias do primeiro contorno da cidade de Vigo.

### *2.1. De como actuamos lingüísticamente os empregados de Caixavigo (Perspectiva emic)*

No noso intento por avanzarmos e aproximármonos a unha comprensión obxectiva do fenómeno que estudiamos, e de acordo co xa indicado máis arriba, imos tentar convocar con este fin a propia opinión dos delegados sindicais que exercen a súa actividade dentro da mesma Caixavigo. A relevancia desta matriz de xuízos e opinións non será mester recalcala, pois a calquera de nós se nos fai evidente a condición de "testemuñas privilexiadas" de carácter interno da que gozan estes axentes sociolaborais que ademais desenvolven o seu labor profesional na institución cabo dos seus compañeiros.

Os resultados das "entrevistas en profundidade" realizadas distribuímos en catro apartados diferentes dentro dos cales enmarcámo-las distintas opinións recollidas:

- A.- Uso do castelán
- B.- Uso do galego
- C.- Actitudes sociais cara ó galego
- D.- O galego e a empresa

#### *2.1.1. O uso do castelán en Caixavigo*

Caixavigo e de xeito especial os seus servicios centrais, emerxe como un territorio no cal a lingua galega foi relegada e ignorada<sup>7</sup>: "Na oficina central ninguén fala galego (...) en servicios centrais é todo en español" (Inf. 1), "O trato interno entre empregados é todo en español" (Inf. 2), "Eu sempre en español, nin palabra de galego..." (Inf. 3).

O recurso habitual ó castelán aparece explicado por mor de elementos xustificativos que tenden a vencella-lo uso do castelán coa racionalidade maximizadora: "Pola dinámica do traballo, para darlle dina-

<sup>7</sup> Neste apartado e co obxectivo de preservar a identidade dos nosos entrevistados utilizaremos á beira das súas declaracións as anotacións Inf. 1, Inf. 2, Inf. 3 e Inf. 4, correspondentes ós catro delegados que nos deron aquí as súas opinións.



mismo e rapidez, falas castelán" (Inf. 4). Asemade o que poderíamos considerar como aura equipamental, metafórica das auras do poder e parceiras dos seus prestixios e rutinas semellan tamén afortalar e dar visos de naturalidade a esa tendencia: "E que xa o propio cliente chegaría á Central falando en castelán" (Inf. 2). Moito menos probable resulta, de acordo coas opinións recollidas, o recurso a esta lingua semantizada e comunitaria en contextos complexos nos que se impón a fría racionalidade financeira ó tempo que a conveniencia de salva-la propia cara: "Se ese cliente se ten que trasladar a Servicios Centrais, porque entrou en morosos ou así, eu creo que nestoutras instancias non se fala galego". En todo caso o dominio interno do castelán semella indiscutible, dado que mesmo cando se recorre ó galego adoita ser con prudente moderación: "Cando os empregados falan galego é sempre cos clientes, nunca entre eles" (Inf. 3).

### 2.1.2. Sobre o uso da lingua galega

O que si se evidencia con claridade é que o dominio interno do castelán tende a corresponderse cunha certa apertura esporádica e selectiva que facilita o recurso ó galego nalgunhas interaccións cos clientes: "Hai algúns compañeiros (...) habitualmente falan en español, pero nun momento determinado son capaces de falar en galego" (Inf. 1).

A posibilidade de pregarse ó código lingüístico galego aparece vencellada con frecuencia a unha serie de situacións ou valoracións favorecedoras de que o cambio de uso se produza.

O feito básico de que o castelán sexa a lingua netamente específica da empresa dá lugar a unha mixtificación básica da situación ó converter esta nun código xenuíno que se ve relegado por mor de inflexións adaptativas e esvaradías de carácter diverso: "hoxe en día hai moitos compañeiros que están no rural que, inda que entre eles falen en español, coa xente procuran falar en galego" "Hai moitos vellos do rural que intentan falar en castelán cando chegan á "ventanilla". Se eu lles metía algo de galego, entón eles xa falaban en galego" (Inf. 3). Este achegamento ó galego vese favorecido tamén pola connotación que aproxima lingua galega ás relacións sociais de tipo primario: "Nas oficinas das vilas e do rural (...) hai outro tipo de unión cos clientes, que son sempre os mesmos" (Inf. 3). O comunitario e local, o dionisiaco en fin, lubrícalle o camiño á lingua do país na súa andadura: "Nas oficinas de zonas rurais (...) vas toma-las tazas, e entón fálase máis galego" (Inf. 2).

Outro factor facilitador do achegamento ó uso do galego pola parte dos empregados da caixa é a súa conciencia da complexidade semiolóxica que presentan os xogos de representación que ás veces establecen clientes e empregados sobre de todo nalgunhas sucursais nas cales resulta comercialmente necesario acepta-lo envite da familiaridade que

implica expresarse na mesma lingua coloquial dos clientes. Mentres que, pola contra, o mantemento dunha excesiva distancia lingüística cara a estes podería ser interpretada por eles coma un sutil xeito de rexeitamento e prepotencia. En ocasións esta orde de valoracións ten unha incidencia considerable para abrirlle un certo camiño ó uso do galego: "Eu empecei a falar en galego desde que estou na caixa, aprendín dos clientes do medio rural" (Inf. 3). Máis forza ten o argumento se ademais vén refrendado con prácticas semellantes por parte da competencia: "Eu creo que tamén é o que está facendo a competencia" (Inf. 1).

Unha cuestión que se evidenciou ó fio da nosa recollida de opinións, e que xa a atopamos nunha investigación feita na empresa Citroën, é a importancia e a incidencia favorable de que certos individuos con prestixio dentro da entidade convertan a lingua galega en lingua habitual, o cal facilita o acceso e a aproximación progresiva doutros compañeiros a ese tipo de práctica. Coidamos relevante incidir nisto aínda que sexamos conscientes de que o seu carácter excepcional limita o alcance deste xénero de iniciativas: "En castelán falo se estou falando con fóra de Galicia, senón sempre en galego (...) a xente comigo adoita falar sempre en galego, tanto os de arriba coma os de abaixo" (Inf. 2).

Outro dato indicativo con respecto á posible normalización do uso do galego dentro dalgúns ámbitos da empresa é o de que os sindicatos por unha cuestión de pragmatismo víronse compelidos, mesmo aqueles que apostaron claramente polo galego, a asumir saídas de compromiso que non chocasen en exceso cunha posición en xeral allea á súa: "Dicían, ¿por que non escribes en español, que nos entendemos todos?" (Inf. 1), "O que nos piden sempre é que sexa bilingüe" (Inf. 2), "Démonos conta de que a xente seguiría sen le-lo galego" (Inf. 3).

### *2.1.3. A evolución das actitudes sociais cara ó galego*

Ó formularlles ós nosos entrevistados a cuestión de como percibían desde a súa atalaia privilexiada a evolución nos usos e nas actitudes sociais de respecto da lingua galega, as súas respostas puxeron en evidencia unha tendencia valorativa razoablemente optimista, aínda que sesgada. "Hoxe hai unha maior tolerancia, unha maior receptividade cara ó galego" (Inf. 1), "Hoxe pode haber unha maior tendencia a usar máis facilmente o galego (...) moita xente xa ten un ensino básico (...) ven a televisión galega (...) non lles é tan duro escoitar e falar galego" (Inf. 2). O cambio semella xeneralizado tanto a nivel do cliente que chega ás ventaíñas coma entre os mesmos compañeiros: "Hai cinco anos teríase producido un rexeitamento, un compañeiro castelán falante teríame dito, ¡Fálame en cristián!, pero hoxe non, hoxe se non saben fan o esforzo (...) hoxe hai unha receptividade moito máis efectiva" (Inf. 4).

Diciamos que a tendencia non se acha exenta dalgún sesgo, tal é así que ó preguntarlles ós nosos interpelados sobre do perfil máis frecuente dos clientes que acostuman a expresarse en galego a súa resposta foi a de que eran "Moitos mestres e mestras, e despois algunha xente nova e algunha xente vella" (Inf. 3), o que se di na primeira parte da resposta foi refrendado tamén polos outros entrevistados, mentres que o que se di na segunda parte non por ser propio dunha resposta de galegos ou normandos deixa de ser menos certo malia o aparente paradoxo que pon en evidencia.

Punto e á parte sen dúbida merece a análise da posición da lingua galega dentro da propia entidade. Neste senso, alomenos algún sector da empresa pon de manifesto unha postura pouco sensible e pouco positiva cara á lingua a pesar de resultar esta susceptible de ser xa hoxe capitalizable como un activo clave por unha entidade de carácter galego que podería, mesmo por interese comercial, saberlle sacar rendemento á súa calidade de empresa local, apostando pola lingua do país no que se orixinou e no que exerce. Malia o dito o camiño por andarmos semella aínda hoxe longo: "Na Caixa se falas galego é máis ben un *hándicap* na túa carreira profesional" (Inf. 2), "Como dicía un director que tiven eu (...) -se falas galego- vas a contracorrente" (Inf. 1).

### 3. Das lóxicas sociais e das resistencias relativas ó uso da lingua galega en contextos terciarios: o caso de Caixavigo

A vella lei da maximización chamada a optimiza-los esforzos e os beneficios semella cumprirse tamén aquí a teor do que adoita acontecer nos xogos interactivos que teñen lugar ante os mostradores das sucursais das caixas. Os empregados tenden habitualmente a recorrer ó uso do castelán nun intento de acada-lo que desde a institución é considerado como máis eficaz. O carácter comercial e terciario, é dicir, a consideración de que a lingua natural para dirixirse a un descoñecido nun contexto urbano e comercial é o castelán, facilita o recurso a este código que é percibido como máis neutral. No outro extremo, os clientes, mostrándose fieis a unha regra non escrita adoitan facer outro tanto no seu desexo prioritario por resolve-lo problema que os conduciu ata alí. O pretexto maximizador quizais se vexa reforzado polo hipotético prexuízo -cada vez menos probable- de que algún cliente puidese interpretar como inoportuna a inicial instalación do empregado na lingua galega, mentres que a ningún deles lle resultaría estraño que estes se expresasen en castelán.

A distinción que xa nalgún traballo anterior apuntamos con respecto a que o galego viñese sendo asumido como un código comunitario e primario, feito que non se achaba exento de certas virtualidades, men-

tres que o castelán era percibido coma a lingua societaria dos novos espacios públicos, coartáballe á lingua galega o seu fluído desenvolvemento cara a novos ámbitos de uso. Cómpre dicir aquí que neste senso a tensión que representa a recuperación para o galego de novos espacios, e alomenos desde unha perspectiva de economía relacional, vén cuestionar un reparto xa establecido, que reconduce a un novo grao cero ó tempo que implica un sobre esforzo conxuntural para redefini-las claves reguladoras dos xogos de equilibrio xa establecidos. Ante esta constatación é mester asumir que o proceso de cambio para promover e os proxectos normalizadores por artellar teñen que ser sensibles a unha situación na que, malia as análises ideolóxicas xudicativas externas susceptibles de ser elaboradas, conta simultaneamente cun considerable grao de estabilidade e cun nada desprezable potencial de transformación.

As distintas calas analíticas que levamos establecidas permítennos constatar como desde unha perspectiva xerárquica, entendendo por tal tanto a xerarquía laboral interna da empresa coma a xerarquía relativa á distancia existente entre as oficinas centrais e as diversas sucursais, mantense unha tendencia aproximadora das ideas de centro e de poder á de uso preferente da lingua castelá. A fachada institucional é proclive a favorecer aquelas rutinas que seguen a confundir prestixio xerárquico e lingua castelá. E se a institución e a súa fachada asumen este valor como propio, coñecida é tamén a frecuente proclividade dos empregados daquelas institucións que contan cun certo prestixio a asumiren os valores da entidade que lles dá acubillo desde o suposto de que esa asimilación lles resulta favorable. Sobre todo para aquel empregado que exerce o seu rol con vontade de valorizalo xerárquica e simbolicamente sen ser quen de chegar a establecer unha análise máis complexa e ricaz do contexto social, cultural e interactivo no que se está a mover. Isto é incrementable ó faceren estes supostamente abstracción das potencialidades sociais e mesmo comerciais do factor identitario e lingüístico.

Ó partirmos con esta estreita marxe de manobra non é raro que o galego se vexa compelido a unha errática e azarosa vagabundaxe de curtos voos, oscilante entre o paternalismo do empregado que mesmo anima ó vello paisano rural para que se exprese en galego e o novo reto ou desafío que supón a irrupción dalgún cliente urbano e novo (ou dalgún mestre -a) que non se apea do galego. Neste senso o curto traxecto que nos leva desde o estigma sublimado en paternalismo ás prácticas oposicionais reactivas segue a se situar dentro das mesmas coordinadas lóxicas que manteñen os actuais horizontes de uso nunha constatable situación de laborioso desbloqueo.

Malia o dito, os xogos de representación non se mostran totalmente refractarios a algunha apertura que permita albisca-la quebra dun enraizado equilibrio netamente desfavorable para o desenvolvemento

normal da lingua galega. Nas súas prácticas cotiás, e sobre de todo naqueles ámbitos, coma os pobos de pequeno tamaño, nos que o galego é aínda lingua habitual mesmo en contextos terciarios, a forza das cousas chega a impoñer unha certa autoridade e a facer que baixo determinadas condicións a moral relegadora do galego amoleza e lle permita a este un certo respiro. As lóxicas xerárquicas do prestixio que actúan sobre da institución e, por mor dunha sorte de dobre moral, son quen de abri-lle algunhas portas ó uso da lingua do país, a cal, e dado o seu ostracismo anterior, podería atopar nesas variacións algunha perspectiva cara á normalización do seu estatuto. O feito de que nunha certa medida o galego e o castelán manteñan unha convivencia incruenta a determinados niveis de uso pode entenderse como síntoma de que a situación non é invariable senón que nela xacen determinados elementos de transformación susceptibles de ser activados. As vías polas cales avanzamos e os límites destas potencialidades constitúen o eixo da incógnita que cómpre desvelar.

#### **A xeito de conclusión**

Na precedente análise sobre do uso da lingua galega no seo dunha entidade financeira, así como en todo o que aquí levamos dito, gravita unha certa preocupación por poñer en evidencia coma as lóxicas dos actores sociais, e isto malia a obvia existencia de determinacións estruturais, condicionan nunha considerable medida os límites e as vías susceptibles de reconducir-la actual situación de relegamento do uso da lingua galega. En congruencia con esta liña alternativa de análise consideramos que o manexo de teses explicativas de carácter psicoloxista coma a do autoodio, sen restar-lle á explicación certas virtualidades interpretativas, poden no actual contexto escurecer máis que ilumina-la problemática existente dado o feito de que esa tese pode invitar a un oposicionalismo reactivo cando o que tentaremos poñer sobre do tapete é a relevancia e a potencialidade de medidas que procuren máis a seducción cá imposición de algo tan cualitativo e subxectivo para o actor social como é o uso dunha ou doutra lingua. E afirmamos isto conscientes de que feble resulta aquela decisión política que conta co seu único capital no poder de convicción que proporciona a forza, mesmo se esta non carece de raíces democráticas. Sen dúbida unha lingua coma a galega, que acada un razoable grao de vitalidade primaria e comunitaria e mesmo unha certa presenza en determinados ámbitos de prestixio cultural e político, ó tempo que se atopa marxinalada dalgúns marcos do espacio público terciario nos que prevalecen prácticas de presentación e representación sinaladas polo anonimato e a relativa sofisticación, ten que utilizar ferra-



mentas de comprensión máis peneiradas e complexas para acceder a aquelas canles susceptibles de facilitala transformación da actual situación existente.

En congruencia, e como derivación do que levamos dito, quixéramos comentar aquí algúns feitos relevantes que, malia presentaren moitos deles un perfil ambiguo, están a resultar útiles hoxe para precisarmos algúns dos marcos nos que se desenvolven na actualidade os xeitos de conflito lingüístico.

Pode ser salientado neste senso o feito de que nas sucursais de Caixavigo se vai detectando unha progresiva apertura que tende a facer cada vez menos estraña a presenza do uso da lingua galega dentro delas. Constátase asemade que cabo do tradicional pulo de militancia lingüística emerxe outro factor tamén de extraordinaria incidencia como é o propio interese comercial da institución por non lle da-las costas a ese proceso. Algúns empregados iniciáronse na fala do galego por non manterse fóra desa opción e por capitalizala fronte á competencia. Esta constatación incide no interese e na relevancia daquelas tácticas normalizadoras tendentes a reforzar e a sancionar positivamente este tipo de actitudes e decisións institucionais e comerciais.

É moi probable que o feito de que os ámbitos terciarios sexan aqueles que se mostran máis refractarios á aceptación do uso fluído da lingua galega non resulte alleo a unha posible asimilación susceptible de ser establecida a nivel sociolóxico entre lingua e modelo cultural. A lingua achouse en Galicia identificada en exceso coa socialidade "gemeinschaft" comunitaria e tradicional, portadora de modelos culturais e relacionais que resultaban alleos, cando non contradictorios, cos valores inherentes a unha cultura moderna do espazo público, máis individualista e subsidiaria dos ritos de representación e prestixio. Neste senso a cultura obreira<sup>8</sup> pode ser considerada como unha fase intermedia entre ámbolos modelos culturais, os cales manifestan unha certa tensión dicotómica e unha intensa tendencia a achar acomodo alternativo, o primeiro tipo en sociedades rurais tradicionais e o segundo nas áreas urbanas. Achamos por tanto que ese xénero de resistencias á normalización da lingua do país non atopa a súa explicación última nin exclusiva en determinantes históricos e políticos, senón que se debe máis ben a factores sociolóxicos derivados do mesmo proceso de modernización vivido polo país ó longo do último século. Desde esta perspectiva, e introducindo aquí o cofecemento paradoxal, poderíamos mesmo aborda-lo espifento tema de ata que punto determinados trazos concretos de identidade cultu-

---

<sup>8</sup> Sobre deste tema ver: Young, M. e Willmott, P. (1957): *Family and Kinship in East London*, Londres, Penguin Books. Ou a interesante recompilación realizada por Verret, M. (1988): *La culture ouvrière*, Saint Sebastien, Ed. ACL.

ral negativa non constituíron máis ca un inexorable e colectivo rito de paso entre dous modelos socioculturais contrapostos no tránsito do cal a autoestigmatización tería actuado nunha gran medida coma un pretexto inconsciente favorecedor dos fluxos de cambio cultural.

Entendendo asemade que ese cambio cultural arrastrou na súa corrente tamén á lingua cando esta como código que é podía ter sido máis un activo que unha carga nas alforxas desa viaxe entre dous modelos culturais diferentes. Segundo esta mesma lóxica podería entenderse tamén que a reacción humanista e popular dalgunhas correntes intelectuais galeguistas de comezos de século eran nun certo senso un corolario natural de vocación reactiva e compensatoria dos efectos perversos derivados dese mesmo proceso.

Desde estas consideracións e diante dunha Galicia que empeza a ser testemuña da disolución progresiva e irreversible da súa cultura e socialidade tradicional, podemos comprobar como hoxe aqueles valores que se coidaban debían ser sacrificados en aras do cambio cultural emerxen cada vez máis na forma de virtualidades sociais no seo dunha sociedade que xa leva décadas consumando o seu achegamento secular ós valores de carácter posmaterial<sup>9</sup>, unha colectividade que pode ser xa hoxe quen de poder inverte-lo sentido dos tributos identitarios que lle reclamara a modernización. Hoxe o país semella ter xa azos abondos para, facendo de necesidades virtude, reconverter en activo para o futuro moitos dos elementos latentes na nosa cultura comunitaria.

Coidamos inherente á liña de reflexión seguida ata aquí a conveniencia de insistir na potencialidade normalizadora con que poden contar no momento actual, e no contexto dunha sociedade en proceso de modernización, todas aquelas tácticas dirixidas a aproximar lingua e prestixio social. Con preferencia sobre polémicas de corte gramatical e normativo, coidamos estratéxico valora-la cardinal importancia que pode presenta-la posibilidade de potenciar e reforzar aquelas iniciativas e axentes de prestixio que se achegan a un uso regular da lingua galega. Neste senso coidamos relevante realza-lo labor tanto daqueles persoeiros locais que nos seus espazos de influencia prestixian e difunden a lingua coma o de todo axente con presenza e incidencia social a nivel galego que asuma ese reto. Semella tamén claro que a recente e fráxil emerxencia dun sector moderno de carácter cuaternario que tenta traballar en galego, dedicado á imaxe, á comunicación, á publicidade e ós novos servizos, constitúe hoxe un fermento irrenunciabile que pode facilita-la aproximación entre cultura galega, lingua, novas linguaxes e axentes sociais e económicos. O labor de seducir novos axentes sociais, económi-

---

<sup>9</sup> Obrigada resulta aquí unha cita plena de suxestións: Inglehart, R. (1991): *El cambio cultural en las sociedades industriales avanzadas*, Madrid, CIS.

cos e culturais para que densifiquen a súa presenza e imbricación social co seu achegamento á lingua é un reto que require do recurso a tácticas que reforcen e estimulen todas aquelas iniciativas enriquecedoras.

Co obxectivo de rematar estas liñas poderíamos establecer a xeito de conclusión unha reflexión esquemática que resumise o dito desde a perspectiva de que é o que ten de malo a actual situación e que é o bo que xace neste momento dentro do malo. Seguindo esta liña coidamos que hoxe podería ser malo o feito de que unha certa desdramatización da situación de conflito lingüístico puidese provoca-la desactivación dos axentes sociais máis activos na recuperación normalizadora, sobre de todo se se considerase, ou ben que todo está xa feito, ou ben que non hai posibilidade de facer máis nada. O actual momento podería contar cun bo activo, pola contra, no feito de que unha menor dramatización e unha maior sensibilidade galeguista constructiva, seductora e reforzadora puidese quizais ser máis efectiva para aproximar a esa matriz de valores posmateriais que é a nosa lingua e cultura a amplos sectores da nosa sociedade, rachando así con aquelas políticas selectivas proclives a actuar con preferencia desde e sobre sectores de elixidos, por moi bos, xenerosos e esforzados que estes fosen.



## A LINGUA GALEGA NAS ACTIVIDADES LABORAIS DO SECTOR SECUNDARIO: DO HÁBITO ADQUIRIDO Á INTERACCIÓN SOCIAL<sup>1</sup>

ANXO M. LORENZO  
Universidade de Vigo

1.1. Dende unha perspectiva sociolingüística, os ámbitos laborais ofrecen dous puntos de interese complementarios cando se analiza, como é o caso do noso país, unha situación de contacto:

En primeiro lugar, o mundo do traballo constitúe un ámbito específico de relación social e, polo tanto, de relación lingüística<sup>2</sup>, onde os individuos desenvolven os mecanismos de interacción social.

En segundo lugar, os ámbitos laborais reflicten no seu funcionamento lingüístico o devir da sociedade onde se insiren: é dicir, constitúen un espello no que podemos avaliar como evolucionan, e en que dirección, as conductas lingüísticas e mailas actitudes sociais nun determinado momento histórico.

Pero ademais, como en calquera outro ámbito de uso particular, a súa análise permítenos descender das abstraccións macrosociais ás complexas realidades microsociais. Ou con outras palabras: pasar da avaliación do individuo como un produto determinado por certos procesos sociohistóricos a considera-lo individuo como un actor social, directamente involucrado na continxencia diaria de representarse e interactuar socialmente.

A partir destas premisas -o mundo do traballo como interacción social e como indicio de tendencias sociocomunitarias-, ó longo destes últimos anos levamos a termo unha recolleita de datos en diferentes ám-

<sup>1</sup> Comunicación lida dentro do Curso de Verán organizado pola Universidade de Santiago "Conflicto Lingüístico e Normalización en Galicia", Santiago, 13 ó 16 de xullo de 1992).

<sup>2</sup> Neste sentido os contextos laborais constitúen un "ámbito" en sentido estrito, tal como foi definido por Greenberg e por Fishman.

bitos laborais<sup>3</sup>, entre eles nunha empresa como é Citroën-Vigo, representativa do que é o noso sector industrial.

Un centro de traballo como este ofrécenos a priori aspectos sociolingüísticos de interese obvio, e ó mesmo tempo algunha eiva dabondo comprensible.

Por unha banda, trátase dunha empresa cunha xeografía interna o suficientemente ampla e diversificada como para permitir captar axeitamente a evolución dun continxente humano cualitativamente significativo dentro dos eidos laborais da nosa sociedade.

Pero, por outra banda, hai que ter en conta que estas mesmas características de amplitude e diversidade fana pouco comparable con outros contextos laborais do país, pola escaseza de empresas que presenten un empaque comparable.

Ademais, diante da imposibilidade de realizarmos unha observación directa na fábrica e durante un tempo longo e continuado do desenvolvemento diario das súas actividades, a recolleita de datos levouse a termo de xeito indirecto, seguindo os padróns establecidos en boa parte dos estudos etnometodolóxicos e etnográficos<sup>4</sup>.

1.2. Dentro do que é a situación sociolingüística sincrónica da fábrica, hai dous feitos sociolingüísticos que sobresaen especialmente con respecto ós usos, actitudes e estratexias desenvolvidas polos traballadores:

En primeiro lugar, a separación entre o traballo manual e o traballo non manual diferencia respectivamente o uso habitual e sistemático do galego e o emprego igualmente extensivo do castelán. É dicir: o uso lingüístico está altamente condicionado pola territorialidade da fábrica.

E en segundo lugar, e a pesar deste uso territorialmente establecido, o paso ó galego por parte dos traballadores castelanfalantes e viceversa, o emprego do castelán por parte dos galegofalantes, é un proceso moi doado, máis frecuente e menos cruento do que se podía producir hai poucos anos atrás.

Con respecto ó primeiro punto, o taller e as oficinas de Citroën presentan os dous polos opostos no tocante á asunción do galego.

O taller é o ámbito territorial propio do galego. Dentro do conxunto das seccións manuais, dous elementos como son a orixe maioritariamente rural e unha idade media alta compartida predispon ós tra-

---

<sup>3</sup> Véxanse os traballos realizados en colaboración con Xan Bouzada: "A lingua galega nas actividades económicas e comerciais", *Grial*, Vigo, 1990; "Os intercambios lingüísticos nos ámbitos laborais", a saír en *Actas do I Seminario Internacional sobre Planificación Lingüística*, Santiago, Consello da Cultura Galega; "Os comportamentos lingüísticos no mundo do traballo", *Análise Empresarial*, Vigo, 1992.

<sup>4</sup> Véxase H. Garfinkel, *Studies in Ethnomethodology*, Oxford, Prentice Hall, 1967.

balladores cara á adopción do galego como canle practicamente exclusiva de relación. Nestes contextos o galego vívese como un vínculo de solidariedade comunitaria, implementado mediante a evocación dunhas expectativas comúns e cunha simboloxía expresiva de identidade grupal.

Isto mostra un uso do galego que se atopa fortemente enraizado na conducta lingüística destes traballadores, e que non se prega, como norma xeral, ó castelán reclamado, en intercambios concretos, por outros traballadores quen, contra corrente, empregan o castelán nas seccións manuais: nin cos traballadores de orixe non galega existentes na fábrica, nin pola ostentación simbólica que realizan certos mandos intermedios, na súa maior parte peóns ascendidos, que amosan o seu ascenso interno mediante o uso do castelán (alomenos nunha primeira fase), nin cos traballadores novos de orixe fundamentalmente urbana, e que medraron no castelán, que non chegan a comparti-los referentes identitarios e expresivos acochados que revela o galego entre os traballadores das xeracións maiores.

As oficinas de Citroën presentan a situación totalmente inversa. A proximidade física dos estamentos organizativos e técnicos da empresa, e mailo manexo cualitativo dos diferentes sectores productivos fan do traballador administrativo un suxeito proclive á simboloxía distintiva, ubícuca e moderna asociada co castelán. A presenza masiva do castelán nestas seccións evoca os referentes de status<sup>5</sup> e de clase que o traballador experimenta no desempeño desas actividades cualitativas.

En segundo lugar, e como apuntabamos arriba, hoxe en día, e a diferenza do que pasaba hai só uns anos, os transvasamentos lingüísticos dos empregados son máis frecuentes e doados.

Fronte a aquela determinación simbólica artellada arredor do galego nas seccións manuais, o emprego puntual do castelán por parte destes traballadores responde á procura estratéxica dunha fachada axeitada perante determinadas interaccións, contextos de intercambio, e interlocutores concretos. Nestes casos atopámo-lo pragmatismo do obreiro na busca do socialmente máis rendible na súa autorrepresentación interactiva. Na relación cos "xefes" -enxeñeiros e altos mandos- ou nas xestións nas seccións administrativas, o emprego do castelán é un exemplo deste pragmatismo que conduce ó traballador cara a unha canle de comunicación menos delatada ou alomenos avaliada como máis neutral para o que consideran axeitado na súa presentación social con descoñecidos ou con certos superiores.

E tamén ocorre o contrario: no universo castelanfalante das oficinas hai individuos que, por coherencia persoal ou sindical, asumen o

---

<sup>5</sup> Véxase R. Ninyoles, *Idioma y poder social*, Madrid, Tecnos, 1972.

galego como lingua de relación interpersoal habitual. As actitudes, e a mesma conducta, da maioría castelanfalante con esta minoría galego-falante semellan inversamente proporcionais a como se percibe a asunción do galego neses traballadores: un traballador castelanfalante diante dun compañeiro que fai un uso militante do galego rexeitará entrar nun xogo lingüístico que o obrigaría a asumir as connotacións de solidariedade obreira. Nestes casos, no traballador castelanfalante prevalece a afirmación do seu status mediante o emprego categórico do castelán.

Sen embargo, cando o uso do galego é percibido como un hábito individual, como un uso arredado doutros referentes explícitos de corte militante, o castelanfalante habitual pode chegar a mostrar conductas lingüísticas converxentes, reflectidas no emprego do galego dun xeito natural con ese tipo de interlocutores.

1.3. Na historia da situación sociolingüística da fábrica a presenza do galego nas súas actividades foi asumida como unha reivindicación prioritaria por parte dos axentes sindicais. Tocante a isto, podemos facer dúas consideracións:

En primeiro lugar, a actividade dos sindicatos dentro da fábrica vencellou o uso do galego á resolución xeral dos conflitos de clase. Deste xeito, a asunción do galego incardinouse no mantemento consciente e militante dun símbolo -o galego- tinguido de relevancia solidaria intragrupal. Esta práctica militante incidiu na evolución de dous procesos diacrónicos complementarios:

Dunha banda, favoreceu a naturalidade co galego ó longo da xeografía da fábrica, tanto nos sectores manuais coma naquelas outras áreas ou sectores de actividade potencialmente máis refractarias ó seu emprego (oficinas, trato cos mandos administrativos, etc.).

Pero, por outra banda, aquela asunción simbólica atraeu canda si actitudes de rexeitamento en moitos traballadores que xa consumaran o abandono do galego, e polo tanto pouco proclives a compartila simboloxía solidaria presente no galego.

En segundo lugar, a vinculación da reivindicación lingüística coa reivindicación de clase presentaba un problema empírico evidente: cando a combatividade social tende a diminuír, igualmente tenderán a decrece-las posibilidades de reivindicación lingüística, quedando así o galego nunha situación sempre fluctuante, e pregada á variación cíclica da vitalidade social militante.

Sen embargo, e a pesar das consideracións anteriores, o galego no ámbito laboral de Citröen variou considerablemente de status, valoración e certa extensión nos últimos anos.

Xa que a reivindicación militante do galego xerou correntes de rexeitamento entre aqueles que non compartían a súa expresividade, e a pesar de que a súa asunción quedou inmersa no devir das reivindicacións de clase, é hoxe perceptible na fábrica un clima de tolerancia e normalidade con respecto ó emprego do idioma ben diferente do que se vivía hai poucos anos atrás.

O labor dos axentes sociais na fábrica, aínda que importante, non foi quizais tan efectivo como si resultou, e aínda resulta, a acción individual, voluntarista e sempre inconsciente dun bo número de traballadores que, compartindo a expresividade e identidade vencellada ó galego, levan anos exercendo nel diariamente como hábito individual.

E isto, en conexión co que está a acontecer no resto da sociedade galega nos últimos anos, permite ir xerando un achegamento desdramatizado ó galego lonxe das connotacións ruralizadoras e estigmatizantes coas que era asociado nun pasado recente. Este devir sincrónico é hoxe perceptible alomenos nas actitudes xerais dos traballadores deste centro de traballo.

Tendo en conta estes datos, e contando cos esforzos que hoxe se están a desenvolver en certos ámbitos laborais e en determinadas actividades vencelladas ó mundo do traballo (plans parciais de normalización en eidos administrativos, sinatura de convenios laborais onde se recollen os dereitos lingüísticos dos traballadores, campañas de sensibilización dos clientes cara ó emprego do galego, etc.), podemos supoñer que a potencialidade expresiva que latexa no galego pode ser fortemente revitalizada cun soporte institucional decidido, incidindo neste tipo de parámetros que acabamos de comentar.



## A LINGUA DE CRECENTE VEGA (*CODESEIRA*, 1933): UN PASO ADIANTE NO PROCESO DE ESTANDARIZACIÓN DO IDIOMA

XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO  
Universidade da Coruña

### 1. Introducción

Xosé Crecente Vega (Castro de Rei, Lugo, 1896-Segovia, 1948) fixo a carreira eclesiástica no Seminario de Mondoñedo, sendo ordenado sacerdote en 1919 e nomeado coadxutor en Xubia en 1920; en 1923 tomou posesión como párroco de Narón. Por estes anos debeu escribir os seus primeiros versos co pseudónimo de P. Daponte<sup>1</sup>.

Tamén nesta época iniciou os estudos de bacharelato no Instituto de Ferrol, concluídos en Ourense. A continuación realizou os estudos de Linguas Clásicas, iniciados na Universidade de Santiago e terminados na de Salamanca, onde obtivo a licenciatura en Filosofía e Letras, sección de Linguas Clásicas, no ano 1935.

En 1933 publicara o seu único libro de versos saído do prelo, *Codeseira*<sup>2</sup>, aínda que deixou á súa morte outro libro inédito de poemas en galego, e tamén poemas soltos en español<sup>3</sup>. En 1935 e 1936 colabora

---

<sup>1</sup> Para un máis completo e documentado coñecemento da traxectoria vital e literaria do poeta vid. Manuel María Fernández Teixeiro, "Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega", in *Biblos*, Coimbra, t. XL, 1964, pp. 261-317. Vid. tamén José-Martinho Montero Santalha, "Sacerdotes da diocese de Mondonhedo que foran escritores em lingua portuguesa", in *Estudios mindonienses*, Ferrol, nº 2, 1986, pp. 455-512 (dedicadas a Crecente Vega pp. 487-508).

<sup>2</sup> Vid. José Crecente Vega, *Codeseira. Poemas*, Santiago de Compostela, Imprenta do Seminario Conciliar, 1933.

<sup>3</sup> Vid. Manuel María Fernández Teixeiro, *op. cit.*, pp. 298-312, e José-Martinho Montero Santalha, *op. cit.*, pp. 492-496. Deste último autor vid. tamén "Cinco poemas inéditos de Crecente Vega sobre aves", in *Renovação*, Madrid, nº 3, Maio 1991, pp. 7-11, e "Sonetos inéditos de Crecente Vega", in *Cadernos do povo. O fenómeno literário nos países*



en *Eméríta*, Boletín de Lingüística e Filoloxía Clásica, de Madrid<sup>4</sup>.

Cando comezou a guerra civil española Crecente estaba en Madrid facendo as oposicións para o ensino medio. Concluída a guerra, exerceu como profesor de Latín en Madrid (1940-1941), pasando despois a ser catedrático da mesma materia en Antequera (Málaga) e finalmente en Segovia, onde foi director do Instituto desde 1942 a 1948, ano da súa morte.

En 1946 publicou unha edición comentada das *Elexías*, de Tíbulo<sup>5</sup>, compromiso adquirido ao se converter en bolseiro do Instituto Antonio de Nebrija no ano 1941.

Literariamente Carballo Calero inclúe a Crecente Vega dentro da chamada xeración "antre dous séculos", xunto con Noriega Varela, Cabanillas, López Abente e Victoriano Taibo: "Dous cregos, Avelino Gómez Ledo e Xosé Crecente Vega (1895-1948) deben ser cicáis considerados como os derradeiros representantes de iste grupo"<sup>6</sup>. Fernández del Riego<sup>7</sup> clasifícao dentro dos poetas humanistas que parten de Noriega Varela e, con resonancias latinas, evocan a vida campesina do interior do país, ao lado de Iglesia Alvaríño e Díaz Castro. O propio Aquilino afirma que Crecente Vega "pecha pola banda do sul, na terra chá de Castro de Rey, a roda dos poetas do Norte lugués"<sup>8</sup>. Para Manuel María<sup>9</sup> Crecente Vega é o poeta chairego por excelencia, recoñecendo o

---

*lusófonos. Literatura galega, portuguesa, brasileira e africana*, vol. II, nº 5-14, Pontevedra-Braga, 1988-1989, pp. 89-95.

<sup>4</sup> No tomo II, 2º semestre de 1935, comentando a obra *Prudence, Psychomaquia*, París, 1933 (Prólogo de M. Lavaranne sobre o poeta hispano-latino Clemente Aurelio Prudencio), e no tomo IV, 1º trimestre de 1936, cun comentario da revista *Philologus*.

<sup>5</sup> Vid. José Crecente Vega, *Tíbulo. Selección de elegías*. Introducción y notas de..., Madrid, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 1946.

<sup>6</sup> Cfr. "Limiar", in *Sete poetas galegos*, Vigo, Galaxia, 1955, p. 12. Tamén incide o mesmo autor nesta idea en "Poetas lugueses. José Crecente Vega", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, t. V, nº 39, 1º trimestre de 1953, p. 136 ("En realidade Crecente es un poeta de transición *antre dous séculos*, del XIX al XX, y atendiendo a su espíritu y prescindiendo de la cronología de las ediciones, viene después de Noriega y antes de Alvaríño, figurando en la misma línea y formando eslabón entre los dos"). Non concorda neste artigo Carballo Calero coa inclusión de Crecente no grupo de *poetas folkloristas*, tal como fai Varela Jácome (vid. *Historia de la literatura gallega*, Santiago de Compostela, Porto y Cía Editores, 1951, p. 415), que o pon ao lado de Eugenio Montes, Amado Carballo e Emilio Pita.

<sup>7</sup> Vid. *Historia da literatura galega*, 2ª ed., Vigo, Galaxia, 1971, pp. 211-216.

<sup>8</sup> Cfr. *A lingua dos poetas do norte de Lugo*, A Coruña, Real Academia Gallega, 1964, p. 5.

<sup>9</sup> Vid. *op. cit.*, p. 268 e 287, onde afirma: "Un coيدا que Crecente é un poeta tradicional e tradicionalista e incruso que, efectivamente, a súa lírica está entroncada coa de Noriega Varela. O mesmo afán e amor franciscanista polas cousas homíldes e sinxelas se da en ambos poetas e o mesmo gosto pola forma crásica. Crecente é o poeta por excelencia do campo galego. Noriega é por escelencia o cantor do ermo. Crecente é máis rico na súa temática que Noriega. Pero, aínda tratándose de dous poetas lírico-descriptivos a poesía de Noriega é algo mais rexa e baril. Crecente é un poeta mais sin veiras, mais delicado e incruso melancónico que Noriega".



seu parentesco poético con Noriega. Para a maior parte dos que se aproximaron á obra crecentina está claro que este autor se mantivo á marxe das novas tendencias poéticas da xeración novecentista, á que cronoloxicamente lle correspondería pertencer.

## II. Caracterización xeral da lingua

Sendo escasos os estudos lingüísticos sobre a obra dos nosos principais escritores, non é raro que, tratándose dun poeta considerado xeralmente de segunda orde, nos achemos perante unha ausencia case total de referencias á lingua por el utilizada. Aquilino Iglesia Alvariño, ao concluír o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega sobre a lingua dos poetas do norte de Lugo, afirma: "E deixamos tamén pra cando se poida facer este traballo o estudio da lingua de Pernas Nieto e José Crecente Vega. Emparentados como están con Leiras e Noriega, non nos sería doado facer outra cousa que repetir os conceptos espostos"<sup>10</sup>.

A formación clásica adquirida polo poeta no Seminario de Mondoñedo, onde obtivo un brillantísimo expediente académico<sup>11</sup>, así como a súa preparación posterior, que o levou a ser catedrático de Latín, han influír na lingua por el empregada, como pon de manifesto Carballo Calero:

"José Crecente Vega fué hombre de gran competencia en las letras latinas, como lo prueba su edición de Tibulo, con una excelente introducción y eruditísimas notas. Este saber humanístico, análogo al de otros poetas gallegos que hicieron estudios eclesiásticos o fueron profesores de latín, se refleja en su poesía, en la que se combinan popularismo y filología sin mútuo menoscabo [...].

A esto hay que añadir una gran maestría en la métrica. El dominio del verso es en Crecente absoluto. Y una gran pureza de léxico, sin exageraciones hipercultas. Por lo demás, el poeta es un clásico, sencillo, terso, equilibrado en la dicción"<sup>12</sup>.

É Manuel María quen prestou máis atención á caracterización da lingua empregado polo autor:

"O galego utilizado por Crecente é moi fermoso. Crecente poseía o instinto do idioma vivo. Os diminutivos están sabiamente manexados e dalle ós versos unha engaiolante dozura. A língoa empregada por

<sup>10</sup> Cfr. *A lingua dos poetas...*, op. cit., p. 25.

<sup>11</sup> Vid. Manuel María Fernández Teixeiro, op. cit., p. 311; obtén a máxima cualificación en practicamente todas as asignaturas, destacando un "Accesit" en Latín.

<sup>12</sup> Cfr. "Poetas lugueses...", op. cit., pp. 134-135.

Crecente é o galego vivo do norte da provincia de Lugo, especialmente o da Terra Chá<sup>13</sup>.

O mesmo Manuel María insiste na fidelidade de Crecente á lingua falada, dándolle os cualificativos de "viva, espontánea, coidada, popular e nunca populacheira" e comparándoa coa de Castelao:

"O galego empregado por Crecente, como o de Castelao, é un idioma fermosísimo e cheo de flexibilidade e de armuñía. Poucos escritores galegos, na nosa opinión, poseeron un senso tan fino do idioma como Castelao e Crecente. Poucos escritores galegos lograron como íles un idioma tan natural, doado, tan familiar i ó mesmo tempo tan elegante, sin deixar nunca de ser popular, musical i espresivo. Tampouco, en canto ó idioma se refire, lle fallou a Crecente a súa gracia i o seu instinto poético. O seu idioma -como queda dito, pero queremos insistir- é sempre o galego vivo, falado na Terra Chá, limpo de lixos. A veces tamén empregou, sin abusar diles, localismos de Mondoñedo ou das Rías"<sup>14</sup>.

Aínda que o único libro de versos publicado polo autor está totalmente escrito en galego, pódese considerar a Crecente Vega como poeta bilingüe, pois Manuel María rexistrou un total de 55 poemas en español<sup>15</sup>, algúns dados a coñecer por el mesmo<sup>16</sup>; entre eles hai 15 sonetos. Os temas predominantes neles son motivos casteláns, relacionados coa longa permanencia do poeta nesas terras, non faltando referencias á súa natal:

*Por entre pinos y jara  
parecen los de mi tierra  
estos ríos de la sierra  
que tienen el agua clara*<sup>17</sup>.

Na súa relación epistolar con Aquilino Iglesia Alvariño do período 1945-1948 utiliza o idioma español<sup>18</sup>. Na última delas, coa datación «Segovia 12-I-48», escribe:

"Yo me entretengo algún rato en hacer algo en castellano. Ya casi tengo para un librito y quizá te lo mande pronto el original para que juzgues y me aconsejes. Dime lo que te costó o en que condiciones pudiste

---

<sup>13</sup> Cfr. *op. cit.*, p. 297.

<sup>14</sup> Cfr. *Ibid.*, p. 306.

<sup>15</sup> Vid. *Ibid.*, p. 309.

<sup>16</sup> Vid. Manuel María, "Versos castellanos de José Crecente Vega", *El Ideal Gallego*, Coruña, 17.6.1959; "Poetas lugueses: José Crecente Vega", *Lugo*, Buenos Aires, 1959; e "Versos inéditos de José Crecente Vega", *Vida Gallega*, Vigo, Febrero 1967.

<sup>17</sup> Cfr. Manuel María Fernández Teixeiro, "Noticia da vida e poesía de...", *op. cit.*, p. 309.

<sup>18</sup> Vid. *Ibid.*, pp. 314-316.

imprimir tus «Cómaros», por si pudiera yo hacer otro tanto con estos versos gallegos que andan conmigo desde hace años"<sup>19</sup>.

Manuel María, que tivo acceso aos poemas inéditos de Crecente, deduce destas palabras que Crecente "só escribiu versos en castelán nos derradeiros anos da súa vida cando, en boa lóxica, o seu talento poético estaba máis en maturidade"<sup>20</sup>; acha entre os seus poemas inéditos 71 composicións en galego, que para el son merecentes de figurar en libro, ademais de cinco adiviñanzas ao xeito das que veñen en *Codeseira*, 24 cantares ao modo popular, de tres versos cada un, e 17 poemas que lle semellan moi inferiores, todos eles en galego<sup>21</sup>, fronte aos 55 en español xa mencionados. Tamén José-Martinho Montero Santalha fixo unha clasificación dos poemas inéditos en galego<sup>22</sup>, seguindo a proposta realizada por Manuel María.

### III. O nivel gráfico

Para o estudio dos diferentes niveis da lingua deste autor baseámonos na súa única obra publicada, *Codeseira* (1933), que foi reeditada despois da súa morte<sup>23</sup>.

En primeiro lugar débese ter en conta, para abordar as características gráficas da lingua de Crecente, a súa amizade co poeta Aquilino Iglesia Alvariño e a evidente influencia que este exerceu na preparación da edición de *Codeseira*, tal como pon de manifesto Manuel María:

"Según manifestacións verbais do propio Carballo Calero ó que isto escribe, as fábulas ás que nos referimos tiñan moralexas. Esta noticia deulla a Carballo Calero Iglesia Alvariño que, según lle manifestou a Carballo e iste a un servidor, foi il quen suprimiu, pola súa propia mao, as moralexas das fábulas cando *Codeseira* estaba pra remesar á imprenta. Tamén Iglesia Alvariño lle manifestou a Carballo Calero que

---

<sup>19</sup> Cfr. *Ibid.*, p. 315.

<sup>20</sup> Cfr. *Ibid.*, p. 312.

<sup>21</sup> Vid. *Ibid.*, p. 298-299.

<sup>22</sup> Vid. "Sacerdotes da diocese...", *op. cit.*, pp. 492-496. Este autor, segundo informacións que nos facilitou e lle agradecemos, ten pensado publicar proximamente un volume coa obra inédita de Crecente, o que, sen dúbida, suporá unha contribución importante ás nosas letras.

<sup>23</sup> Vid. José Crecente Vega, *Codeseira. Poemas*, 2ª edición, Lugo, Imprenta Celta, 1965. Esta edición é reprodución exacta da primeira de 1933 xa mencionada, coa única diferenza de que leva un breve prólogo de J. Trapero Pardo, o que fai que non se produza unha correlación exacta na paxinación das dúas edicións, tendo a última dúas máis; aínda así, no índice final figura a paxinación primitiva da 1ª edición, polo que non se corresponde coa realidade. Nos demais aspectos prodúcese unha total coincidencia, sen alteracións gráficas ou doutro tipo. No sucesivo citaremos pola edición de 1933, única feita en vida do autor, coa primeira cifra indícase a páxina e coa segunda o verso (35.3 = páxina 35, verso 3).

fora él o que dividiu a *Codeseira* nos cinco apartados de que oxe se compón, escollendo o tiduo dos mesmos o propio Iglesia Alvariño. Nós sabemos que Iglesia Alvariño e Crecente levaban grande e fonda amizade. I a división en partes de *Codeseira* de Crecente Vega é moi semellante á división de *Cómaros verdes*, de Iglesia Alvariño<sup>24</sup>.

Esta obra de Aquilino foi publicada en 1947<sup>25</sup>, mais no mesmo ano en que se publicou *Codeseira*, 1933, o poeta de Seivane tamén tirou do prelo *Corazón ao vento*<sup>26</sup>, libro de poemas que vai presentar un mesmo sistema gráfico que *Codeseira*. Cabe pensar que, se Aquilino interveu tan decisivamente na configuración desta última obra, como nos manifesta Manuel María, organizando os apartados e dándolles título aos poemas, tamén debeu ter moito que ver co sistema gráfico utilizado<sup>27</sup>.

Pódese afirmar, de entrada, que este sistema gráfico se afasta en boa medida do modelo decimonónico e da práctica habitual dos escritores da primeira metade do século XX en dous casos principais: a utilización do acento grave para marcar a abertura das vocais de grao medio e a separación mediante trazo do pronome persoal átono en posición enclítica a respecto do verbo. Tamén moderniza a grafía coa sistemática supresión dos apóstrofos e, por conseguinte, da elisión da vocal final de palabra cando vai seguida doutra que tamén comeza por vocal, fenómeno aínda frecuente nos poetas contemporáneos do autor<sup>28</sup>. En consecuencia, o sistema gráfico utilizado en *Codeseira*, por evidente influencia de Aquilino Iglesia Alvariño, afástase dos usos habituais na época e anteriores, para dar un paso adiante na procura dunha estandarización máis próxima aos criterios que se van seguir a partir do inicio da recuperación literaria da posguerra, despois do período de silencio anterior<sup>29</sup>, e tamén máis próximos á norma actual. Vexamos isto con maior detalle.

<sup>24</sup> Cfr. "Noticia da vida e poesía de ...", *op. cit.*, pp. 289-290.

<sup>25</sup> Vid. Aquilino Iglesia Alvariño, *Cómaros Verdes*, Lugo, Celta, 1947.

<sup>26</sup> Vid. Aquilino Iglesia Alvariño, *Corazón ao vento. Poemas galegos*, Lugo, Imp. de A. Suárez Gómez, 1933.

<sup>27</sup> Xa publicara Aquilino outra obra con anterioridade a 1933, *Señardá. Sonetos*, Lugo, Ed. Palacios, 1930, mais nesta obra marca o timbre das vocais abertas de grao medio con acento agudo, fronte a *Corazón ao vento* e *Codeseira*, que utilizan o acento grave.

<sup>28</sup> Vid., por exemplo, J. Trapero, *Lóstregos e moxenas*, Mondoñedo, Tip. do Centro de Acción Social, 1926 (*Non m'astrevo*, 11.1; *Debaixo d'ancha lus*, 11.9; etc.). Ou Daniel Pernas Nieto, *Fala d'as Musas*, Ortigueira, Talleres Tipográficos Fojo, 1936 (*Pech'a noite d'o pecado*, 8.1). Tamén é moi utilizado polo mindoniense Noriega Varela, que exerceu unha grande influencia literaria na maior parte destes poetas da zona, considerados seguidores da súa liña poética, mesmo na última edición da súa obra (Vid. *D'o Ermo*, 4ª edición, Lugo, Tip. La Voz de la Verdad, 1946).

<sup>29</sup> Arredor do ano 1951, por influencia da editorial Galaxia, déixase de utilizar o apóstrofo como norma xeral.

A acentuación é un dos trazos máis característicos da obra deste autor, pois utiliza tres tipos de acento: agudo, grave e circunflexo. En liñas xerais co primeiro pretende marcar as regras comúns: as esdrúxulas acentúanse sempre (*tépida*, 17.1; *hórreo*, 16.4); as graves non se acentúan cando terminan en vocal ou *-n*, *-s* (*arumes*, 8.3; *limpeza*, 8.4; *gracia*, 8.6), mais *doncéla*, 8.1; as agudas levan til cando terminan en vocal seguida ou non de *-n*, *-s* (*Canté*, 9.5; *farás*, 9.7; *mañán*, 10.10; *xornás*, 10.11; *borrachón*, 23.1; *toleirón*, 25.20) ou en ditongo decrecente (*alléu*, 15.2; *quedóu*, 37.7; *contóu*, 38.4; *medróu*, 46.5; *metéu*, 41.10; *marmulóu*, 83.2; *merquéi*, 97.8); a 3ª persoa dos verbos en *-ou* conserva o til mesmo cando vai seguida de *se* non separado por trazo (*murchóuse*, 44.3; *crióuse*, 44.4); en caso de o pronome se separar por trazo, o verbo terminado en ditongo decrecente conserva o til (*deixái-no*, 83.1; *leváime*, 95.16; *saléu-me*, 97.2). Tamén levan acento agudo algúns monosílabos, como o *qué* interrogativo ou exclamativo e a 3ª persoa de singular do presente de indicativo do verbo *ser* (*¡Ouh, qué morno caloríño/ouh, qué caloríño morno!*; *¡Ouh, qué guapo é o boliño/que está na boca do forno!*, 22,1-4), o pronome tónico *él* e, ás veces, a preposición *a* (*e dta gozo d'él á vivos e finados*, 22.14/*un recendo a cocedura*, 22.7).

O acento grave é utilizado con profusión para marcar o timbre aberto das vocais de grao medio, en calquera das posicións en que aparecen dentro da palabra, sexa monosílaba ou polisílaba: *vòu*, 80.9; *pèrniñas*, 80.2; *lèxos*, 80.6; *dèmo do infèrno*, 81.13; *que das vòltas nun pé sòlo*, 23.2; *Diòs*, 11.19. Este tipo de acentuación permite cofecer a realización aberta ou fechada destas vocais na área dialectal do autor<sup>30</sup>, aínda que se producen algunhas incoherencias: o *é* do verbo *ser* aparece sempre con acento agudo (*Bèn ditoso é o labrègo que se pòda*, 15.1), aínda que a súa realización ten de ser aberta, o mesmo que *ninguén*, 43.9, 46.5, ou *José*, 9.7; outras veces dáse vacilación entre o acento grave e agudo para representar a vocal aberta (*quén*, 8.2/*quèn*, 16.6, 75.4; *pé*, 9.6, e *pés*, 37.8/*pès*, 10.17, 79.5), que pode ser debida a simples erros de impresión ou despistes do autor. Cabe destacar o timbre fechado

<sup>30</sup> Santa María de Outeiro, a súa freguesía natal, pertence ao concello lucense de Castro Rei e está situada no seu extremo norte, próxima aos concellos de Abadín e A Pastoriza. Máis ou menos vén ficando no límite sul da área mindoniense, en contacto coa zona central de transición entre esta e a área lucu-auriense. Pertence, pois, ao bloque central, "o complexo lingüístico menos unitario"; e dentro del a área mindoniense "non ten a unidade das occidentais e orientais; é máis ben, unha área ponte, con moitos falares de transición" (cfr. F. Fernández Rei, *Dialectoloxía galega*, 2ª ed., Vigo, Edicións Xerais, 1991, p. 112). Débese ter en conta, ademais, que o poeta cursou a carreira sacerdotal no Seminario de Mondoñedo, no centro da área lingüística mindoniense, exercendo logo o sacerdocio en Xubia e Narón, onde comezou a publicar os seus primeiros versos (vid. Manuel María Fernández Teixeira, "Noticia da vida e poesía de...", *op. cit.*, pp. 277-280).

de *ela*, 55.8, propio das provincias do interior e do galego exterior, fronte a *èla* nas provincias atlánticas<sup>31</sup>; tamén a non influencia da metafonía, coa conservación do timbre aberto etimolóxico, en *dispòsto*, 18.2, e *òllos*<sup>32</sup>, 75.5, ou *lèdo*, 42.10, mentres en 81.7 aparece *medo*, pois nesta palabra só se conserva o *è* etimolóxico no galego oriental<sup>33</sup>. A respecto de *e*, *o* trabados por nasal, temos timbre aberto etimolóxico nas formas verbais (*tèn*, 18.5; *vèn*, 10.24)<sup>34</sup>, nos adverbios *òntes*, 10.12, *bèn*, 11.4, *sèmpre*, 63.6, e no relativo *quèn* (vid. *supra*), coincidindo nisto coa xeneralidade do galego vivo<sup>35</sup>; conservan, así mesmo, o timbre aberto que etimoloxicamente lles corresponde os nomes substantivos *dèntes*, 10.21, *vènto*<sup>36</sup>, 42.6, *tèmpos*, 59.2, fenómeno, en xeral, propio das provincias de Lugo e Ourense, e do galego exterior<sup>37</sup>, a pesar de a vocal ir trabada por nasal, polo que noutras zonas chega a realizarse como fechada. Esta realización aberta, aínda trabada por nasal, esténdese na obra estudiada a outras moitas palabras, algunhas con xustificación etimolóxica e outras sen ela: *ò rènte do remòl*, 16.3; *diferènte*, 44.1; *reverènte*, 18.7; *quènte*, 18.8; *semènte*, 18.8; *hinchènte*, 19.5; *relènte*, 20.5; *fènto*, 42.5; *fèntiño*, 41.2; *innènso*, 45.6; *mèntras*, 58.7; *inocènte*, 75.2; *alènto*, 81.5; *sentimènto*, 93.10; etc. É de resaltar a realización como aberta da vocal temática de *vèu* (verbo *vir*): *vèu nacer*, *casualmentes*, un *fèntiño*, 41.2; *Despòis que se lavòu*, *vèuse a mirar*, 59.5. En 14.10 temos *nacèu*. O timbre aberto márcase tamén co acento grave en *e*, *o* átonos de palabras derivadas por sufixación, caso de *fèntiño*, *vèntiño*, xa vistos, ou de *hèrbiñas*, 51.8; mais *pèdra pedrexada*, 16.1. Como casos excepcionais achamos *forte*, 44.4, talvez por erro/*fòrte* en 28.1, e o acento grave sobre a vocal de abertura máxima en *rosàda*, 51.4 ou *là* (*Quero vivir là no pico*, 95.9/*Vòlta aquí e vòlta alá*, 94.13).

<sup>31</sup> Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, pp. 41 e 44.

<sup>32</sup> Cfr. *Ibid.*, p. 40: "en *pòsto*, *òllo* a abertura mantense en todo Lugo, Ourense, galego exterior e mesmo no leste das provincias atlánticas".

<sup>33</sup> Vid. *Ibid.* Tamén R. Álvarez Blanco, "Consideracións sobre a metafonía nominal galega", in *Homenagem a Joseph Piel por ocasião do seu 85º aniversário*. Edición de Dieter Kremer, Instituto de Cultura e Língua Portuguesa/Consello da Cultura Galega, Niemeyer, Tübingen, 1988, p. 158.

<sup>34</sup> Non obstante, en 81.7 (*que nada me pón medo*) a forma *pón*, por non lle corresponder etimoloxicamente timbre aberto, pois provén do lat. cl. PONIT, con *o* longo e *i* breve, aparece grafada con acento circunflexo, aínda que a súa pronuncia sexa aberta.

<sup>35</sup> Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 44, onde se inclúe ademais o adverbio *tamèn*, que, non obstante, en *Codeseira* aparece grafado *tamén*, 48.20, aínda que se debe tratar dun descoído ou erro.

<sup>36</sup> Aínda que en 46.9 apareza *vento* sen acento grave, trátase dun dos frecuentes descoídos, pois nos demais casos si figura: *Vèntiño*, *vènto lixeiro*, 63.1.

<sup>37</sup> Cfr. *Ibid.*, p. 44, onde tamén se inclúen outros substantivos como *fònte*, que Crecente, non obstante, transcribe como *fonte*, 72.8, 78.3, ou *fontiña*, 75.1, 78.18, polo que cabe supor a súa realización como fechada na zona do autor.



En 58.9 aparece o vulganismo *pèlras*. Con ò temos en 16.3 *remòl*, 16.4 *albòio*, e 16.6 *chòio*/ 16.5 *sol*, talvez por erro.

O acento circunflexo tamén ten un uso abundante na obra. Utilízase para marcar a crase de dúas vocais: na contracción da preposición *a* co artigo<sup>38</sup> (*Cántalle ô sol pol-o día, e pol-a noite ô luar*, 65.3-4; *Fun â feira do Monte*, 97.5/*Dalle á roda, dalle ô torno*, 25.12) ou noutros moitos casos: *âr*<sup>39</sup>, 8.1; *pôrme*, 9.4; *têr*, 9.5; *remôs*, 11.17/*bos*, 11.18; *quêr*, 11.22; *mantêr*, 11.23; *râs*, 33.5; *rî que rî*, 64.6; *quêrs-me tornal-o vènto*, 90.1; etc.

Nos seguintes versos pódese sintetizar o sistema acentual do autor:

*-Deixái-no, que vai tolo-  
a xènte marmulóu.  
E aquí cai, e alí se èrgue,  
camiño adiante foi.*

*Ninguén dél se lembraba.  
Algún tèmpo despóis  
atoparon un mòrto  
là riba en Montemór,  
xa comèsto das aves  
e co-a òsamia ô sol.*

*Hoxe unha cruz de pau  
no sitio onde ficóu  
amostra ôs camiñantes  
que pasan Montemór  
o leito derradeiro  
do tolo de Ribóns.*

*Bendita cruz xa vèlla  
que, ô vento, â auga, ô sol,  
non apodràce nunca  
¡por non quere!-o Diòs! (83).*

Outra característica destacada do sistema gráfico utilizado polo autor é a eliminación practicamente total do apóstrofo, tan frecuente na

---

<sup>38</sup> Esta contracción soe realizarse na fala como *ô*, *à*, polo que así aparece grafada en 11.23 (*e ôs meus fillos hei mantêr*), aínda que o habitual sexa a utilización do acento circunflexo. Sendo grande a semellanza na representación gráfica de *Codeseira* e *Corazón ao vento*, de Aquilino Iglesia Alvariño, como xa ficou visto, non obstante neste caso presentan diverxencia, como se pode apreciar no propio título do libro de Aquilino ou no do seu primeiro poema ("Tiréi ao vènto, sangrando..."), aínda que tamén utilice *ô* (*¡Fora meu corazón còlo de ròsa, e tú gota de orvallo ô sol nacènte...!*) e sempre *â*. Crecente nunca usa *ao*.

<sup>39</sup> O autor utiliza sempre esta forma, descoñecendo o uso de calquera outra variante.

maioría dos escritores galegos contemporáneos de Crecente e anteriores a el<sup>40</sup>. Con esta supresión temos, por un lado, a representación dunha parte importante das contraccións de acordo coa norma actual: *co frío*, 7.4; *da Folgueira*, 7.5; *no ermo*, 7.6; *na limpeza do teu ár*, 8.4; etc. Por outro lado, as palabras aparecen transcritas na súa integridade, sen a frecuente elisión da vocal final que se dá noutros autores, o que orixina por veces problemas de interpretación textual; así, por exemplo, temos *coma un tolo*, 9.1; *coma un año*, 10.7; *onde á fonte*, 34.1; *léva-me canda a ti*, 64.8; *chéga-se onde a él*, 68.7; *ô pasar por onde a min*, 96.14. Nestes e noutros casos evítase a dobre posibilidade de interpretación como/coma<sup>41</sup>, onde/onda, cando/canda que se dá con frecuencia en Noriega Varela con grafías do tipo de *com'*, *ond'*<sup>42</sup>, e noutros autores. Só nos seguintes casos achamos o uso do apóstrofo, algúns por iren seguidos de nome propio, outros para indicar a contracción do adverbio *non* co verbo ou pronome átono e outros talvez por erro ou descoido: *Pepe d'Hermida*, 10.4/*a muller de Antón de Bande*, 96.10; *pra que no'o enfríe o relènte*, 20.5, *n'has tēr queixa*, 12.14/*Si no-atōpo*, 81.20; *d'arredor da tua cintura*, 24.18; *m'o contou*, 38.4; *milagre d'El Señor*, 46.13; *d'entón quedou-se o fento pequiniño*, 46.14; *si n'as foras a contar*, 63.8; *cal d'elas era*, 91.11; *m'as lèva*, 93.7; e *m'as trai*, 93.8.

Contrasta coa case desaparición do apóstrofo a utilización do trazo de acordo con moitos dos usos habituais no século XIX e no primeiro tercio do XX: *pol-o*, 8.7; *ben-o sei*, 8.6; *n-isto*, 9.8; *pra empezal-a nõsa vida*, 10.8; *escocida i-escarapelada*, 13.5; *ni-é honra do dono*, *ni-é pau duradeiro*, 14.3; *Diðl-o arrequènte*, 20.6; *co-a gracia*, 76.1; *co-as promesas*, 76.12; *co ruxe-ruxe*, 76.11; *a ti corre i-en tialcontra*, 77.21; *si no-hai auga nas fontes*, 82.1; *non-o vexo*, 85.4; *sin-a murchar*, 94.4; etc. A estes usos máis ou menos tradicionais hai que engadir a súa

<sup>40</sup> Para o uso do apóstrofo en *Cantares gallegos, Aires da miña terra e Queixumes dos pinos* vid. Ramón Lorenzo, "A lingua literaria na época de Rosalía", in *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, t. III, Consello da Cultura Galega, Universidade de Santiago de Compostela, 1986, pp. 22-23. Para Pondal vid. tamén Manuel Ferreiro, "A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego", in *Cadernos de lingua*, 4, A Coruña, Real Academia Galega, 2º semestre 1991, pp. 49-70.

<sup>41</sup> Cfr. Antón Santamarina, "Contribución pra un estudio das particulas comparativas que=ca e como=coma en galego", in *Verba. Anuario gallego de Filología*, Universidad de Santiago, vol. 1, 1974, p. 25: "Tamén aquí pode estar enmascarado o timbre da vocal final por estar parcial ou totalmente asimilado á vocal inicial da palabra seguinte, caso que resulta sé-lo maioritario. Ora ben, a lingua escrita foi sempre algo reacia a practicá-la elisión (aínda antes do acordo de Galaxia de eliminá-los apóstrofos), quizáis porque haxa certa resistencia a apostrofar palabras de máis dunha sílaba. Con todo e así hai abundantes mostras de *com'* na literatura".

<sup>42</sup> Vid. Antonio Noriega Varela, *op. cit.*, p. 92, v. 4 (*que ond'a murta nace*), v. 14 (*Chorará com'on neno*); p. 110, v. 8 (*com'as brañegas t'eu vexo*); p. 122, vv. 2-3 (*A nosa casiña/ond'a tua*).



utilización para separar o pronome átono enclítico do verbo, alternando coa forma aglutinada; cítanse por orde de aparición: *adicoche o meu canto*, 8.5; *pôrme*, 9.4; *dime baixiño*, 10.1; *tocóulle*, 10.22; *pandéase*, 11.11; *moverse*, 11.13; *has-me de dar*, 11.18; *teño de facerche*, 12.10; *hei-te pôr*, 12.11; *medirlle*, 14.8; *roxóu-se o forno*, 21.2; *sòlo miral-a convida*, 21.5; *rínse*, 21.12; *dalle*, 24.11 e 25.12; *hachóuse farto*, 27.7; *esperguizóu-se*, 30.2; *botóu-se*, 30.4; *estortillóu-no*, 30; *rompéron-me*, 30.16; *escóitan-se*, 33.4; *agrúchanse*, 33.7; *lámben-se*, 34.6; *dórmese*, 35.2; *ráianlle*, 37.3; *xenegarse*, 38.1; etc., etc. En 68.12 aparece *van-o mantendo*, en 90.1 *quêrs-me*, 90.8 *atopéin-as a cêntos*, en 95.6 *bótase-lle a noite encima*.

A formación cultural do poeta e o seu coñecemento do latín fan que sexan moi escasas as confusións gráficas que se producen na súa obra, debido, en parte, aos criterios etimoloxistas que predominan no modelo ortográfico dominante na época e tamén na actualidade, aínda que se pode advertir a presión do español nalgúñas ocasións. Na utilización de *h* dáse unha case total coincidencia cos usos modernos, agás en contados casos: *hênche*, 21.6, *henchendo*, 34.2, *hinchênte*, 19.5; *hachóuse*, 27.7; *ahí*, 46.10; *hinchando*, 42.4.

A respecto da distribución de *b* e *v* tamén se dá un uso coincidente coa norma actual, excepto nuns poucos casos: *barre*, 21.7; *debecido*, 23.1; *veira*, 43.1; *esbaraba*, 43.4. En 34.2 temos a palabra *avenza*, que hoxe se debe grafar como *habenza*<sup>43</sup>.

Cabe destacar, aínda dentro do sistema gráfico, a non utilización do *y*, usual na época de publicación do libro, como se pode apreciar na obra de Noriega Varela e outros<sup>44</sup>. En *Codeseira* predomina o uso da conxunción copulativa *e*, mesmo seguida de vocal (*e os cortinaxes da brisa; e o pelo mouro da noite, e o pelo branco do día*, 77.14-16); só achamos *i* cando a palabra seguinte comeza por *e* (*i-en tialcontra*, 77.21; *I-ela responde*, 55.7; *i-hênche*, 21.6). Tamén cando aparece un *i* epentético esta é a grafía utilizada: *cheio*, 37.5, ou *cèio*, 18.6.

#### IV. Nivel fonético

Na lingua poética de Crecente Vega, de marcado acento rural, reflíctense gran parte dos fenómenos fonéticos que espontaneamente se

<sup>43</sup> Procedente do verbo latino HABERE, significa 'conxunto de animais domésticos', como se pode ver no verso citado: *Henchendo as corredoiras vên a avenza pra á casa*.

<sup>44</sup> Vid., por exemplo, J. Trapero Pardo, *op. cit.*, 25.4 (*y-os pesares*), 38.10 (*si n-hay tesouro*), etc. O mesmo Aquilino Iglesia Alvariño a utiliza ocasionalmente no seu primeiro libro, *Señardá*, ben como conxunción copulativa (*Y-en balde o pracurei*) ou ben como grafía de carácter cultista en casos como *Abysmo*, *mytholoxía*, *nymphas*, etc.

dan na fala popular dos labregos, modelo que o autor segue de cerca, e que tamén son manifestación dunha lingua literaria en proceso de formación do seu propio estándar.

Con relación ao **vocalismo** tónico, caracterizado pola súa estabilidade fronte ao átono, non se achan na obra casos de vacilación do timbre, se exceptuamos *n-isto*, 9.8/*nesto*, 91.3. Dado que a oposición entre abertas e fechadas de grao medio se dá principalmente en sílaba tónica e, ademais, aparece indicada no texto mediante a utilización do acento grave para as primeiras, isto convértese nun dos trazos característicos do texto, xa visto no apartado anterior. Convén tamén indicar o resultado do grupo latino -ULT-, que en todos os casos é o ditongo *oi*<sup>45</sup>: *moi*, 10.13, 13.6 e 19.6; *moito*, 10.14, 38.4, 55.7 e 81.5; *moita*, 89.4. O mesmo acontece co resultado de -OCT- en *noite*, 17.4, 59.1 e 60.7. Por metáteses vocálicas de formas verbais latinas achamos na obra o ditongo *ei* en *queipa*, 16.3 e 51.4, e *seipa*, 90.10 e 94.3, que tamén aparece en *eira*<sup>46</sup>, 16.4 e 19.2, e en *teipa*<sup>47</sup>, 85.4. En 43.2 aparece a forma *escairo*, fronte á máis común *esqueiro*.

O vocalismo átono, por ter un timbre menos definido, está exposto a frecuentes vacilacións e sínkopas, como se pon de manifesto nesta obra. É en posición pretónica inicial ou medial onde son máis frecuentes as alteracións producidas nas vocais átonas, que mudan de timbre por procesos de asimilación ou disimilación, ou ben desaparecen. No primeiro caso temos: *desemparado*, 7.6; *ispidiños*, 10.18, e *ispidiño*, 12.7; *repuluxado*, 10.20 e 12.8; *millor*, 13.8, 46.10 e 90.16, e *millores*, 11.8<sup>48</sup>; *dimpóis*, 18.8/*despóis*, 59.5; *hinchènte*, 19.5; *pirguiceiros*, 33.1; *marmullan*<sup>49</sup>, 34.5; *difuntos*, 36.6; *pequiniño*, 46.13, 67.4, 68.17, e *pequiniñas*, 53.2; *delor*, 48.5 e 76.15/*dôres*, 54.4; *surri*, 48.18, e *surriu*, 82.20; *disgracia*, 60.6; *repincar*, 62.1; *pestenexan*, 77.5; *fertuna*, 95.1. Casos de perda dun son vocálico en posición pretónica por aférese ou

<sup>45</sup> Esta é a solución propia da área mindoniense e do todo o bloque central (vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 127), aínda que noutros escritores desta zona aparecen algúns casos de *ui*, minoritarios en Noriega Varela, por exemplo, e máis frecuentes en Cunqueiro (cfr. Manuel González, "Vacilacións fonéticas e gráficas na obra de Cunqueiro", in *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, Universidade de Santiago de Compostela, 1982, p. 176, onde afirma que "o feito de que *mui* e *moito* teñan tanta frecuencia en Cunqueiro, fronte ás solucións *moi* e *moito*, que son as propias da fala de Mondoñedo, puidera deberse á proximidade de Mondoñedo a falas onde o resultado normal é *moito* (ou mesmo *mutio* e *mutio*").

<sup>46</sup> Non obstante, escritores da área mindoniense usan a variante *aira*, recollida por Leiras Pulpeiro no seu vocabulario (para unha edición fiábel do mesmo vid. I. Pérez Pascual e C. Tato García, "O vocabulario de Leiras Pulpeiro (I)", in *Verba*, Universidade de Santiago de Compostela, vol. 13, 1986, pp. 237-267).

<sup>47</sup> Esta forma é tamén utilizada por Noriega Varela, Cunqueiro e Leiras Pulpeiro, que recolle no seu vocabulario a voz «Teipeira: Topera».

<sup>48</sup> O autor utiliza sempre estas formas; non hai casos de *mellor*.

<sup>49</sup> Noutros casos temos *marmulo*, 37.7; *marmulando*, 75.7; *marmulou*, 83.2.

síncopa son: *dreitos*, 7.4/*dereita*, 13.6; *vrân*, 20.1; *marèlo*, 34.3, *marèliño*, 41.5, *marèliña*, 60.10/*amarèlas*, 53.3; *ô parcer*, 45.3; *namorisqueiro*, 55.2, *namoradiña*, 55.4; *crabuñáron-se*, 66.5; *garimoso*, 68.2; *croadas*, 76.16; *espranza*, 81.1. En relación con estes casos temos *pro no-é pol-o bèn que canto*, 8.7, *prò fai falla*, 9.6, *prò ten òso*, 11.2, *pro ninguén pensa*, 46.5/*pèro*, 42.8; e *pra*, 10.5, 10.8, 11.3, 14.8, 15.3, 15.4, etc.<sup>50</sup>/*para*, 16.2, 16.6, 29.9, 59.4 e 80.16.

A casuística das vocais átonas postónicas e finais é menor. Hai alteración do timbre da postónica en *tépida*, 17.1; síncopa en *arbres*, 51.2 e 75.3, e *quêrs-me*, 90.1, 90.2 e 90.4; aparece un *i* epentético en *cheio*, 37.5 e 37.5; *cèio*, 18.6, 82.4, 82.19, 85.2 e 95.11; *ideia*, 28.2/*aldea*, 57.2. En posición átona final temos *nadia*, 10.23, e *alléu*, 15.2, ademais de casos de apócope: *tranquil*, 17.4 e 27.2; *en cas Farruco*, 91.5 e 91.7; *follax*, 35.7.

A respecto do **consonantismo** áchanse algúns fenómenos fonéticos dignos de salientar, como son as metáteses producidas por cambio de posición da vibrante *r* dentro da palabra: *esquerquenadiños*, 10.17; *pròbe*<sup>51</sup>, 10.24, 12.1, 30.16, 41.5, 41.8, 47.4, 48.1 e 60.1; *freba*, 13.6; *esperguizóu-se*, 30.2, *esperguizan*, 77.6, *pirguiceiros*, 33.1<sup>52</sup>; tamén se produce metátese en *pèlras*, 58.9, mais non na forma estándar *tènra*, 48.13. O comportamento da consoante líquida /l/ precedida das oclusivas /p/, /b/, /k/ e da fricativa /f/ ofrece na lingua crecentina unhas solucións coincidentes cos usos canónicos actuais<sup>53</sup>: *fraca*, 11.6; *pracer*, 12.5, *prácen-me*, 51.1, *prace-me*, 52.1; *escravo*, 13.4; *anubre*, 11.20; *brandos*, 21.4, *branda*, 24.17; *brandoeiro*, 24.3; *branco*, 24.15 e 77.16, *branca*, 25.6, 25.10 e 58.1; *flor*, 24.16, 47.10, etc.; *floriña*, 47.2, 48.6, etc.; *flores*, 53.1, etc.; *inflado*, 30.10; *frauta*, 33.3; *nobre*<sup>54</sup>, 38.2; *clara*,

<sup>50</sup> *Pra* é a forma usada habitualmente, aparecendo *para* só nos casos citados a continuación, cando o poeta necesita unha sílaba máis no verso.

<sup>51</sup> Esta forma é sistemática na obra, non dándose casos nesta palabra de uso da forma non metatizada.

<sup>52</sup> Estas palabras derivan do substantivo *preguiza*, formado el mesmo por metátese a partir do latín PIGRITIA.

<sup>53</sup> Estámonos a referir a grupos consonánticos que entraron na lingua serodiamante e por vía culta, chamados, por iso, cultismos ou semicultismos, pois é sabido que os grupos latinos PL, CL, FL sufriron nas voces patrimoniais galegas un proceso de palatalización, como se pode observar en *chan*, 45.2, ou *chora*, 41.7, por exemplo.

<sup>54</sup> Procedente do latín NOBILE, só hai en *Codeseira* outro caso co sufixo latino -BILE, resolto en romance da mesma maneira: *inmobre*, 38.1. Tamén Noriega Varela fai un uso mínimo deste sufixo, que só aparece unha vez na edición definitiva da súa obra, en 1946, na palabra *adorable*. Isto contrasta co uso abundante na obra de Rosalía de Castro, tamén fiel, como os anteriores, á fala popular (vid. os frecuentes casos citados por Ricardo Carballo Calero, *Particularidades morfolóxicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, Universidade de Santiago de Compostela, 1972, pp. 39-44). A solución deste sufixo en *-bre*, maioritaria en Rosalía, tamén é a que se dá na lírica pondaliana (vid. Manuel Ferreiro, *op. cit.*, p. 57).

75.1 e 77.1, *claridá*, 75.5, *claror*, 102.6. Só *supricante*, 18.7, *inmobre*, 38.1, e *prantóu*, 48.6, se afastan dos usos normativos actuais. O carácter marcadamente rural e popular da poesía de Crecente Vega, posto de manifesto tamén na lingua por el utilizada, fai que non teñamos rexistrado na obra a presenza doutros grupos consonánticos cultos, a non ser o caso de *inmenso*, 45.6, nin tampouco a súa forma vulgarizada.

Aínda que o autor non pertence a unha área lingüística seseante nin utiliza como norma o seseo, fenómeno por demais rexeitado na escrita mesmo por autores de áreas seseantes, principalmente tratándose do seseo explosivo ou prenuclear<sup>55</sup>, non obstante achamos na obra algúns casos excepcionais onde este fenómeno aparece reflectido. A respecto do seseo implosivo, se temos *luz* en 42.9, 72.16 e 81.2, *cruz* en 83.17 e 90.14, e *vez* en 93.4, en 34.1 rexistramos a forma *rapás* (*Unha nena onde á fonte c-un rapás parrafea*) e *parés* en 37.5 (*¡Ouh Ankos! Cheio de maxestá, parés/un gran xigante*) e 57.4 (*Parés que quèr matal-o ár*)<sup>56</sup>; tamén o autor utiliza a forma *paspallar*, fronte a *pazpallar*, preferida polos escritores mindonienses<sup>57</sup>. Un caso singular é o constituído polo diminutivo *avesiña*, 62.2, con seseo explosivo<sup>58</sup>, que cabe explicar talvez por influencia fonética portuguesa a través de Aquilino Iglesia Alvariño, quen utiliza con profusión na súa obra formas como *pobresiña*<sup>59</sup>.

Se os procesos de asimilación e disimilación son frecuentes no vocalismo, como ficou visto, tamén o serán polo que respecta ao sistema consonántico, principalmente ao se produciren certos encontros de de-

---

<sup>55</sup> Para o caso singular de Rosalía de Castro, cfr. David Mackenzie, "A variación lingüística na obra en galego de Rosalía", in *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, t. III, *op. cit.*, p. 57, onde afirma: "É indudable que Rosalía emprega o seseo porque así falaba a xente, pero non o emprega nin moito menos sistematicamente; é, pois, un rasgo esporádico, que quizais obedece ás necesidades eufónicas ou de rima". O seseo, tanto prenuclear como posnuclear, así como a geadá, son utilizados sistematicamente por Francisco Mirás (vid. *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nomes e verbos gallegos e su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias...*, Santiago, Establecemento tipográfico de Manuel Mirás, 1864).

<sup>56</sup> Se no primeiro caso a forma *parés* se pode xustificar por redución popular de *pareces*, por necesidades métricas (trátase dun soneto) e de rima (con *pés*, 37.8), no segundo remite claramente a *parez*, *parece*, e non acha xustificación na rima. O seseo implosivo é un trazo dialectal que divide a área mindoniense occidental e oriental, aínda que restrinxido á zona de Ferrol da primeira (vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, pp. 127-128 e 203), onde Crecente estivo destinado e onde parece ser que comezou a súa actividade poética.

<sup>57</sup> Así a recolle Leiras Pulpeiro no seu vocabulario xa citado, e así tamén é utilizada por Noriega Varela (*o pazpallár ledo canta*) no poema "D'o San Juan de Romariz", v. 12, e por Álvaro Cunqueiro en *Xente de aquí e de acolá*, 1971, p. 74 (*os pazpallares e o merlo*).

<sup>58</sup> Contrasta este diminutivo con *mauíñas*, 77.12, que tamén debería levar interfixo.

<sup>59</sup> Cfr., por exemplo, de *Corazón ao vento*, o poema "Unha cèguiña", onde aparece *Pòbresiña de Deus* repetido en seis ocasións. Tamén Noriega Varela utiliza *pobresiña* en dous dos seus sonetos: *Chora copiosamente a pobresiña* ("A brétema", v. 5) e *¡Outra terra non vin máis pobresiña!* ("Si o Filliño chora...", v. 5).

terminados fonemas por fonética sintáctica. O fenómeno de asimilación máis importante é o do artigo á preposición *por*, representado sistematicamente como *pol-o*, 8.7, 22.12, *pol-a*, 47.9, etc., e aos verbos terminados en *-r* ou *-s*: *tél-os braciños tesos*, 7.3; *pra empezal-a nõsa vida*, 10.8; *põda erguel-a man*, 14.6; *pra mantel-as vacas*; 15.8; *pra facel-a sementeira*, 18.3; *témol-a anada*, 19.1; *parés que quêr matal-o ár*, 57.4; *tornal-o vènto*, 90.1; *tapal-o folgo*, 90.2; *nin que cambiel-o vestido*, 91.14. Mais estes casos concorren con outros onde non se realiza a asimilación, como: *salen tocar a frauta*, 33.3; *sin abanar as hèrbiñas*, 51.8; *sodes as máis belas flores*, 54.5; *fai rebulir a aldea enteira*, 57.2; etc. Tamén se asimila o artigo á partícula *mais* precedente: *e mail-o vènto*, 42.6; *e mail-a fortuna*, 95.1; pero non ao pronome *vós*: *sodes vós as flores miñas*, 54.6. A representación escrita das chamadas segundas formas do artigo en ningunha ocasión sobrepasa os casos contemplados na actual normativa, como xeralmente acontecía na lingua literaria da época. Non obstante, aparece representada a asi-milación do pronome persoal átono de 3ª persoa en función de CD á pa-labra *Diòs* precedente, en contra da norma actual: *Diòl-a arrequente*, 18.13, 19.8, 20.6, 22.10, 22.13; *Diòl-o aumente*, 22.9; *Diòl-a bendiga*, 19.7; ademais da obrigada asimilación das mesmas formas ao verbo ter-minado en *-r* ou *-s*, mantendo o sistema de representación gráfica: *sòlo miral-a convida*, 21.5; *por non quere-l-o Diòs*, 83.20/*chéga-se onde a él e béixa-o*, 68.7.

Outro fenómeno de asimilación por fonética sintáctica, que conduce á perda do fonema nasal, dáse coas partículas *nin* e *non* seguidas de palabra comezada por vocal, e especialmente cando esta é un verbo: *no-é pol-o bèn que canto*, 8.7; *ni-é honra*, 14.3; *ni-unha falta triste*, 14.9; *no'o enfríe o relènte*, 20.5; *no-espèrta*, 38.6; *ni-unha noite*, 60.7; *si no-atopo compañía*, 81.20; *si no-hai auga nas fontes*, 82.1; *disque no-hai nada sabido*, 91.4; *outra no-aloumiñaréi*, 94.7; *eu inda no-oíra nada*, 96.15. Mais este fenómeno non é sistemático, como se pode ver nos seguintes versos: *Nin as noites escuras./Nin os camiños ermos./Nin os cãs adoecidos./Nin os lobos famèntos. Nin a Santa Estadea./¡Nin o dèmo do infèrno!*, 81.8-13. Noutras ocasións o poeta remarca a non velaridade do /n/ mediante trazo: *ben-o sei*, 8.6; *bèn-o sei*, 42.7; *non-o beixa*, 67.3; *van-o mantendo*, 68.12; *non-as rimas*, 76.22; *non-a matas*, 78.18; *non-o vexo*, 85.4; *sin-a murchar*, 94.4.

## V. Nivel morfosintáctico

Crecente Vega afástase en xeral neste nivel das solucións dialectais seguidas por outros poetas da área mindoniense, na procura



dun modelo común ás diferentes falas comarcais, sen que por iso deixen de aparecer esporadicamente algúns dialectalismos morfolóxicos. Non se trata de facermos agora un estudio detallado da morfosintaxe, senón de salientar algúns aspectos significativos da mesma.

Polo que respecta ao **nome**, as súas categorías de xénero e número presentan algunhas particularidades dignas de seren comentadas. Canto á primeira, achamos diferentes solucións para os substantivos terminados en *-axe*, como se ve nestes versos:

*Con fariña e con forraxe  
teño de facerche un traxe;  
hei-te pôr de boa pelaxe  
co millo da miña ucha... (12.9-12).*

Como consecuencia da presión do español sobre o galego, preséntanse casos de interferencias lingüísticas tamén neste campo. Fronte ao xénero patrimonial de *romaxe*, 95.14 (*fixen a miña romaxe*), temos *entre o follaxe espeso*, 33.8, e *verde e espeso o follax*, 35.7; tamén *e os cortinaxes da brisa*, 77.14. O substantivo *arbre* aparece sempre como masculino: *porque lles dan bèn ós arbres*, 51.2, e *entre os arbres barulleiros*, 75.3. En 36.4 aparece *pantasma* co xénero masculino (*re-pousan os pantasma todos xuntos*), fronte a outros autores que a utilizan como feminino. É de salientar tamén a flexión de xénero no adxectivo *ruín*, que dá lugar á forma *ruínas* en 96.1 (*O vento tèn mans ruínas*), cando se caracteriza xeralmente polo seu sincretismo formal.

No referente ao número achamos algunhas solucións dialectais. Cabe destacar o plural das palabras terminadas en *-l*, con dúas solucións contrapostas, unha patrimonial, *xornás*<sup>60</sup>, 10.11 (*á conta dos meus xornás*) e outra, cando menos, sospeitosa de españolismo, *siñales*, 22.6 (*Xa hai siñales de fartura*)<sup>61</sup>, e o plural das terminadas en *-n*, onde predomina a solución do bloque central: *can/cas* (*hoxe un can, mañán dous cas*, 10.10; *Nin os cás adoecidos*, 81.10); *pan/pas* (*Xa está no tendal a masa/en brandos pas repartida*, 21.4; *roncón/roncós* (*Pasan zoando por entre os maciñeiros/os roncós*, 33.6). Tamén aparece o plural *bos* (*ti has-me de dar puchos bos*, 11.18; e *bos estrumes pra meter na corte, e bos regados pra mantel-as vacas*, 15.7-8), mais non achamos a forma singular. Fronte a estes plurais, temos a solución propia do

<sup>60</sup> Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 65, onde indica que *animais* comprende o galego máis oriental, tendo abarcado *animás* o resto do dominio galego, aínda que na actualidade o considera un fenómeno esporádico.

<sup>61</sup> F. Fernández Rei (vid. *op. cit.*, p. 65) fala dunha posíbel evolución xerada polo propio galego, mentres Carballo Calero (vid. *Particularidades morfolóxicas...*, *op. cit.*, p. 18) considera os plurais en *-les* como castellanismos morfolóxicos. Ambos recoñecen que actualmente predomina esta última solución.

bloque occidental e do galego común en *algúns* (*Que inda teño algúns acios*, 80.15) e en *mans*, 43.8 (*botaba as mans ó humilde ramalliño*) e 96.1 (*O vènto tèn mans ruínas*).

Como resultado dos sufixos latinos *-ANU*, *-ANA*, *-INU* o autor opta en xeral por solucións máis propias do galego común que da súa área dialectal. Para a terminación *-ANU* a escolla dominante é *-án*: *man*, 10.24, 14.6, 48.1, 53.6 e 101.3; *mans* (vid. *supra*)/*mauíñas*, 77.12; *chan*, 45.2, 45.8 e 72.12; *gran*, 18.5 (*Tèn de gran un cesto cheio*) e 20.3 (*e hai grandes pilas de gran*)/*grao*, 24.12 (*roi o grao louro e duro*), e *mourao*, 35.4 (*E un deles é mourao*). No caso de *-ANA*, aínda que a solución máis propia da zona é en *-á*<sup>62</sup> hai un predominio de *-án*: *mañán*, 10.10, 17.1, 85.1 e 91.8/*mañá*, 72.16, e *mazá*, 93.15; en 33.5 aparece o plural *rás* (*e escóitan-se nas regas os «grau-grau» barulleiros/das rás*), que nos pode remitir a un singular *ran* ou *ra*; consérvase a terminación culta *-ana*, talvez por influencia do español, en *campana*<sup>63</sup>; a solución *-án* para o feminino áchase en 45.5 (*sua vida aldeán*) e 71.0 (*Letanía aldeán*)<sup>64</sup>. Para a terminación *-INU* temos o sufixo *-iño*, resultado común na maior parte do territorio galego, de gran rendemento na fala e non menor na literatura, nomeadamente na poesía, desde os clásicos decimonónicos<sup>65</sup> á actualidade, en moitos casos cun valor máis afectivo que propiamente diminutivo<sup>66</sup>. En *Codeseira* áchase representado con profusión, como se pode observar nos seguintes versos:

*Da chouza nun escuro corrulliño,  
vèu nacer, casualmentes, un fentiño.  
Fentiño prisioneiro,  
que esvaído e tristeiro,  
e marèliño, o pròbe, coma a cera,  
non salía do día en que nacera.*

<sup>62</sup> Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, pp. 59-64 e 128.

<sup>63</sup> Non obstante, en 34.6 temos o diminutivo *campaiñas*, formado a partir da voz patrimonial *campá*.

<sup>64</sup> Se no primeiro caso se podería explicar por necesidades de rima, ao facelo con *chan*, non así no segundo, pois aparece no título do poema. Esta terminación en *-án* do feminino é propia das falas occidentais (vid. *Ibid.*, pp. 59-64).

<sup>65</sup> S6 Pondal reduce o uso deste sufixo a uns poucos, aínda que significativos, casos (vid. Manuel Ferreiro, "Glosario", in *Obra lírica de Eduardo Pondal. Edición crítica*, Tese de doutoramento, inédita, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía, 1990), en contraste co seu uso masivo por Rosalía de Castro e, en xeral, todos os demais poetas, entre os que destaca especialmente Noriega Varela e tamén Crecente Vega.

<sup>66</sup> Vid. Rosario Álvarez et alii, *Gramática Galega*, Vigo, Galaxia, 1986, p. 90, onde se resalta a súa función expresiva e apelativa, fronte á meramente representativa. Vid. tamén X. A. Porto Dapena, "Estudo morfo-semántico do apreciativo galego. ¿O sufixo *-iño*, diminutivo garimoso?", in *Grial*, 22, 1968, pp. 412-424; e Amado Alonso, "Noción, emoción, acción y fantasía en los diminutivos", in *Estudios lingüísticos*, Madrid, Ed. Gredos, pp. 161-189.



*Cansado de vivir chòra que chòra,  
o pròbe do fentiño  
atopóu na parede un furadiño,  
e por él se metéu de cara a fòra (41.1-10).*

O resultado do sufixo latino *-TATE* áchase rexistrado en moi poucos casos<sup>67</sup> e sempre coa forma reducida e vulgar: *maxestá*, 37.5; *Señardá*, 61.0; *escuridá*, 72.18; e *claridá*, 75.5.

Canto ao *artigo*, ademais do uso das formas alomórficas (vid. *supra*), destaca, por un lado, a utilización do arcaísmo *el* en dúas ocasións, acompañando o substantivo *Señor*: *milagre d'El Señor!*, 46.12, e *Deu-lle El Señor o seu lumiño*, 58.4; e, por outro lado, a súa ausencia, forzando a sintaxe, ao deixar de preceder o posesivo en contextos en que os usos canónicos o demandan<sup>68</sup>: *alindéi meu gado*, 7.8; *teus arumes montesiños*, 8.3; *cando seu dono a acariña*, 11.10; *ti serás meu bèn*, 11.19; *de teu dono n'has ter queixa*, 12.14; *Con seu hórreo na eira, e seu albòio*, 16.4; *Teu alènto/polvorènto,branco e puro;/teu alènto, flor de escanda*, 24.13-16; *¡Qué bonito neboeiro/teu lixeiro/zarzallar*, 25.1-3; *tocando aquí e alí sua tocata sin fin*, 31.5; *E no curral seus rezos marmullan duas veciñas*, 34.5; *A mèsma Noite xème en seus ramallos*, 36.2; *Ráianlle os vieiros seu lombazo mouro*, 37.3; *sua vida aldeán*, 45.5; *sua noiva estaba*, 55.6; *Tua risa cascabeleira*, 61.5; *tamén lles tèn seu cariño*, 68.18; *Meu amo botóu-me fòra*, 92.5; *Din miñas penas ò vènto*, 93.5.

Con relación ao *pronome persoal* cabe destacar a non utilización da forma recta *tu*, característica do bloque central, substituída pola propia da zona occidental, aínda que antietimolóxica, *ti*: 9.7, 11.18, 11.19, 48.20, 76.22; para o tratamento de cortesía temos a forma *vostede*, 42.5 (*¿pra ónde vai vostede?*). Na forma recta de 3ª persoa feminina non aparece marca de abertura da vocal tónica (*-dille él. -I-ela responde*, 55.8, polo que se debe interpretar o seu timbre como fechado, tal como

<sup>67</sup> O carácter abstracto dos substantivos formados con este ou con outros sufixos similares non se corresponde co contido do libro de que estamos a tratar, caracterizado polo uso dun léxico concreto referido ao mundo rural e labrego. Non hai no texto ningunha palabra que conteña o sufixo latino *-TUTE*, salvo erro involuntario na revisión da obra.

<sup>68</sup> É certo que a poesía tolera mellor que a prosa este erro sintáctico tan frecuente nos nosos poetas, en moitos casos utilizado como recurso métrico para conseguir unha sílaba menos no verso, mais en todo caso incorrecto. Para unha breve aproximación a este fenómeno nalgúns escritores do XIX, vid. Ramón Lorenzo, *op. cit.*, pp. 35-37; tamén Manuel Ferreiro (vid. "A lingua pondaliana...", *op. cit.*, pp. 61-62) constata a ausencia do artigo en Pondal nun 30% dos casos; e X. L. Franco Grande (vid. "Lingua e poesía de Leiras Pulpeiro", in Manuel Leiras Pulpeiro, *Obra completa*, Vigo, Galaxia, 1970, p. 158) tamén sinala numerosísimos casos de ausencia do artigo co posesivo en Leiras. O mesmo acontece con Noriega Varela, especialmente nos seus poemas máis estilisticamente elaborados de *Do Ermo*.

corresponde á área dialectal do autor<sup>69</sup>. Entre as formas oblicuas da serie átona dáse oposición no dativo *lle/lles*, como se pode ver nestes versos:

*As rapazas do lugar  
coidan dél con moia ansia.  
Dan-lle de comer na cunca,  
despóis l'impan-lle as baballas.*

*O pequiño ás rapazas  
tamén lles tèn seu cariño.  
Dá-lles a todas seus beixos  
de amor branco de neniño (68.13-20).*

As formas de acusativo de 3ª persoa poden aparecer en posición enclítica unidas ao verbo directamente ou mediante trazo, como xa se viu, tendo casos de representación gráfica como *atopéin-as*, 90.8, ou *bótase-lle a noite encima*, 95.6; tamén poden acharse formando contracción co adverbio *non* precedente (*si n'as foras a contar*, 63.8), ou asimiladas coa palabra *Diòs* tamén precedente (*Diòl-a arrequite*, vid. *supra*). En 62.4 hai un dativo de solidariedade (*¡Fóron-che festas, gaitiña,/que non terán de voltar!*) e un dativo de interese en 12.13 (*O que é se Diòs te me deixa/de teu dono n'has tèt queixa*). En 15.2 aparece o reflexivo tónico *si* nunha construción especial: *Bèn ditoso é o labrègo que se pòda/valer en sí, sin traballar no alléu*. Con relación á posición dos clíticos dáse unha colocación incorrecta en 42.7 (*Bèn-o sei, bèn-o sei -lle dixo o fènto-*); en cláusulas de infinitivo introducidas por preposición ás veces o clítico colócase estilisticamente entre esta e o verbo: *sin lles tocar*, 52.4; *como non tèn que lle dar*, 68.6; *pra me servir de leito*, 81.17; *Non che abondou con me deixares cègo*, 90.3.

No que respecta aos **posesivos**, ademais da ausencia do artigo nos casos xa vistos, convén resaltar a forma *ñas*, producida por aférese, en 76.21 (*Mais... ñas ansias de poeta/ti non-as rimas, fontaña!*)<sup>70</sup> e a construción *de seu* para indicar pertenza exclusiva: *un peso pra gastar; gado de seu*, 15.4.

Só aparece unha forma do **demostrativo** con vocal tónica *i*, no caso do neutro *n-isto*, 9.8/*nesto*, 91.3; *esto*, 16.6; *eso*, 91.2. Como for-

<sup>69</sup> Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, pp. 40-44.

<sup>70</sup> Para Carballo Calero (vid. *Gramática elemental del gallego común*, 7ª edición, Vigo, Galaxia, 1979, p. 199) esta forma é un vulgarismo de uso moi restrinxido, utilizado perante algúns nomes de parentesco. Nese contexto é empregada por Noriega Varela no seu poema extenso *Leite fresco*, Luarca, Imp. movida á vapor de Ramiro P. del Río, 1899 (*-Ña nai, ¡non lle faiga caso!*) e por Rosalía de Castro repetidamente no poema "N'hay peor meiga que un-ha gran pena" (cfr. *Follas novas*, Habana, La Propaganda Literaria, 1880, p. 81): *-Marianiña, vai'tó rio;/Deixa ña nay qu'aquí estea...*

mas masculinas rexistramos *naquél*, 30.14, e *aquel*, 42.10; e femininas *esa*, 14.2, e *de esa*, 78.8, sen realizar a contracción, *esta*, 78.17, e dous casos de *aquela*, 47.10 e 62.2, sen acento grave sobre a vocal tónica, o mesmo que en *ela*, polo que tamén cabe interpretar o seu timbre como fechado.

Entre os indefinidos débese sinalar a vacilación no uso das formas *nadia*, 10.23, e *naide*<sup>71</sup>, 51.4/*ninguén*, 43.9 e 83.5.

Polo que fai referencia ao verbo, procurárase un rápido repaso ao seu sistema de conjugación, resaltando algunha das particularidades que presenta. No modo Indicativo destacan no presente as formas con vocal temática irregular *i* en *roi*, 24.12, *cai*, 83.3, *moi*, 89.3, e *trai*, 93.8; a forma con crase *trás*, 93.3; a máis sorprendente *quêrs-me*, 90.1 e 90.2; e o dialectalismo *faigo*<sup>72</sup>, 90.15; así como *dórmese*, 35.2. No pretérito temos na segunda persoa de singular o morfema de número-persoa *-ches* en *puxéches-te*, 96.13, e na terceira o predomínio da neutralización da vocal temática dos pretéritos fracos da 2ª e 3ª conjugación: *nacèu*, 14.10; *oièu*, 28.5; *metèu*, 41.10; *durmèu*, 60.7; *reñeu-me*<sup>73</sup>; *salèu-me*, 97.2/*caíu*<sup>74</sup>, 37.6; esta neutralización no plano gráfico tamén se dá nos pretéritos fortes de *vir* e *ver*, aínda que o primeiro con vocal temática de timbre medio aberto e o segundo medio fechado: *Da chouza nun escuro corrullliño, vèu nacer, casualmentes, un fentiño*, 41.2, e *Despóis que se lavóu, vèuse a mirar/no espello azul do mar*, 59.5/*Veú que tiña tismadas as meixèlas*, 60.2. En 13.8 aparece a forma *puido*. No copretérito destaca o uso de *iba*, 42.1, e nas formas con morfema modo-temporal *-ra*, propio do antepretérito, áchase o valor temporal que caracteriza este tempo (*no escuro da sua casa/soñara moitas cousas*, 29.7; *¡Quén sabe o que soñara!*, 29.8; *mirando o que non vira,soñando o que soñara*, 30.8-9; *non salía do día en que nacera*, 41.6; *E inda bèn non mirara a luz do día*, 42.9; *xa as enxugara o vento*, 93.12; *A mazá criara o vèrme*, 93.15) e tamén outros valores, algúns propios do pretérito de Subxuntivo (*Bebe auga fría/que si beberas/mouro ribeiro*, 23.6; *coma se foran caixas de difuntos*, 36.6) e outros estilísticos (*cèrto xaceras*, 23.8; *¡non te quixera escoitar!*, 61.4; *Collín auga nun cribo,/collín que non collera./Fun á*

<sup>71</sup> Esta forma ten grande vitalidade na fala mindoniense (vid. Manuel González-F. Fernández Rei, "Anotacións á morfoloxía de Cunqueiro", in *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, op. cit., p. 210, onde se constata a alternancia *naide/ninguén* na obra prosística de Cunqueiro). Na edición da poesía de Noriega preparada polo autor en 1946 contabilizáanse sete casos de *naide*, fronte a dous de *ninguén*.

<sup>72</sup> Vid. F. Fernández Rei, *Dialectoloxía...*, op. cit., p. 96, onde considera esta forma propia do nordeste da Coruña e noroeste de Lugo.

<sup>73</sup> En 90.10 aparece o infinitivo *reñer*.

<sup>74</sup> En 82.9 e 82.10 figura o infinitivo *caír* e en 18.11 o xerundio *caendo*.

*feira do Monte, /fun que non fora*, 97.3-6); no poema "Cantar do vento lixeiro" áchanse reunidos todos estes valores:

*Vèntiño, vento lixeiro,  
fresquiño e arrolador.  
¡Cántas cousas che dixèra  
si non foras falador!*

*Vèntiño das azas longas  
sèmpre a voar, a voar.  
¡Cántas cousas che contara  
si n'as foras a contar!*

*Vèntiño das azas longas,  
sèmpre a batir, a batir.  
Vèntiño ¡si me levaras  
a onde eu quixèra ir!*

*Vèntiño que vas tan lèdo,  
corre, corre, rí que rí.  
Vèntiño, si vas pra alá,  
¡ail, léva-me canda a ti... (63-64).*

No modo Subxuntivo, onde non aparecen formas do futuro, áchanse algunhas particularidades relevantes no presente, que poñen de manifesto o influxo da fala dialectal mindoniense: *seña* (v. *ser*) en 10.7, 11.15, 13.1, 71.1; *día* (v. *dar*) en 22.14; *queirèdes*<sup>75</sup>, 95.16; ademais das xa vistas *queipa*, 16.3, e *seipa*, 51.4, 90.10, 94.3, tamén se poden citar *pòda*, 15.1, e *èdias*, 55.9. O uso normal do morfema *-se* do pretérito áchase en 27.4 (*Por onde pasa o dènte do cabalo/è como si pasase unha gadaña*).

No imperativo, ademais de verbos co morfema de número-persoa máis estendido *-de* para a 2ª de plural (*Deixáde-me ir, amigos*, 80.7), tamén os temos con *-i*: *deixai-no*, 83.1, e *levai-me*, 95.16.

Hai dous casos en que o autor fai uso do infinitivo flexionado: *tiña sustanza abondo/pra viviren os dous acomodados*, 46.4, e *Non che abondóu con me deixares cègo*, 90.3. En varias ocasións utiliza o infinitivo xerundial: *xa queda o pan a cocer*, 22.5; e *deitado a soñar, no-espèrta nunca*, 38.6; *co-as suas rósas a rír, deporondadas*, 48.11; *o peneireiro a peneirar*, 57.6; *Vèntiño das azas longas/sèmpre a voar, a voar*, 63.6; *sempre a batir, a batir*, 64.2. E tamén os participios

<sup>75</sup> Cfr. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 129, caracterizando a área mindoniense: "SMT è na P4 e P5 do SxPr. de tódalas conxugacións: *cantÈmos, collÈmos, partÈmos*, fenómeno insólito no resto do galego vivo"; o verso de Crecente onde aparece esta forma è: *cando queirèdes, levái-me*.

irregulares: *Xa están os trigos dourados/recolleitos e medados*, 19.4; *A noite hachouse farto, e, o rabo ergueito*, 27.7; *o paso incerto, a cara ergueita, a vista morta*, 31.4; *O muíño é un neno branco/nado da auga no inverno*, 69.2; *tèn de quedar-se tolleito*, 69.4; *xa comesto das aves*, 83.9.

Fai uso tamén o autor con frecuencia das perífrases verbais, destacando as modais obrigativas *ter + que/de + infinitivo*<sup>76</sup>: *teño de facerche un traxe*, 12.10; *¡Fóron-che festas, gaitiña, que non terán de voltar!*<sup>77</sup>, 62.5; *tèn de quedar-se tolleito*, 69.4; *non tivemos que berrar*, 92.6; *¡cántas vòltas tèn que ir dando!*, 94.16. Tamén as construídas con *haber + (de) + infinitivo*, con valor temporal de futuridade ou modal obrigativo: *hei facer dela unha vaca*, 11.7; *ti has-me de dar puchos bos*, 11.18; *Ti no aleitar has de ser/unha fonte, si Dios quèr, e òs meus fillos hei mantêr*, 11.21-23; *hei-te pôr de boa pelaxe*, 12.11; *de teu dono n'has têr queixa*, 12.14; *do que ha recoller no agosto*, 18.4; *Ha de ser ano de hinchente*, 19.5; *Hei-che facer unha sella*, 93.1; *ha de ser tanto do xeito*, 94.2. Non falta algún caso de uso incorrecto da preposición *a* como elemento de relación entre os dous verbos da perífrase temporal *ir + infinitivo*: *cando a man vai a collel-as*, 53.6; *si n'as foras a contar*, 63.8.

De entre os adverbios de tempo destaca o uso da forma *ontes*, 10.12, propia da área mindoniense<sup>78</sup>, *entón*, 14.7, *dimpóis*, 18.8/*despóis*, 59.5; *inda*, 42.9; dos de lugar, *aquí* e *alí*, 31.5 e 83.3, propias tamén do galego mindoniense<sup>79</sup>, e unha forma estraña a el, *là*, 28.3 (*là vai pensando sin pensar en nada*); entre os de dúbida temos *disque*, 30.14, e *quizáis*, 38.2.

Das preposicións cabe resaltar o uso dos españolismos *hasta*, 11.9, e *hastra*, 82.7, 82.8, 82.9, 82.10, 94.11; *sin*, 11.13, 13.6, 15.2, 27.1, 28.3, 31.5, etc. Tamén o uso exclusivo de *dende*, 13.2, 14.9, 60.7, e *dendes*, 27.6; en 46.13 aparece *d'entón* co significado de *dende entón* (*d'entón quedou-se o fento pequiniño/que ni-unha noite dende entón durméu*, 60.7). É especialmente significativo o uso de *onde a* como locución prepositiva<sup>80</sup>: *Unha nena onde á fonte c-un rapás parrafea*, 34.1; *chéga-se onde a él e béixa-o*, 68.7; *ó pasar por onde a mín*, 96.14.

<sup>76</sup> En dous casos non consideramos que esta construción forme perífrase: *A auga tivo que ver/co meigallo do luar*, 67.5, e *¡Hóbo-che têr que contar*, 92.4.

<sup>77</sup> Parece privar nesta perífrase o valor temporal sobre o aspectual obrigativo.

<sup>78</sup> Vid. F. Fernández Rei, *op. cit.*, p. 129.

<sup>79</sup> Vid. *Ibid.*, p. 129.

<sup>80</sup> Eladio Rodríguez, no seu dicionario, afirma s.v. *onda*: "Prep. que significa junto a, al lado de, a la vera de, denotando contigüidad. Es formada por una contracción que tiene las formas *onda* y *ondo*, correspondientes a *onde a* y *onde o* y así se dice: *vai onda él, vou onda ela*, como *foise ondo fillo, veuse pra ondo pai*".

Tamén aparece *canda a* como locución prepositiva: *jai!, léva-me canda a ti...*, 64.8.

Con relación ás **conxuncións** conséntase un uso máis restrinxido, a respecto doutros escritores contemporáneos da mesma área lingüística, de *i* como copulativa, que, salvo nunha ocasión (*i-os pelos*, 7.4/*e os nenos*, 21.10), nos demais casos só aparece cando a palabra seguinte comeza por *e*: *i-escarapelada*, 13.5; *i-espelida*, 18.9; *i-hènche*, 21.6; *i-é contènto*, 24.19; *i-é fartura*, 24.20; *I-ela*, 55.8; *i-en ti*, 77.21. Como conxunción concesiva utiliza sempre a forma *anque*, 10.7, 11.5, 55.9, 90.10. Nas comparativas dáse un uso abrumadoramente maioritario de *coma* fronte a *como*: *coma un tolo*, 9.1, 25.19 e 23.3; *coma un año*, 10.7; *coma as pèdras dos camiños*, 10.19; *coma os dèntes*, 10.21; *coma o pelo*, 10.23; *coma os cainzos*, 11.6; *coma as millores*, 11.8; *coma unha pèdra*, 11.12; *coma o fèrro*, 35.3; *coma se foran*, 36.6; *coma a cera*, 41.5; *coma as flores*, 54.3; *coma o teu repinicar*, 62.1; *coma o vènto*, 66.8; *coma o carriño*, 90.15/*como nun fecundo leito*, 18.10; *cousiña tola/como rebola*, 24.2; *como si pasase*, 27.4; *Non hai outras como elas*, 53.4. Entre as temporais rexístranse as formas *namèntas que*, 48.18; *mèntas*, 58.7 e 67.3; e *entramèntas*, 80.12; tamén *desque*, 78.6 e 91.15.

## VI. Nivel léxico semántico

A secular presión que o español vén exercendo sobre o galego fai que en practicamente todos os escritores se achen interferencias das dúas linguas en conflito, que provocan a aparición de frecuentes **castelanismos** nos nosos textos literarios. Crecente Vega non é unha excepción, aínda que os seus coñecementos filolóxicos e o dominio da lingua popular eviten un uso excesivo dos mesmos. Hai en *Codeseira* algúns castelanismos sistemáticos, que aparecen repetidas veces na obra como formas únicas utilizadas conscientemente polo autor: *Diòs*<sup>81</sup>, 11.19, 11.22, 13.8, 76.1, 83.20; *dioses*, 36.3; *sòlo*, 9.3, 21.5, 23.2, 25.18, 29.5, etc.; *hasta*, *hastra* e *sin* (vid. *supra*). Outros castelanismos concorren coas formas léxítimas do galego: *nadia*, *naide/ninguén* (vid. *supra*); *si* (condicional), 14.5, 15.5, 23.6, 81.20, 82.1/*se*, 12.13, 81.16, 81.18, 81.19; *arrededor*, 21.13/*arredor*, 24.18 e 47.8; *campana*, 34.4/*campañas*, 34.6; *delor*, 48.5/*dôres*, 54.4; *lexos*, 80.6, 80.10, 82.18/*lonxe*, 95.12 e 95.13. Hainos tamén que aparecen ocasionalmente na obra: *siñales*, 22.6; *polvorènto*, 24.4; *parexas*, 33.6; *pinos*, 37.4, e

<sup>81</sup> Non obstante, Aquilino Iglesia Alvariño, que tanto influu nesta obra de Crecente, como xa se viu, utiliza, tamén en *Corazón ao vento*, do mesmo ano, a forma galega *Deus*.



*pino*, 45.8; *pèlras*, 58.9; *batir*, 64.2; *parpadexar*, 73.1; *lampariña*, 73.2; *bendecindo*, 77.3; *decides*, 80.5; *molido*, 79.3; *ganará*, 89.1; *peines*, 91.13; *romería*, 92.3. Deixamos fóra desta relación algúns castelanismos morfolóxicos xa citados no apartado anterior.

Outra consecuencia das interferencias lingüísticas do español é a aparición de formas falsamente galegas, creadas xeralmente polos escritores por un afán diferencialista a respecto desa lingua, que podemos chamar **pseudogaleguismos** ou diferencialismos, en que incorreron principalmente os escritores do movemento galeguista e nacionalista, ao que non pertenceu Crecente. Aínda non sendo, pois, moi numerosos nesta obra, pódense indicar algúns con reservas e desde a perspectiva actual, o mesmo que se pode dicir dos castelanismos: *serea*, 17.4, 75.1 e 77.1; *marmulo*, 37.7, e *marmulando*, 75.7; *en segredo*, 38.4, e *forza segreda*, 81.4; *sustanza*, 46.3; *trunfal*, 72.1, e *trunfo*, 82.13 (*Si chego, un trunfo máis/Si morro, un home menos*); *cristaiñas*, 76.8; *brila*, 85.3.

Aínda que o autor se afasta, en liñas xerais, do modelo exclusivamente dialectal, non faltan na súa obra **dialectalismos**, varios xa comentados anteriormente (*seña*, *día*, *faigo*, *cás*, *roncós*, etc.), aos que se podería engadir algún máis: *gado*<sup>82</sup>, 10.24, 12.4, 15.4, 78.1; *salir*<sup>83</sup>, 59.4 e 71.2, e *salen*, 33.3, *salía*, 41.6, *salindo*, 42.1, *sale*, 57.3, *saléume*, 97.2; *caír*<sup>84</sup>, 81.10 e 82.9; *zarzallar*<sup>85</sup>, 25.3; etc.

É abundante o léxico rural e coloquial, que domina e caracteriza toda a obra, entre o que se achán termos como: *trasgolo*, 9.2; *caxoto*, 13.3; *basallo*, 21.7; *remòl*<sup>86</sup>, 21.13; *goxo*, 28.6; *albòio*, 16.4; *trispár*<sup>87</sup>, 79.6; *vendín vaca cinlleira/merquéi maronda*, 97.7-8; etc. Practicamente non hai cultismos.

A lingua de *Codeseira* presenta unha gran riqueza e variedade nos procedementos de formación de palabras, sobre todo derivadas por **sufixación**, onde achamos un verdadeiro repertorio lexical, que demostra

<sup>82</sup> Cfr. F. Fernández Rei, *Dialectoloxía...*, op. cit., pp. 58-59: "*gado* ocupa case toda a provincia da Coruña (queda fóra o extremo norte e puntos da parte máis oriental) e a de Pontevedra (exceptuáase o extremo suroccidental), mentres que *gado* aparece no resto do dominio galego".

<sup>83</sup> Vid. *Ibid.*, p. 100, onde se afirma que *sair* é propio da maior parte de Ourense, sueste de Pontevedra e puntos illados, fronte a *salir* do resto do territorio.

<sup>84</sup> Cfr. *Ibid.*, p. 93: "A forma *caer* presenta a variante *caír*, con cambio de conxugación na maior parte de Ourense, boa parte do galego pontevedrés e algúns puntos illados do norte e sur de Lugo e do galego do Bierzo".

<sup>85</sup> Vid. *Ibid.*, p. 130, onde se inclúe o verbo *barruzar* ou *zarzallar* como unha particularidade do léxico mindoniense. Non obstante, tamén se dá como característica a forma *folgueira* ou *felgo*, mais Crecente utiliza sempre *fênto*, de presenza constante na obra: *Pro, señor fênto, ¿pra ónde vai vostede?*, 42.5.

<sup>86</sup> Este termo áchase hoxe incorporado á lingua literaria, sendo utilizado principalmente na linguaxe poética.

<sup>87</sup> É unha variante do infinitivo *tripar*.



a mestría do autor neste campo. Entre os sufixos alterativos predomina con claridade *-iño*, xa tratado (vid. *supra*), que ten unha presenza constante na obra, moitas veces como reiteración afectiva do mesmo substantivo, recurso moi utilizado: *Ròseira, ròseiriña*, 48.19; *Gaitiña, gaita riseira*, 61.1; *Vèntiño, vènto lixeiro*, 63.1; *Paspallar, paspallariño...*, 65.0 e 65.7. Este sufixo aparece unido a toda clase de palabras, ben sexan substantivos primitivos (*leitiño*, 11.24), ou derivados (*ramalliño*, 43.8; *raiòliña*, 72.2), adxectivos (*mansiña*, 11.9), participios (*ispidiño*, 12.7) ou adverbios (*dime baixiño*, 10.1). Outros sufixos alterativos son *-èla* (*pradèla*, 65.7), *-ón* (*borrachón*, 25.17, *toleirón*, 23.4, *xigantón*, 45.6), *-azo* (*lombazo*, 37.3). Entre os derivativos destaca o alto rendemento do sufixo polisémico *-eiro/-eira*: *cabecera*, 18.1; *brandoeiro*, 24.3; *larpeiro*, 24.6; *neboeiro*, 25.1; *argalleiro*, 25.14; *galleiro*, 25.16; *grileira*, 71.6; *barulleiros*, 33.4 e 75.3; *mioqueiro*, 28.6; *pirguiceiros*, 33.1; *maciñeiros*, 33.5; *carballeira*, 35.2; *prisioneiro*, 41.3; *tristeiro*, 41.4; *carreiro*, 43.1; *campeiro*, 45.1; *ventureira*, 47.2; *cativeira*, 47.4; *roseira*, 48.19; *namorisqueiro*, 55.2; *peneireiro*, 57.6; *regueiros*, 58.12; *rueira*, 60.1; *cantareiro*, 90.15; *macuqueira*, 96.2; *cinlleira*, 97.7. Valor colectivo teñen os sufixos *-axe* (*forraxe*, 12.9; *follaxe*<sup>88</sup>, 33.8; *cortinaxes*, 77.14), *-amia* (*tolamia*, 11.14 e 60.4; *òsamia*, 83.10), *-ada* (*anada*, 19.1; *marchóu de viaxada*, 30.5; *Co-a sua risada colorada*, 57.1)<sup>89</sup>. Tamén é productiva a derivación por prefixación ou por prefixación e sufixación (parasíntese) para crear formas verbais principalmente: *o pelo repulxado*, 10.20 e 12.8; *Becerríña que remôs*, 11.17; *Ti no aleitar*<sup>90</sup> *has de ser/unha fonte*, 11.21; *No forno escocida i-escarapelada*, 13.5; *E bèn enferrada con ferrón de aceiro*, 14.1; *e cando oiéu amacicar no toxo*, 28.5; *Foi nas horas caídas/dunha tarde amaiada*<sup>91</sup>, 29.2; *estortillóu-no*<sup>92</sup> *a ròda*, 30.12; *desenmeiga*, 35.4; *enmeigados*, 35.5; *enfaixado*, 37.4; *esbrancuxado*, 58.2; *Sua nai, a esconsolada*, 68.5; *Bendito o agurgullar*, 72.7; *esperguizan*, 77.6; *resequido*, 75.15; *os pès ensanguiñados*, 79.5. Tamén son de destacar os verbos formados por sufixación en *-exar* (*en pèdra pedrexada*, 16.1; *entramèntas folguexo*, 80.12; *cacarexaba*, 55.4) e *-uxar* (*cantaruxaba*, 55.2).

Menos productivo é o procedemento de **composición**, que, non obstante, deixa a súa pegada na obra de Crecente. Ademais de compostos xa consolidados na lingua, como *malpocado*, 47.3 e 47.4, e *madia*,

<sup>88</sup> En 35.7 aparece apocopado, *o follax*, forma tamén utilizada por Rosalía de Castro.

<sup>89</sup> En 47.7 (*sufriendo as espiñadas feridoras*) o sufixo *-ada* indica acción.

<sup>90</sup> Este verbo está formado a partir do substantivo *leite*.

<sup>91</sup> Palabra formada a partir da primitiva *maio*.

<sup>92</sup> Derivado de *tortilla*; como se ve son frecuentes estas formacións verbais de carácter popular, onde se confunden os prefixos *-es* e *-des*.

65.8<sup>93</sup>, ou os formados por verbo + substantivo, *viravòltas*, 25.14, e *vagalume*, 58.6 e 72.17, áchanse outros aínda en proceso de consolidación, representados polo autor na escrita mediante a unión por trazo: *ruxeruxe*, 76.11, formado por verbo + verbo, e dous casos formados pola repetición de sons onomatopéicos (*Cantando o teu larán-larán*, 24.8, e *escóitan-se nas regas os «grau-grau» barulleiros*, 33.4). Tamén temos un composto parasintético, *escarapelada*, 13.5, e un topónimo formado por composición, *Penamoure*, 95.10.

No poema "Señardá", co que se pon fin a este traballo, vense recollidas algunhas das características léxico-semánticas máis significativas da obra, así como outros aspectos tratados nas páxinas anteriores:

*Gaitiña, gaita riseira  
que vas vertendo no ár  
a risa da muiñeira  
¡non te quixéra escoitar!*

*Tua risa cascabeleira,  
gaitiña, gaita riseira,  
dá-me ganas de chorar.*

*Coma o teu repinicar  
aquela azul avesíña  
foise perdendo no ár...*

*¡Fóron-che festas, gaitiña,  
que non terán de voltar! (61-62).*

## VII. Conclusión

Pódese concluír afirmando que a lingua utilizada por Crecente Vega na súa única obra publicada, *Codeseira*, responde ao modelo de lingua rural e popular, caracterizada pola sinxeleza e espontaneidade, onde aparece reflectida a fala humilde dos labregos, coa gracia e frescura que a caracterizan.

No aspecto gráfico supón un paso adiante importante no proceso de conformación dunha moderna estandarización do idioma escrito, sobre todo pola eliminación do apóstrofo e tamén do *y*, así como pola fixación dos usos de *b/v* e *h*, en xeral coincidentes coa norma actual.

No nivel fonético, ademais de reproducir algúns dos fenómenos que caracterizan a fala popular do mundo labrego, erguéndose en testemuña da mesma nunha época xa afastada do momento presente,

---

<sup>93</sup> A súa orixe pode estar en *mal + pouco* e *mal + día*, respectivamente.

exerce unha función clarificadora sobre un aspecto de imposible estudio noutros autores, cal é o timbre das vocais de grao medio, que nesta obra aparece marcado polo emprego de diferentes tipos de acento.

No plano morfosintáctico este libro tamén supón un paso adiante no camiño, xa emprendido por autores anteriores, de crear un modelo de lingua supradialectal, desprendéndose en parte das solucións dialectais, aínda tan queridas por outros poetas contemporáneos e da súa mesma área lingüística ou próximos a ela.

Talvez sexa no nivel léxico-semántico onde o autor consiga mellores resultados, polo manexo acertado do léxico do mundo labrego e pola sabia combinación dos recursos expresivos que este lle ofrecía para a (re)creación das palabras. Neste campo é de salientar a constante fidelidade ao concreto mundo da aldea, con ausencia case total do plano da abstracción e, por conseguinte, de cultismos na obra, a pesar da formación clásica do autor.

En síntese, a lingua crecentina segue o modelo da fala popular dos labregos, sen concesións ao mundo intelectual en que o autor profesionalmente se moveu.

#### VIII. Apéndice: Contribución para unha bibliografía sobre Crecente Vega<sup>94</sup>.

Anónimo, "Sepelio del Director del Instituto de Enseñanza Media", *El Adelantado de Segovia*, 24.3.1948.

Anónimo, "Xosé Crecente Vega", in *Escolma da Literatura Galega. Poesía II, Gran Enciclopedia Gallega*, Gijón, Silverio Cañada Editor, 1989, p. 150.

C(arballo) C(alero), R(icardo), "Codeseira, por Crecente Vega, José. Poemas. Sant-Iago MCMXXXIII", *Nós*, Ourense, nº 122, 15.2.1934.

Carballo Calero, Ricardo, "Poetas lugueses. José Crecente Vega", *Boletín de la Comisión de Monumentos de Lugo*, nº 39, 1º trimestre 1953, pp. 134-136.

Carballo Calero, Ricardo, "Limiar", in *Sete poetas galegos*, Vigo, Galaxia, 1955, p. 12.

Carballo Calero, Ricardo, *Historia da literatura galega contemporánea*, 3ª ed., Vigo, Galaxia, 1981, pp. 561-562.

---

<sup>94</sup> Indúcenos a incluír este apéndice a constatación da carencia dunha bibliografía mínima sobre o autor; baste con indicar que na *Historia da literatura* de Carballo Calero só figura un traballo na bibliografía sobre o poeta.

- Carballo Calero, Ricardo, "Música, Lengua y Literatura", in *Enciclopedia temática de Galicia*, 3ª ed., Barcelona, Ediciones Nauta, 1988, p. 164.
- Carvalho Calero, Ricardo, "A presenza dos seminários da igrexa na literatura galega", in *Letras Galegas*, A Coruña, Associação Galega da Língua, 1984, pp. 65-75 (tamén en *Compostellanum*, vol. XXVI, nº 1-4, 1981, pp. 267-279).
- Costa Clavell, Xavier, "Zapata García, Crecente Vega, Angel Johan y Rey Romero", *La Voz de Galicia*, 26.8.1979.
- Couceiro Freijomil, Antonio, *El Idioma Gallego. Historia. Gramática. Literatura*, Barcelona, Casa editorial Alberto Martín, 1935, p. 427.
- Couceiro Freijomil, Antonio, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol. I, Santiago de Compostela, Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1951, pp. 320-321.
- Fernán Vello, M. A./Pillado Mayor, F., *Conversas en Compostela con Carballo Calero*, Barcelona, Sotelo Blanco Edicións, 1986, pp. 92-93.
- Fernández del Riego, Francisco, *Manual de historia de la literatura gallega*, Vigo, Galaxia, 1951, pp. 135-136.
- Fernández del Riego, Francisco, "Xosé Crecente Vega", in *Galicia no espello*, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1954, pp. 133-136.
- Fernández del Riego, Francisco, *Historia da literatura galega*, 2ª ed., Vigo, Galaxia, 1971, p. 214.
- Fernández del Riego, Francisco, *Poesía Galega. Do dezanove aos continuadores*, Vigo, Galaxia, 1976, p. 18.
- Fernández del Riego, Francisco, "Crecente Vega, Xosé", in *Diccionario de escritores en lingua galega*, 2ª ed., Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1992, pp. 100-101.
- [Fernández Teixeira], Manuel María, "Poetas lugueses: José Crecente Vega", *Lugo*, Buenos Aires, 1959.
- [Fernández Teixeira], Manuel María, "Versos inéditos de Crecente Vega", *Vida Gallega*, Vigo, Febrero 1967.
- Fernández Teixeira, Manuel María, "Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega", in *Biblos*, Coimbra, t. XL, 1964, pp. 261-317.
- [Fernández Teixeira], Manuel María, "Xosé Crecente Vega", *Ronsel*, Número conmemorativo del cincuentenario de su publicación, 1924-1974, Lugo, 1975, pp. 34-35.
- Filgueira Valverde, Xosé, "Codeseira", *La Verdad*, Ferrol, Julio 1934.
- Fole, A., "A Terra Chá... é ben trovada", *El Progreso*, Lugo, 22.11.1958.

- G(arcía) R(odríguez), C(armen) e F(ontoira) S(urís), L(ydia), "Crecente Vega, José", in *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 8, Santiago-Gijón, Silverio Cañada Editor, 1974, p. 23.
- González Garcés, Miguel, "Introducción", in *Poesía gallega contemporánea*, 2ª ed., Barcelona, Plaza y Janés, 1974, p. 17.
- Hortas Vilanova, Manuel, "Ferrol", in *Andando a Terra*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 1990, pp. 27-28 (Escolma ao coidado de Miguel A. Mato Fondo e Mª Pilar García Negro).
- Iglesia Alvarifío, Aquilino, "Aquel poeta de «Codeseira»", *La Noche*, Santiago de Compostela, 28.5.1948.
- Iglesia Alvarifío, Aquilino, *A lingua dos poetas do norte de Lugo*, Coruña, Real Academia Gallega, 1964.
- Lanza, Francisco, *Dos mil nombres gallegos*, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1953, p. 86.
- Lemos, Júlio de, "Codeseira", *Cardial Saraiva*, Ponte de Lima, 16.4.1936.
- Lence-Santar, E., "Fillos ilustres d'o Seminario de Mondoñedo. Lembranza de don José Crecente Vega", *El Progreso*, Lugo, 10.6.1948.
- Lorenzana, Salvador, "Panorámica da nosa paisaxe literaria", in VV. AA., *Paisaxe e cultura. Ensaíos*, Vigo, Galaxia, 1955, pp. 164-165.
- Losada, Basilio, "Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega, por Manuel María Fernández Teixeiro", *Grial*, Vigo, nº 21, Xulio-Agosto-Setembro 1968, pp. 374-376.
- Losada, Basilio, "La literatura", in *Los Gallegos*, Madrid, Ediciones Istmo, 1976, p. 296.
- Méndez Ferrín, X. L., *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Ed. Xerais, 1984, p. 88.
- Montero Santalha, José-Martinho, "Sacerdotes da diocese de Mondoñedo que foram escritores em língua portuguesa", in *Estudios mindonienses*, Ferrol, nº 2, 1986, pp. 455-512.
- Montero Santalha, José-Martinho, "Sonetos inéditos de Crecente Vega", in *Cadernos do povo. O fenómeno literário nos países lusófonos. Literatura galega, portuguesa, brasileira e africana*, vol. II, nº 5-14, Pontevedra-Braga, 1988-1989, pp. 89-95.
- Montero Santalha, José-Martinho, "Cinco poemas inéditos de Crecente Vega sobre aves", in *Renovação*, Madrid, nº 3, Maio 1991, pp. 7-11.
- Riobarja, Francisco, "Paisajes de Galicia. La Tierra Llana de Lugo", *Vida Gallega*, Vigo, nº 674, Octubre 1955.

- T(rapero) P(ardo), "Recordando a dos poetas lucenses: Noriega Varela y Crecente Vega", *El Progreso*, Lugo, 2.4.1948.
- Trapero Pardo, J., [Introducción], in J. Crecente Vega, *Codeseira. Poemas*, 2ª edición, Lugo, Talleres Tipográficos Celta, 1965, pp. 7-8.
- Trapero Pardo, José, "Limiar", in Carmiña Prieto Rouco, *O derradeiro. Versos galegos*, Ferrol, Imprenta Covadonga, 1977, pp. 3-5.
- Varela Jácome, Benito, *Historia de la literatura gallega*, Santiago de Compostela, Porto y Cía Editores, 1951, p. 415.
- Varela Jácome, Benito, "Literatura do século XX. Ramón Cabanillas e as correntes da poesía", in *Historia de Galicia*, vol. II, Barcelona, Cupsa editorial, Editorial Planeta, 1980, p. 313.
- VV. AA., "A literatura galega", in *Galicia eterna*, t. VI, Madrid, Ediciones Nauta, 1984, p. XXVIII.



## OURENSANISMOS EN XENTE AO LONXE

LUISA BLANCO

Para falar da lingua que Blanco Amor emprega en *Xente ao lonxe*<sup>1</sup> é conveniente, en primeiro lugar, ler atentamente e ter en conta o que o escritor di no "Prólogo útil", que abarca 16 páxinas; nelas aclara, cunha precisión meridiana, que é o que pretende facer, dende o punto de vista lingüístico, na devandita novela: "non lle teñamos medo ás verbas altisonantes e revelidas, ... Niste senso, e xa non só do *qué* sinón tamén do *cómo*, esta novelifia pretende ser do xeito máis espreso e, agora sí, PRINCIPALMENTE, un exercicio de linguaxe; unha nova e manifesta presión, coasi unha violencia, exercida encol da nosa língoa..."<sup>2</sup>.

Por outro lado, está claro que cada cidade, cada aldea, cada lugar ten unhas expresións que lle son propias, que son típicas; e deste xeito un ourensán, ó ler unha novela do escritor Blanco Amor atópase con moitas palabras que escoitou na súa nenez, na época en que non se podía falar en galego; sen embargo, a fala dos nosos devanceiros estaba salpicada, vertebrada de voces ou expresións tipicamente galegas á hora de falar en castelán.

Para un lector nado ou criado en Ourense ler unha obra de Blanco Amor é como volver á casa, como volver á nenez/xuventude; eu preguntara moitas veces polo significado dalgunhas palabras ou expresións como poden se-las seguintes: fede que alcatrea, xogar ó truco, encacifar, ter unha negra nunha perna, ter unha demandadeira, estar na perrera, ir ó tangaraño... e tantas outras oídas entremesturadas co castelán; a verdade é que achei a resposta hai non moitos anos<sup>3</sup>.

Neste traballo/homenaxe ó escritor ourensán preténdese localiza-los ourensanismos, as palabras típicas, características da cidade natal

<sup>1</sup> Blanco Amor, E. (1972): *Xente ao lonxe*, Galaxia, Vigo; cito pola edición de 1985, (*Xente*).

<sup>2</sup> *Ibidem*, p. 10.

<sup>3</sup> Loxicamente cando fun coñecendo e estudiando máis o idioma galego.



do escritor e analízalos tendo en conta que tamén se poderán incluí-las palabras que aínda que veñen no dicionario -e refírome a un dicionario usual, non a un enciclopédico- están máis vivas, é dicir, o seu emprego é maior en Ourense que no resto de Galicia.

Hai algúns traballos que investigaron a lingua que o escritor utilizou na súa produción literaria<sup>4</sup>, pero aquí preténdese acouta-lo traballo e buscar na derradeira novela, na obra que representa a maioría de idade lingüística do escritor, na narración en que este rememora a súa infancia cunha óptica de sesenta anos transcorridos, aquelas palabras, aqueles vocábulos da nenez que escoitaba ós compañeiros da escola de Doña Florintina no terceiro piso da rúa do Instituto, na Casona de Grixóá ou na tenda de flores que posuía a súa nai nunha céntrica rúa ourensá<sup>5</sup>; de calquera xeito é claro que cada falante emprega uns termos que son característicos do lugar onde viviu ata os dez anos, aproximadamente, e estes termos non pasan inadvertidos para un lector que sexa do mesmo lugar que o escritor, como é o caso.

Comezamos esta aproximación á lingua ourensá de Eduardo Blanco Amor cunha palabra que ata hai pouco os nenos da cidade das Burgas empregabamos sen darnos conta de que era un castelanismo, de que era un contrasentido o que dicíamos, xa que a mesma palabra a usabamos para algo moi diferente, sen que fosemos conscientes, daquela, de que podía tratarse dunha homonimia<sup>6</sup>, estamos a falar do substantivo común e concreto *perrera*:

¿Qué axitación nacional sería chimpár a cantazos media ducia de vidrios nun rincón da Península pra que os municipáis levasen aos nosos rapaces á *perrera*? (p. 222)<sup>7</sup>.

É evidente que se trata dun uso metonímico -naquel lugar houbera con anterioridade perros/cans- mantido durante anos e soamente cofecido ou entendido con exactitude para os lectores do mesmo lugar que o escritor;

<sup>4</sup> Por exemplo, Gavilanes, X.L. (1980): *Perfis estruturais de contido i expresión en "A esmorga"*, Grial, 69.

<sup>5</sup> Vid. Allegue, G. (1993): *Eduardo Blanco Amor, Diante dun xuíz ausente*, Nigra, (EBA); Rivas Villanueva, L. (1989): *Do Posio ós Remedios*, La Región, S.A., Ourense, e outros traballos inéditos do mesmo autor.

<sup>6</sup> Cfr. *Diccionario de dúbidas da lingua galega*, Galaxia, 1991, (Galaxia), s.v. \*perrera 1 e perrera 2, p. 140, respectivamente un castelanismo e un galicismo, pero ambas moi vivas na lingua ourensá de hai uns anos.

<sup>7</sup> Eu recordo chamarlle 'perrera', aínda na década dos cincuenta, ó lugar onde estaban os presos, que era nos sotos da casa do Concello, pero que estaba á altura da rúa, polo que estes podían falar cos viandantes e incluso bota-la man por entre as reixas. Segundo testemuños de persoas da época do escritor, neste lugar era onde se retiña á xente durante 24 horas, non só ós 'presuntos' ladróns senón tamén ós moínantes e xentes que parecían ter mal aspecto; fora primeiro un canil ou canceira que logo se situou na Capela de San Cosme.

a mesma palabra e co mesmo sentido de *cárcere* atopámola noutras novelas como é o caso de *A esmorga*<sup>8</sup>:

Deixáraos na taberna do Narizán... no comezo dunha daquelas esmorgas... nas que se metían e non saían ata quedar guindados por aí, coasi decote nun calexón ou nun carreiro das aforas de onde os apañaban os veciños ou os municipás para botalos á *perrera* ata que se lles fose a rolla, (p. 22).

Outra palabra, neste caso tamén un substantivo común e concreto, moi significativa para os nenos de hai anos de Auria, a única atopada referida ó mundo animal, é *cágado*, que aínda que a citan os dicionarios<sup>9</sup> o escritor a emprega case sempre cun valor translaticio, figurado, metafórico para referirse a algo moi pequeno e tamén fóra do seu contexto normal, tal como pode interpretarse no texto seguinte que pertence a *Xente*:

O seme que entra nas barrigas das mulleres leva uns bichifños coma *cágados* que se meten nuns oviños que elas teñen, (p. 106).

A seguinte palabra que analizaremos como característica dos falantes ourensáns é o adxectivo substantivado *negra*, que co significado de 'furuncho'<sup>10</sup> non atopei en ningún dos dicionarios usuais; pensamos que a tal *negra* toma o seu nome por ser un tipo de gran e ter unha especie de punto negro, chamado cravo ou corazón e que mentres non se expulsa o dito punto negro, que adoita estar moi fondo, o carafuncho non cura<sup>11</sup>.

Sempre con este mesmo significado de tumor/gran é como o achamos nas páxinas blancoamorianas:

-Eí está o mangancha. Si eu fora médico, me caso en san, anque viñeran a que lles vise un unlleiro ou unha *negra* no pescozo, (*Xente*, 62).

No seguinte exemplo que transcribimos é onde o narrador/escritor fai unha descrición máis longa e pormenorizada do que pode ser unha *negra*; por se houbese algunha dúbida no que respecta ó sentido e este

<sup>8</sup> Blanco Amor, E. (1983): *A esmorga*, Galaxia, Vigo (*Esmorga*).

<sup>9</sup> *Diccionario Xerais da lingua* (1986) (*Xerais*); *Diccionario da lingua galega* (1990), *RAG e ILG (RAG-ILG)*; *Diccionario manual da lingua galega* (1991), Ed. La Voz de Galicia-Xunta de Galicia (*VOZ*); tamén achamos esta palabra empregada no seu significado normal, como é o caso do seguinte exemplo de *Os biosbardos*, 68: -Bartoméu, ¿imos á debesa? /-Vamos. /¿Imos ós cágados na poza grande? /Cómo queiras; nos anos cincuenta, algúns nenos collíamos *cágados* nun estanque que había no Xardín do Posío, sempre que o garda municipal non nos vía, cando viñan nenos de fóra non entendían o que queríamos dicir coa frase 'ir a coller cágados'.

<sup>10</sup> No *Diccionario da RAG-ILG*, s.v. gran 1, acepción 4: "pequeno tumor na pel".

<sup>11</sup> Estas explicacións eran as que oíamos hai anos, quizais había máis *negras* antes que agora; o caso era que para curala, esta tiña que sangrar abundantemente, unha vez que o cravo negro se expulsase, segundo comentarios dos entendidos.

non quedase suficientemente aclarado, o escritor inclúe dous sinónimos de *negra*, *carafuncho* e *furuncho*, co que pensamos que o adxectivo substantivado xa non se presta a anfiboloxías ou ambigüidades:

Falou todo o tempo que lle levou á freira o valeiralle *unha negra* que a señora Fermina tiña no carrolo, un carafuncho como un pirífol. Pro a monxa non abriu o pico e foise como viñeira, cheirando ó augardente que se botou nas mans despóis de espremerlle a podremia a bismarille o furuncho aberto, con ingüento de alquilón. (*Esmorga*, 25).

Tamén relativo ó corpo como o caso do exemplo anterior, e como variante do substantivo *lagaña*<sup>12</sup>, Blanco Amor utiliza un derivado de *langaña* e forma un derivado cun sufixo tan prolífico como *-oso/-a*, o adxectivo *langañoso*, palabra moi viva no Ourense non só de primeiros de século xa que aínda se escoita; o escritor adoita empregar ás veces esta palabra nas súas creacións literarias, como pode verse nos seguintes casos extraídos de *Os biosbardos*<sup>13</sup> e *Xente*, respectivamente, nos que se utilizan cun sentido figurado, metafórico e sempre referido a unha luz que palpebrexa, esmorecida e algo brancuxenta:

Na parede había descolgado un farol moi grande cunha torcida *langañosa* que pronto se apagou. (p. 52).

De todo isto falamos aquela noite co Pepe Cerdeira sentados nesas grades do cruceiro, á luz *langañosa* do faroliño de aceite pra que no nos confundisen... (p. 256).

Despois de analiza-los ourensanismos anteriores, a palabra que me parece máis ourensá de todas elas, se iso pode existir, é a familia léxica de *alcatrear*; esta palabra, que pode ser unha variante do arabismo 'alcatrán', explicaría o significado de 'mal olor intenso', con que o escritor a utiliza sempre; é un vocábulo moi típico dos escritores de Ourense<sup>14</sup>; encontrei varios exemplos do seu emprego nas novelas máis representativas de Blanco Amor polo que transcribirei un caso de cada unha delas pero escollendo para isto exemplos das diferentes clases de palabras, é dicir, un participio que funciona como un adxectivo, *alcatreada*; un substantivo común e concreto, *alcatreo*, palabra derivada mediante o

<sup>12</sup> Non atopamos esta palabra en *Xerais*, pero si en *RAG-ILG* co sentido usual; tamén en Fernández Armesto, F. (1981): *Diccionario castelán-galego*, Ed. do Castro, Sada (A. Coruña).

<sup>13</sup> Blanco Amor, E. (1962): *Os biosbardos*, Galaxia, Vigo; cito pola edición de 1981.

<sup>14</sup> Palavra lida noutros escritores ourensáns. Eu preguntei varias veces a xente ourensá polo seu significado e cheguei a conclusión de que pode ser un cruce con *alcatrán* 'Substancia untuosa, de color obscuro, olor fuerte y sabor amargo... compuesto de pez, sebo, grasa, resina y aceite', *Diccionario de la lengua española* (1984) R.A.E., Espasa-Calpe, Madrid 2 vols. (RAE); Cfr. *Galaxia*, s.v. *\*alquitrán*, p. 53, onde alude a *alcatrán* e a variante *alcatrén*.

sufixo *-eo*<sup>15</sup>, e finalmente unha forma verbal conxugada precedida da palabra *cheiro*, como para querer resaltar máis ou poñer de relevo o seu significado pestilente a fin de obter valores semánticos hiperbólicos, segundo pode observarse no texto seguinte:

No medio do campo o terreo vén a formar un illó ou lagoíña, bastante fonda, que aló fan as augas chovedizas, e que no vran se enche de moscas e tabaos e dá un *cheiro que alcatrea* por todos aqueles arredores, que ata disque alí se teñen formado algunhas pestes. (*Esmorga*, 134).

No seguinte exemplo tamén aparece o substantivo *cheiro* para facer máis sobresaliente a significación do adxectivo cualificativo *alcatreada* que acompaña ó substantivo *casa*, que é exactamente por onde se estende e o impregna todo o fedorento olor:

Ferver a auga e botarlle o ácido fénico, novidade que ela trouxera, que denantes somentes fervía, e que o traguía nunha redomiña, que deixaba toda a casa *alcatreada* do cheiro oito días pola parte baixa até na comida; (*Xente*, 56).

No exemplo seguinte seleccionado, o escritor intercala o substantivo *alcatreo* nun parágrafo no que son abundantísimas as palabras relativas ó campo semántico dos olores; neste parágrafo parece quedar de manifesto unha obsesión de Blanco Amor pola falta de limpeza e mais dos pestilentes olores; o texto que transcribimos é onde máis claramente se pon de manifesto o significado hiperbólico que o escritor lle atribúe sempre nos seus escritos á familia léxica de *alcatrear*<sup>16</sup>:

Porque o ulido (ao seu traballo) do meu pai, non tiña ren que ver con ise cheiro contrapeado doutros cheiros naturais do corpo, como cando os compañeiros de papáí viñan ás reunións na miña casa, que ao Mosquera fedíanlle os pes que tumbaba, e o Crespo desbotaba de sí un *alcatreo* como de bravú, misturado con mexos de gato no carbón; (*Xente*, 135)<sup>17</sup>

Outro substantivo que consideramos que é característico da fala dos ourensáns é *churriana*, vocábulo que non aparece en ningún dos dictiona-

<sup>15</sup> Vid. Álvarez, R. et al. (1986): *Gramática galega*, Galaxia, Vigo, p. 110, *-eo* (derivado de verbos en *-ear*). Seco, M. (1961): *Diccionario de dudas de la lengua española*, Aguilar, Madrid, p. 156, cito pola edición de 1976.

<sup>16</sup> Unha posible evolución da forma básica *alcatrán* podería se-la seguinte:  
alcatrán/alcatrén > alcatr -ear  
-eo  
-ea-d-a

<sup>17</sup> O narrador continúa co mesmo tema do forte e desagradable *alcatreo* no seguinte parágrafo ata o punto de que: "cando era polo inverno a mamáí, anque fixese moito frío, abría as fiestras do balcón de adiante e botáballe ao braseiro unha presiña de esprego ou romeu, e decía, pra disimular, que era por mor do catarro, que ben se vía que ninguén estaba acatarrado; anque o Crespo xa sabía que era por il, que lle botaran sona de porcachón,....".

rios galegos aínda que si en castelán<sup>18</sup> como vulgarismo. Na obra de Blanco Amor son moi abundantes as personaxes femininas que se dedican á prostitución e en calquera das súas novelas máis representativas achamos abundantes exemplos como para confirma-lo que estamos a dicir; o escritor refírese a este tipo de mulleres case sempre co mesmo termo: *churriana*, alternándoo co máis corrente e coñecido *puta*. Nós inclinámonos a considerala como un galeguismo porque o escoitamos *sotto voce* na nosa infancia para referirse a esta clase de mulleres e tamén porque algunhas delas tiñan que ver coa venda de churros, coas churrerías que circunstancialmente estaban situadas preto do 'barrio'<sup>19</sup>.

Xa nas primeiras páxinas de *A esmorga* o lector atópase co vocábulo *churriana*, feito normal xa que na dita novela este tipo de personaxe feminina é bastante abundante:

O rapaz non tiña culpa de ter nado nin de que a súa nai fose unha *churriana* i o pai un borracho... (p. 15).

...que lle tiña moito aprecio, pois o Bocas era home moi gabado polas *churrianas*, asegún era sona. (p. 80).

A mesma palabra rexistrámola en contadas ocasións nos pequenos relatos que conforman *Os biosbardos*, por exemplo no titulado "O noxo", onde o narrador explicita un pouco en que consiste o tal oficio e en que cidade o exerce a personaxe feminina:

...a filla fóraselle, sendo aínda moi rapaza, cunha lerchona que a levara pra Vigo, co gallo de lle aprender pra peinadora, e que dempóis de andar moito tempo arrastradiña (que até chegaron a chamarlle Elena a fodona) metérase *churriana*, das de a peseta, das do calexón da Falperra; (p. 26).

En *Xente* achamos en varias ocasións o termo que andamos a comentar, o feito está motivado porque a novela é un friso do Ourense de primeiros de século e entre os habitantes daquela época había mulleres que se dedi-

<sup>18</sup> RAE, vol. I, 436: *churriana* 'f. volg. *ramera*', que procede de *churre* 'pringue gruesa y sucia'. Origen incierto; probablemente prerromano y emparentado por el port. *surro* o *churro* 'suciedad' y 'sucio'... Deriv. *Churrete*, 1601. *Churriente*, 1729... *Churro* 'especie de buñuelo alargado e impregnado de aceite', 1884, así chamado quizá porque este tipo de buñuelo se hizo primero en Murcia y la Mancha, cuyos habitantes se llaman *xurros* (propriamente 'groseros') en Valencia. Vid. Corominas, J. (1961): *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana*. Gredos, Madrid, cito pola edición de 1976.

<sup>19</sup> Termo que alternaba, ás veces, co castelanismo *piruja* 'mujer joven, libre y desenvuelta' (RAE, II, 1068). Segundo os meus informadores algunhas churreiras eran as 'matronas', mulleres xa maiores e retiradas do oficio, que tiñan este tipo de negocio cerca da praza de abastos polas rúas do Vilar, Colón, Peligro, Pizarro... e arredores, onde abundaban as casas de lenocinio; este era un negocio modesto que non requiría grandes coñecementos pero no que entraba e saía todo tipo de xente a comprar churros e podíase disimular mellor xa que non era ben visto o tal oficio.

caban á prostitución e que tiñan obrigatoriamente que visita-lo médico que lles firmaba na *cartilla* a data das revisións:

o médico novo que trouxeran pra o Hospital Modelo, que era só pra mulleres, que non lle ía ningunha, que as mulleres do pobo antes consentían morrer que amosarlle as partes, ...e somentes ían ao reconocimiento as *churrianas* do "barrio", que tiñan que ir por obriga que senón quitábanlles a "cartilla" por dous meses, (p. 56).

É bastante frecuente que Blanco Amor empregue o substantivo *barrio* a continuación da palabra *churriana*, parece ter en conta que quizais non fose un termo demasiado coñecido para algúns lectores, e que con esta inclusión a significación sería clara, sen ambigüidades posibles de quen son as referentes:

á Evanxelina mandáronlle unha citación do goberno civil (corrérase que a ían meter nas Adoratrices, que era onde ían parar todas as rapazas escarriadas que cando saían dalí, pola maior parte metíanse *churrianas* do "barrio", mais non se presentou). (p. 252).

Hai na lingua galega o substantivo *cacifo*, variante de *cacipo* 'recipiente de pequeno tamaño e forma redondeada para garda-lo sal e as especies na cociña'<sup>20</sup>, que está claro que é un derivado do substantivo *cazo*, documentado contra 1400 e de orixe incerta<sup>21</sup>. O substantivo *cacifo* áchase en varias ocasións nas páxinas blancoamorianas pero case sempre co significado xenérico de 'calquera recipiente para conter algo', líquidos sobre todo, segundo pode deducirse do seguinte exemplo de *Biosbardos*:

Enchéu de viño un *cacifo* de lata e deumo.

—Bebe, fillo, bebe.

—Vóulle a pór unha pouca de auga, na miña casa danmo con auga, cando o hai. (p. 34).

Este sentido xenérico de recipiente para conter calquera cousa, e non precisamente para o sal, era o que nós interpretabamos ó oír esta palabra hai anos, tal como o escritor ourensán a utiliza e aínda hoxe en día a semántica indefinida da palabra mantén:

—Ogallá mas poidedes botar coas outras. A Cachona sacou dun *cacifo* de lata as cartas vellas cos seus signos e dinastías mitigados polo uso. (*Xente*, 31).

Neste mesmo sentido xenérico que andamos a comentar de cacharro ou tarro, achámo-lo substantivo *cazolo* 'cazola de barro alta e estreita'<sup>22</sup>, que é outro derivado de *cazo*. O escritor chega a empregar-los dous termos,

<sup>20</sup> *Xerais*, 136. Non figura en RAG-ILG.

<sup>21</sup> *Corominas*, 141.

<sup>22</sup> *Xerais*, 175.



*cacifo* e *cazolo*, na mesma páxina e incluso en dous parágrafos contiguos, segundo ocorre no texto seguinte que transcribimos, que é o parágrafo que antecede ó do exemplo anteriormente transcrito; parece claro, polo tanto, que para Blanco Amor ámbalas dúas palabras podían funcionar como sinónimos, polo menos neste contexto, a pesar de que *cazolo* parece suxerir un certo matiz despectivo na significación:

A Cachona sacou as cartas dun *cazolo* e sentáronse á camilla. A baraxa, nova do trinque, tiña un aspecto luxoso e ineficaz, e as cartas renxían, como si falasen, ao baraxalas. (*Xente*, 31).

Neste mesmo sentido xeral do que falamos e como sinónimo de *cacifo* é como o achamos no seguinte exemplo:

O Bocas asoparou dun empuxón á Vigueta e pódose de pe dun brinco pegoulle un couce ao *cazolo* de viño que se barrufou renxendo polo lume. (*Esmorga*, 92).

Nesa tarefa levada a cabo por Blanco Amor de reconstrución literaria da fala popular, nesa "nova (no sentido de reiterada) e manifesta presión, coasi unha violencia, exercida encol da nosa língoa"<sup>23</sup> podería encadrarse a creación dalgúns verbos, que non figuran nos dicionarios, como *encacifar*, así como doutras formas derivadas deste verbo como o participio ou adxectivo *encacifado*, cun significado moi amplo de 'meter, introducir'; o escritor utiliza este verbo sobre todo en *Xente*, que é a novela que mellor reflicte os particularismos ou localismos idiomáticos tanto léxicos coma semánticos dos ourensáns:

¿ónde ía coller azos a cativa xente pra seguir vivindo, polo menos até que non lle chegase o intre de se *encacifar* no ceio, tesouro serodio dos probes, (p. 39).

En A., e naqueles primeiros tempos, si me chegan a pillar, houbéranme *encacifado* entre as "arrepentidas" das Adoratrices. (p. 313).

Outro verbo que é unha creación do escritor e que está moi vivo na fala dos ourensáns é *ensarillar*, no que se toma como base o substantivo *sarillo*, este á súa vez emprégase como unha frase feita; ser un sarillo é 'non ter parada, un bule-bule, un ser inqueda'<sup>24</sup>; pero o escritor usa o verbo *ensarillar* case sempre cun sentido translaticio, metafórico, que garda pouca relación co significado da palabra base sobre a que deriva, segundo se pode desprender dos casos seguintes:

<sup>23</sup> *Xente*, Prólogo útil, p. 10.

<sup>24</sup> *Xerais*, 774: *sarillar* '2. fig. Andar unha persoa en constante movemento sen fin determinado: ensarillar'. Non figuran estas palabras en RAG-ILG.



...cómpreme remoer ben as cousas antes de as dicir. Estiven remoéndoas a noite inteira, que leve o diaño o que durmín, pero as condanadas *ensarillanse* todas, en rolda polos miolos i a cabalo unhas das outras (*Esmorga*, 75).

...ou co dalle que dalle, asegún, aos rosarios, non de rezar sinón de face-los, cos alicates, pris-prás, tan a ponto lixeiro, trincando no aramio sin xiquera ollar para a tarefa, *ensarillando* pérolas de nacre, adoas de abaloiros, (*Xente*, 28).

Na tarefa que emprendeu o escritor ourensán da reconstrucción literaria da fala, do xenio do idioma que "tentou facelo popular, non para albaneis nin para catedráticos... E na súa opinión, o galego debía estar ao alcance de todos..."<sup>25</sup> haberá que encadrar non soamente a creación e utilización do verbo *ensarillar* senón tamén o aínda máis difícil como pode se-la formación doutro verbo tomando como base para a derivación o verbo anterior; trátase en definitiva dunha derivación de segundo grao no que toca ó significante posto que o significado está moi lonxe do sentido orixinal; debemos falar, pois, dun sentido metafórico, cremos que bastante comprensible para un lector non demasiado culto. Pero Blanco Amor permítese ademais xogar con dous termos creados xa que os utiliza un a continuación doutro, logrando un preciosismo acústico, unha aliteración no que tamén incide a palabra seguinte que contén o mesmo fonema /j/; o texto ó que nos referimos pertence a *Xente*:

...porque iste é o modo de falarmos eiquí, niste pobo do nabo, que temos ise vezo i empezamos a darlle ao taravelo, dunha leria noutra, que se van *ensarillando e desensarillando*, collendo un tino e desapartándose dil, (p. 72).

Para finalizar esta aproximación ás palabras e expresións características da fala de Ourense que emprega o escritor ourensán Eduardo Blanco Amor, quereríamos comentar unha palabra que aínda que non é exclusiva desta provincia si ten sona o produto elaborado nela; estamos a falar da bebida típica coa que se adoita/-ba celebra-las festas, acontecementos importantes..., é dicir, o *licor café*.

Achamos en varias ocasións alusións a festas e por suposto a este tipo de bebida, aínda que rexistramos máis exemplos en *Xente ao lonxe*. O escritor non parece estar moi seguro de se esta é unha palabra composta perfecta e polo tanto debe escribirse como unha soa entidade gráfica, ou se polo contrario é un composto imperfecto e deste xeito se escribe separado<sup>26</sup>; tampouco está seguro de se debe empregar-lo guión ou non, xa

<sup>25</sup> Fernández del Riego, F. (1992): *Blanco Amor, emigrante e autodidacta*. A súa vida literaria, Ir Indo, Vigo, p. 107.

<sup>26</sup> Álvarez, R. et al. (1986): *Gramática galega*, Galaxia, Vigo, p. 46: "(O guión) Úsase tamén en certas palabras compostas para liga-los dous segmentos, cando a composición

que nunha mesma páxina e en dous parágrafos contiguos aparece de dous xeitos diferentes:

seu gosto polo "alpiste" de todas as comarcas, fixo crise final eiquí co *licor-café* local que acabou coa súa resistencia... e o "Vespasiano" (o máis relativamente fero lión do Circo) lambíalle a boca, cicáis porque tamén lle gorentaba o *licor café*; (p. 51).

Así pois, a bebida festeira por excelencia dos ourensáns e que por extensión se toma en toda Galicia, o *licor café*<sup>27</sup>, aparece nas páxinas blancoamorianas transcrito de dúas maneiras diferentes, con e sen guión, sen que se poida saber se o escritor se inclinaba por unha ou outra representación, pois de ámbalas dúas formas gráficas achamos exemplos en *Xente*. Mais se Blanco Amor é ambiguo á hora de transcribi-lo nome desta bebida non o é cando se trata de canta-las súas excelencias e contrapoielas á outra tamén típica galega que si é unha palabra composta e así se transcribe:

Unha vez máis á merendola fóralles medrando a bebedela por mor dunhas botellas de *licor café* que trouxera a María do Narizán, que era compañeira de costura da miña irmá (sandiós qué ben sabía) algo máis vella, uns dezasete, que as trouxo da taberna do seu tío, que era orfa dunha irmá (qué ben sabía, sin arrabuñar na gorxa como facía o *augardente* do país ou a caña que de primeiras non se aturaban); (p. 114).

Deitárono nun lenzo e quedóu no meio da camilla, embaixo da lámpara xa acesa, e a señora Andrea, como de máis confianza, sacóu o *licor café* e máis a *augardente* do país. (p. 76).

Entróu a mamáí polo meio do silencio, e puxo na camilla a bandexa coas copas de *licor-café*. (226).

Nas páxinas anteriores analizamos algúns dos ourensanismos que Blanco Amor intercala en toda a súa obra literaria. sobre todo en *Xente ao lonxe*; está claro que cada pobo, cada cidade ten unhas expresións ou termos que lle son propios -sen que isto queira dicir que se trata de xergas-, e isto precisamente foi o que intentamos facer ó longo deste traballo: poñer de relevo e chama-la atención sobre algunhas das palabras que o escritor emprega que pertencen ó acervo de Ourense, de tal xeito que resultan descoñecidas para os de fóra aínda que non dificultan a lectura,

---

aínda non está perfectamente consolidada (as dúas palabras base manteñen os seus acentos, os seus significados...)"

<sup>27</sup> Nos dicionarios consultados aparece sen guión, como dous substantivos en aposición ou xustapostos; tamén podería interpretarse como un composto do tipo de 'cidade dormitorio'; Vid. Varela, S. (1990): *Fundamentos de morfología*, Síntesis, Madrid, pp. 105-8; Pena, J. (1991): "La palabra: estructura y procesos morfológicos", *Verba*, pp. 87-9.

xa polo contexto pódese deducir facilmente o significado de tales voces. Verbo deste tema dos localismos e xa para rematar e a modo de conclusión subscrito totalmente as palabras coas que Fernández del Riego finaliza o seu último libro escrito sobre o escritor ourensán<sup>28</sup>:

"Podería pensarse por tal motivo, en localismos, en costumismo. Pero non había nada diso. Ser capaz de desenvolver un labor literario ao redor dun eixo único, indicaba condicións especiais: Dotes de observación, vivencias atesouradas, fondura de análise. O difícil é afondar no ambiente dun lugar, na alma dos seus veciños, de xeito que o localista adquira carácter universal. Esto acadouno, sen dúbida, o escritor ourensán.

Polo demais, viaselle moi preocupado pola forma. Coidaba o estilo como poucos narradores de hoxe..."

## 6. Introducción

Facer un catálogo do léxico empregado por Camués, aínda que esta é un campo tan específico como este, é unha tarefa difícil de levar a cabo... require unha lectura da obra do escritor mencionado e introdución por aqueles que fixeron algún traballo da súa produción literaria.

No que respecta á nomenclatura empregada por Camués para referirse ás áreas, queda bastante que é moi variada. Chega con letras unhas cando de outras veces para ver que tales aparecen desde as áreas máis próximas ó home, como as dominicas, ata as que poden resultar máis exóticas. Hai que sinalar que Camués non só se dá coas variantes dialectais, ademais emprega a expresión con xentilicio para a distinción, a comparación... que aínda con este escrito imaxinamos que se o vocabulario máis "normal", a referido por todos, sempre haberá aspectos románticos.

<sup>1</sup> As obras mencionadas, e as abreviaturas empregadas, son as seguintes:

Camués, *Contos*, que se citan como *Contos*, Vigo, 1977 (CC77).

*A coruña* e *Vigo*, Ourense, Vigo, 1971 (CO71).

*As Cereixas do Barbanza*, Ourense, Vigo, 1976 (CB76).

*Deusa do mar*, Ourense, Ourense, Vigo, 1980 (DM80).

*Estado de natureza*, Ourense, Vigo, 1981 (EA81).

*Os muros do tempo*, Ourense, Vigo, 1979 (OM79).

*O mundo baixo o xentil*, Ourense, Vigo, 1978 (OM78).

*Unha noite de inverno*, Ourense, Vigo, 1980 (UN80).

*Alto do mundo*, Ourense, Vigo, 1980 (AM80).

*Alenda e Alenda e outras historias*, Ourense, Vigo, 1980 (AL80).

*A noite do século*, Ourense, Vigo, 1980 (NS80).

*Palabras de algúns*, Ourense, Vigo, 1980 (PA80).

*Paradiso de ouro*, Ourense, Vigo, 1980 (PO80).

*Tróica*, Ourense, Ourense, Vigo, 1981 (TR81).

*Tróica*, Ourense, Ourense, Vigo, 1981 (TR81).

*Tróica*, Ourense, Ourense, Vigo, 1981 (TR81).

<sup>28</sup> *Op. cit.*, p. 107.



## A FAUNA EN CUNQUEIRO. AS AVES<sup>1</sup>

XESÚS DOMÍNGUEZ DONO  
ANA FACHAL FRAGUELA

### 0. Introducción

Facer un estudio do léxico empregado por Cunqueiro, aínda que sexa dun campo tan específico coma este, é unha tarefa difícil de levar a cabo. A riqueza léxica da obra do escritor mindoniense é recoñecida por aqueles que fixeron algún estudio da súa produción literaria.

No que respecta á nomenclatura empregada por Cunqueiro para referirse ás aves, tamén veremos que é moi variada. Chega con botar unha ollada ós seus textos para ver que neles aparecen desde as aves máis próximas ó home, como as domésticas, ata as que poden resultar máis exóticas. Hai que sinalar que Cunqueiro non xoga só coas variantes dialectais, ademais enriquece a expresión con recursos como a metáfora, a comparación..., que xunto coa súa enorme imaxinación consegue que o vocábulo máis "normal", e coñecido por todos, adquira unhas especiais connotacións.

---

<sup>1</sup> As obras consultadas, coas abreviaturas correspondentes, son as seguintes:

*Cantiga nova que se chama Riveira*, Monterrey, Vigo, 1957. (CAN).

*A cociña galega*, Galaxia, Vigo, 1973. (COC).

*As Crónicas do Sochantré*, Galaxia, Vigo, 1956. (CRO).

*Dona de corpo delgado*, Galaxia, Vigo, 1980. (DON).

*Escola de menciñeiros*, Galaxia, Vigo, 1960. (ESC).

*Os outros feirantes*, Galaxia, Vigo, 1979. (FEI).

*O incerto señor don Hamlet*, Galaxia, Vigo, 1958. (HAM).

*Herba aquí e acolá*, Galaxia, Vigo, 1980. (HER).

*Mar ao norde*, Galaxia, Vigo, 1980. (MAR).

*Merlín e familia e outras historias*, Galaxia, Vigo, 1968. (MER).

*A noite vai coma un río*, Galaxia, Vigo, 1980. (NOI).

*Palabras de vispera*, Galaxia, Vigo, 1980. (PAL).

*Poemas do si e non*, Galaxia, Vigo, 1980. (POE).

*Si o vello Sinbad volvese ás illas*, Galaxia, Vigo, 1961. (SIN).

*Tesouros novos e vellos*, Galaxia, Vigo, 1964. (TES).

*Xente de aquí e de acolá*, Galaxia, Vigo, 1971. (XEN).

Imos ordenar este traballo seguindo como criterio a clasificación das aves en grupos con características comúns ou pola familia á que pertencen<sup>2</sup>, pero non é un estudio sistemático. Analizaremos, en cada caso, o aspecto que nos pareza máis interesante, por exemplo, o uso de determinada variante dialectal ou a confusión que se produce cos nomes de diferentes especies, incluso nalgún caso podemos facer referencia a cuestións da morfoloxía ou costumes das aves, pero este traballo está centrado basicamente no aspecto semántico-estilístico.

## 1. Córvidos

É frecuente en Cunqueiro a identificación do "corvo" como o "alter ego" dunha persoa. Esta identificación corvo-persoa, perdura mesmo máis aló da morte; o corvo que en vida era amigo do capitán Combourg, e que foi enterrado con el, ségueno acompañando despois da morte: *"Entraba un outo esquelete, mui desenvolto de andar, arras-trando grande espada, e no lombo esquerdo traía pousado o esquelete dun paxaro.[...] O esquelete voador era, según adeprendeu o sochantre, un corvo mui amigo que tivera o capitán de Combourg, e cando mataron ó capitán en Chateau-Josselin, mataran tamén ó corvo i enterráranlo con il."* (CRO 39).

Outras veces, é o home o que se reencarna, despois de morto, na figura dun corvo, para arranxar algún problema ou negocio que lle quedou pendente: *"Hai xente que dice que o corvo non era tal corvo, senón un tal Pousada, de Xeriz, prestamista.[...] o corvo branco víase acarón das casas dos que lle debían cartos a Pousada."* (ESC 126). Neste caso o corvo conserva as principais características da persoa cando estaba viva: *"De corvo tatexaba igoalito que de persoa!"* (XEN 67).

É en *Xente de aquí e de acolá*, onde aparece máis veces con este sentido sobrenatural, sobre o que o mesmo Cunqueiro fai comentario: *"Istas historias de corvos que falan, ou de xente que reaparez, vindo dende as chousas de outro mundo, en figura de corvo, debera poñelas todas xuntas, pro van sementadas por este libro, aquí ou acolá."* (XEN 66).

Con frecuencia atopamos corvos faladores, como *"O corvo Estanislao"* (FEI passim), ou cos que se pode falar *"Penedo falara unha vez cun corvo."* (XEN 26), e mesmo nalgún caso poden aprender linguas como o seu amo; así, o bispo de Lamego, tiña *"un corvo que falaba latín"* (MER 137).

---

<sup>2</sup> Para a clasificación das aves seguimos a Penas Patiño, X.M., Pedreira López, C., Silvar, C., *Gula das aves de Galicia*, Bahía Edicións, A Coruña, 1991.



No *Merlín* aparece facendo función de mensaxeiro, concretamente, de mensaxeiro da morte: "*Decían que era viuda dun grande rei que morréu na guerra, e que tivo a noticia por un corvo cando estaba en Miranda probando un peite de ouro.*" (MER 19).

Así mesmo, é corvo sabio que dá consellos ós homes, xa sexa por ser encarnación dunha alma que advirte ós seus, como en "*Soleiro en figura de corvo*" (XEN passim), que aconsella á muller "*que non vendese unhas fincas que tiña por Castro*" (XEN 67); xa por ser un animal sabio, "*Eche un corvo ben listo ese corvo de Rúa!*" (XEN 27) que aconsella ós humanos: "*Non te fies do teu abogado!, díxolle dende un chanto un corvo a Penedo,*" (XEN 26). Todas estas "córvidas" personificacións, son case que tenras e afectivas "*Elle un corvo mui humano!*" (XEN 28).

Á parte destes sentidos "humanizados", tamén aparece como ave preeira: "*No vado de Pratto Girgenti dous corvos comían na barriga dun suizo afogado.*" (CRO 110), habitante de terras ermas ou pouco fértiles, "*Entre illa e illa hai terras baixas, lamentas, revoadas dos patos bravos, e nalgunha, abrigada da nordesía, sementan os nativos un algo de centeo. Aquí voa o corvo*" (HAM 13).

No *Sinbad* atopámonos cunha referencia milenaria á ciencia dos augures: "*¡E pra iso tanto capar corvos e mirar os agoiros nos testes!*" (SIN 55).

Tamén da familia das *Corvidae* é a "pega", que como o corvo, é un paxaro considerado tradicionalmente de "mal agoiro". Cunqueiro só a cita en *Xente de aquí e de acolá* con características semellantes ás do corvo: "*Aínda que a pega fose a alma do Viudo de Corzán...*" (XEN 70). Tamén posúe atributos humanos, como a fala: "*...a pega falou: -Istes non che son tempos, Penediño!*" (XEN 70).

## 2. Rapaces

### 2.1. Rapaces diurnas

Dentro das aves de rapina, aparece unha vez na obra de Cunqueiro, o termo "peneireiro", "*unha fraga mesta, na que o lobo se escusa, e sober da que sempre voan aves de rapiña que no noso chamamos "peneireiros",*" (COC 132).

Trátase dunha voz de emprego non moi espallado, recollida maioritariamente na provincia de Lugo<sup>3</sup>. O propio Cunqueiro explica na

---

<sup>3</sup> a) Otero, A., *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Verba, Anexo 8, Santiago, 1977, p. 179.

cita que o nome destas aves vén de como se moven no aire "*coma si unha moza invisible tivese nas mans un bortel, que é a ave.*" (COC 132). Con este termo Cunqueiro refírese ás aves de rapina en xeral, pero co nome de "peneireiro cincento" aparece na *Guía das aves*<sup>4</sup> como un animal de rara presenza en Galicia. Estravís, no seu dicionario<sup>5</sup>, identifica esta voz co nome científico de *Falco Tinnunculus*, que se corresponde co de "lagarteiro peneireiro" na *Guía das aves*<sup>6</sup>, onde di que en Galicia é sedentario e común en todo o territorio.

A esta mesma familia pertence o "falcón", ave representativa da nobreza. Con este sentido é como aparece na maioría das veces, unha como símbolo heráldico "*...a súa casa e a miña pintan un falcón en gules.*" (CRO 46), outras, referido á ceterería, arte nobre por excelencia "*Nello foise, co falcón na luva*" (HER 148), que serve de conversa ós reis "*E despóis gostábame verme con el beira dun río, e falar de falcóns*" (PAL 333).

Ás veces tamén serve para resalta-las calidades reais, como cando Dona Inés fala dos pés do rei, dicindo que "*...parecen dous falcóns xemeos!*" (NOI 287); ó mesmo Hamlet se lle chama "*falcón que inda non probara a cachirula.*" (HAM 25), porque aínda non probara a vida amorosa<sup>7</sup> debido á súa xuventude.

Da familia das *Accipitridae*, atopámonos con outras tres aves chamadas popularmente "de rapina".

A "aguia" só aparece tres veces, dúas como representación de San Xoán en *As Crónicas do Sochantre*, símbolo quizais apocalíptico, acorde co ambiente fantasmal e de ultratumba da obra: "*...brincou á águia de [p]edra<sup>8</sup> de San Xoán*" (CRO 75), "*Seguíu dacabalo da águia de San Xoán*" (CRO 78).

O outro exemplo pertence ó *Merlín*, onde aparece como ave de ceterería: "*...águia encapirotada*" (MER 33), referíndose á carapucha que lles poñen na cabeza.

O miñato tamén o atopamos en Cunqueiro, aínda que emprega a voz castelá "milano". En *Os outros feirantes*, serve de disface para os sirios que queren saír do país sen pasaporte: "*...de milanos ou de boutres,*" (FEI 30).

---

b) García, C., *Glosario de voces galegas de hoxe*, Verba, Anexo 27, Santiago, 1985, p. 544.

<sup>4</sup> Penas Patiño, X.M., *op.cit.* 1991, p. 74.

<sup>5</sup> Estravís, J.A., *Diccionario da lingua galega*, Alhena Edic., Madrid, 1986, Vol. 3, p. 2010.

<sup>6</sup> Penas Patiño, X.M., *op.cit.* 1991, p. 90.

<sup>7</sup> García, C., *Contribución ó léxico de Álvaro Cunqueiro*, R.A.G., Seminario de Lexicografía, A Coruña, 1991, p. 40.

<sup>8</sup> Erro da edición.

O "gavilán" -termo castelán empregado por Cunqueiro-, está asociado á nobreza, o mesmo que o falcón, aínda que se diferencian en que o gabián é símbolo da consumación do acceso ó poder de Hamlet: "*Agora sabes que eres en verdade o príncipe real, o nobre herdeiro de Dinamarca, o gavilán de Elsinor,...*" (HAM 29).

Por último, do grupo das rapaces diurnas quedáanos por falar do voitre, "boutre" en Cunqueiro. Unha vez serve como disface<sup>9</sup>, e outra aparece coa súa simboloxía tradicional de agoireiro da morte, que pulula por terras ermas na procura dunha prea para se alimentar: "*...e denantes de chegar ás hortas de Basora hai que pasar tres días de deserto e ollas voar as boutres.*" (SIN 133).

## 2.2. Rapaces nocturnas

Meténdonos no mundo da noite, temos dúas aves moi representativas del: a "curuxa", da familia das *Tytonidae*, e o "moucho", das *Strigidae*. Ámbalas dúas son dos chamados tradicionalmente "paxaros da morte", anunciadoras dela e do fantasmagórico, tanto pola súa presenza como polo seu "canto".

Primeiro falaremos da "curuxa", que en Cunqueiro ten unha presenza nocturna e un tanto fantasmal "*...berradoras curuxas na noite,*" (HAM 21), "*¡Boas Noites!, decíanlle os fantasmas, que despertan cando canta a curuxa.*" (HER 169). En *As Crónicas do Sochantre* aparece repetidas veces o canto da curuxa, dunha maneira case ritual, unido ó "3", número máxico: "*...no silencio da noite ouviuse tres veces a curuxa.*" (CRO 35), "*E foi daquela cando se ouviu a curuxa tres veces.*" (CRO 92)<sup>10</sup>. Outra vez vai unido o seu canto lúgubre ó non menos inquietante ouvear dos cans "*De cando en vez cantaba a curuxa i ouvíanse cás ó lonxe*" (CRO 41).

Por outro lado, en *Hamlet*, aparece con dous sentidos diferentes: primeiro lado, o de paxaro que aníña en lugares inhóspitos e deshabitados "*...Elsinor é somentes unha niñada de esperteiros e curuxas.*" (HAM 15), e segundo como atributo de rancia nobreza e antigüidade "*Polo demais Elsinor é unha torre real. Coroan as súas ameas pombas no día e berradoras curuxas na noite,...*" (HAM 21).

O "moucho", pola contra, deixa un pouco de lado a súa lenda agoireira, en favor da tradición popular que lle adxudica unha "personalidade" parva e inocente, sendo fácil de enganar: "*O bolimarte*

<sup>9</sup> Cfr. "milano" (FEI 30).

<sup>10</sup> Como di Eladio Rodríguez (*op.cit.* 1980, p. 698), "...creyéndose supersticiosamente que [...] su lúgubre graznido es anunciador de la muerte cuando lo lanza sobre una casa o cerca de ella."

[...]. Pon un ovo cada sete anos, e percisamente no niño do moucho; os ovos do moucho son brancos i o do bolimarte mouro, pro o moucho non se decata." (ESC 118-119). Aparece tamén como un paxaro en permanente asombro, dada a súa actitude expectante e inqueda, amosada nos seus costumes e luminosos ollos, que serven como comparación para as pequenas luces que se acenden polas noites en Belvís "*coma o ollo dun moucho*" (MER 13).

### 3. Paxaros e semellantes

A bubela (*Upupa epops*) -Cunqueiro usa a forma "abubela"-, paxaro da primavera, aparece nun medio bucólico e agradable "...*perto del estaba o seu cabalo/ pastando nun prado de grilos e abubelas*" (HER 147), reflectíndose o seu canto onomatopeico xunto cun dato moi exacto sobre as súas preferencias alimenticias: "...*paraiso de abubela que berra up!, up!, feliz nos abriles e xantando os primeiros grilos...*" (XEN 27).

A andoriña (da familia das *Hirundinae*) -"anduriña" en Cunqueiro-, paxaro anunciador da primavera, ten connotacións positivas en toda a produción cunqueiriana, símbolo de pureza e inocencia "*I ela é pura coma unha anduriña que aínda non saíra ao aer de fora do niño*" (NOI 266). Noutros casos representa a súa característica de ave migratoria e viaxeira "*coma unha bandada de anduriñas que voa ao sul en outono,*" (MER 38), "...*as anduriñas que retornan...*" (HER 178).

Dentro da familia das *Alaudidae* aparecen tres paxaros entre os que é frecuente a confusión, dado que as diferencias entre eles polos seus trazos morfolóxicos son difíciles de establecer a simple vista, e require un gran coñecemento da materia. É por iso normal, que a nivel popular se utilicen os seus nomes indistintamente para designar diferentes especies, un é a "cotovía". A referencia ó paxaro como tal só a temos en *Hamlet*, nun diálogo que o protagonista ten con Ofelia, á que chama "*¡...cotovía, axóuxere!*" (HAM 57), podendo ser un simil coa fragilidade que representan este tipo de paxaros pequenos. É significativo que logo, no *Sinbad*, aparece dando nome a unhas illas fantásticas, "*as illas Cotovías*", nalgúns casos parece que pode ser porque nelas hai moitos destes paxaros, pero o seu nome semella ser elixido pola súa sonoridade evocativa. Ademais, a partir de "cotovías" inventa o xentilicio "*cotoviáns*" (SIN 16).

Os outros dous paxaros ós que nos referiamos son a calandra e a laverca. A "calandra" ten as mesmas connotacións de tenrura e fragilidade cá "cotovía", "*Ao erguerse, Bran veu unha calandra/ abaneando unha ponliña...*" (HER 137). A laverca -que Cunqueiro escribe

"laberca"-, aparece citada nunha simple enumeración de paxaros, dándolle colorismo á narración: "...e veñen por naciós de labercas, oureoles,..." (SIM 16). Tamén emprega Cunqueiro o termo "alaudas" para referirse xenericamente a este tipo de paxaros: "*Adormece ao meu carón, namentras quebra o día/ baixo un teito de alaudas, tímidas cantadoras*" (DON 116).

O "cuco" está citado sempre en relación ó seu canto característico, incluso Cunqueiro especifica a peculiaridade da súa "fala", dicindo: "*aquí do cuco non se dice que canta, senón que cuca ou que fala-*" (ESC 113), e o mesmo que coa "abubela", reproduce a súa onomatopea, aínda que nos sorprende cun toque de humor ó dicir que "*decía cu-cóo, cu-cóo, pro en francés.*" (XEN 122). Este paxaro da familia das *Cuculidae*, ave estival onde as haxa, está considerada como anunciadora do verán, e así o podemos atopar en varios lugares da produción de Cunqueiro: "*A lamprea millor é a que sube nos meses invernáis, [...] ou esixe o saber popular que a lamprea se xante "denantes de que esté cucada", é decir, de que escoite cantar o cuco...*" (COC 95), "*Cando se escoita falar ó cuco en abril ou maio...*" (ESC 113).

Tamén do saber popular é a coñecida "laczanería" do cuco, que o leva a poñer-las seus ovos nos nidos doutros paxaros para que estes llos choquen. Pero Cunqueiro converte o burlador en burlado, gracias a un paxaro fantástico, o "tordavisco": "*É o máis listo de tódolos paxaros: tan así que cando o cuco se ergue, pólas mañanciñas de cedo, vai o tordavisco e métese na súa cama, i aproveita que a deixou quente o cuco*" (ESC 117).

Pero onde máis se nota a simboloxía do cuco como paxaro festeiro e primaveral, anunciador do rexurdir da vida, da ledicia da primavera, é en *Cantiga nova*, onde lle serve de motivo para todo un poema (CAN, poema 3).

Xa metidos no mundo das aves cantoras, atopámonos co "malvís", variedade de tordo (*Turdus iliacus*), moi apreciado polo seu canto, do que dá fe a lenda do abade do mosteiro de Ribas de Sil, que quedou durante douscentos anos escoitándoo cantar, pensando que só pasaran dúas horas<sup>11</sup>. "*Por toda parte nacían herbiñas, i ó mencer ouvíanse nos xardís os malvíses que segulan viaxe*" (SIN 109), "*Tiña arte pra imitar o melro e o malvís...*" (CRO 44).

Tamén da familia das *Turdidae* é o "merlo", paxaro cun canto agradable co que namora á femia e de aí a comparación: "*estampa de melro debía de facer eu, tal cando o paxaro namora á melra co adubío do seu canto...*" (MER 108). En varios casos aparece esta acción do "... melro que canta seu vagar na roseira." (DON 130), "...do ledo cantar do

<sup>11</sup> Rodríguez González, E., *op.cit.* 1980, vol. II, p. 572.

melro é o que resta." (HER 171), "*¿Queres deixarnos ouvir os melros que traes na gaiola da túa boca?*" (HAM 34). Pero ó mesmo tempo que paxaro cantor, Cunqueiro convérteo en "paxaro escoita", "*que son uns melros de por alá que repiten tódolo que escoitan,...*" (SIN 49).

Cunqueiro emprega a variante metatizada "melro", fronte á forma propia da fala mindoniense 'merlo'<sup>12</sup>, da que tamén hai algún exemplo "...e o merlo mesmo do seu nome." (FEI 74), sobre todo cando a usa como antropónimo: "*Alberte Merlo*" (FEI passim), "*Merlo de Lousadela*" (XEN passim).

O merlo e o "tordo" aparecen tamén como prato culinario, "*morréu denantes de recibir as menores dunha indigestión de merlos encebolados.*" (MER 138), "*O galego non é gran comedor de paxaros, [...] pro unha encebolada de tordos ten o seu mérito.*" (COC 129).

Cantores por excelencia son o "xílgaro" (*Carduelis carduelis*) e o "reiseñor" (*Luscinia megarhynchos*), e como tal aparecen: "*escóitase á mañanciña o doce son, un xílgaro trinador.*" (TES 86), "*Quita a pucha, amigo,/ que xa o reiseñor/ vai cantando no bosque...*" (CAN 55), "*Escóitase vir dos choupos a tonada do reiseñor.*" (PAL 324). É o reiseñor símbolo do amor e da súa melancolía "*Teño que falarche de amor, preguntarche si recibiche o reiseñor que sabía chorar.*" (NOI 299), "*Hai paxaros dos que adprender as verbas feiticeiras. URRACA.-¡O reiseñor!*" (PAL 324), "*Amiga, meu corazón que pide rosas,/ laranxas pide i é isolado reiseñor,...*" (HAM 36).

A este tipo de paxaros apreciados polo seu canto, pertence o "oureol" (*Oriolus oriolus*), do que di (xunto con outros paxaros), que "*os que asublian fano perfumado.*" (SIN 16). A variante léxica que emprega non é a máis estendida na súa zona, que é "ouriol"<sup>13</sup>. Tamén témo-lo "pimpín", da familia das *Fringillidae*, o "ferreiro", das *Paridae*, e o "canario", citados brevemente en *Xente de aquí e de acolá*.

Outra ave que aparece é o picapeixe, aínda que Cunqueiro emprega a forma castelá "martín pescador", "*...i un martín pescador pousado entre as doces mazás do seu peito.*" (MER 91).

#### 4. Aves cinexéticas de terra

Se algún paxaro representa o amor, en especial o amor fiel, é a "rula" (*Streptopelia turtur*), que se emprega agarimosamente para designar á muller amada "*Ofelia, dis, e unha sorrisa alerta a túa memoria/ e os ollos teus, rula, nena e soave terciopelo.*" (HER 173), "*¡Nin-guén*

<sup>12</sup> García, C., *op.cit.* 1985, p. 471.

<sup>13</sup> García, C., *op.cit.* 1985, p. 511.



*che mata os amores, miña rula!"* (NOI 309), intensificándose este apelativo co emprego do diminutivo "*¡Miráronte por min, ruliña!"* (NOI 287). Segundo Eladio Rodríguez<sup>14</sup>, o seu nome provén da onomatopea do seu canto, monótono e melancólico, que se acostuma oír nas mañanciñas do verán, "*íbame a pasar o máis dos días á selva de Auremer, a ouvir pola mañanciña a rula..."* (CRO 46), "*Nello foise, co falcón na luva,/ sin agardar a que cantase a rula.*" (HER 148).

A simboloxía do canto da rula asociado ó amor está moi arraigada na tradición popular, como se recolle na cantiga: "Canta rula, canta rula,/ canta rula na raiola;/ canta rula, canta rula,/ que o teu cantar enamora."<sup>15</sup>

A tenrura que representa vese en *A noite vai coma un río*, "*¿Ónde collín estas verbas que vou verquendo, faiscas, sabrosura somnífera, plumón de rula,...?"* (NOI 290), o mesmo que a bondade e a obediencia en *Hamlet* "*E ti, Colombina, eres mui fermosa, un axóuxere dos prados, unha rula que ven a man"* (HAM 69).

Cómpre falar do paspallás, aínda que Cunqueiro emprega a variante "pazpallar", documentada na maior parte da provincia de Lugo<sup>16</sup>, fronte á máis estendida 'paspallás', da que temos moitas variantes en Galicia: cascallás, pantallás, parpallás, pazpallaz, etc.<sup>17</sup>. Só se recolle unha vez nunha enumeración: "*...ausentes todos os paxaros que imitaba, ferreiros, pimpíns, os pazpallares,...*" (XEN 74)

Un dos paxaros que máis aparece é a "perdiz"<sup>18</sup>, e na maioría dos casos en *A cociña galega*, dado o apreciado da súa carne coa que se poden preparar numerosas receitas: "*No século pasado chegaron a Galicia moitas recetas no que toca á perdiz [...]: perdices albardadas, trufadas, con repolo e ostras,...*" (COC 123), "*...iremos a papar unhas perdices con salsa de loureiro...*" (CRO 82). Directamente relacionado coa gastronomía está o mundo da caza, que se atopa varias veces: "*Ferrallo tivera un can de perdices,...*" (ESC 135), "*parando unhas perdices nas brañas de Prior.*" (XEN 36).

Tampouco escapa este paxaro á fantasía creadora de Cunqueiro, e así nos atopamos con perdices que falan "*...Paulino escoitou que lle falaban dende detrás dunha pena. Era unha perdiz.*" (FEI 111), "*O que preocupaba a Paulino, [...] era si en verdade as perdices falaban, e en cá l idioma.*" (FEI 112); incluso no *Sinbad* aparece unha obra de teatro

<sup>14</sup> Rodríguez González, E., *op.cit.* 1980, p. 300; et *Gran Enciclopedia Gallega*, Vol. 27, p. 136.

<sup>15</sup> Rico Vereza, M., *Cancioneiro popular das terras de Tamarela*, Galaxia, Vigo, 1989, p. 54.

<sup>16</sup> García, C., *op.cit.* 1985, p. 530.

<sup>17</sup> *Ibidem.*

<sup>18</sup> Documentada en sesenta e unha ocasións.

chinés chamada "A dama que engañada por un demo elegante quixo mercarlle ó vento a perdiz que falaba" (SIN 163), onde "...a perdiz é letrada." (SIN 167), e serve de gardiá, "¡A faladora perdiz gardará o leito nupcial!" (SIN 168).

Moi apreciada, pero escasa é a "pita do monte" (*Tetrao urogallus*), que tamén aparece como "urogalo", aínda que este termo é unha adaptación do castelán: "Ainda nos montes de Cervantes se pode cazar a "pita do monte", o urogalo,..." (COC 121). Atópámola exclusivamente en *A cociña galega*, onde é clasificada xunto co corzo, como "as dúas grandes pezas venatorias" (COC 128) de Galicia.

O "faisán" aparece no *Merlín* e no *Sinbad*, facendo referencia á súa vistosa plumaxe "coa pucha nova cunha pruma de faisán no corno,..." (MER 43), cunha "exótica" funcionalidade "e púxose na boca un mondadentes de cañota de pruma de faisán" (SIN 134), e como non, no aspecto gastronómico "Eu sempre lle levo algún galano ó mar, xa seña froita, ou unha pamela de palla briza, ou a peituga dun faisán,..." (SIN 162).

A "pomba", desde sempre é un dos símbolos da pureza e da inocencia, así tamén como do amor<sup>19</sup>. Cunqueiro utilízaa en moitos casos para referirse á muller "...tómame pola súa Ana Eloísa, [...], e percúrame a mancha na orella pra asegurarse de que son a súa pomba querida,..." (CRO 48), "Non quería asustarte. Inocente pomba..." (HAM 85), "...a miña pomba soio entende de amor." (NOI 265); tamén témo-lo diminutivo afectivo "E non son ciumes, Ofelia, pombiña,..." (HAM 36).

Non podía faltar coa pomba o que ocorre con outras aves xa mencionadas<sup>20</sup>, pois é o disface co que teñen presa á filla de "Doña Carolina", que "vive nunha gaiola de prata, disfrazada de pomba colipava,..." (MER 102), referíndose ás pombas cun rabo moi ancho<sup>21</sup>.

No que se refire ó aspecto culinario, fala dos "pombos e torcaces" (COC 129), (ESC 154), (SIN 35), que son os nomes que se lle dá á *Columba palumbus*, fronte á pomba brava (*Columba livia*), e a doméstica.

Nalgún caso emprégase en plural para referirse metafórica ou comparativamente ós ombros ou ás mans do ser amado: "Suavizaréiche as mans con secante de lirio e con país tostado de Venecia. [...] E naide chas ferirá nunca, as túas pombas xemeas." (NOI 278), "Os teus brancos fros voarían coma pombas no serán..." (DON 129).

No *Sinbad* chámalle ó amor "...pombo que cando lle apetez ven il á mán,..." (SIN 35). Tampouco falta un exemplo das pombas como ele-

19 Cfr. "rula".

20 Cfr. "corvo", "milano" e "boutre".

21 García, C., *op.cit.* 1991, p. 53.

mento decorativo<sup>22</sup> nuns capiteis da igrexa de Seixo onde "uns monxes de cara redonda teñen nas mans unhas pombas de longo pescozo." (XEN 139), sendo na iconografía cristiá símbolo do Espírito Santo.

Polo visto ata agora, é a pomba un paxaro con connotacións positivas, e a este respecto, é significativa a oposición que se establece en *Hamlet* entre a "pomba" e a "curuxa", unha símbolo da luz e do día, outra da noite "...*Elsinor é unha nobre torre real. Coroan as súas ameas pombas no día e berradoras curuxas na noite,...*" (HAM 21).

Tamén menciona a súa cría, o pombiño, que aparece como "pichón", termo castelán; sempre cun sentido gastronómico: "caldo de pichón", "un pichonciño ben asado" (COC 115), "pichón con mel" (SIN 37).

## 5. Limícolas

Da familia das *Scolopacidae* temos, maioritariamente en *A cociña galega*, a "arcea", a "becacina" e a "auganeta", "*Esto que vale para a perdiz, val tamén para a arcea e para a auganeta, a becacina.*" (COC 122). O problema está en identifica-la "auganeta", que na cita dada é a "becacina", que é unha das aves coa que a identifica Estravís<sup>23</sup>, aínda que recolle a forma "aguaneta", tamén recollida por Carré<sup>24</sup>, o mesmo que Franco Grande<sup>25</sup>. O que ocorre, é que en Galicia documéntanse cinco aves diferentes co nome de "becacina"<sup>26</sup>.

## 6. Anátidas

Tamén en *A cociña galega*, aparece a "barnacla", "*o canto dunha bandada de barnaclas,...*" (COC 72), da que se dá o seu nome científico e se identifica cun tipo de ganso: "...*da súa unlla nacían uns gansos, o "bantra leupcosis", a "barnacla caribranca"*" (COC 72); Penas Patiño, propón como nome galego desta ave o de "ganso sangano".

---

<sup>22</sup> No diccionario de Eladio Rodríguez (*op.cit.* 1980, p. 165), dísenos que aparecen decorando habitualmente os extremos dos tellados, hórreos e chemineas.

<sup>23</sup> Estravís, J.A., *op.cit.* 1986, Vol. I, p. 104.

<sup>24</sup> Carré Alvarellos, L., *Diccionario Galego-Castelán*, 4ª edic., Edit. Moret, A Coruña, 1972, p. 34.

<sup>25</sup> Franco Grande, *Diccionario Galego-Castelán*, Galaxia, Vigo, 1968, p. 57.

<sup>26</sup> *Lymnocryptes minimus* (b. xorda), *Gallinago gallinago* (b. cabra), *Gallinago media* (b. real), *Limnodromus griseus* (b. cincenta), *Limnodromus scolopaceus* (b. escolopácea). Penas Patiño, X.M., *op.cit.* p. 134-136.

Varias veces temos recollido o "pato", tanto o doméstico "*patos de granxa*" (COC 114), como os salvaxes "*patos bravos*" (HAM 13), facendo mención ó pato real ou "azulón" (*Anas platyrhynchos*), "*El Rei, teu prometido esposo, está cazando patos azulós.*" (HAM 73). Aparece tamén a outra voz común en galego para esta especie, "parrulo": "*Nos ríos hai patos, que en moitas partes chaman parrulos...*" (COC 114).

## 7. Aves mariñas

Dentro deste apartado témo-la "gueivota", sempre en relación co seu medio, o mar: "*As gueivotas fuxiron da praia...*" (HAM 36), "*Sob de tí voan: craras,/ navegantes,/ tibias./ Catro, cinco, seis. Gueivotas.*" (MAR 19), etc. Esta é unha das variantes do termo 'gaivota', que se atopa en Galicia, xunto con "gaviota" e "gavota"<sup>27</sup>. A outra ave que aparece é o "cormorán", "*...i olla pasar os cormoráns dende as penas...*" (SIN 107), que é voz castelá, correspondente en galego ó 'corvo mariño'.

## 8. Aves exóticas

Entre as aves exóticas destaca o "pavo real" (*Pavo cristatus*), recollido no *Sinbad* como cebo para engana-los condenados a morte: "*...dectalle que se debruzase a unha fiestra pra que vise o pavo real [...], i o outro a testa ben fora, [...] e nisto catalle unha broxada súpeta no pescozo.*" (SIN 50).

O pavo tamén aparece como receita exótica nesta mesma obra "*...fuciño de elefante mechado, ou sopa de neve con marzoa de pavo...*" (SIN 60), o mesmo que en *Crónicas*, pero nestes casos xa se refire ó pavo común (*Meleagris gallopavo*): "*¡Ha de haber pavos recheos...!*" (CRO 86).

De exotismo evidente é o "loro", sempre asociado á súa "facultade para a fala": "*Un da familia dos das Esmelgas, que andivo polo Brasil, trouxo un loro, [...]. Era o lorito un grande falador en portugués...*" (FEI 108), "*pasóuse toda a vida co devezo de ter un loro falador.*" (XEN 119).

Emprega Cunqueiro unha voz americana para designar unha especie de papagaio: "guaro", "*...o paxaro que en Cuba chaman, en Camagüey, guaro tentador.*" (ESC 85). En *Xente de aquí e de acolá*, apa-

---

<sup>27</sup> García, C., *op.cit.* 1985, p. 385.

rece a "cacatúa" xunto co "papagaio"<sup>28</sup> nunha enumeración: *"En Lugo déronlle a dirección dunha casa de Barcelona, que mandaba de porta a porta loros, cacatúas, papagaios, e toda clase de aves,..."* (XEN 119).

En *A noite vai coma un río*, atopámo-lo "colibrí" en catro ocasións, *"Nunca vin un colibrí. [...] O colibrí desta banda é escarlata,..."* (NOI 285).

Tamén podemos citar entre os exóticos, o "cisne", que aparece coa variante "ciño": *"Púxolle letra á Pavana dos ciños..."* (MER 148); *"...Colo de Cisne, envellecemos xuntos..."* (HER 157), sendo neste último exemplo, reflexo de elegancia e beleza.

## 9. Aves domésticas

Dentro deste pequeno mundo témo-lo "capón", mencionado en especial con relación á cocíña, por medio de receitas *"...capón asado ao espeto..."*, *"...capón recheo..."*, (COC 118), sen esquecer-la sona dos capóns de Vilalba *"Eu vou todos os anos de Deus a Vilalba, [...] á feira dos capóns."* (COC 119), *"Si este ano volvo á feira dos capós a Vilalba,..."* (XEN 157). Úsao, tamén, como comparación para o home que non pode ter fillos, *"...que il non fora tan capón como a muller dixera,..."* (CRO 60).

O galo é deses animais que avisan da hora, aves que espertan co seu canto ás xentes para comeza-lo día *"¡Xa é día! ¡Cantan galos!"* (NOI 261), *"No bico do galo a i-alba,..."* (DON 131); ademais, atribúeselle ó seu canto, facultades para axudar a atopar tesouros: *"Son varias as historias nas que os homes atopan tesouros axudados por animais, especialmente por galos e ratos. O canto do galo, [...] mata ó basilisco, que é un gardador de ouro,..."* (TES 77). Tamén a súa crista ten poderes máxicos, pois mesturándoa cos ovos da "cobra Smarís", produce unha esencia que *"aos que dela beban faralles medrar,..."* (MER 104).

En *Os outros feirantes*, aparece o galo como animal de compañía, case que amigo de "Peleteiro": *"...o galo seguía a todas partes. [...] subíase aos seus xoanllos, [...] Nos longos paseos vespertinos, Peleteiro e o galo camiñaban par a par."* (FEI 78).

Así mesmo, pódese atopar un reflexo da simboloxía popular do galo como animal fachendoso e orgulloso *"...un galiño xa moi posto, a crista mui roxa,..."* (FEI 78); *"Os homes sonche todos galos ao menos na fala."* (NOI 266).

---

<sup>28</sup> No *Sinbad*, aparece varias veces a voz "papagaio", pero sempre como "peixe-papagaio".

Habendo galo, tíña que haber "galiña", podendo ser de varios tipos: "galiña do pescozo pelado" (ESC 139), "galiña voandeira, desas que non queren niño, e poñen onde lles cadra." (FEI 145), "galiña branca e unha galiña moura" (XEN 54), "mercóu na feira de Meira un par de galiñas, unha negra castelá..." (ESC 138). Tampouco podían falta-las receitas de cocifiña, tan habituais: "Un bon cocido leva moitas cousas: [...], e leva galiña,..." (COC 40), "Moito de Lugo eran as peitugas de galiña,..." (COC 114), "perguntando por unha boa cea habia ovella con fideo i abondiguiñas de galiña..." (SIN 134), etc.

Con respecto a esta ave de curral, é curioso resalta-la identidade de dous fragmentos de textos diferentes, onde a galiña serve de cebo tentador para atrae-lo "golpe": "O golpe non quixo subir á Arca. Decíanlle dende ela: ¡Vente, hom, que hai galiña drento!, pro o golpe non iba." (ESC 149), "Parece ser que pra animalo a subir á arca, o propio Noé saía[...] ao balcón da arca, e berráballe ao golpe: ¡Vente, amigo, que hai galiña dentro! Pro o golpe decía que non,..." (FEI 137).

Non falta, tampouco, unha referencia ós "meigallos" que afectan á posta dos ovos das galiñas: "Si unha galiña está nun camiño á esquerda, e pasa un crego á dreita, a galiña deixa de poñer ovos. Hai que levarlla a outro crego pra que lle diga algo." (ESC 112).

Por último dicir que atopamos dous exemplos de "pita" como sinónimo de galiña "¿I el que se lle dice á pita?" (ESC 113), "...unhas falas como cacarexos de pita." (MER 99), aínda que o normal na área mindoniense é a oposición galiña-pita, sendo a pita a "galiña nova"<sup>29</sup>.

---

<sup>29</sup> Fernández Rei, F., "Anotacións ó léxico de Cunqueiro", in *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*, Universidade de Santiago, 1982, p. 343.



## A FAUNA EN CUNQUEIRO. OS PEIXES<sup>1</sup>

I. SALGADO BASOA  
M. PÉREZ RODRÍGUEZ

### 0. Introducción

A obra literaria de Cunqueiro é sen dúbida unha das máis admiradas da nosa literatura, o que implica que é tamén das máis estudias. Hai múltiples artigos e traballos que analizan diversos aspectos da súa produción literaria, como o léxico, a súa estilística narrativa ou a postura que ten ante a lingua.

Neste traballo pretendemos facer un modesto achegamento ó seu léxico, que nunca deixa de sorprendernos pola variedade e riqueza que posúe, pero centrándonos exclusivamente no grupo formado polos nomes dos peixes.

Veremos, por exemplo, que Cunqueiro emprega diferentes denominacións para referirse ó mesmo peixe, e que a maior parte aparecen citados na obra *A cocíña galega*; nos comentarios non imos seguir unha sistemática, e trataremos en cada caso cuestións de diferente tipo, como pode se-lo emprego das variantes dialectais, os castelanismos e tamén nalgún caso faremos unha aproximación á orixe do vocábulo.

A primeira clasificación que propoñemos dos peixes é moi xeral, diferenciamos entre peixes de mar e peixes de río, e cando sexa pertinente especificáremo-la especie ou a familia científica á que pertencen, en todo caso, non é máis que unha guía orientativa que lle dea unha estrutura ó traballo.

### 1. Peixes de mar

Falaremos en primeiro lugar dos peixes de mar, que son os máis numerosos na súa obra, aínda que os peixes de río, escasos en número de variedades, aparecen citados con moita máis frecuencia cós mariños.

---

<sup>1</sup> Vid. nota 1 en: X. Domínguez Dono-A. Fachal Fraguela "A fauna en Cunqueiro. As aves", neste mesmo nº de *Cadernos de lingua*.

Se observámo-lo léxico que Cunqueiro emprega, vemos que non se aparta das denominacións que son xerais a toda Galicia: *arenque* "...comín uns arenques afumados i un pouco de queixo de Fougéres,..." (CRO 76); *bacallao* "Pensamos nun zoqueiro que viña a zoquear prós mariñeiros de bacallao." (CRO 45); *boga, sargo, dourada, maragota* "Ate a unha boga ou a un sargo lle pasa eso. E a unha maragota ou a unha dourada." (COC 99); *bonito* "Hai diferenca entre unha ventrecha asada dun bonito de comezos da costeira, e a dun que retorna, en setembro, pra o sur." (COC 99); *raia, faneca* "...hai o amante da faneca [...] o da raia con allada ou o do pargo asado..." (COC 102); *robaliza, robalo* "Robalos e robalizas son xente fina, cunha carne moi branca." (COC 101); *rodaballo, mero* "O galego ten uns certos peixes coma o millor que dá o mar: lenguado, rodaballo, mero,..." (COC 100); *salmonete* "...salmonetes pequenos pra fritir ou á parrilla, e salmometes meirandes pra o forno." (COC 102); *sardiña, xouba* "Pro, agora, a moda do galego son as empanadas de xouba, das que xa dixemos, e as sardiñas asadas, frescas." (COC 107).

A pesar de que Cunqueiro emprega maioritariamente formas que coinciden coas escollas do estándar lingüístico actual, tamén fai uso das variantes dialectais para nomear outros peixes. El mesmo se decata da existencia destas variantes, e así llo transmite ó lector: "...en Foz chámanlle verdel ao que na máis da Galicia pescadora é xarda ou cabala, ou rincha, etc." (COC 68). Cunqueiro utiliza as palabras *rincha, cabala* e *xarda* para denomina-lo mesmo peixe, sen embargo Ríos Panisse<sup>2</sup> dinos que a *rincha* é unha especie máis pequena, e a *xarda* é unha variedade de *cabala*. *Rincha* e *xarda* son as denominacións máis frecuentes para referirse á *cabala*, e *verdel*, como di Cunqueiro, emprégase en Foz, ademais de Escarabote, Mugaridos e Rinlo<sup>3</sup>.

Outra denominación que recolle Cunqueiro para nomea-lo *escacho*, é a de *rubio*: "...hai o amante [...] dos rubios ou escachos..." (COC 102). Hai distintas opinións sobre a orixe da palabra *escacho*: Antón Santamarina di que "La palabra *escacho* para referirse a los rubios es de origen desconocido... Tampoco resulta satisfactorio pensar en un derivado de *escachar* "hendir", a pesar de que unha especie de rubios posee su "fozinho alongado, largo anteriormente, com uma funda chafradura mediana" (Albuquerque, 907). La dificultad en este caso es no sólo semántica (puesto que no todos los rubios son "hendidos") sino también léxica, dado que sería un procedimiento insólito en la formación de la

<sup>2</sup> Ríos Panisse, M.C., *Nomenclatura de la flora y fauna maritimas de Galicia*, Verba, Anexo 7, Universidade de Santiago de Compostela.

<sup>3</sup> Ríos Panisse, M.C., *op.cit.*, 1977, p. 351.

palabra."4. Sen embargo, Rodríguez González dá as hipóteses de Antón Santamarina como válidas: "El nombre gallego de este pez proviene según Cornide, de tener la mandíbula superior dividida en dos partes y como hendida o escachada..."5.

Para o *sábalo* documéntanse tamén as voces *saboia* e *sable*: "*Outro peixe que pola primavera rube os nosos ríos, é o sábalo. Nalgunhas partes chámasele, saboia, e aínda sable*". (COC 96), sen embargo para Rodríguez González, o *sable* é un peixe distinto ó *sábalo*, aínda que recoñece que nalgunhas partes de Galicia se denomina *saboia* ou *sable*6. Esta especie desenvólvese no mar, e sobe ós ríos na primavera para desovar: "*Agora os embalses non lle non deixan chegar acolá. Hai pouco sábalo, cada vez menos*." (COC 96) *Sábalo*, *saboia* e *sable* son as distintas denominacións que se rexistran na *Cociña Galega* para referirse á *saboga*.

O *bacallao*, peixe moi valorado na cocina portuguesa, non o é tanto na galega. Un prato tan común nas mesas galegas polo Nadal como é o bacallao con coliflor, non é da nosa tradición, segundo Cunqueiro: "*Non é de nós o bacallao con coliflor, -ou millor, a coliflor con bacallau-, de Nadal...*" (COC.109); "*Eu poño aquí o bacallau pra decir cómo estando tan perto de Portugal, que é tan vicioso del, nós somos ben menos bacalladeiros...*" (COC 109). Esta voz, *bacallau*, é a máis empregada por Cunqueiro, aínda que se documentan outras como *bacalao* e *bacallao*: "*As dúas ensaladas poden ir acompañadas de bacalao...*" (COC 30); "*Pensamos nun zoqueiro que viña zoquear prós mariñeiros de bacallao...*" (CRO 45). *Bacalao* é un castellanismo moi usual na lingua falada de toda Galicia, mentres que *bacallau*, forma que está viva hoxe no portugués moderno, é unha variante anticuada do español7, documentada no *Diccionario* de Eladio Rodríguez8 pero que non se adapta á fonética galega, de aí que a forma preferida sexa *bacallao*.

Outros peixes que aparecen con menos frecuencia son o *muxe* e o *prago*, denominados por Cunqueiro *múxele* e *pargo*: "*...estaba a carranchapernas no foque faguendo que pescaba un múxele pro almorzo...*" (SIN 43); "*...hai o amante da faneca, e o dos rubios ou escachos, o da raia con allada ou o do pargo asado...*" (COC 102). A voz *múxele* aparece documentada nalgúns dicionarios9, sen embargo non é a forma

4 Ríos Panisse, M.C., *op.cit.*, 1977, p. 277.

5 Rodríguez González, E., *Diccionario enciclopédico Gallego-Castellano*. Galaxia, Vigo, 1960, vol. II, p. 236.

6 Rodríguez González, E., *op.cit.*, p. 304.

7 Vid. *Diccionario de dúbidas da lingua galega*, Galaxia, Vigo, 1991, p. 89.

8 Rodríguez González, E., *op.cit.* 1958, p. 302.

9 Rodríguez González, E., *op.cit.*, 1960, vol. II, p. 665 et Ríos Panisse, M.C., *op.cit.*, 1977, p. 254.

máis estendida; as variantes *munxel*, *muxe*, *muxo*<sup>10</sup> son as máis empregadas en todo o territorio galego. Aínda que na área mindoniense a voz empregada é *prago*, sen embargo Cunqueiro bota man da variante *pargo*.

Na *Cociña Galega* aparecen *besugo* e *ollomol* como denominacións para un mesmo peixe: "*Ao besugo, que nós chamamos comunmente 'ollomol', vaille moi ben o asado ao forno,...*" (COC 101). *Ollomol* é a palabra empregada en galego, sendo *besugo* de uso castelán. Sen embargo nalgúns dicionarios<sup>11</sup> pódese constatar que hai unha pequena diferenza entre o *besugo* e o *ollomol*, pois o *ollomol* ten unha mancha negra preto das aletas xugulares.

A voz castelá para a denominación de *pescada* é *merluza*: "*La pescada, que así se llama en Galicia la merluza...*"<sup>12</sup>; "*Calquera destes peixes que van citados, congrio inclusive, teñen ben máis sabor, son ben máis dinos dunha grande cociña que a merluza, a pescada.*" (COC 100). A pesar de ser un castelanismos a voz *merluza* está tan estendida coma *pescada*. Desta mesma especie son a *pescadilla* e a *carioca*: "*Son ben máis sabrosas as pescadillas pequenas, e aínda as mínimas, as que agora chaman graciosamente, e diréi que porque fan que bailan ao curvalas pra que se mordan a cola, 'cariocas'.*" (COC 101). A *pescadilla*, chamada en galego *pescada pequena*, tamén se coñece co nome de *carioca*. A orixe desta denominación segundo Antón Santamarina pode deberse a que "*Quizás los saltos de las pescadillas al ser sacadas del agua recuerda los movimientos del baile de la carioca, y de ahí, festivamente el nombre del pez.*"<sup>13</sup>

A *pescada*, a *pescada pequena* e a *carioca* son tres peixes da mesma especie pero de distintos tamaños. A *pescada* é o máis grande e as *cariocas*, como di Cunqueiro son 'as mínimas'. Outra denominación moi estendida en Galicia para a *pescada* é a de *pixota* pero Cunqueiro non recolle esta forma nos seus textos.

Outros tres peixes ós que fai referencia Cunqueiro por medio de voces castelás son o *congrío*, *lenguado* e *rape*: "*O congrío tamén se cura, ao sol e ao vento, coma o pulpo.*" (COC 100); "*O lenguado cómese frito ou á plancha, e agora nas salsas europeas que andan por aí, dende a Orloff á maître d'hôtel.*" (COC 100); "*O rape pode xantarse asado, en salpicón, frito en filetes.*" (COC 102). O *congrío* aparece bastantes veces citado na obra de Cunqueiro. É un dos peixes que abundan nas costas galegas, e en consecuencia máis empregado na cociña. O *lenguado*, que recibe este nome polo seu aspecto lingüiforme, é outro dos

10 García González, C., *Glosario de voces galegas de hoxe*. Verba, Anexo 27, Universidade de Santiago de Compostela, p. 492.

11 Ríos Panisse, M.C., *op.cit.*, 1977, p. 279 et Rodríguez González, E., 1960, p. 47.

12 Rodríguez González, E., *op.cit.*, 1960, p. 142.

13 Ríos Panisse, M.C., *op.cit.*, 1977, p. 403.

peixes prezados dos nosos mares. O castelanismo *lenguado*, empregado por Cunqueiro, tamén é a forma máis estendida entre falantes galegos.

Concluindo cos peixes mariños, quédanos falar do *rape*, denominación castelá máis usada por Cunqueiro cá propiamente galega *peixe sapo* (forma que se corresponde co castelán 'pejesapo'): "...e ao peixe que ninguén quería, e que lle chamaban peixe sapo, chámalle á catalana *rape*, de rap,..." (COC 102).

## 2. Peixes de río

Entrando xa no mundo da pesca de río, quizais máis prezada polo autor, pois son numerosas as receitas que propón para estes peixes; vemos que de todos o máis nomeado é a *troita*, logo o *salmón* e seguidamente o *reio*: "*Coma o océano é fértil en peixe, os ríos galegos sóno en troitas. A máis corrente é a 'salmo fario', que vive sempre nos ríos e nunca baixa ao mar,...*" (COC 94). Fai Cunqueiro a diferenciación de peixe (dos océanos) fronte ás troitas, das que di que son fértiles os ríos galegos. Dá deste peixe moita información sobre varias especies ("...a '*salmo fario*', [...] a *troita arco-iris*, a '*salmo iridens*', [...], *troita americana do Norte*,..." (COC 94)), comenta tamén o seu tamaño ("*Unha troita de dez centímetros de longo está moi ben.*" (COC 94)) e a mellor época para pescalas ("*As millores troitas son as de abril deica que se veda a pesca.*" (COC 94)), acabando cunha serie de consellos gastronómicos sobre a súa preparación ( "*A troita fritida mesmo pide unha ensalada de leituga. Si non hai unto a man, pódense botar no aceite, na tixela, unhas lonchiñas de xamón,...*" (COC 94)).

Dentro do grupo dos *salmonidae* inclúense o *salmón* e o *reio*, nomes que se axustan ás escollas do estándar lingüístico actual, e dos que Cunqueiro dá merecida conta: "*E todo o que lle vai ben ao salmón, na cociña, vaille ao reio.*" (COC 93). Son peixes que xunto co *sábalo* e a *lamprea* van dos ríos cara ó mar, xeralmente para o desove: "..., por exemplo, en que dende o *Eo* ao *Miño* os galegos comeron a *lamprea*, sempre, aínda que menos na *Galicia cantábrica* que na *occidental*." (COC 11). É a *lamprea* un peixe de corpo angüiliforme que nace no río, ata que se fai adulto e baixa ó mar. En Galicia, a de máis sona é a que se pesca no río *Miño*, e que Cunqueiro coñece sobradamente, de aí que sexa un dos peixes que máis aparece citado na *Cociña Galega*, xunto coa *troita*, *salmón*, *anguía*, etc: "*As millores empanadas de lamprea, pra mín, son as que se xantan en Caldas de Reis.*" (COC 58); "*A lamprea ademais de fresca, pódese curar, e pódese comer cocida, con verdura, ou rechea,...*" (COC 95).

Se a *lamprea* é un peixe do que fala moito Cunqueiro, non menos o é a *angula*, da que Cunqueiro nos di: a época na que soben os ríos ("*Están boas en calquer estación pro as milloras son as que, polos setembros, escoitan non se sabe cómo, a chamada nupcial.*" (COC 97)), onde se pescan, como é mellor preparalas ("*Teñen fama, xa dixeran noutro lugar, as de Portomarin, as de Belesar, as do Avia, as do Barco de Valdeorras, as do Cabo [...] cómense fritidas, en empanada, si son grandes toradas i en salsa verde, e fan un arroz moi diferente...*" (COC 98)) e mesmo os viños para acompañalas ("*Os tintos, lixeiros, [...] van moi ben coa lamprea e os brancos coas anguias fritidas ou empanadas.*" (COC 159)).

Finalmente só nos queda por comenta-la *angula*, cría da *angula*, cocificada en galego segundo Cunqueiro co nome de *meixón*. Non obstante ámbalas dúas formas son propias do léxico galego, aínda que o seu uso se restrinxe maioritariamente ás zonas nas que se pescan, de aí que só apareza a forma *meixón* en Goián e Tui e *angula* en Laxe: "*Como dixeran, en Galicia non comiamos a cría, é decir, a angula, que en galego decimos meixón.*" (COC 97). "*Cousa recente é que os galegos comamos o 'meixón' é decir, as angulas,...*" (COC 11).



## O PADRE SARMIENTO NO SEU TEMPO

RAMÓN MARIÑO PAZ  
Universidade de Santiago

Realmente, o título deste artigo abre amplísimas perspectivas de estudo que a Xosé Luís Pensado Tomé<sup>1</sup>, a Xosé Filgueira Valverde<sup>2</sup> ou a Fernando Lázaro Carreter<sup>3</sup> xa lles forneceron material abondo para escribiren numerosas páxinas, libros enteiros. Desde logo, o que con este pequeno traballo pretendo facer non consiste en analizar, nin sequera superficialmente, todo o complexo e matizado pensamento lingüístico do Padre Sarmiento contrastándoo ademais coas correntes dominantes na erudición filolóxica do seu século. Tampouco me referirei ás súas ideas sobre as orixes da linguaxe, nin ás súas felices intuicións sobre a posibilidade de desenvolver estudos de lingüística románica, nin ás súas aproximacións ó concepto de lei fonética, nin ós seus estudos de etimoloxía, nin ó seu proxecto dunha lingua universal nin a tantas e tantas outras empresas que excitaron a súa curiosidade e aguillaron a súa intelixencia pero que aquí non podo máis que mencionar e recordar. Así, pois, nas páxinas que seguen deixarei a un lado todas aquelas cuestións lingüísticas tratadas polo padre bieito que non gardan relación directa co que é o espertar da conciencia idiomática na Galicia moderna.

A postura de Sarmiento sobre a reincorporación do galego á vida oficial será confrontada coas opinións que sobre as linguas de España distintas do castelán manifestaron outros intelectuais do século XVIII como o Padre Feixoo, Jovellanos e Gregorio Mayans. Finalmente, tamén

---

<sup>1</sup> Son moitísimos os traballos do profesor Pensado dedicados á figura de Sarmiento ou a algunha obra ou aspecto particular dela. Ante a imposibilidade de recordalos todos, limitáreme a consigna-lo seguinte: J. L. Pensado [Tomé], *Fray Martín Sarmiento: sus ideas lingüísticas*, Oviedo, Cuadernos de la Cátedra Feijoo, 1960.

<sup>2</sup> Cf. sobre todo X. Filgueira Valverde, *Fray Martín Sarmiento*, A Coruña, Banco del Noroeste, 1981.

<sup>3</sup> Cf. as páxinas que dedica a Sarmiento en F. Lázaro Carreter, *Las ideas lingüísticas en España durante el siglo XVIII*, Madrid, Editorial Crítica, 1985, e F. Lázaro Carreter, "Los orígenes de las lenguas gallega y portuguesa, según Feijoo y sus polemistas", *Revista de Filología Española* 31 (1947), pp. 140-154.

prestarei atención a aquelas circunstancias da vida de Frei Martín que estimo relevantes para entende-lo seu pensamento sobre a situación e necesidades do idioma galego no seu tempo, así como ós acontecementos políticos e sociais do momento que axuden a contextualiza-lo personaxe e as súas ideas. Propóñome, en conxunto, facer unha breve exposición de carácter divulgativo que ó mesmo tempo suxira algunhas posibles liñas de investigación que poderían ser desenvolvidas en futuros traballos que vaian avanzando na liña marcada polos eruditos estudos do profesor Pensado Tomé.

Frei Martín Sarmiento, o chamado na súa vida secular Pedro Xosé García Balboa, naceu en Vilafranca do Bierzo en 1695, pero xa ós catro meses se trasladou coa súa familia a Pontevedra, onde seu pai ía traballar de correo maior. Á beira do Lérez, a lingua da súa infancia foi o galego, segundo confesión propia que lle atopamos diversas veces nos seus escritos:

"Sólo he mamado la lengua gallega, que, con la ocasión de venir a tomar el Santo hábito, olvidé casi del todo, y me di a la lengua castellana"<sup>4</sup>.

"Escribo para mi gusto y para mi instrucción, y para ejercitarme en la averiguación de la antigüedad, nobleza y pureza de la lengua que he mamado"<sup>5</sup>.

Aquel cativo que enredaba en galego cos rapaces do seu tempo debeu de te-lo seu primeiro contacto serio co castelán ó ir face-los primeiros estudos ó convento de Lérez, onde é seguro que tivo que estudia-lo latín pola famosa *Arte* de Nebrija: e velaí o Sarmiento infante, galegófono desde pequeno, sufrindo a antipedagóxica aprendizaxe en castelán que tantas veces había de denunciar durante a súa madurez. Creo indubitable que as observacións e demandas que sobre este particular se atopan de contino na obra do bieito teñen un soporte autobiográfico, están alicerzadas sobre unha base de experiencias persoais.

É en 1710, ós seus quince anos de idade, cando aquel rapaz, ó ir face-lo noviciado da orde beneditina no mosteiro madrileño de San Martín, experimenta o cambio decisivo do seu comportamento lingüístico persoal: "con la ocasión de venir a tomar el Santo hábito -dicia na primeira cita anteriormente transcrita- olvidé casi del todo [o galego], y me di a la lengua castellana". E, coa mesma claridade, díno-lo mesmo noutro lugar da súa obra: "Desde el dicho año de 10 nunca hablé, ni leí,

<sup>4</sup> Fr. M. Sarmiento, "Elementos", *BRAE* 15, p. 671.

<sup>5</sup> Fr. M. Sarmiento, *Onomástico*, p. 76, par. 270. Por outra parte, as lembranzas da nenez das que deixa constancia escrita Frei Martín véñenlle ligadas á lingua galega, a que lle falaban os seus pais; a este respecto cf. Fr. M. Sarmiento, *Onomástico*, pp. 41 e 148.

ni escribí tres períodos en lengua gallega<sup>6</sup>. De 1710 en diante toda a carreira eclesiástica de Frei Martín se desenvolveu fóra de Galicia. A súa experiencia non pode deixar de recordarme a doutros moitos homes do seu tempo que tamén deberon abandonar Galicia para face-lo seu noviciado ou os seus estudos civís e, de resultas deles, promocionarse. Esta experiencia debeu de supoñe-lo cambio do galego para o castelán non só para Sarmiento, que así o confesa nunha das pasaxes da súa obra hai un momento citadas, senón tamén para bastantes máis que tiveron que deixar Galicia para profesaren nunha orde relixiosa ou para iren estudar á Universidade de Salamanca ou a outras o que non ensinaba a de Santiago<sup>7</sup>.

Coido que na toma de conciencia da súa condición lingüística de galego ó Padre Sarmiento tivo que lle pesar nalgunha medida a non moi agradable experiencia que lle supuxo o traslado de Pontevedra a Madrid ós seus quince anos. Alí o seu falar e o seu acento, a súa incapacidade para pronunciar correctamente a consoante fricativa velar xorda do castelán, provocaban as risas e as bromas dos seus compañeiros de noviciado. Aprende-la lingua oficial do reino custoulle, como el mesmo confesa, notables esforzos<sup>8</sup>. Sen embargo, a conversión do Padre Sarmiento, é dicir, o seu reencontro co galego, non parece datar da súa idade adolescente e xuvenil, senón dos anos da madurez. Segundo o profesor Pensado, esta decisiva viraxe da súa traxectoria intelectual tivo lugar cando ó reflexionar sobre a maneira de facer un vocabulario etimolóxico do castelán reparou no importantísimo papel de intermediario que nestes estudos podía xoga-lo seu idioma materno<sup>9</sup>. Teño para min que a conversión de Frei Martín veu precedida de algo así coma a revelación de San Paulo. Desque caeu do cabalo o compromiso do Padre Sarmiento co galego foi definitivo.

Derívanse deste compromiso as denuncias e demandas que o sabio frade foi anotando no silencio da súa cela madrileña, revelándollas tal vez a algún dos amigos máis achegados e dignos da súa confianza. Mais antes de pasar revista a tales preocupacións volvámo-la vista atrás para

<sup>6</sup> Fr. M. Sarmiento, *Colección*, p. 76.

<sup>7</sup> Sobre este estímulo para o abandono do galego por parte das clases letradas cf. H. Monteagudo [Romero], "As leis", pp. 22-23.

<sup>8</sup> Cf. J. L. Pensado [Tomé], "Estudio preliminar", pp. 22-23.

<sup>9</sup> Cf. J. L. Pensado [Tomé], *Fray Martín Sarmiento*, p. 102, e Fr. M. Sarmiento, "Elementos", *BRAE* 15, pp. 672-673. Das palabras desta pasaxe da obra de Sarmiento salientarei as seguintes: "tardé poco en observar que la lengua gallega y la castellana no son sino dos dialectos de la lengua latina en toda su extensión, y que cuanto más se retrocede en siglos casi coinciden esos dialectos. Esto es muy del caso para que los castellanos se utilicen en los elementos etimológicos. Hay muchas voces puras gallegas que también se usaron en el puro castellano, pero ya se han perdido de todo. Antes de los godos la analogía y alteración de las letras latinas era uniforme en los dos dialectos. Después, con el tiempo, el dialecto castellano se apropió una especial analogía, y el gallego no quiso mudar la suya por ser tan tenaz" (p. 673).

reparármolas circunstancias histórico-políticas en que discorren a infancia e mocidade de Sarmiento e tracémoslas liñas básicas do que poderíamos chama-la "política lingüística da dinastía borbónica".

Tiña o neno Pedro Xosé cousa de cinco anos cando en 1700 se iniciou en España a Guerra de Sucesión ó trono que aquel mesmo ano quedara vacante ó morrer sen descendencia o rei Carlos II de Austria. O remata-la guerra co triunfo de Felipe V de Borbón, un dos netos do Rei Sol, consagrouse en España unha política que propendía á creación dun Estado nacional unificado e centralizado que naturalmente se miraba no espello do modelo francés, que os Borbóns estaban aplicando con grande éxito. Sen embargo, á unidade do Estado procurada pola nova dinastía quedáronlle aínda algunhas pequenas fendas. Así, mentres que os territorios do antigo reino de Aragón (Aragón, Cataluña, Valencia e Mallorca), que foran partidarios do arquiduque durante a guerra, viron como os *Decretos de Nueva Planta* lles substituían os seus réximes xurídicos e administrativos tradicionais polo réxime común español (é dicir, polo do reino de Castela), Navarra e as vilas vascas, valedoras do pretendente francés no conflito sucesorio, mantiveron os seus foros tradicionais. "En el caso de Cataluña, de Valencia y de Mallorca -sígnala Miquel Siguan- la uniformidad administrativa implicaba además el uso exclusivo del castellano en todas las actuaciones jurídicas y administrativas. Si hasta entonces la progresiva marginación de las lenguas distintas del castellano había sido una consecuencia secundaria de la política de unificación, a partir de este momento la uniformidad lingüística será un objetivo directamente buscado, y esta uniformidad no sólo se considerará como una forma de racionalidad, sino como expresión de la unidad nacional"<sup>10</sup>. Galicia, onde o idioma propio realmente xa levaba case dous séculos marxinado, non resultou nesta ocasión tan directamente prexudicada coma os países de lingua catalana, pero non cabe dúbida de que sufriu igualmente os efectos daquela nova política lingüística especialmente celosa na utilización exclusiva do castelán en tódolos actos oficiais do Estado español.

---

<sup>10</sup> M. Siguan, *España plurilingüe*, p. 27. O profesor Siguan sitúa no século XVII o momento en que en España, abandonado xa o proxecto imperial, se intenta constituír un Estado moderno ó estilo dun "Estado nacional". Isto explicaría que fose entón cando a política de unificación se fixo máis explícita. Para ilustrar este cambio cita Siguan este consello que o Conde Duque de Olivares lle deu en certa ocasión a Felipe IV: "Tenga V.M.: por el negocio más importante de su Monarquía el hacerse rey de España. Quiero decir, Señor, que no se contente VM con ser rey de Portugal, de Aragón, de Valencia, Conde de Barcelona sino que trabaje y piense con consejo maduro y secreto por reducir estos reinos de que se compone España al estilo y leyes de Castilla sin ninguna diferencia" (*España plurilingüe*, p. 25). Para Siguan "de lo que se trata es de una unificación política y administrativa, las mismas leyes y los mismos reglamentos, pero la diferencia de lenguas, y más exactamente el desconocimiento del castellano, empieza a sentirse como obstáculo" (*España plurilingüe*, p. 25).

Precisamente, un dos primeiros e máis importantes froitos do reinado de Felipe V foi a creación da Real Academia de la Lengua Española, que data de 1713. Tamén nisto, coma noutras cousas, se copiaba o modelo francés encarnado na nova casa real que se acababa de instalar en Madrid: na acta de fundación do 3 de xullo de 1713 díciase que o Marqués de Villena ideara establecer na vila e corte madrileña unha Academia "como la ay en la de París"<sup>11</sup>. A intención con que nacía a institución era tan clara que non parece necesitar explicacións, pero, así e todo, voume apoiar de novo na autoridade do profesor Siguan para explicitala. Segundo Siguan, a RAE, "creada y sostenida por el Estado" [...], "no sólo representaba el reconocimiento explícito de la importancia que la máxima autoridad política concedía al tema de la lengua, sino que implicaba la solidaridad del Estado y de la Administración pública con las normas que promulgase la Academia y por tanto el compromiso de cumplirlas y también de difundirlas a través de la enseñanza. Pero además, en países como Francia y España en los que la lengua "oficial" y principal coexistía con las lenguas "regionales", la creación de la Academia significaba el espaldarazo oficial a la unificación lingüística"<sup>12</sup>.

Poñamos agora, ó lado do dato da creación da RAE en 1713, a lembranza do tan coñecido e tantas veces citado Real Decreto de Aranjuez de 1768, que dispoñía "que en todo el reino se actúe y enseñe en lengua castellana". Probablemente pretendíase con el redondealo proxecto borbónico de reforzamento do Estado nacional, así como tapar definitivamente certas fendidas polas que as linguas maternas dos rapaces non casteláns aínda debían de ir asomando extraoficialmente nas aulas. Por outra parte, é significativo que, mentres que ata o século XVIII a escola non xogou un papel destacado na difusión do castelán porque só recibían educación formalizada certas elites que xa tendían, alomenos en Galicia, a ir abandonando o idioma propio, neste momento en que o ensino comeza a estenderse a sectores máis amplos da sociedade as autoridades dictan este Real Decreto que evidentemente converte os centros de educación elemental nun dos principais axentes da uniformización lingüística que se pretendía.

En 1780 prodúcese un acontecemento que enlaza de maneira clara o dato da creación da RAE co do Real Decreto de Aranjuez. En tal ano dictouse unha Real Orde que dispoñía que nas escolas de España o

---

<sup>11</sup> *Actas de la RAE, 3-7-1713.*

<sup>12</sup> M. Siguan, *España plurilingüe*, p. 111. Téñase en conta tamén a seguinte observación de J. L. Pensado, "O galego", p. 188: "As consecuencias extremas da exaltación das linguas nacionais alcánzanse na Ilustración. Os ilustrados loitan pola difusión, a regulación e a imposición da lingua nacional, mesmo como forma de expresión da ciencia, en competencia co latín. A Real Academia é o organismo encargado de limpiala, fixala e darlle o esplendor e lustre que merece. Ante isto o galego non tiña nada que facer".



idioma oficial debía estudiarse pola gramática que a Real Academia de la Lengua Española publicara en 1771. A orde establecía que "en todas las escuelas del reino" [se ensine] "a los niños su lengua nativa por la gramática que ha compuesto y publicado la Real Academia de la Lengua; previniendo que a ninguno se admita a estudiar latinidad sin que conste antes estar bien instruido en la gramática española"<sup>13</sup>. Quedaba así establecido que tódolos nenos de España tiñan como lingua nativa o castelán e, por outra banda, esta Real Orde de 1780 cerraba o círculo aberto en 1713 coa fundación da RAE: a institución *oficialmente* encargada de fixar e unifica-lo idioma *oficial* publicaba en 1771 unha gramática que, co apoio do poder real<sup>14</sup>, sería difundida polas escolas de todo o reino, onde quedaba prohibido ensinar *en* linguas de España distintas do castelán e, desde logo, ensinar linguas de España distintas do castelán. Ademais, a difusión da gramática da RAE non tardou moito en recibilo auxilio de varias obriñas para a aprendizaxe dos rapaces en que a exposición dos preceptos se acomodaba ó tipo de público ó que ían destinadas. Falo, por exemplo, dos tratadiños escolares do Padre Santiago Delgado de Jesús y María (1790) e de Guillermo A. de Christobal y Xaramillo (1798), ou da enciclopedia de Torcuato Torio de la Riva (1798).

Xa no século XIX, o espírito liberal das Cortes de Cádiz non supuxo ningún cambio de mentalidade no tocante á lexislación en materia lingüística. O 9 de setembro de 1813 unha Xunta creada pola Rexencia para propoñer unha reforma xeral do ensino en España emitiu un informe en que se consideraba que "debe ser una la doctrina en nuestras escuelas, y unos los métodos de su enseñanza, a que es consiguiente que sea también una la lengua en que se enseñe y que esta sea la lengua castellana"<sup>15</sup>. Aínda que realmente o albo contra o que se dirixía esta recomendación era o desterro definitivo do latín como lingua do ensino, non deixa de ser certo que no seu espírito está tamén a consagración do castelán como único idioma dos centros educativos españois e, en definitiva, a súa consideración como único idioma oficial do reino.

En fin, para acabar de comprender enteiramente a situación de suma debilidade en que naquel momento se atopaban o galego, o catalán e mailo eusquera cómpre ter presente que as disposicións e recomendacións que acabo de tomar nacían nun momento en que o castelán estaba librando unha guerra en dúas fronteas: por unha banda, loitaba contra o latín para se ir consolidando definitivamente como lingua da ciencia e do ensino universitario e, por outra, intentábase defender da pesada in-

<sup>13</sup> Cit. en F. Lázaro Carreter, *Las ideas*, p. 189.

<sup>14</sup> O rei Carlos III xa mostrara, polo menos desde os últimos anos da década dos sesenta, un grande interese polo progreso dos traballos conducentes á publicación da *Gramática* da RAE de 1771. Sobre esta cuestión cf. R. Sarmiento, "Introducción", pp. 14-17.

<sup>15</sup> Cit. en F. Lázaro Carreter, *Las ideas*, p. 182.



fluencia que o francés exercía daquela sobre toda Europa. Esta situación explica non só a aparición de actitudes puristas e casticistas respecto do idioma, senón tamén o fervor castelanista e españolista que entón se observa nas institucións, nos gobernantes e na meirande parte dos intelectuais da España borbónica do século XVIII<sup>16</sup>.

Esta era, en suma, a "política lingüística" dominante no tempo de Sarmiento e esta a escola que lle tocou vivir e censurar. Fronte a elas formula lúcidas accións de resposta que no seu tempo non tiveron o eco que merecían xa que, por unha banda, el non se preocupou de darlles publicidade e, por outra, resultaban realmente inaceptables, mesmo irrisorias, para a mentalidade común da España da Ilustración.

En primeiro lugar, como é ben sabido, Frei Martín demandou a introducción do ensino do galego e en galego, case sempre apelando pura e simplemente a criterios de conveniencia pedagóxica: non era racional que ós rapaces galegos se lles explicase o latín por medio dunha lingua que só coñecían de maneira moi precaria, o castelán. Non se podía estudar *ignotum per ignotum*<sup>17</sup>. Esta preocupación pedagóxica é realmente un elemento que non se debe esquecer á hora de deitar luz sobre os motivos que o levaron a reclama-la rehabilitación do galego. El cría que a modificación do sistema educativo era unha condición inescusable no necesario proceso de rexeneración da vida españoila e da vida galega. A educación da xuventude dedicou xustamente unha das súas obras máis coñecidas: o *Tratado de la educación de la juventud*<sup>18</sup>. Ó seu modo de ver, para que o ensino mellorase era preciso que os rapaces o recibisen primeiramente na súa lingua materna: os casteláns en castelán, e os galegos en galego. Só despois do estudio da gramática do idioma propio lles aproveitaría o estudio do latín feito na lingua que aprenderan no seo da familia e non na que antipedagoxicamente lles imponía a escola.

Para poñer en marcha este proceso rexenerador da escola galega era necesario contar con certos medios materiais e humanos. O Padre Sarmiento propuxo, por unha parte, que en cada vila de Galicia houbera catedráticos de latín e de lingua galega e, por outra, que se escribisen unha gramática e un vocabulario galegos e unha gramática e un vocabu-

---

<sup>16</sup> Sobre estas cuestións cf. F. Lázaro Carreter, *Las ideas*, esp. pp. 163-182 e 205-292, e A. Alonso, *Castellano*, pp. 96-100.

<sup>17</sup> Cf. Fr. M. Sarmiento, *Onomástico*, p. 34, par. 110: "He tomado la pluma para escribir estos pliegos compadecido de la juventud gallega, que tanto tiempo ocupa en estudiar una lengua que ignora por otra que no sabe; siendo así que en la lengua nativa que ha mamado, tiene los principales fundamentos para entender con más facilidad el latín, y con más perfección el castellano si después se dedica a ese dialecto".

<sup>18</sup> Consúltese na edición de J. L. Pensado [Tomé], *La educación de la juventud de Fray Martín Sarmiento*. Edición y estudio crítico. Santiago, Xunta de Galicia, 1984.

lario latino-galegos. Mentres non se contase con todos estes instrumentos poderíase ir traballando con traducións da *Arte* de Nebrija e doutros tratados gramaticais<sup>19</sup> ou suplindo as carencias que se atopasen coas gramáticas portuguesas<sup>20</sup>. Desta maneira iniciárase o camiño que debería levar ó restablecemento da situación de normalidade dos estudos latino-galegos<sup>21</sup> que el supón para a época medieval. A medio prazo, ademais, poderíanse escribir e publicar en galego varios libros sobre historia natural, xeografía e xenealoxía, así como un groso cancionero que contivese coplas populares<sup>22</sup>.

A preocupación sarmentina pola extensión que en España tiñan certos vicios antipedagóxicos no ensino da gramática latina xa contaba con algún precedente no propio século XVIII, pero as propostas de solución que outros deron foron ben diferentes da súa. Así, nunha carta dirixida ó ministro Patiño en 1734 Gregorio Mayans mostrábase contrario ó hábito de ensina-la gramática en latín. Mayans, coma Sarmiento, consideraba que a primeira gramática que un neno debía aprender era a da súa lingua materna, mentres que só despois disto debería da-lo salto ás gramáticas dos outros idiomas. Ora ben, sendo, como era, valenciano, o que Gregorio Mayans propoñía naquela carta a Patiño era concretamente que a gramática latina se explicase en castelán, pero non en catalán<sup>23</sup>. Ben diferente do de Frei Martín, pois, era o remedio que en 1734 arbitraba Mayans<sup>24</sup>, quen anos despois puxo en circulación o instrumento preciso

<sup>19</sup> Isto é o que propón en Fr. M. Sarmiento, *Onomástico*, pp. 10-11, par. 9: "Debía, pues, imprimirse un Nebrija, y los demás libros de Gramática con la explicación escrita en gallego, y se debía explicar también a boca en ese mismo idioma, que sepan ya los niños".

<sup>20</sup> Véxase, por exemplo, isto que escribe no *Tratado de la educación de la juventud*: "Antes de entrar el niño en la *Grammática Latina*, se debe exercitar en una *Grammática Vulgar Española*. Pero si el niño es gallego; y que aya de estudiar latín, se debe exercitar antes el niño en una *Gramática Vulgar* de la *Lengua Gallega*. Ay muchas *Grammáticas* Vulgares de la *Lengua Castellana*, pero ninguna ay de la *Lengua Gallega*. Este defecto se podrá suplir por el *Arte Vulgar de la Lengua Portuguesa*" (J. L. Pensado [Tomé], *La educación*, p. 81, par. 82). Interesan tamén as observacións contidas nas p. 82, pars. 83 e 84; e pp. 124-126, pars. 174, 175, 176, 177, 178 e 179 da mesma obra, así como as vertidas en Fr. M. Sarmiento, "Elementos", *BRAE* 17, pp. 730-731.

<sup>21</sup> Cf. Fr. M. Sarmiento, *Onomástico*, p. p. 28, par. 83: "Los gallegos que en el siglo XI v.g., estudiaron latín, ¿por cuáles artes y vocabularios castellanos le estudiaron? Es imposible que entonces no hubiese vocabularios de la lengua gallega, y algún libreo de su gramática. Confieso que de ninguno tengo noticia. Acaso ese género de libros esté comido de la polilla en algún archivo".

<sup>22</sup> Cf. Fr. M. Sarmiento, "Elementos", *BRAE* 17, p. 742, e *BRAE* 18, pp. 118-119.

<sup>23</sup> Cf. F. Lázaro Carreter, *Las ideas*, pp. 156-157.

<sup>24</sup> É sumamente improbable que o Padre Sarmiento chegase a coñecer esta carta de Mayans, que non se publicou ata 1773 (*Cartas morales, militares, civiles y literarias de varios autores españoles*, Valencia, 1773, tomo I, prólogo), morto xa o bieito. Ora ben, a través de lecturas, observacións e reflexións propias, os dous puideron chegar a detecta-lo mesmo problema pedagóxico, para o que arbitraron remedios diferentes. Para explicar esta diferenza de opinións quizais haxa que ter en conta, ademais da distinta actitude intelectual de cada un

para acomete-la reforma que propugnaba: a súa *Idea de la gramática de la lengua latina*, de 1768<sup>25</sup>. A ela veuse a sumar, tres anos despois e con semellante intención, a obra que deu á imprenta Juan Iriarte: a *Gramática latina escrita con nuevo método y nuevas observaciones en verso castellano con su explicación en prosa*<sup>26</sup>. E case ó mesmo tempo, en 1772, a Universidade de Alcalá remitiu ó rei Carlos III un informe sobre a reforma dos estudos no que entre outras cousas se loaba o feito de que as modernas gramáticas latinas fosen saíndo publicadas nos distintos idiomas "nacionais"<sup>27</sup>. Todo isto acontecía nun ambiente caracterizado polas repetidas manifestacións de intelectuais e institucións que se mostraban partidarios de que as linguas vulgares fosen substituíndo definitivamente o latín como vehículos da ciencia e do ensino.

Así as cousas, a proposta de Sarmiento era literalmente revolucionaria, pois levaba ata as súas últimas consecuencias o principio pedagóxico que todos ían aceptando e superaba a falsa identificación entre idioma nativo e idioma oficial, que chegou a facerse case incuestionable naquel Estado borbónico do século XVIII. Salvo algunha ilustre excepción coma a de Jovellanos, que preso no castelo de Bellver observou que os nenos mallorquinos non daban asimilado o que lles intentaban aprende-los seus mestres porque llelo ensinaban en castelán e non en catalán<sup>28</sup>, ninguén se situou na liña marcada polo Padre Sarmiento. A norma da época foi a preconizada por Gregorio Mayans<sup>29</sup>.

Ben lonxe dela estaba o pontevedrés, que, fiel ás súas conviccións, levou as súas demandas en materia lingüística máis alá dos límites do terreo escolar. Frei Martín coidaba que había que lles esixi-lo coñece-

---

dos dous estudiosos (que debe de ser causa decisiva), as posibles discordancias entre as situacións sociolingüísticas galega e valenciana do momento. Téñase en conta, entre outras cousas, que en Valencia se publicaron desde antigo un número considerable de obras en castelán, moitas máis ca en Galicia.

<sup>25</sup> Cf. G. Mayans, *Idea de la gramática de la lengua latina*, Valencia, Orga, 1768.

<sup>26</sup> J. de Iriarte, *Gramática latina escrita con nuevo método y nuevas observaciones en verso castellano con su explicación en prosa*, Madrid, 1771.

<sup>27</sup> Cf. F. Lázaro Carreter, *Las ideas*, p. 159.

<sup>28</sup> Así o manifestou no seu *Tratado teórico-práctico de la enseñanza*. Segundo Jovellanos, cumpría que "se aplicasen los principios de la gramática general a nuestra lengua mallorquina y se diese a los niños una cabal idea de su sintaxis. Siendo la que primero aprenden, la que hablan en su primera edad, aquella en que hablamos siempre con el pueblo y en que este pueblo recibe toda su instrucción, visto es que merece mayor atención de la que le hemos dado hasta aquí" (cit. en F. Bareño, *Ideas*, p. 45). A este respecto cf. tamén F. Lázaro Carreter, *Las ideas*, pp. 187-188, e M. Siguan, *España plurilingüe*, pp. 29-30.

<sup>29</sup> A este respecto cf. M. Siguan, *España plurilingüe*, p. 30: "la mayoría de los ilustrados setecentistas tienen un interés puramente erudito por el pasado y no creen en su posible recuperación. Tal postura la podemos ver típicamente representada en A. de Capmany, historiador entusiasta de las glorias pasadas de Cataluña que en el prólogo a su traducción castellana del *Llibre del Consolat del Mar* (*Código de las costumbres marítimas de Barcelona*, Madrid, 1791) escribe: "

mento do galego a aqueles que aspirasen a desempeñar cargos eclesiásticos en Galicia:

"No sé como toleran los Obispos que curas que no son gallegos ni saben la lengua, tengan empleo *ad curam animarum*, y sobre todo, la administración del santo Sacramento de la Penitencia. ¿Qué es el coloquio de un penitente, rústico y gallego, y un confesor no gallego, sinó un entremés de sordos?"<sup>30</sup>.

E, adiantándose a algo que había de ser unha constante do galeguismo, apelaba inmediatamente ó modelo de conducta ofrecido polos cataláns:

"Para evitar estos y otros absurdos en odio, burla, nulidad y chacota al Sacramento de la Penitencia, es justísima la ley o costumbres de los catalanes, que jamás darán curato o rectoría al que no es catalán, o no está examinado de que sabe bien la lengua catalana. [...] ¿Y por qué los Obispos de Galicia no se deben ceñir a esta justísima ley? [...] Yo aseguro que si para los curas de Galicia hubiese examen de lo que saben del gallego vulgar, y diesen calabazas a los que no lo saben, tendría yo menos que persuadir sobre el estudio de la lengua gallega"<sup>31</sup>.

Así mesmo, Sarmiento entendía que tamén tiñan que coñecer-lo idioma galego todos aqueles que por causa da súa profesión tivesen que tratar de contino coa inmensa masa galegófona da Galicia daquel tempo: "Lo que digo del cura que no entiende el lenguaje de sus feligreses y de los feligreses que no entienden el lenguaje de su cura, se podrá aplicar a otros muchos que han de tratar con gallegos rústicos y cuya lengua no entienden bien"<sup>32</sup>. En tal situación estaban, por exemplo, todas aquelas persoas que se encargasen de administrar xustiza civil dentro do territo-

<sup>30</sup> Fr. M. Sarmiento, "Elementos", *BRAE* 18, p. 123. ¿Como non se lembrar, lendo estas consideracións de Sarmiento, dos "Diálogos entre un Confesor castellano y un penitente gallego" que compuxo F. Mirás, *Compendio*, pp. 57-59? Na obra do gramático compostelán, publicada en 1864, o confesor acáballe dicindo ó penitente que se vaia confesar "con otro que sea del mismo país para que la confesion no vaya expuesta" (p. 58). Por outra parte, teño para min que Antonio de la Iglesia tomou de Sarmiento as ideas que expuxo no seu prólogo ó diccionario de F. J. Rodríguez aparecido en 1863 (*A. de la Iglesia*, "Prólogo", p. VI), onde dicía que era necesario que os sacerdotes, xuíces e empregados da administración pública galega coñecesen o idioma galego para así atender correctamente os seus administrados. Neste prólogo ó diccionario de Rodríguez, se non directamente na obra de Sarmiento, debeu de se inspirar Mirás para compoñer-lo seu diálogo. Mais, tanto se Mirás leu a Sarmiento coma se non o fixo, parece seguro que os dous tiveron coñecemento das delirantes situacións que adoito se debían de producir entre penitentes galegos e sacerdotes foráneos.

<sup>31</sup> Fr. M. Sarmiento, "Elementos", *BRAE* 18, pp. 123-124. Na p. 126 é bastante máis contundente: "Lo más sensible es que cuando los que no son gallegos ni saben bien el idioma gallego se meten a instruir a los rústicos en la doctrina cristiana, a administrarles los sacramentos, y en especial el de la Penitencia, a exhortarlos y todo en lengua castellana que no entienden los oyentes. Este es asunto de un concilio provincial en el cual los aldeanos representasen sus justas quejas para que no se siguiesen tantos absurdos enormes del abuso contrario. Para maldita la cosa se necesita en Galicia la lengua castellana".

<sup>32</sup> Fr. M. Sarmiento, "Elementos", *BRAE* 18, p. 124.

rio de Galicia. Tamén os xuíces e maxistrados deberían falarlles galego ós galegos que a eles acudían e ademais habería que lles esixir que coñecesen os costumes do país para así poderen máis rectamente dictar xustiza:

"Hablo, sí, de los que han de tratar de instruir y dirigir a los fieles en la religión católica y de los que han de administrar justicia civil; arreglándose unos y otros a las inviolables y loables costumbres del país, pués una costumbre establecida e inmemorial, y que no es mala, tiene tanta fuerza como una ley extemporánea y transitoria, y todos los que no saben, ni la lengua gallega ni las costumbres respectivas, son ineptos para los dichos empleos"<sup>33</sup>.

Tampouco lle parecía a Sarmiento que puidese ser bo avogado en Galicia aquel que non coñecese nin o galego falado no seu tempo nin o da documentación medieval:

"Un abogado en Galicia, sea gallego o castellano, que no sabe el latín puro y el facultativo; que no sabe el latín bárbaro de la Media Edad, que se escribió en Galicia; que no sabe el gallego antiguo de los documentos, y el gallego vulgar y actual que en general se usa, y el que es especial en algunos territorios, ese tal ni es literato ni letrado. Ni es, ni puede ser, abogado, ni informar a los jueces en los pleitos, cuyo asunto es sobre la genuina inteligencia de una cláusula, expresión o palabra de un instrumento antiguo, sea latino sea gallego. Ese no se debe llamar abogado, sino vocero, como se usa en las Partidas, pues sin los requisitos propuestos podrá meter el pleito a voces pero no entenderlas y penetrarlas"<sup>34</sup>.

Produce admiración a perspicacia con que Frei Martín advertiu as prioridades dunha "política de normalización lingüística" útil no seu tempo. El, que coñecía coma poucos na súa época a historia da súa lingua materna e sabía que desde finais da Idade Media o castelán fora penetrando pasenfiamente en Galicia a través dunha administración civil e eclesiástica e dun ensino controlados e dirixidos case en exclusiva por unha clase rectora non galega, vendo ademais as consecuencias negativas que este estado de cousas estaba tendo para a educación, para os oficios relixiosos e para a vida civil e decatándose de que todo isto ía inoculando nos galegos un virus de menosprezo do idioma propio e sobrevaloración do alleo<sup>35</sup>, propón unha réplica dunha lóxica incontestable: había que ensina-lo galego e en galego ós rapaces de Galicia e tíñaselles

<sup>33</sup> Fr. M. Sarmiento, "Elementos", *BRAE* 18, p. 124.

<sup>34</sup> Fr. M. Sarmiento, *Onomástico*, pp. 42-43, par. 139.

<sup>35</sup> Todas estas opinións e observacións do Padre Sarmiento son tan coñecidas que case é excusado apoialas documentalmente. Así e todo, cf. J. L. Pensado [Tomé], *Fray Martín Sarmiento*, esp. pp. 99-133. Da obra do Padre Sarmiento cf. especialmente Fr. M. Sarmiento, "Elementos", *BRAE* 18, pp. 119-123 e 125-131.



que esixi-lo coñecemento da lingua galega a tódolos funcionarios das administracións eclesiástica e xudicial operantes en Galicia.

O Padre Sarmiento foi, que eu saiba, o primeiro partidario coñecido da normalización lingüística de Galicia. E isto que hoxe en día produce aínda tantos proídos en certos sectores da nosa sociedade no século XVIII era tan inimaxinable que a Frei Martín lle custou o ostracismo e mesmo que o tivesen por tolo. Non creo que caiba para el un menosprezo maior ca aquel con que o quixo desacredita-lo diplomático Félix de Azara, que en 1772, recentemente finado o noso bieito, dicía isto a propósito del: "Todo lo que habrá dejado el Padre Sarmiento valdrá harto poco, porque el tal fraile, con una inmensa lectura, no tenía una pizca de juicio"<sup>36</sup>. ¿Que outra cousa podía esperar un erudito das súas ideas nun tempo en que se exaltaban as chamadas linguas "nacionais" e se desdefñaban as consideradas "rexionais", os "dialectos"<sup>37</sup>? Sarmiento predicaba no deserto. Nadaba contra a corrente. Como observa o profesor Pensado Tomé, o bieito pontevedrés elaborou o seu pensamento sobre a rehabilitación da lingua galega *a pesar da* Ilustración e mesmo en contra dela<sup>38</sup>. Só nos albores do Rexurdimento, no ecuador do século XIX, comezaría a ser valorado case coma un mito entre as elites galeguistas ou pregaleguistas, pero teño a impresión de que durante moito tempo a súa obra foi moitísimo máis citada ca autenticamente lida.

### Bibliografía citada

- Alonso, A. (1968): *Castellano, español, idioma nacional. Historia espiritual de tres nombres*, 4ª ed. Buenos Aires: Losada.
- Bareño, F. (1910): *Ideas pedagógicas de Jovellanos*. Xixón.
- Ferrer del Río, A. (1856): *Historia del reinado de Carlos III en España*. Madrid.
- Filgueira Valverde, X. (1981): *Fray Martín Sarmiento*. A Coruña: Banco del Noroeste.
- Iglesia, A. de la (1863): "Prólogo del director de *La Galicia*, editora de este diccionario", en F. J. Rodríguez, *Diccionario gallego-castellano*, Revista Coruña, Galicia, pp. V-VIII.

---

<sup>36</sup> Cit. en A. Ferrer del Río, *Historia*, tomo IV, p. 424.

<sup>37</sup> Cf. J. L. Pensado [Tomé], "O galego", p. 187.

<sup>38</sup> Cf. J. L. Pensado [Tomé], "O galego". Esta afirmación de Pensado, que fago miña, non entra en contradicción co feito de que durante o século XVIII, tanto en España coma noutros lugares de Europa, comezase a desperta-lo interese polo estudio das falas "rexionais" e "locais", sobre o que chamou a atención A. del Río, "Los estudios", pp. 210-212. Moitos daqueles eruditos que estaban ben dispostos a estudar tales "falares" ou "dialectos" nunca seguirían a Sarmiento na súa pretensión de lles dar uso oficial.



- Iriarte, J. de (1771): *Gramática latina escrita con nuevo método y nuevas observaciones en verso castellano con su explicación en prosa*. Madrid.
- Lázaro Carreter, F. (1985): *Las ideas lingüísticas en España durante el siglo XVIII*. Madrid: Crítica.
- Lázaro Carreter, F. (1947): "Los orígenes de las lenguas gallega y portuguesa, según Feijoo y sus polemistas", *Revista de Filología Española* 31, pp. 140-154.
- Mayans, G. (1768): *Idea de la gramática de la lengua latina*. Valencia: Orga.
- Mirás, F. (1864): *Compendio de gramática gallega-castellana*. Santiago: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás. Hai edición facsímil con presentación de Xesús Alonso Montero: F. Mirás (1978): *Gramática*. Madrid: Akal Editor.
- Monteagudo [Romero], H. (1991): "As leis, as letras e a lingua galega. Breve ollada retrospectiva", en X. Rodríguez Abella e X. González Martínez (coords.): *Contos da xustiza*. Vigo: Ir Indo Edicións, pp. 5-31.
- P[az]. J. (ed.) (1928, 1929, 1930, 1931): "Escritos filológicos del padre Sarmiento", *Boletín de la Real Academia Española* 15, pp. 22-38, 447-457 e 670-674; 16, pp. 244-255 e 366-382; 17, pp. 275-290, 571-592 e 721-742; 18, pp. 118-135.
- Pensado [Tomé], J. L. (1960): *Fray Martín Sarmiento: sus ideas lingüísticas*. Oviedo: Cuadernos de la Cátedra Feijoo.
- Pensado [Tomé], J. L. (1970): "Estudio preliminar", en *Fr. M. Sarmiento: Colección de voces y frases gallegas*". Edición y estudio. Salamanca: Acta Salmanticensia, pp. 7-70.
- Pensado [Tomé], J. L. (1984): *La educación de la juventud de Fray Martín Sarmiento*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Pensado [Tomé], J. L. (1989): "O galego no século da Ilustración", *Grial* 102, pp. 183-198.
- Real Academia Española (1984): *Gramática de la lengua castellana 1771*. Edición facsímil y apéndice documental de Ramón Sarmiento. Madrid: Editora Nacional.
- Sarmiento, Fr. M. (1928, 1929, 1930, 1931): "Elementos etimológicos, según el método de Euclides", *Boletín de la Real Academia Española* 15, pp. 670-674; 16, pp. 244-255 e 366-382; 17, pp. 275-290, 571-592 e 721-742; 18, pp. 118-135.
- Sarmiento, Fr. M. (1923): *Onomástico etimológico de la lengua gallega*. Tui: Tipografía Regional.

- Sarmiento, Fr. M. (1970): *Colección de voces y frases gallegas*". Edición y estudio de José Luis Pensado. Salamanca: Acta Salmanticensia.
- Sarmiento, R. (1984): "Introducción", en Real Academia Española, *Gramática de la lengua castellana 1771*. Edición facsímil y apéndice documental de Ramón Sarmiento. Madrid: Editora Nacional, pp. 7-81.
- Siguan, M. (1992): *España plurilingüe*. Madrid: Alianza Editorial.

## LAMAS CARVAJAL E O REXURDIMENTO

CARME HERMIDA

### 1. Anotacións biobibliográficas<sup>1</sup>

Antes de entrar no estudio das ideas lingüísticas de Lamas coído que convén facer unhas breves anotacións biobibliográficas desta figura, deste xeito seranos máis doado encadrála dentro do Rexurdimento e tamén estima-la súa importancia.

Valentín Lamas Carvajal naceu na cidade de Ourense o primeiro de novembro do ano 1849. Estudiu o bacharelato no instituto ourensán onde tivo por mestres a dúas ilustres figuras do galeguismo da época, García Mosquera, poeta e autor da primeira traducción ó galego do *Beatus Ille* de Horacio, e Saco Arce, profesor de grego e autor da primeira gramática científica do galego. Parece ser que nos primeiros anos 70 o autor do *Catecismo do Labrego* se desprazou a Santiago para cursa-la carreira de Medicina, pero ningún testemuño documental avala esta hipótese. Morreu na cidade na que nacera o mesmo día da inauguración da Real Academia Galega, o 4 de setembro do ano 1906.

Nos seus 57 anos de vida Lamas dedicouse a dúas tarefas principais, o xornalismo e a literatura. Como xornalista traballou no *Heraldo Gallego*, publicación da que foi propietario e director, que estaba escrita en castelán, aínda que mantiña un claro compromiso con Galicia e co galego. Este xornal fundouse no ano 1874 e desapareceu no 1880.

No ano da desaparición do *Heraldo* fundouse en Ourense un xornal de carácter liberal, *El Eco de Orense*, no que Lamas vai colaborar dende os seus inicios. No ano 1883 converteuse no seu director-propietario, cargo que ostentou ata a súa morte. Neste xornal era o encargado da *Mostacilla*, unha das seccións máis populares, na que realizaba en verso comentarios críticos da actualidade.

---

<sup>1</sup> Sobre este punto pode consultarse J. Fernández (1950): *V. Lamas Carvajal. Estudio biobibliográfico*. Moret.

Antes da súa entrada no *Eco* e antes tamén da desaparición do *Heraldo*, Lamas Carvajal protagonizou un dos feitos máis sobranceiros do XIX galego: a fundación, no ano 1876, do primeiro xornal escrito enteiramente en lingua galega, *O Tío Marcos da Portela*. A publicación, que comezou sendo quincenal pero pasou axiña a ser semanal, acadou no mesmo ano do seu nacemento unha tiraxe de 4.000 exemplares. O xornal viviu ata o ano 1889, aínda que con algunha interrupción -a máis longa entre 1878 e 1879-, e saíron en total catrocentos trinta números. O seu contido principal constituíano as coitas e os infortunios do pobo, en especial dos labregos, receptores ideais do xornal. O compromiso co idioma, ademais de ser evidente na súa redacción, explicitábase na súa cabeceira, onde se dicía: "Tefen os pobos a gala no seu linguaxe falar; fálase chino na China, portugués en Portugal, catalán en Cataluña, e na Alemaña, alemán, soilo os gallegos d'agora hastra vergenza lles da falar a melosa e dulce fala que falan seus pais". Ademais, entre os mandamentos do Tío Marcos aparecía "falar o gallego enxebre".

A obra literaria de Lamas non é excesivamente abundante pois redúcese a 13 libros, 5 deles en castelán, 1 bilingüe e os 7 restantes en lingua galega. As obras en castelán son os poemarios *La Monja de San Payo*, *Flores de Ayer*, *El Cancionero del Miño* e *Las dos perpetuas*, publicadas entre o ano 1871 e o 1874; e a *Mostacilla*, recompilación en tres tomos das súas publicacións no xornal *El Eco de Ourense*, que saíu do prelo nos anos 1897-98. O libro bilingüe, *Desde la reja*, publicouse no 1878 con 32 poesías, 5 en galego e 27 en castelán.

As sete obras en galego foron *Espiñas, follas e froles*, publicada na súa primeira edición no ano 1875, as *Dez cartas ós galegos*, escritas con motivo da Exposición Rexional de Santiago do ano 1875; as *Saudades gallegas*, do ano 1880. No 1887 publicou a *Gallegada, Tradicións, costumes, tipos e contos da terraña*. Dous anos despois, no 1889, aparecería *O Catecismo do labrego*, libro do que se farían ata o ano da morte do autor, no 1906, 13 edicións, case unha por ano, e que fora publicado con anterioridade por entregas no *Tío Marcos da Portela*. A súa derradeira obra publicada en galego foi *A Musa das aldeas*, que viu a luz no 1890.

Destá pequena incursión na biobibliografía de Lamas, convén salientar dous aspectos, en primeiro lugar, o feito de que a súa produción literaria en lingua castelá se concentre na primeira etapa da súa vida. A partir do ano 1875 só escribirá libros en lingua galega. Unicamente no ano 1897 rompe esta constante cunha recompilación dos versos xa publicados en *Mostacilla*. Esta aseveración non é válida, así e todo, para a súa produción xornalística, que se manterá en lingua castelá ó longo da súa vida.

En segundo lugar, obsérvase que, aínda que viviu ata o ano 1906, a súa produción literaria en galego, alomenos a coñecida, remata coa desaparición no ano 1889 do *Tío Marcos da Portela* e coa publicación no 1890 da *Musa das aldeas*. Estamos, daquela, diante dun caso de renuncia ó idioma semellante á de Rosalía, aínda que con substanciais diferencias. A máis evidente é que Lamas non arrenega do idioma galego explicitamente nin despois escribe obras de creación en castelán. De tódolos xeitos, non deixa de ser rechamante que un home que defendeu o idioma do xeito que el o fixo acabase renunciando a el.

As causas desta ruptura non están claras abondo. Sen embargo, coido que non é aventurado supor que estas están intimamente relacionadas coa situación política do país. Pola súa traxectoria persoal Lamas foi unha das persoas que máis influíu e tamén que máis axudou na consolidación dunha ideoloxía rexionalista. Nos seus xornais tiveron un profundo eco tódalas cuestións relacionadas con Galicia e calquera artigo ou acción que puidese redundar en beneficio da nosa nación tiña alí acollida. Con todo, cando no ano 1891 se creou a Asociación Rexionalista Galega de Ourense, Lamas só foi nomeado presidente de honra pero non foi elixido para ningún cargo executivo da mesma. Isto, xunto co pouco eco que a propaganda rexionalista tivo na cidade de Ourense e xunto tamén coa inimizade que mantivo con dous dos máximos representantes do rexionalismo na capital, García Ferreiro e Pérez Placer, puido provoca-lo desencanto do autor e, asemade, o seu afastamento de todo o que estivese relacionado co rexionalismo, especialmente da lingua, o seu sinal de identidade máis visible.

Independentemente destas consideracións, hai un feito que é obvio: Lamas Carvajal é un dos personaxes máis senlleiros do Rexurdimento no relativo á súa percepción da realidade do idioma galego.

## 2. A análise da realidade sociolingüística<sup>2</sup>

Para a análise das ideas sobre a situación da lingua na sociedade da época e sobre a normalización do idioma que expresou o autor do *Catecismo do Labrego* voume restrinxir ó estudio dun único artigo, porque nel se resumen moitas das teimas do autor ó longo da súa vida. Este artigo, como se pode comprobar na transcripción do mesmo que se inclúe ó final do comentario, non vai asinado directamente por Lamas, senón por un pseudónimo, Manuel de Lence.

---

<sup>2</sup> Para completa-la visión do Rexurdimento pode consultarse C. Hermida (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*, Xerais.

## *A convivencia entre galego e castelán*

Lamas Carvajal, e igual ca el tódalas persoas que no século XX tomaron consciencia de Galicia e da súa realidade, tiña unha idea clara e, polo xeral, acertada de cal era a situación na que se producía a convivencia entre o galego e mailo castelán na sociedade da época.

No texto analizado indicase que na Galicia decimonónica existían dous grupos claramente diferenciados pola lingua que falaban; por unha banda estaban as persoas que se negaban a falar en galego, ás que o autor se refire como "moitos galegos que se teñen por bos" e que, sen embargo, "non son capaces de ler e parolar un parrafeo na nosa fala". O outro grupo estaba formado polos usuarios do galego. A nivel non oral a situación era moito máis grave pois, debido a unha escolarización en castelán, non había en Galicia, tanto entre os galegofalantes coma entre os que non o eran, costume de ler nin de escribir en galego.

Sobre a diferenza existente entre estes dous grupos o autor só nos dá unha lixeira indicación, a contida no sintagma:

"¿Que estrano ten que a xente labrega, en canto sabe algunhas palabras castelás, as indilgue armando un batiburrillo de mil diabros, ó ver o escatimento que fan do idioma gallego as persoas que debían dar exemplo?"

da que se deduce que as persoas que falaban galego eran principalmente os labregos e as que falaban castelán un grupo situado nun nivel máis alto e que constituía o modelo de comportamento imitado polos labregos.

As informacións doutros textos da época confirman, efectivamente, que o grupo dos castelanfalantes estaba conformado polas persoas de status económico e cultural medio alto e normalmente habitantes das cidades. Os galegofalantes, pola contra, constituían o status cultural e economicamente máis baixo e estaban instalados maioritariamente nas zonas rurais.

### *Os focos castelanizadores*

No grupo dos que dominaban e falaban o galego, Lamas observaba unha forte tendencia á castelanización que el atribuíu a varias causas. En primeiro lugar "ó estropicio que cada día van facendo máis grande os que volven do servizo coa súa terminoloxía especial", isto é, ó influxo negativo que tiña para o galego a existencia de persoas obrigadas por razóns económicas e/ou militares a abandonaren o seu lugar de residencia e a trasladárense a unha cidade galega ou fóra de Galicia. Estas persoas, no seu intento de fachendear diante dos seus paisanos ou, mellor dito, de marcaren distancias cos seus iguais, non dubidaban en empregar tódalas



palabras castelás que cofecían para impresionaren os seus conveciños ou os seus oíntes en xeral.

A influencia negativa destes grupos humanos na colectividade galegofalante debeu ser moi importante pois as referencias a eles son moi numerosas na época. Un exemplo moi ilustrativo do que acontecía cos mozos que volvían do servicio, ademais do dato proporcionado por Lamas, é o presentado por Daniel Álvarez no conto "Toribio Touriñán"<sup>3</sup>, publicado na revista *Galicia Humorística* no 1888. Toribio, mozo dunha aldea do concello de Tordoia, é chamado ó servicio e destinado á cidade da Coruña. Este cambio de hábitat provoca nel un inmediato cambio lingüístico que se puña de manifesto cando se dirixía ás criadas dicíndolles: "Ola, sempaticosa, benia a la nai que te votó a este mundo" ou "Marusa ¿quieres que te adeprenda el ejercicio?".

Noutros textos da época as figuras ás que se lles atribúe esta característica de abandono do idioma son as mozas que van servir á cidade, como por exemplo a que lle contesta a Toribio dicíndolle "Higo no, que tenjo miedo de que te se adispere el fusil e me abras aljún burato".

Ademais das criadas e dos soldados, os emigrantes que volven son outra fonte de castelanización pois, para interpiren barreiras entre eles e os seus conveciños, volven utilizando unha lingua allea. En *Maxina*, obra de Marcial Valladares publicada no ano 1880, inclúese un diálogo entre dous mozos da aldea, el emigrante en Andalucía, ela criada en Santiago que se desenvolve deste xeito:

"-¡Hola chica! ¿Vas pa la vila?

-Hombre, vou. ¿Y tu?

-Yo me quedo un poco acá.

-Hasta onde sea, iremos en compañía<sup>4</sup>.

No grupo dos emigrantes unha das figuras máis representativas da época é o *cadiceño*, emigrante en Cádiz que volve cos petos baleiros pero falando andaluz. Este tipo foi maxistralmente pintado por Rosalía de Castro<sup>5</sup> pero xa fora ridiculizado con anterioridade por outros autores como Neira de Mosquera, quen no ano 1851<sup>6</sup> nun artigo que se titula *El Cadista* incidía na traición idiomática deste personaxe.

O segundo foco castelanizador salientado por Lamas no texto era o constituído polas persoas que se avergonzaban de usa-la súa lingua fóra do cotián. Trátase agora de falantes que perante un estraño utilizaban

<sup>3</sup> Daniel Álvarez, "Toribio Touriñán", en *Galicia Humorística*, 7 (15.05.88), 213.

<sup>4</sup> M. Valladares, *Maxina ou a filla espúrea*, Galaxia, Vigo, 1970, 71.

<sup>5</sup> Rosalía de Castro, "El Cadiceño", en 1866. *Almanaque para uso de la juventud elegante y de buen tono, dedicado a todas las bellas hijas del país*, Imprenta de Soto Freire, Lugo, 1865, 73-82.

<sup>6</sup> Neira de Mosquera, "Tipos de Galicia. El Cadista", en *Eco de Galicia*, 39 (9.8.1851), 3-4.

como lingua de relación unha distinta da propia. Esta actitude é definida polo autor como vergonza polo propio, idea esta sobre a que quero chama-la atención, pois aínda que non se corresponde exactamente, pode ser considerada un precedente do actual concepto de autoodio.

Un exemplo práctico desta actitude pode verse no conto "Las sefloritas de Carnero" de José Ojea (*Galicia Humorística*, 1 -15.1.1888-, 6-8). Estas eran mulleres da pequena burguesía urbana que "en el uso doméstico emplean el gallego (...) Mas para las cosas solemnes tienen el castellano híbrido".

Por último, o autor do *Catecismo do labrego* fai mención da castelanización inducida por razóns miméticas. Como as persoas dunha determinada cultura e dun determinado status socio-económico elevado se expresan en castelán, as situadas nun status inferior, nun acto reflexo e que expresa o desexo de igualación co status superior, tentan tamén utiliza-la lingua na que se expresan os superiores. Esta adopción da lingua allea é explicable en determinadas situacións de conflito lingüístico porque as linguas funcionan como marcas de clase e porque, para os falantes da lingua menos valorada socialmente, esta aparece como a barreira máis visible que os afasta da clase superior. Dende esta óptica, abandona-la lingua propia para adquiri-la allea constituía unha alancada xigantesca para acceder a un status superior.

Os intentos de educa-los fillos en castelán, que aquí non son comentados pero que constitúen outro dos feitos recorrentemente denunciados por Lamas, é tamén moi ilustrativo dese abandono da lingua como un intento de subir na escala social.

Nestes que acabo de enunciar non se esgotan os focos castelanizadores, había outros moitos que tiveron no transcurso do tempo unha grande influencia, como a escola, que nestas épocas comezaba a popularizarse, pero cos comentados coído que xa é posible ter unha idea de cal era a apreciación que tiña Lamas e outros contemporáneos da situación pola que atravesaba a lingua galega.

### *O Rexurdimento. Os seus obxectivos*

Nesta situación de descoñecemento do galego por uns e de desexo de descoñecelo por outros, aquí só esbozada, nesta tendencia xeneralizada ó abandono do galego xorde un amplo movemento de reivindicación do idioma propio que hoxe cofecemos como Rexurdimento.

Antes de seguir adiante coa descrición dos obxectivos da Renascencia cómpre clarexar, aínda que sexa moi brevemente, que este movemento reivindicativo non naceu con esta finalidade, senón que esta é consecuencia directa dunha reivindicación política anterior. É dicir, o Rexurdimento da lingua e da literatura galegas iniciouse logo dunha

análise política da realidade e da certeza de que Galicia non conseguiría o nivel de desenvolvemento que lle correspondía de non ser que antes adquirise consciencia de si mesma. Isto é, se de primeiras non se asumían con orgullo e fachenda tódolos aspectos que facían do galego un pobo con entidade de seu e diferente dos seus veciños, non sería posible avanzar polo camiño do progreso.

Os participantes destes ideais decatáronse de que a defensa da identidade diferencial galega, necesaria para adquiri-lo autogoberno político e o desenvolvemento do país en tódolos eidos, tiña un dos seus ali-cerces fundamentais na conservación e na recuperación do idioma propio. Por iso a lingua pasou a ser un dos elementos máis reivindicados do século pasado, porque sen ela Galicia perdería a súa identidade.

O movemento de reivindicación do galego no XIX ten pois como finalidade básica a conservación do idioma e esta pretenderon conseguila realizando tres tarefas básicas:

-Recuperando para el o prestixio perdido a través de séculos de colonización e de infravaloración.

-Dotándoo dos instrumentos de coñecemento e de análise propios dunha lingua de cultura: unha gramática e un dicionario.

-E elevando o seu emprego ós niveis propios dunha lingua normalizada. De entre os diferentes niveis de uso o que máis interesaba conseguir e polo que máis se loitou nun primeiro termo foi pola creación dunha literatura, pero, unha vez que esta ía agromando, comezaron novos pedimentos, como por exemplo o seu emprego na escola.

### *A recuperación do prestixio*

Os séculos de colonización castelá e a dirección que esta seguiu, primeiro afectando ás clases máis poderosas e despois descendo na escala social, motivaron unha negativa consideración social do idioma que se pode resumir en cualificativos como "ruda, bárbara, incapaz de expresar tódolos sentimentos", etc., aplicados á lingua.

Os rexurdimentistas, aínda que moi poucas veces o expresaron explicitamente, foron conscientes de que esta negativa consideración do idioma, primeiro defendida polos castelanfalantes e despois interiorizada polos galegofalantes, era unha das principais razóns que inducían ó abandono do galego. Por iso unha das súas tarefas fundamentais, e tamén a máis traballosa, pois aínda hoxe nos está plenamente lograda, foi a de prestixia-lo idioma. Dito doutro xeito, emprenderon o labor de proporcionar argumentos que contrarrestasen a infravaloración do galego e que, como consecuencia, paralisasen o seu abandono.

Lamas Carvajal fornece neste seu texto exemplos abondos, deste mecanismo de cualificacións positivas para o idioma. Aquí é onde hai

que encadra-la adxectivación positiva da lingua manifestada en formas como *meloso* ou na afirmación de que se trataba dunha lingua que lles daba envexa a tódolos que traballan pola rexeneración das falas rexionais. Tamén seguen ese mesmo camiño as referencias á condición de lingua de cultura empregada por grandes xenios noutros momentos da nosa historia e ó seu uso mesmo fóra das fronteiras de Galicia e a mención ó aprecio que, no momento en que escribía o autor, lle demostraban os estranxeiros, posto de manifesto cando recrimina ós galegos por teren "vergonza de facer uso do que os estranos tanto ademiran e con tanto intrínsecos aprenden".

### *A motivación do uso*

Á beira destes argumentos que servían para evitar, a través do seu prestixiamento, o abandono do galego, existían outros que, asemade, pretendían mover ó seu uso. Este é o caso da equiparación que se fai entre falalo, lelo e, por suposto, non ter vergonza de facelo e "ser verdadeiro fillo da terra na que se naceu" e as referencias ó vencello existente entre o progreso do idioma e o progreso do país. O autor, no caso do texto analizado, restrinxe este progreso ó renacemento literario, pero noutros escritos as súas referencias son ó progreso material en xeral. Así acontece no primeiro parrafeo de *Tío Marcos da Portela*, saído á rúa o 7 de febreiro do 1876, onde di textualmente:

"Cobizo que non haxa un curruncho na nosa pátreas onde non se oía o noso brande e melosíño linguaxe limpo das misturas doutras lénguas, nos fiadeiros, nas romaxes, nos parrafeos coas mozas, nas cántigas. En todo é necesario que respandeza a nosa fala. Isto tedes que comprir ó pé da letra si é que tedes o nobre anhelo de conseguir a prosperidade desta adourada rexión, votando asina os novos cimentos dun porvir cheo de gloria".

Esta idea, xeral no Rexurdimento, foi tamén moi fortemente defendida por Saco Arce<sup>7</sup>, quen indica que o caso catalán é o mellor exemplo de que o uso e a reivindicación do idioma están fortemente unidos co progreso do país. Os cataláns defenden e falan o seu idioma e son unha nación industrial, rica e avanzada.

### *A conquista de novos usos*

No relativo a conseguir para o galego usos comúns a unha lingua normalizada e os instrumentos propios desta, cómpre indicar que no momento en que este texto foi escrito xa había unha literatura en fase de

<sup>7</sup> J.A. Saco Arce, "Prólogo", en J. Pérez Ballesteros, *Versos en dialecto gallego*, Calleja e Cia, eds., Madrid, 1878, 7-13.

preconsolidación e xa foran escritas varias gramáticas e varios dicionarios. Por iso no texto non hai un chamamento a conseguilos, senón unha autofelicitación polo que xa se levaba feito. Así se pode observar no comezo dos tres primeiros parágrafos que inciden sobre o orgullosos que debían esta-los participantes no movemento de renacemento da lingua polos logros acadados.

Aínda que non se incite os galegos a realizaren traballos deste tipo, o texto reivindica a adquisición doutros usos e tamén a difusión do traballo realizado. Velaquí a súa orixinalidade e tamén a razón pola que o elixín. Lamas era consciente de que os obxectivos e as loitas do Rexurdimento podían ser un relativo fracaso se quedaban reducidas ó ámbito dos intelectuais ou literatos que mercaban ou escribían libros en galego. A meirande parte da sociedade galega da época nunca mercaba nin lía libros. Esta realidade presupuña que os esforzos realizados para eleva-lo galego a lingua de uso normal podían quedar reducidos a unha minoría e que, por falta de difusión social, non chegasen a da-los froitos desexados. Para evita-lo fracaso habería, pois, que difundir esas ideas entre o maior número posible de cidadáns. Dito coas súas palabras, había que procurar "levar ó tarreo da práctica algún modo para *popularizar* o gallego", entendendo por popularización a difusión das razóns que obrigaban ó seu uso, á súa defensa e á súa reivindicación. Esta serviría, asemade, para que tódolos habitantes de Galicia coñecesen o idioma propio, para mellora-la súa calidade e, por fin, para elimina-los prexuízos que impedían o seu uso. Dende o punto de vista do autor analizado esta estratexia, a popularización do idioma, era a única posibilidade de triunfo do renacemento perseguido.

O xeito de pór en marcha ese mecanismo corrector da situación do galego tíña claro Lamas. A popularización do idioma conseguiríase plenamente a través do seu uso na prensa periódica. A razón da escolla deste medio de difusión era evidente: poucas persoas existían que non se visen obrigadas a ler algún xornal. Polo tanto, este medio aseguraba a difusión das mensaxes entre un público numeroso. Sobre a maneira en que a prensa podía, e por razóns de patriotismo debía, contribuír á popularización, tamén é o noso autor contundente: utilizando o galego, é dicir, redactando os xornais unicamente neste idioma. Agora ben, como Lamas era moi consciente da realidade na que se movía, que demostraba que naquel momento era case imposible redactar un diario enteiramente en lingua galega, propón un paso intermedio: a redacción dunha sección en galego. Dende aquí sería máis doado chegar á meta final, que tódolos xornais que se publicasen en Galicia utilizasen como idioma único o galego. O artigo remata cun chamamento ós xornalistas para que aceptasen a idea pois así tocaríalle-la gloria de facer "polo noso chau o traballo

máis grorioso que pode levar a efecto o que se gabe de bo representante da opinión pública".

Aínda que así o suxira a escolla do texto, esta non a primeira vez que Lamas fixo esta exhortación á prensa. Xa a incluíra nas páxinas de *El Heraldo Gallego*, en concreto no número 202 (20 de decembro do 1876), nun artigo titulado "A la prensa de Galicia", no que falaba de dedicarlle unha sección semanal á publicación de textos literarios en galego:

"Outro asunto de no menor importancia y que levantaría á una gran altura el espíritu y el carácter de nuestro pueblo, es la propaganda activa y constante de la dulcísima habla de Galicia. Para conseguir esta patriótica empresa no necesitan nuestros queridos compañeros en la prensa del auxilio oficial. Consagrando cada periódico semanalmente una sección destinada á la inserción de composiciones en prosa y verso, escritas en nuestro melodioso lenguaje, y á la publicación de refranes y cantares populares de nuestro país, mucho podríamos adelantar en la noble y honrosa tarea á que estamos consagrados".

Esta proposta foi ben acollida por algúns xornais que ofreceron as súas páxinas a tódolos autores en lingua galega, pero desatou as iras doutros. A raíz dela estableceuse unha moi interesante polémica sobre o papel que debía te-lo idioma na sociedade na que participaron o propio *Heraldo* e o *Diario de Lugo* e mailo *Diario de Ferrol*. Posteriormente o tema da difusión do galego a través da prensa foi retomado polo *Tío Marcos* no ano 1884, pero falando só da publicación de textos literarios.

Con respecto ós anteriores, no presente artigo Lamas avanzou nos seus pedimentos e nas súas posturas, pois amplía o campo reservado ó galego e abandona a idea dos textos literarios para solicitar unha sección fixa, con preferencia aquela que trate as noticias locais. Despois destas publicacións do autor ourensán, que saibamos, só outro escritor retomou a reivindicación, foi M. Pardo Becerra na súa serie de tres artigos titulada "D'a fala gallega", publicada en *A Monteira*<sup>8</sup>.

Na actualidade o artigo de Lamas aínda non está superado. Aínda hoxe non temos un diario en galego, nin a maioría dos que se publican redactan nel unha das súas seccións, senón que máis ben parece que os diarios actuais se converteron en voceiros de minoritarias asociacións e colectivos que teñen como meta esencial das súas vidas o consuma-la morte por inanición do galego.

---

<sup>8</sup> Os artigos ós que nos referimos foron publicados nos números 1, 3 e 10. O texto onde se fala da prensa está no número 10 (28.12.1889), p. 2. Da *Monteira* hai unha edición fac-símil realizada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta.



## Outras reivindicacións de Lamas

O chamamento de Lamas ó emprego do galego na prensa non é o único aspecto no que este ilustre foi orixinal na súa concepción do que precisaba e do que debía se-la lingua. E así, entre outros aspectos, podemos salientar que: el foi o primeiro que reivindicou a creación dunha Academia Galega, que dende o seu punto de vista, sería "*o limpa fixa e dá exprendor*"<sup>9</sup> galego. A preocupación de Lamas pola corrección gramatical e ortográfica da lingua foi unha constante ó longo do seu traballo como xornalista e como editor. A este respecto cómpre lembrar, por exemplo, que no *Heraldo* sostivo unha pequena polémica cun xornal de Santiago sobre cal das variedades lingüísticas do galego era a máis correcta. No *Tío Marcos da Portela* manifestou tamén en numerosas ocasións a súa preocupación por este tema, sendo especialmente significativos os escritos relacionados coa polémica sobre a ortografía da fricativa prepalatal xorda. Esta polémica ten lugar o mesmo ano no que se publicou o artigo que nos está a servir de base para esta análise e a ela fai referencia no terceiro parágrafo cando se queixa de que as regras de ortografía que rexen no momento son case unipersoais. Para ter unha idea exacta sobre o interese deste autor polas cuestións normativas cómpre saber que no *Tío Marcos* apareceron nada menos que 11 traballos en catro meses sobre o tema da ortografía da prepalatal fricativa xorda.

Tamén foi este autor o primeiro que utilizou os instrumentos xurdidos do propio movemento para xustifica-lo inicio de novos usos e novas accións reivindicativas. Neste sentido cómpre indicar que el tivo moito que ver na mitificación en vida da figura de Rosalía Castro, a quen no ano 1875 califica como rola de Galicia. Foi tamén un dos primeiros que converteu o seu compromiso coa lingua nun chamamento directo ás persoas con el relacionadas para que o seguisen nese camiño. Os rexurdimentistas comprometíanse coa lingua ó escribiren en galego e ó defenderen e reivindicaren este idioma. O compromiso manifestábase, ademais, na inclusión nos seus escritos dunha serie de argumentos cos que se pretendía mobiliza-los galegos a usa-la lingua. Agora ben, poucos foron os autores que fixeron un chamamento directo ó uso oral activo e consciente do idioma. Dos poucos que hai, ningún tan explícito como o que aparece no poema "O falar das fadas" incluído no libro *Saudades Gallegas*:

Fálame nesa fala melosiña  
que celestiales armunías ten;

<sup>9</sup> V. Lamas Carvajal, *Dez cartas escritas pr'os gallegos*, Ourense, 1875.

fálame no lengoaxe da terraña  
s'é que me queres ben.

Fálame nesa fala qu'espresando  
tristuras, fai sentir ô curazon  
non sei que morno acabamento brando,  
nin que vaga emocion.

Fálame nesa fala pracenteira  
que cando goces expresarnos quer,  
é mais leda qu'os tonos d'a muiñeira,  
é mais doce que a mel.

Fálame no linguaxe dos gallegos  
se me queres facer moito sentir,  
na fala que hastra en lábeos de labregos  
non sei que ten pra min.

Arrólame con ritmo regalado,  
coa sonora infinita vibracion  
do falar polas fadas inventado  
pra meigar curazóns.

Xa de neno, esa fala melosíña,  
o meu feito a miña gloria foi;  
fálame no linguaxe da terraña  
s'é que me tes amor<sup>10</sup>.

E, xa para rematar, nun momento no que os ataques directos á preponderancia do español en Galicia podían ser contraproducentes, posto que o galego aínda non adquirira o suficiente prestixio social nin era vehículo dunha cultura importante, el foi o único, alomenos ata o ano 1891, que se atreveu a manifestar publicamente o ideal dunha Galicia monolingüe, como moi ben queda expresado no texto que comentamos. Unha Galicia monolingüe que el considera que se podía conseguir co esforzo de todos e moi especialmente co exemplo da prensa. O monolingüismo, na súa opinión, era o único camiño posible para garanti-la supervivencia da lingua.

Ben, aínda que con esta colaboración non esgotei, nin sequera esbocei na súa totalidade o conxunto das ideas relacionadas co uso social da lingua galega e coa súa extensión defendidas por Lamas Carvajal, e moito menos as da totalidade do Rexurdimento, agardo que, cando menos, esta sirva para que se decatén de que no século XIX a reflexión sobre a lingua galega foi moito maior do que comunmente se pensa, como tamén foi moito máis importante do que se cre o movemento reivindicación

---

<sup>10</sup> V. Lamas Carvajal, *Saudades gallegas*, Impr. de La Propaganda Gallega, Ourense, 1880, 71-73.

dor do idioma. Dentro deste, Lamas Carvajal, desafortunadamente hoxe só coñecido -e pouco apreciado- polo seu labor literario, foi un home comprometido co movemento de recuperación nacional de Galicia, que tivo unha visión do futuro do idioma e dos avances técnicos e sociais moito máis avanzada cá dos seus coetáneos. A idea dunha Galicia monolingüe e a importancia que pensaba que ían adquiri-los medios de comunicación de masas no futuro constitúen a mellor proba. O seu texto non ofrece ó respecto ningunha dúbida. Mágoa que esta Galicia-Saturno só nos deixara desta figura senlleira uns poucos libros, unha edición fac-similar pésima e incompleta do *Tío Marcos*, un pequeno monumento e non sei se algunha rúa escura e pouco transitada.

Abofellas que tódolos que se gaban de amantes da fala gallega, lles debe brincar o peito de alegría ó ve-lo que traballan os escritores e entuseastas poetas enxebres porque se estenda e progrese un idioma que lle dá envexa a tódolos que de veras se afanan polo renacemento das falas rexionales.

Non parece sinon que se estendeu pola nosa terra un antusiasmo xene-ral en proveito do melosífo linguaxe que tantas veces lle sirviu e serve a grandes xenios pra facer presente que tamén en gallego se poden espofer tódolos senti-mentos dos corazóns nos que latexa forte o amor pola pátreia e polas artes (...)

É cousa mui dina de ser alabada o que os literatos gallegos non sólo se contenten con publicar moitas e bonitas poesías, tradicións e contos dos que naide facía caso máis que os vellos tras da lareira, sinón que espreman tamén os mio-los pra saber si tal ou cal palabra se pon desta ou da outra maneira. Porque o certo éelles que, apesar de ser un gallego, vese nas apuradas pra saber o verdadei-ro modo de esquirbir as palabras máis conecidas e máis correntes da falaiña ga-llega, i-as regras da ortografía son tan *unipersonales* que se volve un home tolo ó ver que as autoridades gallegas na materia escriben cada un da maneira que Dios ou a súa cencia lle deu a entender.

E ben ¿cantos gallegos se enteiran destas agarradas? Poucos; solo os que teñen diñeiro e amor ó mesmo tempo ás cousas da terra e len as poucas revistas que se publican en Galicia.

Pois tendo en conta este inconveniente, creo que debe precurarase levar ó tarreo da práutica algún modo pra *popularizar* o gallego -e perdonade a palabra- Porque, compañeiros de monteira, dá grima ver que hai moitos gallegos que se teñen por bos, e probe do home que se estrevese a poñelo en duda diante das súas barbas, e sin embargo non son capaces de ler e parolar un parrafeo na nosa fala así os fixeran ministros da Facenda.

E si a esto se xunta a vergonza que teñen outros moitos de falalo diante de presoas que non sean conecidas i-o estropicio que cada día van facendo máis grande os que volven do servico coa súa terminología especial, xa se pode botar con facilidade a conta dos que, amantes da terra, loitan con fe porque a nosa fala chegue a ter a importancia que lle corresponde.

Parece que non é de creer. Como si na fala que usaron os xenios doutros tempos ante a Nación enteira non se poidera comunicar un con tódolos gallegos, temos vergonza de facer uso do que os estranos tanto adimiran e con tanto intrín-adeprenden.

E dempois de todo, amiguiños, ¿que estrano ten que a xente labrega, en canto sabe algunhas palabras castelás, as indilgue armando un batiburrillo de mil diabros, ó ver o escatimento que fan do idioma gallego as presoas que debían dar exemplo? Ningún. Pois eu non sei si será botarme de mui atrevido ó afirmar que,

<sup>11</sup> Manoel de Lence, "Fora vergonza", *Tío Marcos d'a Portela. Parrafeos co pobo galego*, 235 (1.6.1888), ano X, Ourense, pp. 1-3. O texto manipulado ortograficamente. Para facilita-la súa lectura adaptouse a ortografía -acentos e contraccións- ás normas actuais. O léxi-co non se modificou, nin se cambiou ningunha escolla do autor. O texto orixinal pódese consul-tar, ademais de no propio semanario, en C. Hermida (1993): *A reivindicación da lingua gale-ga no Rexurdimento (1840-1891)*. Escolma de textos. Consello da Cultura Galega, 327-330.

mentras tódolos gallegos non sepian lelo e falalo e non perdan a vergonza, amostando que son verdadeiros fillos da terra en que naceron, non pode progresar como debe o verdadeiro renacemento literario.

O percurar esto é unha das obras á que principalmente deben de atender os que de veras se intresen pola nosa fala. (...)

Atendendo a todas estas razóns tan dinas de respecto, eu creo, ó meu corto parecer, que sería bon medio de precurar que tódolos fillos de Galicia se gabasen de lelo e falalo en público valerse dos pródicos diarios, e con tal que estos á unha fixesen con algo de interés i-entusiasmo unha boa campaña, paréceme que logo se habían tocar con proveito os resultados. Mentira parece que de tanto diario como sai á luz tódolos días en Galicia non haxa ningún que defenda a terra en gallego e que teña un que contentarse solamentes con dous semanarios escritos no propio linguaxe.

Bueno, pois xa que non se poida conseguir polo de agora que a maior parte dos pródicos que se publican en Galicia se escriban todos en gallego, ó menos valerse algo deles e convirse todos ou casi todos en publicar unha das seuciós sempre en gallego. Que esta seución fose, poño por caso, a que publica as noticias da localidá, e coeso teríamos despois a seución toda de noticias gallegas escrita na nosa fala.

O periodista desempeñaría desta maneira unha das principás misións que lle impón o seu nobre cargo i-a prensa faríalle un servicio á terra gallega que nunca se podería estimar o bastante, porque o principal monumento que un pobo pode levantar é a rexeneración verdadeira do seu linguaxe, i-a proba máis concruiente de que se cobiza con gusto é que sostén con tesón o que un afamado escritor lle chamou a bandeira da pátreas.

As ventaxas que se conseguirían con decidirse a practicar somellante pensamento paréceme que ben merecen a pena de que se faga algo pra saír dunha vez do paso. Porque non hai que darlle voltas: lexos da vista lexos do corazón. O gallego que non se comunica a miúdo co linguaxe da terra non pode saber o que lle fai falla pra podelo falar ben; e mentras que todos non o parolemos en alto e sin vergonza e namentras que tódolos gallegos non o entendan é imposible que o idioma gallego volva a ter a importancia que por moitos e bos títulos ten ganada.

Aproveitarse dos diarios pra esta empresa é a cousa máis natural porque son mui poucos os que non se ven na percisión de ler algún, e desta maneira conseguírase que todos se vaian afacendo ó linguaxe que usan os enxebres da terra; e que dando a prensa o exemplo pra que se perda a inxusta vergonza que pola falta de costume teñen moitos chegue pronto o día de que os gallegos non falemos máis que a própea e verdadeira fala, que non sei cometese ningún pecado pra andar por ahí medosa e derrengada.

¿Que o pensamento deste probe gallego ten incomenencias? Pois a espoñelas e facelos medios pra que vencéndoas lle toque a gloria ós periodistas gallegos de haber feito polo noso chau o traballo máis grorioso que pode levar a efeuto o que se gabe de bo representante da opinión pública.

¿Que por chiripa o pensamento é aceptable? Maus á obra e que veña pronto o día en que tódolos gallegos nos entendamos ben prá rexeneración da te-

ira que nos viu nacer e que ten dreito a esixir de nós máis entusiasmo e máis interés do que polo xeneral lle demostramos coa nosa indiferencia i-o noso abandono.



## OS NOMES DE PERSOA DUNHA PARROQUIA RURAL GALEGA: BERDOIAS (1607-1760)<sup>1</sup>

XOSÉ M<sup>a</sup>. LEMA SUÁREZ

Este estudio sobre os nomes de persoa -mascullinos e femininos- do séc. XVII e da primeira metade do XVIII na parroquia galega de **S. Pedro de Berdoias (concello de Vimianzo-A Coruña, freguesía situada na zona central da Costa da Morte, a máis occidental de Galicia)** é un primeiro avance do que pretendo realizar nun futuro próximo: o estudio da onomástica desta comunidade rural do séc. XVII á actualidade.

Os datos que presento teñen por obxecto o seguinte:

1°. Ter unha visión porcentual dos nomes de persoa máis usados, de home e de muller, ó longo de todo o séc. XVII e a primeira metade do XVIII.

2°. O grao de castellanización dalgúns dos nomes diferenciais co castelán (ou, polo contrario, a porcentaxe de conservación das formas plenamente galegas). Posibles causas da progresiva castellanización.

3°. Comprobar se a diferenza de clases sociais (entre a fidalguía e o campesinado) determina o uso ou a introducción de certos nomes.

4°. Introdución (e/ou xeneralización) de novos nomes, ou de nomes certamente "exóticos" para este medio.

5°. Uso ou non de un ou máis nomes.

6°. Determinar de quen toma o nome o bautizado: do pai ou nai, do padriño ou madriña, etc.

Para realiza-lo estudio acudín ó arquivo parroquial de Berdoias e consultei os *Libros de Bautizados de Berdoias de 1607-1746* e o de

---

<sup>1</sup> Este traballo ten como base unha comunicación que, co título "Die Personennamen einer galicischen Landgemeinde: Berdoais (1607-1760)", foi presentada no XVIII Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas (18. Internationaler Kongress für Namenforschung), convocado polo International Committee of Onomastic Sciences (ICOS), que tivo lugar baixo a dirección do Prof. Dr. Dieter Kramer, os días 12-17 abril de 1993 na Universidade de Tréveris (Alemania).

1746-1818. Agradezo ó párroco, Ramón Romero Carril, tódalas facilidades dadas nesta consulta.

Convén advertir que o primeiro dos libros, bastante estragado, non recolleu ó completo tódolos datos dos nacidos/as do séc. XVII: quedaron sen rexistrar, coma tal, os dez anos que van de 1618 a 1628, e os case vinte que van de 1673 a 1692. Por outra parte, sen dúbida non están recollidos tódolos nomes dos nacidos nesta parroquia ó longo destes anos, habida conta de que ás veces o cura ou escribán encargado de pasalos ó libro dá a impresión de facelo pasados uns anos -ás veces abondoso nacemento.

No estudio contabilizamos un total de 906 bautizados, dos que -casualmente- houbo igual número para homes que para mulleres (452), quedando 2 sen saber a que sexo pertencían, debido ó deterioro dos folios onde estaban rexistrados. Deste total de 124 anos analizados (de 1607 a 1760, descontando os 10 anos que faltan entre 1618 e 1628, e os 19 que van de 1673 a 1692), 302 nacidos corresponden ó séc. XVII -161 homes e 139 mulleres- e os restantes 604 ós sesenta primeiros anos do séc. XVIII: aumenta notoriamente a natalidade neste século, gracias á melloira na alimentación (propagación da pataca como novo alimento base, etc.), pero tamén é certo que os cregos toman máis en serio as anotacións dos bautizados nos libros, como insisten con frecuencia os visitantes pastorais.

### Os nomes máis frecuentes

A) HOMES (452 total; 161 do séc. XVII; 291 do XVIII).

| nome         | 1607-1760<br>(total/porcentaxe) | 1607-1699<br>(total/porcentaxe) | 1700-1760<br>(total/porcent.) |
|--------------|---------------------------------|---------------------------------|-------------------------------|
| 1. Juan      | 82 (18,14%)                     | 28 (17,39%)                     | 54 (18,55%)                   |
| Joan         | 8 (1,76%)                       | 8 (4,96%)                       | 0                             |
|              | 90 (19,91%)                     | 36 (22,36%)                     | 54 (18,55%)                   |
| 2. Domingo   | 40 (8,84%)                      | 16 (9,93)                       | 24 (8,24%)                    |
| Domingos     | 4 (0,88%)                       | 4 (2,48%)                       | 0                             |
|              | 44 (9,73%)                      | 20 (12,42%)                     | 24 (8,24%)                    |
| 3. Andrés    | 37 (8,18%)                      | 13 (8%)                         | 24 (8,24%)                    |
| 4. Pedro     | 33 (7,3%)                       | 11 (6,8%)                       | 22 (7,56%)                    |
| 5. Antonio   | 25 (5,53%)                      | 9 (5,59%)                       | 16 (5,49%)                    |
| 6. Francisco | 24 (5,3%)                       | 10 (6,2%)                       | 14 (4,81%)                    |
| 7. Joseph    | 17 (3,76%)                      | 2 (1,24%)                       | 15 (5,15%)                    |
| 8. Alonso    | 12 (2,65%)                      | 11 (6,83%)                      | 1 (0,34%)                     |

|                     |                  |                  |                  |
|---------------------|------------------|------------------|------------------|
| 9. Manuel           | 8 (1,76%)        | 0                | 8 (2,74%)        |
| Manoel              | <u>1 (0,22%)</u> | 0                | <u>1 (0,34%)</u> |
| [+Ignocencio]       | 9 (1,99%)        | 0                | 9 (3%)           |
| 10. Ignacio/Ignação | 9 (1,99%)        | 1 (0,22%)        | 8 (2,74%)        |
| 11. Angel           | 7 (1,54%)        | 3 (1,86%)        | 4 (1,37%)        |
| Anxel               | <u>1 (0,22%)</u> | 0                | <u>1 (0,34%)</u> |
|                     | 8 (1,76%)        | 3 (1,86%)        | 5 (1,71%)        |
| 12. Alberto/Alveto  | 4 (0,88%)        | 3 (1,86%)        | 1 (0,34%)        |
| Alberte/Alverte     | <u>3 (0,66%)</u> | <u>2 (1,24%)</u> | <u>1 (0,34%)</u> |
|                     | 7 (1,54%)        | 5 (3%)           | 2 (0,68%)        |
| 13. Luis/Luys       | 7 (1,54%)        | 2 (1,24%)        | 5 (1,71%)        |
| 14. Bartolomé/-th-  | 6 (1,32%)        | 4 (2,48%)        | 2 (0,68%)        |
| 15. Lorenzo/Lorenço | 5                | 1                | 4                |
| 16. Mathias         | 5                | 1                | 4                |
| 17. Miguel          | 5                | 1                | 4                |
| 18. Phelipe         | 3                | 0                | 3                |
| Philippe            | 1                | 1                | 0                |
| Philipe/Phelipe     | <u>1</u>         | <u>1</u>         | <u>0</u>         |
|                     | 5                | 2                | 3                |
| 19. Simón           | 5                | 2                | 3                |
| 20. Benito/Venito   | 4                | 1                | 3                |
| 21. Gregorio        | 4                | 1                | 3                |
| 22. Julián          | 4                | 0                | 4                |
| 23. Martín          | 4                | 3                | 1                |
| 24. Tomás           | 4                | 1                | 4                |
| 25. Cristobo        | 2                | 1                | 1                |
| (Xptobo./Xp°)       | <u>1</u>         | <u>0</u>         | <u>1</u>         |
| Cristóbal           | 3                | 1                | 2                |
| (Xptobal.)          |                  |                  |                  |
| 26. Guille[l]mo/    | 1                | 1                | 0                |
| Guillelme           | 1                | 0                | 1                |
| Guillelmo           | <u>1</u>         | <u>0</u>         | <u>1</u>         |
| Guillermo           | 3                | 1                | 1                |
| 27. Jacobo          | 2                | 0                | 2                |
| Jacobe              | <u>1</u>         | <u>0</u>         | <u>1</u>         |
|                     | 3                | 0                | 3                |
| 28. Pablo           | 2                | 0                | 2                |
| Paulo[Antonio]      | <u>1</u>         | <u>1</u>         | <u>0</u>         |
|                     | 3                | 1                | 2                |
| 29. Raphael/Rafael  | 3                | 1                | 2                |
| 30. Vizente/Bisente | 2                | 0                | 2                |
| Viçente             | <u>1</u>         | <u>1</u>         | <u>0</u>         |
|                     | 3                | 1                | 2                |
| 31. Agustín         | 2                | 0                | 2                |
| 32. Baçilio         | 2                | 0                | 2                |
| 33. Bernabé         | 2                | 2                | 0                |
| 34. Carlos          | 2                | 0                | 2                |

|                               |          |          |          |
|-------------------------------|----------|----------|----------|
| 35. Fernando                  | 2        | 0        | 2        |
| 36. Gabriel                   | 2        | 0        | 2        |
| 37. Jachin/Juachin            | 1        | 0        | 1        |
| Jochin                        | <u>1</u> | <u>0</u> | <u>1</u> |
|                               | 2        | 0        | 2        |
| 38. Lucas                     | 2        | 0        | 2        |
| 39. Raimundo/<br>Raymundo     | 2        | 0        | 2        |
| 40. Salvador                  | 2        | 0        | 2        |
| 41. Thimoteo                  | 2        | 1        | 1        |
| 42. Adriano                   | 1        | 0        | 1        |
| 43. Alexo                     | 1        | 0        | 1        |
| 44. Amaro/Mauro               | 1        | 0        | 1        |
| 45. Ambrosio/<br>Ambroçio     | 1        | 0        | 1        |
| 46. Balthasar                 | 1        | 0        | 1        |
| 47. Bentura                   | 1        | 1        | 0        |
| 48. Bernardo                  | 1        | 0        | 1        |
| 49. Blas                      | 1        | 0        | 1        |
| 50. Bonaventura<br>[+Cándido] | 1        | 0        | 1        |
| 51. Cayetano                  | 1        | 0        | 1        |
| 52. Ciprián                   | 1        | 1        | 0        |
| 53. Clemente                  | 1        | 1        | 0        |
| 54. Diego                     | 1        | 0        | 1        |
| 55. Estebo                    | 1        | 0        | 1        |
| 56. Félix                     | 1        | 0        | 1        |
| 57. Florencio<br>[+Caetano]   | 1        | 0        | 1        |
| 58. Fructo [+Benito]          | 1        | 0        | 1        |
| 59. Isidoro                   | 1        | 1        | 0        |
| 60. Jacinto                   | 1        | 0        | 1        |
| 61. Matheo                    | 1        | 0        | 1        |
| 62. Melchor                   | 1        | 0        | 1        |
| 63. Nicolás                   | 1        | 0        | 1        |
| 64. Patricio                  | 1        | 0        | 1        |
| 65. Paulino                   | 1        | 0        | 1        |
| 66. Plácido                   | 1        | 0        | 1        |
| 67. Quirino                   | 1        | 0        | 1        |
| 68. Rodrigo<br>[+Joseph...]   | 1        | 0        | 1        |
| 69. Roque                     | 1        | 1        | 0        |
| 70. Rosendo                   | 1        | 1        | 0        |
| 71. Sancho                    | 1        | 1        | 0        |
| 72. Silbestro                 | 1        | 0        | 1        |

|                               |   |   |   |
|-------------------------------|---|---|---|
| 73. Theodoro                  | 1 | 0 | 1 |
| 74. Xeorxe/Xorxe<br>[+Andrés] | 1 | 0 | 1 |

Este listado corresponde ós primeiros nomes (no caso dos nomes compostos). Como segundos ou terceiros nomes tamén se coñecen os seguintes:

|                          |   |   |   |
|--------------------------|---|---|---|
| (75). Benicio            | 1 | 0 | 1 |
| (76). Cándido            | 1 | 0 | 1 |
| (77). Cosme Damián       | 1 | 0 | 1 |
| (78). [Pedro]Chrisólogo  | 1 | 0 | 1 |
| (79). [Juan] Chrisóstomo | 1 | 0 | 1 |
| (80). Eusebio            | 1 | 0 | 1 |
| (81). Fulgencio          | 1 | 0 | 1 |
| (82). [Juan] Nepomuceno  | 1 | 0 | 1 |
| (83). Pasqual            | 1 | 0 | 1 |
| (84). Ponciano           | 1 | 0 | 1 |
| (85). Romualdo           | 1 | 0 | 1 |
| (86). Ramón              | 2 | 0 | 2 |
| (87) Sanctiágo           | 1 | 1 | 0 |

MULLERES (452 en total; 139 do séc. XVII; 313 do XVIII).

| nome                   | 1607-1760<br>(total/porc.) | 1607-1699<br>(total/porc.) | 1700-1760<br>(total/porc.) |
|------------------------|----------------------------|----------------------------|----------------------------|
| 1. María               | 146 (32,3 %)               | 46 (33 %)                  | 100 (31,94 %)              |
| 2. Dominga             | 53 (11,72 %)               | 27 (19,42 %)               | 26 (8,3 %)                 |
| 3. Andrea              | 12 (2,65 %)                | 2 (1,43 %)                 | 10 (3,2 %)                 |
| Andresa/ -ss-          | 11 (2,43 %)                | 3 (2,15 %)                 | 8 (2,55 %)                 |
| Andresa/Andrea         | 2 (0,44 %)                 | 1 (0,71 %)                 | 1 (0,32 %)                 |
|                        | 25 (5,53 %)                | 6 (4,31 %)                 | 19 (6 %)                   |
| 4. Catharina/ Catarina |                            |                            |                            |
| / Chatarina            | 7 (1,54 %)                 | 6 (4,3 %)                  | 1 (0,31 %)                 |
| Catherina              | 2 (0,44 %)                 | 2 (1,43 %)                 | 0                          |
| Cathalina/ Catalina    | 11 (2,43 %)                | 7 (5 %)                    | 4 (1,27 %)                 |
| Cataliña               | 1 (0,22 %)                 | 1 (0,71 %)                 | 0                          |
|                        | 21 (4,6 %)                 | 16 (11,6 %)                | 5 (1,6 %)                  |
| 5. Antonia/ -tt-       | 20 (4,42 %)                | 3 (2,15 %)                 | 17 (5,43 %)                |
| 6. Francisca           | 9 (4,2 %)                  | 5 (3,5 %)                  | 14 (4,47 %)                |
| 7. Juana               | 19 (4,2 %)                 | 1 (0,71 %)                 | 18 (5,75 %)                |
| 8. Josepha             | 14 (3 %)                   | 2 (1,43 %)                 | 12 (3,83 %)                |
| 9. Ana                 | 13 (2,87 %)                | 0                          | 13 (4,15 %)                |

|   |                   |                   |            |
|---|-------------------|-------------------|------------|
| 10. Christina/<br>Cristina/ Xptina.     | 10 (2,2 %)        | 4 (2,87 %)        | 6 (1,91 %) |
| 11. Benita/ Venita                      | 9 (1,99 %)        | 1 (0,71 %)        | 8 (2,5 %)  |
| 12. Angela                              | 7 (1,54 %)        | 1 (0,71 %)        | 6 (1,91 %) |
| 13. Alberta/ Alverta                    | 6 (1,32 %)        | 4 (2,87 %)        | 2 (0,63 %) |
| 14. Margarita                           | 4 (0,88 %)        | 0                 | 4 (1,27 %) |
| Margarida                               | <u>1 (0,22 %)</u> | <u>1 (0,71 %)</u> | <u>0</u>   |
|   | 5 (1.1 %)         | 1 (0,71 %)        | 4 (1,27 %) |
| 15. Ignacia/ Ignácia/<br>Ynazia/ Ynasia | 4                 | 0                 | 4          |
| 16. Isabel/ Isavel                      | 3                 | 1                 | 2          |
| Isabela                                 | <u>1</u>          | 0                 | 1          |
|   | 4                 | 1                 | 3          |
| 17. Jacinta/ -s-<br>Xacinta             | 3                 | 2                 | 1          |
|   | <u>1</u>          | <u>0</u>          | <u>1</u>   |
|   | 4                 | 2                 | 2          |
| 18. Lorenza/ -s/ -ç-                    | 4                 | 2                 | 2          |
| 19. Lucía                               | 4                 | 2                 | 2          |
| 20. Marifa                              | 1                 | 1                 | 0          |
| Mari[ñ]a                                | 2                 | 2                 | 0          |
| Marina                                  | <u>1</u>          | <u>1</u>          | <u>0</u>   |
|   | 4                 | 4                 | 0          |
| 21. Rosa                                | 4                 | 0                 | 4          |
| 22. Leocadia                            | 2                 | 0                 | 2          |
| Locaia/ Leocadia                        | <u>1</u>          | <u>1</u>          | <u>0</u>   |
|   | 3                 | 1                 | 2          |
| 23. Luisa/ Luiça/ Luyssa                | 3                 | 0                 | 3          |
| 24. Manuela                             | 3                 | 0                 | 3          |
| 25. Michaela                            | 3                 | 1                 | 2          |
| 26. Pasqua/ Pascua                      | 3                 | 0                 | 3          |
| 27. Anastaçia/<br>Anasthasia            | 2                 | 0                 | 2          |
| 28. Balthasara                          | 2                 | 0                 | 2          |
| 29. Gabriela                            | 2                 | 0                 | 2          |
| 30. Paula                               | 2                 | 1                 | 1          |
| 31. Petronila/ -ll-                     | 2                 | 0                 | 2          |
| 32. Sebastiana                          | 2                 | 0                 | 2          |
| 33. Tareçia                             | 1                 | 1                 | 0          |
| Teresa                                  | <u>1</u>          | <u>1</u>          | <u>0</u>   |
|   | 2                 | 2                 | 0          |
| 34. Vizenta                             | 2                 | 0                 | 2          |
| 35. Ádega                               | 1                 | 1                 | 0          |
| 36. Ágata [+Antonia]                    | 1                 | 0                 | 1          |
| 37. Agustina                            | 1                 | 0                 | 1          |
| 38. Aldonça                             | 1                 | 0                 | 1          |
| 39. Alonsa [+Margarita]                 | 1                 | 0                 | 1          |



|                         |   |   |   |
|-------------------------|---|---|---|
| 40. Bárbara [+Benita]   | 1 | 0 | 1 |
| 41. Basilia             | 1 | 1 |   |
| 42. Bernarda            | 1 | 0 | 1 |
| [+Floresia]             |   |   |   |
| 43. Caietana [+Antonia] | 1 | 0 | 1 |
| 44. Cipriana            | 1 | 0 | 1 |
| 45. Clara               | 1 | 0 | 1 |
| 46. Cresença            | 1 | 0 | 1 |
| 47. Christoba/ Xptoba.  | 1 | 0 | 1 |
| 48. Egidia              | 1 | 1 |   |
| 49. Florentina          | 1 | 0 | 1 |
| 50. Gregoria            | 1 | 1 |   |
| 51. Jacoba              | 1 | 0 | 1 |
| 52. Juxtina             | 1 | 0 | 1 |
| 53. Mariana             | 1 | 0 | 1 |
| 54. Raphaela            | 1 | 0 | 1 |
| 55. Rosalía             | 1 | 0 | 1 |
| 56. Rufina              | 1 | 0 | 1 |
| 57. Thomasa             | 1 | 0 | 1 |

Como acontecía co listado dos homes, este das mulleres tamén corresponde ós primeiros nomes (no caso dos compostos). Como segundos ou terceiros tamén teñen presenza os seguintes:

|                              |   |   |   |
|------------------------------|---|---|---|
| (58). Bríjida                | 1 | 0 | 1 |
| (59). Cecilia                | 1 | 0 | 1 |
| (60). Fabiana                | 1 | 0 | 1 |
| (61). Floresia               | 1 | 0 | 1 |
| (62). Gerónima               | 1 | 0 | 1 |
| (63). Martina                | 1 | 0 | 1 |
| (64). [María] del Pilar      | 1 | 0 | 1 |
| (65). Patricia               | 1 | 0 | 1 |
| (66). Phelipa                | 1 | 0 | 1 |
| (67). Prima                  | 1 | 0 | 1 |
| (68). Quiteria               | 1 | 0 | 1 |
| (69). Úrsula/ Úrçula/ Úrsola | 2 | 0 | 2 |

### Algúñas observacións

No período estudiado, no cadro dos homes, dun total de 452 bautizados, pódese observar ata 74 nomes diferentes; no das mulleres (tamén 452 bautizadas), a variedade foi menor: 57 nomes femininos diferentes. Neste cómputo non se teñen en conta os segundos nomes.

O nome de maior uso neste período foi **Juan** (case un 20 %), con

porcentaxes semellantes do XVII e no XVIII. A forma galega medieval **Joan** aínda se veu mantendo en casos illados (8 en total), ó longo da primeira metade do XVII, pero a forma castelá xa estaba introducida a principios deste mesmo século e acabaría por eliminar por completo á galega da escritura (na fala sempre se mantivo a forma galega, especialmente na súa variante **Xan**). Juan empeza a verse acompañado dun segundo nome a partir de 1697: *Juan Antonio* é a fórmula máis repetida (17 bautizados); rexístranse dous *Juan Manuel* (1734, 1743) e tan só en unha ocasión *Juan Adrián* (1698), *Juan Caietano* (1760), *Juan Chrisóstomo* (1704, apadriñado por un presbítero: padriños "ilustrados" seguramente tiveron moito que ver na introducción de nomes propios da elite eclesiástica, exóticos para o común da xente), *Juan Christóbal* (1760), *Juan Domingo* (1753), *Juan Francisco* (1706), *Juan Inocencio* (1745), *Juan Rey* (sic, 1720: fillo de Matheo de Caamaño e Francisca de Lema), *Juan Nepomuceno Bernardo* (1756, que morreu párvulo, fillo dos fidalgos da aldea de Boallo, D. Rodrigo Sancho de Leis Vermúdez e da súa muller, D<sup>a</sup>. Josepha de Santiyán y Valdivieso, procedente das montañas do Norte de Castela lindeiras con Cantabria; o seu padriño: D. Bernardo Valdivieso y Villa, primo do bautizado e estudante de filosofía). Vemos como algúns dos nomes inhabituais nesta parroquia rural, en exceso cultos, soen darse entre certas familias fidalgas ou por influencia de padriños con certos estudos.

O segundo lugar dos nomes masculinos ocúpao **Domingo** (con algún caso da forma galega **Domingos**): un total de 44 bautizados (9,73 %). A extraordinaria abundancia deste nome na zona rural galega -tanto nos homes coma nas mulleres (Dominga), como despois veremos- posiblemente se debese á influencia dos frades dominicanos e das súas misións, moi activas durante os séculos XVII e XVIII, orientadas a propagaren o rezo do rosario en familia: a devoción á Virxe do Rosario incrementouse notoriamente nestas dúas centurias.

O terceiro foi **Andrés** (8,18 %), o cuarto **Pedro** (7,3 %), o quinto **Antonio** (5,53 %), o sexto **Francisco** (5,3 %); ven despois **Joseph** (3,76 %) e, xa máis distanciados: **Alonso** (2,65 %), **Manuel** e **Ignacio** (1,99 %), etc. Estes datos de Berdoias cadran dabondo cos xerais de Galicia no séc. XVIII, pois tamén aparece Xoán en primeiro lugar, e despois Antón, Domingos, Francisco, Xosé, Pedro, Andrés e Manuel<sup>2</sup>.

Obsérvese o escaso uso que por esta época ten o nome de Manuel, que unicamente empeza a ser considerado ben entrado o segundo tercio

<sup>2</sup> Dieter Kremer (1980): "Tradition und Namengebung (Statistische Anmerkungen zur mittelalterlichen Namengebung)", in *Verba* 7: 75-155 (citado por Ferro Ruibal/Boullón/García Álvarez/Lema/Tato [1992]: *Diccionario dos nomes galegos*; Ir Indo Edicións; Vigo: p. 44).

do séc. XVIII; e tampouco ten excesiva frecuencia Joseph: un e outro van ocupar no século XX o primeiro e o segundo lugar dos nomes galegos (primeiro Xosé, segundo Manuel)<sup>3</sup>. O que ocupa o terceiro lugar neste listado de Berdoias, Pedro, coincide co patrón da freguesía. Chama a atención que Santiago soamente o leve un individuo, e non como primeiro nome, en todo este período.

No tocante ós nomes femininos, como era de esperar, **María** ocupa con diferenza o primeiro posto (146 bautizadas de 452: o 32,3 % do total). En segundo termo, e a unha distancia moi considerable, vén **Dominga** (53 bautizadas: 11, 72 %): nesta freguesía -coma no resto de Galicia-, Domingo e Dominga foron nomes de moito uso. O terceiro lugar é para **Andrea/ Andresa** (5,53 %), o cuarto para **Catarina/ Catalina** (4,6 %), vindo despois a escasa **Antonia** (4,42 %), **Francisca** (4,2 %), **Juana** (4,2 %) e, xa máis distanciadas: **Joseph** (3 %), **Ana** (2,87 %) e **Cristina** (2,2 %). Comparando cos datos xerais de Galicia no XVIII (Ferro Ruibal et alii; 1992: 44), vemos que se coincide no primeiro posto, **María**, pero non moito nos seguintes, ocupados agora por **Ana**, **Antonia**, **Rosa**, **Xoana** e **Catarina**.

### Introducción de nomes "exóticos" e pouco habituais

Nos listados de Berdoias do XVII e XVIII, tanto de homes coma de mulleres, non abundan os nomes excesivamente "exóticos": entre os masculinos poderíamos considerar certamente inéditos os seguintes: **Bonaventura**, **Fructo**, **Quirino**, **Theodoro**..., que aparecen coma primeiros nomes. Como segundos nomes xa se ensaia unha onomástica máis "rara", e aparecen **Benicio**, **Fulgencio**, **Cosme Damián**, **Pascual**, **Ponciano**, **Romualdo**, [Juan] **Crisóstomo**, [Juan] **Nepomuceno**, [Pedro] **Crisólogo** e, ¡**Santiago**! Todos, a non se-lo último, no séc. XVIII.

Entre as mulleres, poderíamos cualificar de nomes exóticos (ou, polo menos, de inhabituais), os seguintes: **Anastasia**, **Ágata**, **Baltasara**, **Gabriela**, **Petronila**, **Ágata**, **Aldonza**, **Basilia**, **Caetana**, **Cipriana**, **Crescencia**, **Egidia**, **Florentina**, **Jacoba**, **Justina**... Entre os segundos nomes hai un maior atrevemento de cara á renovación da onomástica e xa aparecen dúas **Úrsulas** e cadansúa **Bríjida**, **Fabiana**, **Florencia**, **María del Pilar**, **Patricia**, **Prima** e **Quiteria**.

<sup>3</sup> Ferro Ruibal et alii (1992): *Ibidem*.

## Introducción de nomes compostos

E, como innovación certamente exótica, pódese toma-lo uso máis xeneralizado dos *nomes compostos* a partir do séc. XVIII, tanto masculinos coma femininos (non se rexistrou ningún no século anterior): compostos sobre todo, no relativo ós masculinos, a partir de **Juan** como primeira forma: *Juan Antonio* (17 bautizados), *Juan Manuel* (2), e *Juan Adrián*, *Juan Caietano*, *Juan Crisóstomo*, *Juan Cristóbal*, *Juan Domingo*, *Juan Francisco*, *Juan Inocencio*, *Juan Nepomuceno Bernardo* e *Juan Rey* [sic]. Son habituais tamén con **Domingo**: *D. Antonio* (10), *D. Pascual* (1), etc.: con **Andrés**: *Andrés Antonio* (3), *A. Esteban* (1), *A. Francisco* (1), *A. Guillelmo* (1), etc.; con **Francisco**: *F. Antonio* (3), *F. Andrés* (2), etc.; con **Joseph**: *J. Antonio* (2), etc.; con **Pedro**: *P. Antonio* (5), *P. Andrés* (3), etc.; con **Manuel**: *M. Antonio* (2), etc.

Entre as mulleres, **María** é, loxicamente o primeiro nome preferido para os compostos: *M. Antonia* (16), *M. Rosa* (8) *M. Josepha* (7), *M. Francisca* (5), *M. Manuela* (5), *M. Andrea* (4) e, así mesmo, *M. Juana*, *M. Pascua*, *M. Teresa*, *M. Úrsula*, etc. A moita distancia nas variantes combinatorias ven **Ana**, que só combina con *María* (10 *Ana María*); ocasionalmente aparecen tamén **Andrea** (*A. Martina*, *A. Antonia*, etc.), **Francisca** (*F. Antonia Gerónima*, *F. Rosa*...), **Juana** (*J. Francisca Andrea*, *J. Antonia*, *J. Ignacia*, *J. Phelipa*, etc.), **Manuela** (*M. Alonsa*, *M. Josepha*)...

## Castelanización progresiva dos nomes

Como se pode apreciar nos cadros, a castelanización dos nomes propios galegos xa estaba bastante desenvolvida no séc. XVII, e vai ser nesta centuria onde se atopan as resistencias máis ou menos rexas das formas galegas. Deste xeito, na onomástica masculina, vemos que na escritura cregos e escribáns xa "calzaran" a forma castelá *Juan* desde bastante cedo, en 1607, pero así e todo cómpre salienta-la "heroica" resistencia (meduliana) ó longo de toda a primeira metade do XVII da forma medieval galega **Joan** (8 bautizados), unha resistencia testemuñal, pero significativa; o mesmo podemos dicir da forma castelá *Domingo*, que aquí semella xa ter desprazada á forma galega **Domingos** (só 4 na primeira metade do XVIII); *Phelipe* vai botando fóra a **Philipe**, *Christóbal* a **Christobo**, *Guillermo* a **Guillelmo**, *Alverto/ Alverto* a **Alberte/ Alverte**, *Pablo* a **Paulo**. No chamado século das luces xa se van eliminando destas partidas de nacemento berdoienses as formas galeguizadas, aínda que si rexistramos un único **Estebo** e un **Amaro** que o escribán de turno

procura identificar conscientemente con **Mauro**: na marxe do folio aparece Amaro, a forma máis popular e galega, pero no texto da partida escríbese *Mauro*, "por se acaso" (¿cal sería despois o nome "oficial" do individuo?): nos tempos de Sarmiento a identificación dun e outro santo estaba plenamente aceptada, pero hoxe considérase que son dous santos distintos (Ferro Ruibal et alii; 1992: 118). No XVII xa están impostas formas castelanizadas que borrarón toda pegada das correspondentes galegas: tales coma *Alonso* (substitutoria de *Afonso*), *Lorenzo/ Lorenço* (en vez de *Lourenzo/ Lourenço*), *Benito* (por *Bieito*), *Martín* (por *Martiño*), *Thomás* (por *Thomé*), *Agustín* (por *Agostiño*), *Cayetano* (por *Caetano*)... Carecemos de datos para sabérmo-la pronuncia real deses *Jachin/ Joachin*, *Xeorxe/ Xorxe*, de *Alexo*, de *Jacinto*, de *Jacobo/ Jacobe*, de *Joseph*, etc. Moitas das formas restantes son coincidentes entre galego e castelán (*Pedro*, *Antonio*, *Francisco*, *Andrés*, *Matías*, *Miguel*, *Gregorio*, etc.).

No tocante á onomástica feminina, o proceso é semellante: unha castelanización notoria xa desde principios do XVII con ocasionais resistencias "medulianas" de formas -diferenciais- galegas ó longo desta centuria, formas que desaparecen por completo das partidas de bautismo de Berdoias no XVIII. O exemplo máis claro témolo na conservación da forma diferencial galega **Catarina** (coa variante **Caterina** e coa híbrida **Cataliña**) ata finais do XVII e principios do XVIII: un total de 10 bautizadas que compiten coas 7 *Catalinas* castelanizadas do XVII; no XVIII desaparecen as formas galegas e impóñense claramente as castelás. As **Mariñas** aínda tiñan certa presenza no XVII, pero acábase impoñendo a forma castelá *Marina*. Hai unha **Margarida** seiscentista, pero no XVIII unicamente rexistramos *Margaritas* (4). Como se pode observar, a variedade onomástica feminina nidiamente galega non é moi rica nesta freguesía soneirana, polo que é máis dificultoso achar formas diferenciais co castelán: téñase en conta que **María** -coincidente nun e noutro idioma- xa supón case un tercio de tódolos nomes das femias do período estudiado (outros nomes coincidentes nos dous idiomas: *Dominga*, *Antonia*, *Francisca*, *Ana*, *Cristina*, *Alberta*, *Ignacia*, *Lucía*, *Rosa*, *Luísa*, *Manuela*, *Micaela*, *Pascua*, *Anastasia*, *Baltasara*, *Paula*, *Petronila*, *Vicenta*, etc.). Velaquí unha breve relación de "resistentes" galegas, case testemuñais: unha **Ádega** (1695), unha **Tareçia** (?) en 1628 (sen embargo, xa había unha *Teresa* en 1613), unha "popular" **Locaia** (1695) en loita coa "cult" *Leocadia*, e outra **Isabela** (1726) en pugna con varias *Isabel*. Esta loita entre formas populares e cultas posiblemente tamén agoche a loita entre formas galegas e castelás: batalla que se aprecia entre as **Andresas** e as **Andreas** ó longo de todo o século e medio estudiado, e que unicamente ó final parece inclinarse ben timidamente a favor

da opción considerada "máis refinada": a das *Andreas*. Como acontecía cos nomes dos homes, habería que saber que pronuncia se rexistraba nesta *Xacinta* de 1701 (e mais nas outras *Jacintas*), nas 7 *Angelas*, nas 14 *Josephas*, e tamén na da *Egidia* de 1693, a *Jacoba* do 1700 e na *Juxтина* de 1706.

Por regra xeral, nas actas de bautismo que estivemos revisando observamos unha progresiva tendencia á castelanización xa desde principios do séc. XVII. Castelanización que se aprecia máis nuns cregos (os encargados de redacta-las actas nos libros) ca noutros. Castelanización que, de termos só estas actas bautismais como única referencia, diríamos que xa estaba plenamente consumada a primeiros do XVIII, pois poucas son as formas diferenciais galega que parecen quedar. Este apurado empeño castelanizador da onomástica talvez se debese a que estes libros de bautizados moi axiña foron considerados verdadeiros documentos oficiais, oficiais de mais, e os cregos-escribáns créronse na obriga de inscribir "correctamente" ós nados da súa parroquia cos seus nomes en castelán, idioma referencial da corrección, do que era "de lei", aínda que algúns dos nomes fosen verdadeiramente estraños para estes illados parroquianos do corazón da Costa da Morte galega. De aí que ás formas populares aínda vivas -como ben sabemos por outros testemuños- na boca do común da xente (*Locaia*, *Andresa*, *Amaro*...), se lles tivese que procurar de contado a correspondente forma "oficial" do idioma do Estado, para acadaren a súa validez. Deste xeito, podemos comprobar como noutro tipo de libros parroquiais, coma os de *contas de fábrica* e das *confrarías* -onde se reseñan os ingresos e os gastos da comunidade parroquial-, o escribán que pasa as contas ós folios ten unha maior liberdade para recoller con máis fidelidade os nomes reais (e, ás veces, mesmo os seus alcumes) dos protagonistas dos "cargos" e "datas" anuais da freguesía: o mordomo responsable das contas, o mestre canteiro encargado de certos arranxos no templo, os carpinteiros que amañaron os retablos, os pintores, as testemuñas que avalan coa súa sinatura (os que saben facelo) a legalidade das contas, etc. Nestes libros o subconsciente idiomático colectivo non está tan reprimido coma no caso dos libros dos bautizados e as formas netamente galegas dos nomes -e apelidos- seguen persistindo ó longo de todo o XVIII, e aínda van termando do carro ata ben entrado o séc. XIX (Lema; 1991: 122-130).

### Os nomes dos pais e das nais

As cifras que se dan a continuación son aproximadas, pois é difícil establecer un cómputo exacto de pais e nais ó haber bastantes coin-



cidencias de nomes e apelidos. Non ten, polo tanto, excesiva importancia este listado, pois hai que ter en conta que a maior parte dos proxenitores -agás os de procedencia intraparroquial- xa entraron no listado dos bautizados e bautizadas do CADRO 1 (A e B); rexístranse, así mesmo, 13 pais incógnitos e outros 6 onde non foi posible descifra-lo nome.

O nome de maior uso entre os pais berdoieses do período 1607-1760 tamén foi **Juan** (uns 48 individuos con este nome, dos que 4 rexistran a forma galega **Joan** -na primeira metade do séc. XVII-); tamén o segundo posto é para **Domingo** (27 individuos, dos que 6 conservan a forma galega **Domingos** -2 do séc. XVII e 3 no XVIII-); do mesmo xeito, **Andrés** ocupa a terceira praza (17 individuos, 1 deles coa forma **André**); igualmente, **Pedro**, con 16 individuos é o cuarto. A maior distancia xa veñen **Alberte/ Alberto** (12 en total: 7 coa primeira das formas, 3 coa segunda), **Antonio** (11), **Alonso/ Afonso** (8 en total, só 1 coa segunda forma, a máis galega), **Francisco** (8), **Ignacio** (8), **Simón** (7), **Gregorio** (6); **Mathías** (6), **Phelipe/ Philippe** (5), **Angel/ Anxel** (4), **Joseph** (4; repárese que algúns observan a variante *Josephe*), **Thomás/ Thomé** (4), **Bartolomé/ Bertolamé/ Bértola** (4), **Cristovo/ Cristobol/ Cristobal** (4); con 3 os seguintes: **Sebastián/ Bastián**, **Bernabé**, **Dionisio**, **Rodrigo**, **Rosendo e Santiago**; con 2: **Adrián**, **Benito**, **Blas**, **Carlos**, **Guillermo** (un de 1697 e o outro de 1720-30, este ás veces grafado *Gillelmo*), **Isidro** (con variantes gráficas coma *Hisidro*, *Hysidro* ou *Ysidro*), **Pablo/ Paulo/ Paulos e Vicente**. Nos de un único individuo observámo-la persistencia de nomes que axiña caerían en desuso, coma **García** (*don García Loys* -axiña castelanizado en *Luis- de Lema*, fidalgo de 1650) ou **Gomes** (*Gomes de Alvarells*, 1608); a lista complétase con **Amaro** (de 1720), **Agustín**, **Ventura**, **Caetano** (de entre 1737 e 1748, que se verá transformado polos escribáns en *Caietano* ou *Chaietano*), **Clemente**, **Fernando**, **Leandro**, **Martín** (o capitán *M. de Castiñeira*, fillo do fidalgo Alonso de Lema II: nunha ocasión aparece como variante galega *Martíño*, 1649), **Matheo**, **Miguel**, **Nicolás**, **Plácido**, **Raymundo**, **Roque e Theodoro**. Por regra xeral, nos nomes dos pais rexístrase un maior número de formas galegas, que os escribáns van procurando castelanizar co paso do tempo: *Afonso de Romar* (1628, 1638) pasa a ser *Alonso de Romar* (1639); *Alberte/ Alverte Paz* (1657), *Alberte/ Alverte Grayño* (1643) transfórmase en *Alberto/ Alverno Paz* (1665), *Alberto/ Alverno Grayño* (1665); o mesmo se pode dicir do troco de *Domingos* por *Domingo* (xa no séc. XVII), de *Joan* por *Juan*, *Paulos* ou *Paulo* por *Pablo*, etc.

O nome feminino de maior uso entre as nais berdoiesas no período 1607-1760 foi, coma no caso das bautizadas, **María** (máis de 70 con este nome); en segundo lugar vén **Dominga** (máis de 40). A unha dis-

tancia apreciable vén a continuación: **Cat(h)arina/ Cat(h)aliña/ Cat(h)alina** (e tamén *Chatarina*: máis de 20; 8 delas coa primeira das formas citadas). **Antonia, Andrea/ Andresa, Mariña/ Marina, C(h)ristina, Josepha, Lorença** (coas variantes *Lorensa/ Lorenza* e mesmo *Laurença/ Laurensia*), **Isabel** (coa variante *Isabela* nunha ocasión), **Francisca, Juana**, etc. A relación de nomes femininos complétase con nomes illados coma: **Agustina, Alberta/ Alverta, Alonsa, Ana, Anasthasia, Angela, Benita, Clara, Elena, Jazinta/ Xacinta, Justa, Leocadia, Lucía, Luísa, Margarida/ Margarita, Mariana, Marta, Martina, Pasqua, Petronila/ Patronil(l)a, Paula, Rosa, Rosalía, Susana, Theresa e Zipriana/ Sypriana**. Con relación á lista de bautizadas non apreciamos maiores novidades, unicamente algunhas **Eulalias** (entre 1731 e 1750), unha **Eufemia** (1740-1754), unha **Inés** (1669), unha **Leonor** (1710), unha **Mayor** (*D<sup>a</sup> Mayor Franqueira*, 1608-1618) e unha **Sancha** (1617).

De maior interese é o cómputo dos pais e nais dos berdoieses nados nos vinte primeiros anos do séc. XVII (de 1607 a 1618), pois estes ó naceren no derradeiro tercio do séc. XVI- achegan novos datos ó noso estudio onomástico (datos que non ofrecen moitas novidades como se pode apreciar):

**PAIS (1607-1618): Juan (8), Pedro (4), Gregorio/ Grigorio (3), Alverte (2), e Alonso, Cristovo, Domingos, Fernando e Gomes (1 de cada)**. De 1628 é un **Afonso**, procedente da veciña freguesía de Berdeogas.

**NAIS (1607-1618): María (12), Catalina (2)/ Cataliña (1), Alverta (1), Dominga (1), Eulalia (1), Mayor (1, procedente de Cambeda), Sancha (1), Teresa (1)**.

### **Nomes e clases sociais**

Durante o período que estudiamos, na parroquia de S. Pedro de Berdoias viviron membros da familia fidalga dos **Lema**. A casa patrucial, que aínda hoxe se conserva, construíuna en 1607 *D. Alonso de Lema II*, casado con dona *Maior Franqueira* (procedente da casa de Castiñeira, da veciña parroquia de Cambeda). O recoñecemento da fidalguía víñalle de seu avó, don *Alonso de Lema I*, nomeado fidalgo por Felipe II en 1570 pola súa participación nas guerras contra os mouriscos en Granada (Crespo; 1962-III: 160). Alonso de Lema II instituíu en 1622 os vínculos de Berdoias e Boallo (Martínez-Barbeito; 1986: 114), que acabaría herdando conxuntamente o seu fillo *Martiño de Castiñeira*

(apelidado así en recoñecemento á casa da súa nai) por falecemento dos irmáns herdeiros do primeiro dos coutos (Pedro e Alonso).

O capitán don *Martiño* (ou *Martín*) de *Castiñeira*, casado con *María Álvarez de Carantoña*, vivirá na súa casa de Boallo a mediados do séc. XVII. Por esta mesma época, emparentado con el, vive na parroquia don *García Lois* (ás veces castelanizado en *Luis*) de *Lema*, casado con dona *Lorenza* (ou *Laurença*) *Vermudez*. A mediados do séc. XVIII habita Boallo e domina toda a parroquia (pois herdara os vínculos de Boallo e Berdoias), don *Rodrigo Sancho de Leis* (bisneto de Martiño de Castiñeira), casado con dona *Josepha Vicenta Santiyán y Valdivieso* (dama castelá, procedente das montañas de Burgos).

Os fillos e fillas destas familias fidalgas aparecen nas partidas de bautismo que estudiamos e, certamente, non observamos nos seus nomes novidades chamativas que os distinguan do resto dos conveciños.

Estes foron os nomes dos fillos de D. *Alonso de Lema II* e D<sup>a</sup> *Maior Franqueira*: **Pedro** (1608), **María** (1610), **Teresa** (1613), **Martín** (1615), **Alonso** (1617), **Alonso** (1618: morrera xa o nacido no ano anterior).

Os fillos e fillas de D. *Martín de Castiñeira* e de D<sup>a</sup> *María Alvares de Carantoña* chamáronse: **Martín** (1637), **María** (1644), **Pedro** (1647), **Dominga** (1656), **Jasinta** (1657), **Angel Martín** (1663). Os de D. *García Lois de Lema* e de D<sup>a</sup> *Lorenza Vermúdez*: **Catalina** (1650), **Sancho** (1650), **Francisca** (1650).

Un século despois, nos nomes dos fillos e fillas de D. *Rodrigo Sancho de Leis Vermúdez* e de D<sup>a</sup> *Josepha Vicenta Santiyán y Valdivieso* xa se aprecia certo toque de clase, posto que todos eles son compostos e introdúcense neste medio rural illado unha onomástica un tanto exótica: **Luisa Francisca** (1749), **Rodrigo Joseph Pedro Silvestre** (1754), **María Quiteria** (1755), **Juan Nepomuceno Bernardo** (1756), **Manuela Josepha** (1757), **Luis Vicente Theodoro** (1758). Posiblemente influíu o seu para a introducción destes nomes tan rimbombantes e "raros" a nai das criaturas, procedente de terras burgalesas, así coma os padriños dos vástagos, familiares todos eles desta señora (uns estudantes de teoloxía, outros presbíteros, etc.).

No outro extremo da pirámide social, botamos unha ollada ós nomes dos fillos de solteira, aqueles de "pai incógnito" (p.i.) das partidas de bautismo. Tense dito que os párrocos adoitaban "castiga-lo pecado" da nai imponéndolle ó fillo ou filla un nome raro e feo, ás veces denigrante: un xeito de marcar de por vida a falta materna. Non se aprecia tal discriminación aquí, nas partidas de Berdoias, pois case tódolos nomes que reciben estes nenos e nenas non se distinguen dos mais (unicamente unha *Balthasara* de 1759 puidera tomarse coma un nome un tanto estra-

ño): **Isidoro** (1692, fillo de Susana Rodríguez), **Bartholomé** e **María** (1692 e 1696, fillos de María de Leis), **Francisca Rosa** (filla de Josepha de Leis), **Michaela** (1704, filla de Isabel dos Santos), **Baçilio** e **Vizente** (1710 e 1923, fillos de Benita de Leys), **Domingo Pascual** e **Francisca** (1736 e 1747, fillos de Sypriana dos Santos), **Juan** (1754, fillo de María Varela), **Balthasara** (1759, filla de María do Cauto).

### ¿Quen decide o nome? ¿os pais ou os padriños?

Un aspecto moi interesante é dilucidar quen decide o nome do nacido, se os pais da criatura ou os seus padriños. Estes son os datos que podemos achegar para o período estudado (1607-1760), en base á coincidencia do nome do pai ou nai co fillo/a ou do padriño/madriña co afillado/a.

#### a) imponse o nome do pai:

-*nenos co nome do pai*: 40 /4,41% do total de bautizados/as [906], 8,84% dos homes [452]).

-*nenas coa forma feminina do nome do pai*: 2 (0,22%) / 0,44%).

#### b) imponse o nome da nai:

-*nenas co nome da nai*: 42 (4,63% / 9,29%)

-*nenos coa forma masculina do nome da nai*: 0.

#### c) imponse o nome do padriño:

-*nenos co nome do padriño*: 117 (12,91% / 25,88%).

-*nenas coa forma feminina do nome do padriño*: 32 (3,5% / 7%).

#### d) imponse o nome da madriña:

-*nenas co nome da madriña*: 102 (11,25% / 22,56%).

-*nenos coa forma masculina do nome da madriña*: 16 (1,76% / 3,53%).

#### e) imponse o nome do padriño e da madriña:

-*nenos co nome do padriño e da madriña*: 6 (0,66% / 1,32%)

-*nenas co nome da madriña e do padriño*: 7 (0,77% / 1,54%)

#### f) imponse o nome dos pais e dos padriños (por se-lo mesmo):

-*nenos co nome do pai e do padriño*: 10 (0,11% / 0,22%)

-*nenos co nome do pai e da madriña*: 1

-*nenos co nome do pai, do padriño e da madriña*: 1.

-*nenas co nome da nai e do padriño*: 1.

-*nenas co nome da nai e da madriña*: 14 (1,54% / 3%).

TOTAIS:

1. *nenos/as que levan o nome do padriño*:  $117 + 32 + 6 + 7 + 10 + 1 + 1 = 174$  (19,2% do total).

2. *nenas/os que levan o nome da madriña*:  $102 + 16 + 6 + 7 + 1 + 1 + 14 = 147$  (16,22%)

TOTAL: NENOS/AS CO NOME DOS PADRIÑOS: 321 (35,43%)

3. *nenos/as co nome do pai*:  $40 + 2 + 10 + 1 + 1 = 53$  (5,84%).

4. *nenas/os co nome da nai*:  $42 + 1 + 14 = 57$  (6,29%).

TOTAL: NENOS/AS CO NOME DOS PAIS: 110 (12,14%).

TOTAL: NENOS/AS CO NOME DOS PADRIÑOS OU DOS PAIS: 431 (47,57%).

Vese claramente que prevalece a imposición do nome do padriño ou da madriña en máis de un tercio dos nenos/as. En aparencia, máis no caso do padriño ca da madriña, pero convén advertir que nun total de 188 partidas de nacemento non nos consta o nome da madriña (20,75% total das partidas): en 159 delas porque non se precisaba madriña -non era imprescindible para o bautismo (ata estes extremos chegaba o papel secundario da muller)-, pois abondaba co padriño "in solidum"; en 29 o deterioro dos folios non nos permitiu o cofecemento do seu nome e, en 9, o escribán non se preocupou por transcribi-lo seu nome (conténtase con dicir que era "la mujer del padrino", "la mujer de Guillelmo de Canosa", etc.). Pola contra, tan só en 19 partidas non podemos sabe-lo nome do padriño (en case todas polo mal estado dos folios, pois non existen as madriñas "in solidum").

Vemos claramente que case un 50% dos nenos e nenas do período estudiado -431 de 906- "herdaron" o nome dos seus ancestros: non racharon coa tradición dos nomes xa existentes. Quedan, por outra parte, arredor duns 450 nenos/as que non tomaron o nome nin dos pais nin dos padriños: posiblemente unha boa porcentaxe deles o tomasen do santo do día, pero nesta investigación non se tomaron datos ó respecto.

### Bibliografía á que se fai referencia

Kremer, Dieter (1980): "Tradition und Namengebung (Statistische Anmerkungen zur mittelalterlichen Namengebung)", in *Verba* 7, Universidade de Santiago de Compostela.

Ferro Ruibal, X.; Boullón, A.I.; García Álvarez, X.M.; Lema, X. M<sup>a</sup>; Tato, F. (1992): *Diccionario dos nomes galegos*, Ir Indo Edicións, Vigo.

Lema Suárez, X. M<sup>a</sup> (1991): "Interferencias lingüísticas do galego no castelán de Galicia dos Séculos Escuros. Algunhas calas nunha

- comarca rural: a Terra de Soneira", in *Cadernos de Lingua* 3, Real Academia Galega, A Coruña.
- Crespo Pozo, J.S. (1962): *Blasones y linajes del Reino de Galicia*; t. III, Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela.
- Martínez-Barbeito, C. (1986): *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*, Diputación Provincial de La Coruña/ Ed. Everest.



## A COMBINATORIA DO POSESIVO NA FRASE NOMINAL

CARME SILVA DOMÍNGUEZ  
Universidade de Santiago

### 1. Introducción

O presente estudio concíbese como contribución á análise da ordenación das unidades determinativas na frase nominal do galego moderno. En concreto, o traballo centrarase no comportamento daquelas frases caracterizadas por presentaren como constituínte un posesivo.

A estrutura frástica que serve como punto de partida teórico fundaméntase na distinción entre dous niveis de constitución na frase nominal, cada un dos cales coñece a actuación funcional de dous elementos: determinante e nominal no primeiro estrato, núcleo e modificador no segundo<sup>1</sup>. Parece evidente que esta proposta de organización permite diferenciar con claridade a actuación dos elementos determinativos e dos modificativos na secuencia frástica<sup>2</sup>.

O sector determinativo da frase nominal pode estar constituído por máis dunha unidade, e a súa efectiva ordenación lineal en casos de acumulación presenta un elevado grao de rixidez. Isto non implica necesariamente a existencia dunha única opción organizativa, pero, en calquera caso, o número de posibilidades alternativas é sempre moi reducido. Teoricamente, a sistematización da totalidade das opcións combinatorias permitidas polo sistema non é unha empresa imposible.

Tomarase como pauta inicial na análise da combinatoria o traballo de Varela (1982). De acordo con el, a frase nominal coñece na lingua moderna a posibilidade de presentar ata seis ou tal vez sete elementos determinativos en acumulación. Non tódolos pronomes do sistema poden

<sup>1</sup> De acordo co esbozo presentado en Rojo e Jiménez (1989). É importante subliñar a existencia dunha tradición paralela de acordo coa cal a frase nominal só conta cun nivel de constitución. Vid., por exemplo, Wilmet (1983 e 1986), Mira Mateus *et alii* (1983), Huddleston (1984), Halliday (1985), entre outros.

<sup>2</sup> Sen embargo, os criterios empregados para a diferenciación formal entre as unidades que desempeñan ámbalas funcións son variados e, en ocasións, escasamente universais. Vid. sobre a cuestión os traballos de Alarcos (1970a e 1970b) e Álvarez Martínez (1986), entre outros.

figurar en calquera posición relativa dentro desta secuencia lineal. Segundo as súas virtualidades dispositivas, chéganse a distinguir catro clases de unidades. O criterio que permite o establecemento das mesmas sitúase na capacidade que cada forma posúe de figurar como primeiro, segundo, terceiro ou último elemento na secuencia acumulativa<sup>3</sup>:

| Clase I          | Clase II       | Clase III        | Clase IV           |
|------------------|----------------|------------------|--------------------|
| <i>Un pouco</i>  | O demostrativo | <i>Tanto</i>     | O posesivo         |
| <i>Ben (de)</i>  | <i>O</i>       | <i>Canto</i>     | <i>Diversos</i>    |
| <i>Ambos</i>     | <i>Un</i>      | <i>(D)Abondo</i> | <i>Distintos</i>   |
| <i>Algún</i>     |                | <i>Moito</i>     | <i>Múltiples</i>   |
| <i>Ningún</i>    |                | <i>Pouco</i>     | <i>Contados</i>    |
| <i>Todo</i>      |                | <i>Bastante</i>  | <i>Variados</i>    |
| <i>Cada</i>      |                | <i>Demasiado</i> | <i>Escaso</i>      |
| <i>Cada un</i>   |                | O cardinal       | <i>Numeroso</i>    |
| <i>Calquera</i>  |                | <i>Certo</i>     | <i>Diferente</i>   |
| <i>Alguén</i>    |                | <i>Tal</i>       | <i>Máis</i>        |
| <i>Algo</i>      |                |                  | <i>Menos</i>       |
| <i>Ninguén</i>   |                |                  | <i>Varios</i>      |
| <i>Nada</i>      |                |                  | <i>Outro</i>       |
| <i>Quenquera</i> |                |                  | <i>Determinado</i> |
| <i>Cadaquén</i>  |                |                  | <i>Idéntico</i>    |
| <i>Cada cal</i>  |                |                  | <i>Semellante</i>  |

Parece evidente que o traballo de análise non queda esgotado unha vez establecida a pauta fundamental. En efecto, non tódalas combinacións de elementos resultan gramaticais no sistema. O noso propósito é descubrir cales son posibles naquelas frases en que o posesivo se presenta como constituínte, e cales poden ser consideradas como non marcadas, debido á súa condición de opción maioritaria.

## 2. Corpus utilizado

Para a extracción de exemplos que servisen como material á análise, empregouse un conxunto de textos literarios que abranguen cronoloxicamente desde os primeiros anos do século XIX ata a actualidade. Así mesmo, un bo número de transcripcións da lingua oral contemporánea

<sup>3</sup> Vid. un comentario exhaustivo sobre o cadro en Varela (1982: 105). A presenza no mesmo de formas como *calquera*, xeradoras de frases nominais carentes de elementos adxacentes, explícase pola súa propia concepción da función determinativa, privativa das unidades pronominais. Desde a nosa perspectiva tales unidades carecen de interese, dado que non cofecen regras combinatorias.

foron tamén fonte de estruturas<sup>4</sup>. Desde un primeiro momento pareceu evidente a escasa riqueza combinatoria que os textos ofrecían, e a ausencia case total de secuencias de máis de tres determinantes en acumulación. Como remedio -parcial- a esta falta de información elaborouse un cuestionario que tenta abrangue-lo maior número posible de combinacións do posesivo con outros elementos da súa mesma categoría funcional e gramatical. Non obstante, o alcance dos datos extraíbles a través deste procedemento relativízase a partir de dous factores: a escasa variedade -social, xeográfica, de idade- dos informantes e a súa maioritaria vinculación ó mundo filolóxico.

A presentación dos datos pretende ser diacrónica na organización dos resultados obtidos na análise da lingua literaria. A diferenciación dos dous niveis de lingua con que se traballa parece, así mesmo, pertinente, dada a imposibilidade de realizar afirmacións tallantes sobre a oralidade do pasado a través dos textos escritos. Cremos, sen embargo, que si é posible unha reconstrución hipotética da lingua que serviu de base á literatura durante o século XIX a partir da observación das tendencias máis consolidadas no código escrito desta época.

### 3. Os resultados da análise

#### 3.1. A lingua literaria

##### 3.1.1. O século XIX

En comparación coa potencial complexidade estrutural que o sector determinativo está disposto a admitir, a tendencia máis evidente da frase nominal nos textos decimonónicos é aquela que apunta cara á simplicidade. Así, nunca se encontran estruturas que presenten máis de dous elementos determinativos situados á esquerda do núcleo, á parte do posesivo.

As dúas principais opcións estruturais que se reflicten no corpus remiten á alternativa entre a aparición do artigo na constitución da frase ou o mantemento do posesivo como elemento determinativo único. Na escolla entre ambas interveñen factores relacionados con principios de carácter estilístico, como o maior ou menor nivel de formas de vocativo. Así mesmo, non é alleo a esta alternativa o número de substantivos de

---

<sup>4</sup> O material utilizado detállase na bibliografía. A carón de cada exemplo aparece unha referencia abreviada á procedencia do mesmo -obra literaria, gravación- indicada tamén ó remate do artigo. Nalgúns casos a referencia ó número de páxina non puido ser proporcionada, porque a copia en diskette que se manexou non indicaba este dato.

semántica relacional humana que ocorre en cada texto. Non se trata, xa que logo, dunha distribución motivada por principios de raíz estritamente sintáctica. En calquera caso, na xeneralidade dos textos, a proporción que regula o nivel de uso dunha e outra estrutura vén situándose ó redor do 65% para a opción articulada fronte a un 35% para a non articulada.

Naqueles casos en que o artigo é constituínte frástico a carón do posesivo, a opción maioritaria consiste en situar esta unidade á esquerda do núcleo. Os casos de dislocación do posesivo á posición contraria non alcanzan, en ningún dos textos examinados, máis dun 3% do total de exemplos de frases con artigo. En parte das secuencias, as motivacións da dislocación poden ter certa relación cos principios retóricos vixentes na época, dado que esta alteración na posición do posesivo é só unha entre os varios hipérbatos que se producen na estrutura:

*A sorte miña deixarme fixo o meu nadal terreo* (Gaita, p. 45)

*Ti vives no mundo soia/ i a prole fecunda túa/ se espalla en errantes hordas* (Cantares, p. 172)

Noutros exemplos, as motivacións parecen ser de carácter máis ben sintagmático. Perséguese, xa que logo, a salvagarda do paralelismo constructivo nunha estrutura sintacticamente duplicada:

*-Acórdate, meu Caitán, d'hai dous meses e está t'hoj'o lado d'esa señora, com'o lado meu estiveche entonces* (Maxina, p. 281)

Para a maioría, sen embargo, resulta imposible encontrar motivacións distintas á do simple aproveitamento dunha posibilidade estrutural alternativa que o sistema permite:

*O marques [...] manifestoulle a resolución de Salvio, e añadeu que carecendo ja case de oujeto a permanencia sua en Santiago, marchaba solo a Madri* (Maxina, p. 460)

O único procedemento de complexización do sector determinativo nesta época consiste na presenza do cuantificador universal *todo*. A unidade sitúase sempre á esquerda do artigo. Só se rexistra en Curros un exemplo en que esta aparece combinada directamente co posesivo, sen a presenza simultánea do artigo:

*Todos teus bens recollidos/ ceibados ós catro ventos/ os ósos dos teus maiores,/afogados teus lamentos* (Sainete, p.59)

estrutura máis relacionada coas licencias propias do código poético que coa gramática da lingua naquela época.

A posibilidade de que a frase nominal con posesivo presente como

elementos determinativos certos pronomes distintos do artigo e do propio posesivo non excede en ningún texto do XIX do 4% dos exemplos. Dentro desta notable escaseza numérica, na maior parte dos exemplos aparecen como constituíntes aquelas unidades pronominais distribucionalmente pertencentes á mesma clase que o artigo determinado de acordo coa clasificación de Varela (1992). Cando o demostrativo forma parte da estrutura frástica, a colocación máis normal do posesivo é idéntica á que se observa con respecto ó artigo:

*Así reza o tema de este meu sermón* (Gaita, p. 65)

*Adega estaba tan cuca que daba admiración; daqueles seus ollos negros aumentaba-lle o negror a cofia i-a palramenta, i a saia, que negras son* (Aires, p. 266)

*Nesta nosa idade gustan os cantos dos cegos* (Sainete, p.93)

Distinto é o caso do artigo indefinido, aínda que a escaseza de exemplos en que esta unidade actúa como elemento constructivo da frase non permite falar en termos absolutos. A única posibilidade que testemuña o corpus consiste en situa-lo posesivo á dereita do núcleo:

*Pois se acá fun nun reino teu xa nado, que Dios nos xunte alá* (Gaita, p. 100)

Idéntico comportamento se observa no único exemplo localizado en que a unidade determinativa pertence á clase III das diferenciadas por Varela (1992):

*Pois xa moitos reyes nosos (é todos bos cristianos) enseñáronlles os dentes á os papas* (Alameda)

### 3.1.2. A época "Nós"

As porcentaxes de dependencia da unidade posesiva con respecto a unha frase en que aparece como determinante un artigo elévanse considerablemente nas dúas obras e nos dous autores seleccionados como representativos desta etapa da nosa historia literaria. Desde a perspectiva puramente cuantificacional, a xeneralización do artigo, fronte á posibilidade de que a frase se constrúa co posesivo só, parece avanzar de xeito notable. Esta análise é perfectamente posible, á luz das porcentaxes de presenza da unidade articular que se rexistran nos textos de Otero e Castelao: 77,5% no primeiro dos casos, 85,93% no segundo.

A redución das posibilidades do posesivo como unidade determinativa única é considerable: en Otero só un 24,50% das frases presentan só posesivo, mentres que en Castelao o número descende ata un 11,56%.

Como se mencionou no apartado 3.1.1., a significatividade desta porcentaxe relativízase en función de factores non estrictamente sintácticos, como a entidade numérica dos vocativos ou a aparición de substantivos de parentesco no papel de núcleo frástico.

Os únicos casos de dobre determinante redúcense, tamén nesta época, ós iniciados polo pronome *todo*:

*Por un pequeno intre foi o mozo tod'a súa xenerazón* (Devalar, p. 76)

Só se localizou un exemplo en que o posesivo se sitúa á dereita do núcleo na linealidade da frase cando o elemento determinativo anteposto é un artigo determinado:

*Sentía Dumbria que unha xenerazón, soio unha xenerazón que tivera a heroica concenza da trascendentalidade do intre seu [...] faría do lirismo, historia* (Devalar, p. 76)

A presenza doutros elementos pertencentes á clase II dos determinantes é case nula nos dous textos examinados. As pautas de distribución do posesivo cando estes aparecen amósanse semellantes ás establecidas para o XIX: anteposición ó núcleo cos demostrativos, posposición co artigo indefinido:

*Eu quero adicarvos esta miña primeira novela* (Dous, p. 5)

*A veiga do Padrón, o vento elexiaco no xardín de Moore, as saas de un pazo roseira da terra donda do Salnés, viaxes de ingresos do tempo romántico, contos de un tío seu que folgaba das sesións dos pares* (Devalar, p. 36)

Non existen exemplos en que as unidades determinativas sexan diferentes. Séguense, xa que logo, as pautas constructivas herdadas do XIX, aínda que con respecto ó comportamento do posesivo en frases con determinantes diferentes do artigo a escaseza dos exemplos relativiza amplamente as conclusións que se poden extraer.

### 3.1.3. A literatura contemporánea

Os catro autores escollidos por nós como representativos da lingua literaria de posguerra amosan comportamentos parcialmente diferenciados en canto á ordenación da frase nominal con posesivo. Esta evidencia xustifica o tratamento individualizado da lingua de cada un deles.

No que se refire ó comportamento das unidades determinativas, Dieste non escapa á tónica xeral de simplicidade e reducida tendencia ás combinacións entre o posesivo e formas pronominais distintas do artigo. Así, en *A fiestra valdeira*, a presenza na frase nominal con posesivo deste elemento determinativo alcanza o 70,49% do total do corpus, e o



pronome sitúase sempre á esquerda do elemento nuclear. O posesivo é o único determinante nun 23,91% dos casos, dos cales un 6,52% dos exemplos corresponde a formas que desempeñan a función de vocativo. Polo que se refire á distribución da unidade posesiva en frases con determinante demostrativo, son posibles as dúas ordenacións lineais para o posesivo:

*Dend'o premeiro intre, naquel seu falar, sorrir e escismar, xa vin que me atinaba coa fasquta* (Fiestra, p. 11)

*O mesmo que agora, cando coida ter sido mol demáis conmigo, volve a isa teima súa... que non é súa* (Fiestra, p. 55)

O reducido número de exemplos con que se conta para unha e outra opción permite obvia-lo cálculo de porcentaxes, que sería escasamente significativo.

Na prosa de Cunqueiro rexístrase unha porcentaxe de ocorrencia da unidade articular como elemento constitutivo da frase nominal con posesivo que se eleva ó 61,14% do total de exemplos. A presenza do artigo como determinante único ascende ó 32,53% do número total de frases.

Non se coñece unha maior tendencia ó emprego doutras unidades determinativas en combinación ou como substitutas do artigo. Mantense en porcentaxes baixas o número de frases con determinantes pertencentes ó paradigma dos demostrativos -1,96% do total-, e co artigo indefinido -1,20% do total.

Como no resto dos textos explorados ata o momento, a prosa de Cunqueiro amosa unha clara preferencia pola disposición do posesivo en anteposición ó elemento nuclear do nominal. Da totalidade das frases, só un 4,67% dos exemplos vulnera este principio. Por determinantes, cando aparece un artigo na estrutura a contía dos posesivos pospostos descende ata un 3,16%:

*Perrín, "triste coma un can", decía il, retiróuse e volvéuse á casa súa* (Xente, p. 12)

*Sofíou que adeprendía francés e falaba co loro, e vai iste e contáballe da familia súa, e como eran a América Central e mais Barcelona* (Xente, p. 21)

Co demostrativo como determinante frástico, a tendencia normal da prosa de Cunqueiro consiste en situa-lo posesivo á esquerda do núcleo do nominal:

*O gran xefe dos lugueses, miróuno con aqués seus ollos vivos e bulrós, e sorriu* (Xente, p. 40)

*Isa vosa criada maior acertando en algo, non acertou de todo* (Xente, p. 38)

Polo que se refire ó artigo indefinido, a proporción entre formas antepostas e formas pospostas invértese con claridade. Só nun caso aparece o posesivo situado á esquerda do núcleo:

*CASTEL, mosiú. - Criado do señor Bispo de Paris, que trouxo a Miranda os quitasoles i o quitatrevas. Era gordo e colorado, e tiña unha perrera de flequillo que llo rizaba unha súa amiga que era mandadeira* (Merlín, p. 150)

A colocación máis frecuente con esta unidade determinativa é, xa que logo, a posposición do posesivo. É posible, así mesmo, rexistrar exemplos en que se opta pola utilización da forma *de meu*, sempre de acordo coa semántica do substantivo nuclear:

*-Fixolle un camión, dlxome un sobriño de seu [...]* (Xente, p. 44)

*Eu non cheguei a coñecer a Ruzos de Beiral, pro tratéi moito a un sobriño de seu que se chamaba Evaristo* (Xente, p. 60)

A introducción da forma *de meu* na estrutura da frase nominal constitúe unha novidade dentro do noso corpus de textos literarios. Esta unidade, pola súa propia orixe frástica, coñece como única posibilidade distribucional a situación á dereita do núcleo. Non é estraño, xa que logo, o feito de que *de meu* apareza na construción de frases con determinantes que tenden a pospoñer-lo posesivo, en especial co artigo indefinido.

A pesar da súa aparente complexidade estrutural, as pautas organizativas da frase nominal en *Bretaña, Esmeraldina* non descubren tendencias novas na distribución lineal dos elementos determinativos. A área de orixe do autor, caracterizada nos mapas morfolóxicos do Atlas Lingüístico Galego<sup>5</sup> como de obrigada presenza do artigo, explica quizais a baixa porcentaxe de frases con posesivo como único determinante: un 11,67% do total. Cómpre ter en conta, ademais, que o número de vocativos se eleva ó 61,75% destas.

A presenza na frase de elementos determinativos diferentes do artigo ou, no seu caso, do posesivo, non é tampouco notablemente significativa. Así, a ocorrencia do demostrativo sitúase nun 0,51%, a do artigo indefinido nun 0,79% e a de cuantificadores e outras unidades nun 0,23%.

A porcentaxe global de anteposición do posesivo sitúase nun 97,29% do total de exemplos, mentres que da cantidade de formas pospostas un 68,42% dos exemplos pertencen ó paradigma alternativo *de*

<sup>5</sup> De acordo cos mapas 247 (*o meu tío*), 248 (*os meus tíos*), 249 (*os nosos tíos*) e 250 (*os vosos tíos*) da versión provisional do tomo II (morfoloxía nominal).

*meu*. Co artigo, só un 1,05% de exemplos presentan formas de posesivo pospostas, e destes un 73,68% pertencen ó paradigma anteriormente mencionado. A semántica do núcleo frástico non parece condiciona-la presenza da forma *de meu*, a diferenca do que ocorre en Cunheiro:

*Producía orizos na carne a súa mao, cando pasaba polo brazo ou polo  
hombreiro de meu* (Bretaña, p. 35)

Con calquera unidade determinativa das pertencentes á clase II, son maioritarias as ocorrencias da forma posesiva en anteposición. Así, nas frases con demostrativo o 73% dos exemplos son deste tipo:

*Véuseme ás mentes aquel meu primeiro día na prisión de Príncipe*  
(Bretaña, p. 4)

O mesmo ocorre con aquelas estruturas frásticas en que o elemento determinativo é un artigo indefinido:

*Penetrou con forza na carne dun meu brazo, queimándome* (Bretaña, p. 63)

O texto de Méndez Ferrín amosa tamén exemplos de frases introducidas por un único determinante pertencente á clase III. O comportamento do posesivo na linealidade defínese indicando a súa preferencia pola colocación á esquerda do núcleo:

*Esmeraldina, tanta miña saudade haberá sen dúbida de fatigarche a  
atención* (Bretaña, p. 35)

Idéntica tendencia se percibe naqueles casos en que a estrutura determinativa está composta por un artigo definido e un numeral, é dicir, por un elemento da clase II e outro da clase III. As combinacións xeradas son moi diversas. En primeiro lugar, o autor pode optar por situalo posesivo inmediatamente á dereita do artigo definido, e a continuación deste o numeral:

*Cumprira eu xa por entón, miña queridísima Esmeraldina, os meus  
trinta e cinco anos* (Bretaña, p. 15)

A alternativa contraria tamén se rexistra no texto de Méndez Ferrín:

*Na miña cama e na miña casa, bruxa, que os perdiches aos dous meus  
Amaury* (Bretaña, p. 50)

No único exemplo en que se produce, a dislocación dun dos elementos deste complexo de tres cara á dereita do nominal non supón, como sería de esperar, a alteración na distribución do posesivo, senón do numeral:

*Así e todo, cúranlle a Ponthus as súas feridas tres* (Bretaña, p. 37)

Por último, cando o numeral é o determinante único da frase, a posposición do posesivo e o emprego da forma *de meu* é unha opción posible:

*Ela tivo tres fillos de meu: Sifontes, teu paxe; Mascato, axudante* (Bretaña, p. 90)

A prosa de Casares amosa, no que se refire ó sector determinativo, un comportamento bastante uniforme. Así, a porcentaxe de unidades frásticas que só presentan o posesivo nesta función redúcese ata un 4,81%. En todas elas aparece como elemento nuclear un substantivo de tratamento cara a un ente divino:

*[Viñeran] á capital por mor do milagre de Nosa Señora* (Mortos, p. 9)

Os demais exemplos do corpus presentan sempre artigo como determinante único. O posesivo non aparece posposto en ningún caso.

### 3.2. A lingua oral

#### 3.2.1. Datos procedentes de gravacións transcritas

Se a escasa complexidade no sector determinativo é tónica xeral no rexistro literario da lingua, a oralidade dos nosos días acentúa e continúa esta tendencia, como é de esperar dada a condición práctica e en absoluto retórica das mensaxes que carecen dunha primaria intención estética.

A importante presenza de substantivos de parentesco explica o feito de que a metade das frases nominais do corpus oral coñezan unha estrutura extremadamente simple: posesivo como determinante único. O resto dos elementos determinativos reparten entre si de xeito desigual a outra metade. Así, un 48,64% dos exemplos está constituído a partir da unidade articular como elemento determinativo. Só en cinco casos é posible que esta unidade se vexa precedida por outra de idéntico carácter, que é sempre o cuantificador universal *todo*:

*Toda a miña vida roubei e outra cousa non sei facer* (Feás, p. 142)

Polo que se refire á presenza de unidades determinativas que na linealidade das estruturas de determinación se pospoñen ó artigo, só rexistramos un caso de aparición dunha forma pertencente ó paradigma dos numerais:

*E era polo millor da vida, ós meus vinteseis anos* (Terra Cha)

O posesivo mantense inmediatamente á dereita do artigo, e cede a súa posición de máxima proximidade ó núcleo á forma de numeral.

Existe a posibilidade de como máximo dous elementos determinativos -á parte do posesivo- dentro das frases nominais con artigo. Polo que se refire á localización lineal da unidade, nun 97,79% dos casos aparece situada á esquerda do núcleo do nominal, mentres que só nun 2,21% dos casos os falantes optan pola súa posposición.

A presenza como único elemento determinativo dunha unidade pronominal distinta do artigo é tamén minoritaria nas transcricións, dado que se reduce a un 3,18% dos exemplos. Con demostrativos, o corpus só rexistra exemplos en que o posesivo aparece dislocado á dereita do núcleo:

*Esa cativa miña tamén é moi mantedora* (Terra Cha)

*Viron aqueles carneiros nosos, pero eles dixeron [...]* (Verín, p. 115)

Non existen mostras da distribución contraria e máis frecuente no expolio da lingua literaria<sup>6</sup>. A única posibilidade alternativa consiste na posposición da unidade demostrativa en frases con determinante artigo. Neste caso, o posesivo mantense á dereita do núcleo, pero cede o seu lugar de inmediata posposición ó mesmo ó demostrativo:

*Anduvo cosendo coa prima esa miña. E tratábamonos moito sempre* (Terra Cha)

Idéntico é o comportamento do posesivo na práctica totalidade das frases con artigo indefinido:

*E iara dunha tía miña que lle chamaban Presenta* (Goián, p.100)

Velaquí o único exemplo excepcional:

*Prepárate que ha vir un meu compañeiro verte* (Verín, p. 120)

### 3.2.2. Datos complementarios

O número de unidades determinativas que presentan as frases nominais dos nosos corpus oral e literario non excede en ningún caso de

---

<sup>6</sup> Sen embargo, en gravacións efectuadas polos alumnos de 5º curso de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago durante os anos 1992 e 1993 aparecen exemplos como os que seguen:

*Caseime no corenta e nove, qu'eran tempos mui difíciles e aqueles meus tios déronme a vida* (Lérez, Pontevedra)

*Meus meniños, vinde aquí que vos traemos pan das señoritas, un pino que habla no Rodaval, nesa vosa leira que tendes* (Teo, A Coruña)

*Entonces foi e a outra, a máis vella, a que me morreu [...]* *aquela miña meniña [...]* (Verín, Ourense)

tres. Esta tendencia á selección da opción estruturalmente máis sinxela e, por tanto, a carencia de datos acerca de construcións determinativas de maior complexidade impide a emisión dun xuízo global sobre o comportamento do posesivo. Así mesmo, os exemplos con determinantes distintos do artigo ou do mesmo posesivo son tan escasos que non permiten extraer conclusións porcentuais de carácter definitivo.

Para superar estas dúas limitacións, a elaboración dun elenco de frases con posesivo sobre as cales os falantes teñan que decidir acerca da súa gramaticalidade ou agramaticalidade pareceu a única solución viable. Sen embargo, as deficiencias da consulta, anteriormente mencionadas, explican a relativización dos datos obtidos a partir da mesma, que tentan servir fundamentalmente como pauta orientadora. Velaquí os resultados.

Os falantes seleccionados amosaron un total rexeitamento á anteposición do posesivo ó núcleo do nominal naquelas secuencias en que o único elemento determinativo pertence á clase I das diferenciadas por Varela (1992). Así, os interrogados xulgaron agramaticais secuencias como

\**Algún meu amigo axudoume, ou*

\**Todo meu amigo sábeo*

A dislocación do posesivo á dereita do núcleo do nominal resultou posible con este mesmo grupo de determinantes, excepto coa forma *ben (de)*. Diante de estruturas como

*Ben de pan meu non che fai dano*

o nivel de aceptabilidade por parte dos falantes oscila entre a agramaticalidade total e a consideración da secuencia como dubidosa. En calquera caso e de acordo cos datos da enquisa, os determinantes desta clase que entran en combinación co posesivo non permiten a situación desta unidade á esquerda do núcleo.

Para o artigo, a ordenación considerada como máis usual é a que presenta o posesivo en anteposición. Cara á posposición da forma existiron nalgúns falantes certas reservas, quizais motivadas pola escasa contextualización dun exemplo como o proposto:

*O amigo meu báilache ben*

Polo que respecta ó comportamento do posesivo con demostrativos e artigo indefinido, para a maioría dos enquisados o lugar menos marcado é a disposición da unidade á dereita do elemento nuclear. Así, diante de exemplos como

*Este meu amigo non o fixo ben, ou*

*Un meu amigo nunca o faría,*



a maioría dos preguntados vacila, e téndese a consideralos só parcialmente gramaticais. Outro sector de falantes prefire nega-la posibilidade desta distribución, sen máis.

As clases III e IV obrigan, así mesmo, á posposición xeneralizada do posesivo naqueles exemplos en que elementos pertencentes a estas clases distributivas actúan como determinantes na secuencia. Ningún dos enquisados aceptou exemplos como

*\*Dous meus amigos viven aquí, ou*

*\*Determinadas súas obsesións moléstanme moito*

Cando existe unha combinación de dous elementos determinativos, un deles pertencente á clase I e outro á clase II, o segundo "rexe" as virtualidades dispositivas do posesivo. Isto explica a gramaticalidade da secuencia

*Ben do meu pan non che fai dano,*

rexeitada anteriormente con só o primeiro elemento determinativo.

De interese é o comportamento do posesivo en combinacións nas que entran un determinante da segunda clase -especialmente o artigo- e outro pertencente á terceira das clases combinatorias. De antepoñírense tódalas unidades, a única posibilidade distribucional consiste en situar o posesivo inmediatamente despois do artigo. A posposición daquel con respecto ó segundo determinante xera estruturas agramaticais:

*\*Os dous seus amigos chamárona / Os seus dous amigos chamárona*

Unha terceira opción consiste en dislocalo posesivo á dereita do nominal. Sen embargo, esta posibilidade é considerada imposible para o numeral:

*Os dous amigos seus chamárona / \*Os seus amigos dous chamárona*

Este comportamento é extrapolable ó resto dos membros da clase III que teñan a posibilidade de ocorreren en simultaneidade co artigo definido.

Idénticas consideracións é posible realizar con respecto ó comportamento do posesivo en acumulacións de dous determinantes, o artigo e outra unidade pertencente á clase IV. Nótese, ademais, que algúns dos elementos encadrables neste paradigma distribucional conservan valores semánticos adxectivais derivados da súa primitiva natureza, valores que se evidencian con maior claridade no cambio de significado que sofren cando aparecen pospostos. O comportamento destes elementos, tendo en conta esta salvidade, é idéntico ó da clase III. Así, os falantes realizaron as seguintes escollas, case unanimemente:

*?\*Os numerosos seus amigos non lle fan nada / Os seus numerosos amigos non lle fan nada*

*Os numerosos amigos seus non lle fan nada! ?Os seus amigos numerosos non lle fan nada*

Nótese que o último exemplo podería ter unha lectura gramatical sempre e cando a forma *numerosos* fose interpretada como modificador non restrictivo, e se situase graficamente entre comas. É evidente que, en tal caso, a análise sintáctica da unidade como determinante resultaría xa imposible.

Unha última opción constructiva para estas secuencias consiste na posposición do determinante da clase IV e do posesivo, aínda que esta aparece limitada en función dos trazos semánticos característicos do primeiro elemento. A consideración da validez de calquera das dúas ordenacións posibles, mesmo a partir da admisión da escasa gramaticalidade das mesmas, varía de falante en falante. Así, parece en xeral preferible a maior proximidade do posesivo ó núcleo:

*?Estes amigos seus numerosos non lle fan nada / \*Estes amigos numerosos seus non lle fan nada*

As combinacións de determinantes que inclúen máis de tres elementos son consideradas, case unanimemente, como agramaticais co posesivo como última unidade da acumulación:

*\*Tódolos numerosos seus amigos veñen polo Nadal,  
\*Os moitos variados seus amigos poden acabar con ela*

Cando o artigo forma parte do complexo de determinantes, o posesivo pode situarse inmediatamente á dereita del como única opción para manterse en anteposición:

*Tódolos seus numerosos amigos veñen polo Nadal,  
Os seus moitos variados amigos poden acabar con ela*

Estas mesmas secuencias coa unidade dislocada á esquerda resultan máis aceptables para os falantes, aínda que en moitos casos séguese negando a posibilidade de antepoñer un número tan elevado de formas ó núcleo do nominal:

*Tódolos numerosos amigos seus veñen polo Nadal,  
Os moitos variados amigos seus poden acabar con ela*

#### 4. Conclusións

A exposición ábrese coa sistematización do comportamento distri-

bucional do posesivo naquelas frases en que aparece un único determinante, á parte da propia unidade. Dos elementos que conforman a clase I, só catro -quizais cinco- poden entrar en combinación co posesivo: trátase de *todo*, *algún*, *ningún*, *un pouco de* e -con reticencias- *ben de*. Dada a inexistencia de datos procedentes do corpus, os únicos indicios sobre ordenación lineal da frase proceden das observacións dos falantes enquisados, segundo os cales só é posible a posposición do posesivo ó núcleo do nominal.

Con aquelas frases determinadas por unha unidade que pertence ás clases III ou IV, a tendencia distributiva do posesivo parece inclinarse tamén cara á posposición. Así o corroboran os escasos exemplos deste tipo de combinacións na lingua literaria e na oralidade contemporánea, e non o desmenten os datos procedentes da enquisa. Unha única voz discordante: Méndez Ferrín, para quen os determinantes da clase III coñecen como opción non marcada a anteposición do posesivo ó núcleo do nominal.

A combinación das formas de posesivo con unidades da clase II é a de maior entidade desde a perspectiva numérica, de acordo cos datos do corpus. En concreto, o artigo definido convértese no pronome que presenta unha maior capacidade de aparición conxunta coa unidade, como demostra o feito de que no corpus a porcentaxe de coocurrencia de ambos estea situada en preto do 90% do total de exemplos. A tendencia á anteposición do posesivo nesta secuencia lineal mantense constante tanto na lingua oral como na literaria, e a posibilidade contraria, estruturalmente non incorrecta, necesita unha certa xustificación en función de factores relacionados co contexto.

O comportamento do posesivo con respecto ó paradigma dos demostrativos resulta especialmente interesante, dado que a unidade parece coñecer diferencias distributivas de carácter tanto diacrónico como diatómico. A lingua literaria do XIX amósase constante na súa maioritaria tendencia a antepoñe-la forma ó núcleo do nominal. Esta tradición continúa na literatura da época "Nós" e nalgúns autores de posguerra, aínda que a disposición contraria vai gañando terreo ata colocarse como maioritaria noutro sector da escritura. Pola súa banda, a lingua oral contemporánea só coñece certas pegadas desta posibilidade combinatoria, e xeneraliza como non marcada a posposición do posesivo ó núcleo.

Nun nivel hipotético, cremos posible postula-la existencia dun cambio diacrónico no sistema en canto á distribución do posesivo en frases con determinante demostrativo. Así, á primitiva anteposición, maioritaria nos textos decimonónicos, sucédelle unha forte tendencia á posposición do posesivo que sitúa en niveis periféricos a opción contraria. A importante presenza do posesivo á esquerda do núcleo en certos autores

contemporáneos pode ser interpretada como un trazo de estilo, e tamén como unha opción persoal motivada por unha valoración positiva -máis "galega", máis diferente- desta distribución da unidade.

Con respecto á forma de artigo indefinido, a situación resulta bastante máis complexa. En efecto, a lingua literaria decimonónica cofece como opción normal a posposición do posesivo ó núcleo, e a xeneralización da posibilidade contraria só se produce nalgúns autores contemporáneos. Non existe, xa que logo, unha liña unitaria nas tendencias da escritura. A oralidade, pola súa banda, tende á posposición do posesivo, aínda que existen pegadas dunha tradición de anteposición que puido ser normal baixo certas condicións, hoxe dificilmente sistematizables. Velaquí a lectura que propoñemos para este conxunto de datos un tanto confuso.

No XIX, a colocación do posesivo á esquerda do núcleo non debeu ser tan normal en frases con artigo indefinido como era en frases con demostrativo, dada a súa ausencia dos textos literarios espoliados. A repentina aparición desta posibilidade na literatura contemporánea e, sobre todo, a súa sutil pervivencia na oralidade poden interpretarse, cremos, como testemuño dunha opción minoritaria na fala xa desde antigo, pero contextualmente procedente nalgúns casos, máis viva quizais en certos falantes e en certas áreas. O paso do tempo fixo recuar esta alternativa combinatoria na lingua oral, aínda que varios factores -idénticos ós apuntados anteriormente para os demostrativos- levaron a que algúns textos literarios tendan a ofrecela como maioritaria ou mesmo única.

As pautas combinatorias do posesivo en series acumulativas de máis de dous determinantes dependen da presenza ou ausencia de formas da clase II, en especial do artigo definido. Cando esta unidade forma parte da acumulación, o posesivo tende a situarse inmediatamente á dereita da mesma, en anteposición ó núcleo do nominal. A posibilidade de insertar algún outro elemento determinativo entre posesivo e forma da clase II converte a secuencia en dubidosa ou mesmo agramatical. Mantense, evidentemente, a posposición do posesivo ó núcleo do nominal como procedemento viable de inserción da forma na unidade frástica.

Para demostrativo e artigo indeterminado, unidades pertencentes á clase II, os principios combinatorios indicados para o artigo son válidos, aínda que a gramaticalidade da anteposición do posesivo en secuencias acumulativas parece ser máis discutible. Como é lóxico, para aqueles falantes que non aceptan a anteposición do posesivo en frases determinadas unicamente por estes dous elementos tampouco é posible esta distribución da unidade en secuencias frásticas de maior complexidade.

Cando na secuencia acumulativa non está presente ningún elemento dos pertencentes a esta clase distribucional, a dislocación do po-

sesivo á dereita do núcleo parece se-la única posibilidade gramatical de integración da forma.

## 5. Bibliografía

### 1. *Textos e transcricións empregados na realización do traballo*

#### a) *Textos de principios do XIX e anteriores:*

Blanco, D. (1992): *A poesía popular en Galicia. 1745-1885. Recompilación, estudo e edición crítica*. 2 vols. Vigo: Xerais (=Cantigueiro).

*A Tertulia dos Concheiros. Diálogo entre Pascual, Basilio, Alberte y un cura*. Santiago: Imprenta de José M. Paredes (sen data) (=Concheiros).

"Representacion q.e hicieron los vecinos de Pontedeiva á S.M. sobre la imposición de quatro mrs en quartillo de vino" ano 1805 (=Pontedeiva).

González Senra, "Carta recomendada", en *Gazeta Marcial y Política de Santiago*, Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 1812, pp. 17-21 [a versión en disco carece de numeración] (=Recomendada).

Mingucho, X. DE (1812): "Artículo comunicado", en *Gazeta Marcial y Política de Santiago*, nº 70, pp. 859-860 (=Comunicado).

"Conversa no adro da igrexa" (1 de abril de 1813), en *Gazeta Marcial y Política de Santiago*, nº 30, pp.318-324. Santiago de Compostela (=Adro).

"Conversa entre os compadres Bértolo e Mingote" (9 de febreiro de 1813). *Gazeta Marcial y Política de Santiago*, Santiago de Compostela, 1 de abril de 1813 (=Mingote).

*Carta a un liberal. Estafeta de Santiago*, 23 de xuño de 1813, nº19, pp. 149-150. (=Carta).

*La tertulia en la Quintana, ó diálogo entre Andrúco, Xácóbe è Alberte el día de Corpus*. Santiago: Imprenta de D. Manuel Antonio Rey, 1820. (=Quintana).

*Diálogo entre Gorecho e Mingos* (6-7-1836). Boletín Oficial de La Coruña, A Coruña, núm. 147, 6 de xullo de 1836 (=Mingos).

*Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitoso*, Imprenta de J. Núñez Castaño, Santiago, setembro de 1836 (=Alameda).

*Encuentro y Coloquio Que tuvieron na pontella da Chainsa, cercana á vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio, é Pepe Alonso, o día*

- 13 de Novembro de 1836, en que se noubrou naquela vila ó Auntamento Costitucional, Santiago, 1837 (=Chainsa).
- Pintos, X. M.(1853): *A gaita gallega tocada po lo gaiteiro, ou sea carta de Cristus para ir dependendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda máis*. Pontevedra: Imprenta de don Xosé e don Primitivo Vilas (=Gaita).

b) *Textos do Rexurdimento*

- Castro, Rosalía de (1863): *Cantares gallegos*. Vigo: Imprenta de Juan Compañel(=Cantares).
- Valladares Núñez, M. (1880): *Majina, ou a filla espúrea*, en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, tomo II, nº 21-36 (=Maxina).
- Curros Enríquez, M. (1886): *Aires da miña terra*. A Coruña: Latorre y Martínez (=Aires).
- Curros Enríquez, M. (1888): *O divino sainete*. A Coruña: Imprenta Ferrer (=Sainete).

c) *Textos da época "Nós"*

- Rodríguez Castelao, A. D. (1934): *Os dous de sempre*. Santiago: Nós (=Dous).
- Otero Pedrayo, R. (1935): *Devalar*. Santiago: Nós (=Devalar).

d) *Transcricións da lingua oral contemporánea*

- Krüger, F.( 1923): *El dialecto de San Ciprián de Sanabria*. Anexo 4 da R.F.E. Madrid (=Sanabria<sup>1</sup>).
- Prieto, L. (1958): *Contos vianeses*. Galaxia: Vigo (=Viana).
- Alonso, D. (1969): "Narraciones orales gallego-asturianas de Oscos", en *Obras Completas*, volume 1, pp. 495-521. Madrid: Gredos. (=Oscos).
- Santamarina Fernández, A. (1975): "Testos e noticia da fala de Negueira (Lugo)", en *Verba*, volume 2 (1975), pp.313-322 (=Negueira).
- Cortes y Vázquez (1976): *Leyendas, cuentos y romances de Sanabria*. Salamanca (=Sanabria<sup>2</sup>).
- Couceiro, J.L.(1976): *El habla de Feás*. Anexo 5 de *Verba*, Universidade de Santiago (=Feás).
- Taboada, M. (1976): *El habla del valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela (=Verín).
- Fernández González, J. R. (1978): *Etnografía del valle de Ancares. Estudio lingüístico según el método "Palabras y cosas"*. Anexo 10 de *Verba*, Universidade de Santiago (=Ancares).
- Roux, M. (1982): *Fala o fistor e fáise o día. Algúns aspectos da tradi-*



- ción oral galega na parroquia do Cebreiro*. Sada: Edicións do Castro (=Cebreiro).
- Fernández Rei, F. (1985): "Textos do galego exterior: Piantón (A Veiga-Oviedo), Paradaseca do Bierzo (León) e Lubián (Zamora). Caracterización lingüística", en *Homenaje a Álvaro Galmés de Fuentes*. Madrid: Gredos, pp. 185-196 (=Exterior).
- Regueira Fernández, X.L. (1986): *A fala do norte da Terra Cha*. Tese de doutoramento: Santiago de Compostela (=Terra Cha).
- Vázquez Somoza, X.L. (1986): *O galego en Zolle (Guntín)*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago (=Guntín).
- Pousa Ortega, H. (1987): *A fala de Goián. Estudio descriptivo*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago (=Goián).
- Fernández Rei, F. e Hermida Gulías, C.: *Escolma de textos dialectais da zona central* [iné dita] (=Central).
- Fernández Rei, F. e Hermida Gulías, C.: *Escolma de textos dialectais da zona occidental* [iné dita] (=Occidental).
- Fernández Rei, F. e Hermida Gulías, C.: *Escolma de textos dialectais da zona oriental* [iné dita] (=Oriental).
- Gravacións realizadas na Estrada (Pontevedra)*, xaneiro de 1993 [iné ditas] (=Estrada).
- Gravacións realizadas en Antas de Ulla (Lugo)*, novembro-décembro de 1990 [iné ditas] (=Antas).
- Gravacións realizadas en Quiroga (Lugo)*. Xaneiro de 1993 [iné ditas] (=Quiroga).

e) *Obras literarias posteriores á guerra civil*

- Dieste, R. (1958): *A fiestra valdeira*. Buenos Aires: Citania (=Fiestra).
- Cunqueiro, Á (1968): *Merlín e familia i outras historias*. Vigo: Galaxia (=Merlín).
- Cunqueiro, Á (1977): *Xente de aquí e de acolá*. Vigo: Galaxia (=Xente).
- Casares, C. (1987): *Os mortos daquel verán*. Vigo: Galaxia (=Mortos).
- Mendez Ferrín, X. L. (1987): *Bretaña, Esmeraldina*. Vigo: Xerais (=Bretaña).

2. *Obras consultadas e citadas*

- Álvarez [Blanco], R., Regueira [Fernández], X.L., Monteagudo [Romero], H. (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.
- Álvarez Martínez, M.A. (1986): *El artículo como entidad funcional en el español de hoy*. Madrid: Gredos.
- Álvarez Martínez, M.A. (1989): *El pronombre. I: personales, artículos, demostrativos, posesivos*. Madrid: Arco Libros.

- Alarcos Llorach, E. (1970a): "El artículo en español", en *Estudios de gramática funcional del español*. Madrid: Gredos, pp. 166-177.
- Alarcos Llorach, E. (1970b): "'Un", el número y los indefinidos", en *Estudios de gramática funcional del español*. Madrid: Gredos, pp. 207-218.
- Alonso, A. (1951): "Estilística y gramática del artículo en español", en *Estudios lingüísticos. Temas españoles*. Madrid: Gredos, pp. 125-160.
- Carballo Calero, R. (1979): *Gramática elemental del gallego común*. Vigo: Galaxia.
- Chevalier, J.C. (1966): "Eléments pour une description du groupe nominal. Les prédéterminants du substantif", en *Le français moderne*, XXXIV, n° 4 (1966), pp. 241-153.
- Contreras, H. (1968): "The structure of the determiner in Spanish", en *Linguistics*, n° 44 (1968), pp. 22-28.
- Coseriu, E. (1962): "Determinación y entorno", en *Teoría del lenguaje y lingüística general*. Madrid: Gredos, pp. 125-160.
- Costa Casas, X. X. et alii (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da lingua*. A Coruña: Vía Láctea.
- Costa Olid, A. (1981): *El posesivo en español*. Sevilla: Publicacións da Universidade.
- Dono, M.J. (1978): *O posesivo e outras formas de expresa-las mesmas relacións, na Prosa Galega Medieval*. Memoria de licenciatura. Universidade de Santiago.
- Gross, G. (1984): "Syntaxe du déterminant possessif", en David, J. e Kleiber, G. (1986): *Déterminants: syntaxe et sémantique*. Paris: Klincksieck, pp. 87-111.
- Huddleston, R. (1984): *Introduction to the Grammar of English*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Llauró de Cometta, M.E. (1971): "La construcción endocéntrica substantiva y la determinación de sus constituyentes inmediatos", en *Filología*, ano XV (1971), pp. 135-163.
- Lugris Freire, M. (1922): *Gramática do idioma galego*. A Coruña: Imp. Moret.
- Matthews, P.H. (1981): *Syntax*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Meier, H. (1948a): "Sobre expressões de possessividade e sua história", en *Boletim de Filologia*, XI, n° 1 (1948), pp. 55-77.
- Mira Mateus, M.H., Brito, A.M., Duarte, I.S., Faria, I.H. (1983): *Gramática da língua portuguesa*. Coimbra: Livraria Almedina.
- Mitterand, H. (1963): "Grammaire française: observations sur les prédé-

- terminants du nom", en *Études de Linguistique Appliquée*, nº 2 (1963), pp. 126-134.
- Rojo, G. e Jiménez Juliá, T. (1989): *Aspectos básicos de sintaxis funcional*. Santiago de Compostela: Publicacións da Universidade.
- Varela Barreiro, X. (1982): "Aproximación sintáctica ó posesivo en Cunqueiro", en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Facultade de Filoloxía.
- Varela Barreiro, X. (1992): *Os cuantificadores en galego moderno. A cuantificación pronominal*. Tese de doutoramento: Universidade de Santiago de Compostela [iné dita].
- Wilmet, M. (1983): "Les déterminants du nom en français: essai de synthèse", en *Langue Française*, nº57 (1983), pp. 15-33.
- Wilmet, M. (1986): *La détermination nominale*. París: Presses Universitaires de France.

... a análise da flexión e unidireccionalidade flexional dos artigos. É no contexto de Manuel Rivas e Xosé López, no marco do que esta presentación, unhas poucas páxinas de partida para o desenvolvemento da análise actual da terminación coén en Gallego, como así como o artigo que se segue.

... Ofrecemos unha análise pronominal e posesiva baseada a seguir as nosas primeiras estudos de realidade galega sobre estes aspectos do idioma (Manuel González, "Os artigos de referencia" (1981-1992)", pp. 479-493) e así (Miguel Ángel Fernández, "O artigo", pp. 415-417), as publicacións de referencia, así que se poderá obter de nosos traballos e artigos en Gallego que se refirentes de producións de nosos traballos, sobre todo na segunda metade do século do século (Luis Calvo, "Os artigos de comunicación", pp. 715-734) ou a terceira (Luis Calvo, "Os artigos", pp. 495-502).

Como nos de esperar, a maior presenza correspondente de publicacións (diferentes artigos e artigos), é sobre a flexión dos artigos e sobre as relacións con os artigos e traballos que presentan unha visión global do artigo e a súa flexión, morfoloxía, referencia, etc., así como que aparece tamén a documentación por outros traballos en que o proceso de análise de flexión aparece que forma parte dos traballos máis, nos traballos como artigos de referencia (Fernando Campas, "As artigos posesivos", pp. 33-35) ou como artigos de referencia (Xosé Alvaré, "Os artigos posesivos", pp. 311-314), nos traballos de referencia que parte de traballos que estes artigos están prototipicamente relacionados (Juan López Rivas, "As artigos posesivos", pp. 91-100; González López, "Os artigos posesivos", pp. 171-182) ou ben sobre os traballos máis que nos artigos en termos referenciais segundo os traballos (Margarita Lalo Santos, "Os artigos", pp. 197-211; Manuel Rivas, "Os artigos", pp. 213-229; Fernando Calvo, "Os artigos", pp. 271-293).

O artigo sobre os artigos de referencia galegos. A primeira, "Catálogo de referencia en Gallego por artigos" (pp. 305-316) a cargo de Xosé Alvaré e Insua, é unha lista de artigos que tratan con estes artigos algunhas aspectos que permite obter os traballos de referencia, nos traballos e traballos desta contribución á nosa, as que nos se presenta a lista bibliográfica completa, polo que nos sabemos un a editorial un o ano, un aspecto de nos traballos



VV.AA., *Informe da Comunicación en Galicia*, Consello da Cultura Galega, Santiago, 1993, 556 pp.

Hai uns meses publicouse este volume, composto polas contribucións de variados autores, que tratan distintos aspectos ou sectores dos medios de comunicación. Non estamos diante dun traballo de conxunto en que se coordinen e conxuguen as perspectivas e os criterios dos distintos colaboradores, senón que cada autor enfoca o tema elixido da maneira que lle parece máis conveniente. Sen embargo, o que perde en coherencia, gáñao en pluralidade de opinións, fuxindo dunha visión simplificadora e unilateral deste fenómeno tan complexo. É, no entender de Manuel Rivas e Xosé López, os encargados da súa presentación, un valioso punto de partida para o interesado na situación actual da comunicación en Galicia, sexa cal sexa o enfoque que lle interese.

Ofrécenos unha ampla panorámica e préstalles atención a aspectos tan pouco estudados da realidade galega como poden se-lo mundo do vídeo (Manuel González, "Unha década de videocreación (1982-1992)", pp. 479-493), o cine (Miguel Anxo Fernández, "O cine", pp. 433-477), os gabinetes de información, cos que xa contan máis de cen institucións e empresas en Galicia que se preocuparon de produci-la súa propia información, sobre todo na segunda metade da década dos oitenta (Luís Celeiro, "Os gabinetes de comunicación", pp. 375-396) ou a fonografía (Eloi Caldeiro, "A fonografía", pp. 495-502).

Como era de esperar, a maior presenza correspóndelles ás publicacións (libros, xornais e revistas), á radio e á televisión. Sen embargo a visión das mesmas non se limita a traballos que presenten unha descrición global en canto á súa produción, mercado, audiencia, etc., senón que aparece completada e complementada por outros traballos en que o interese se centra en diversos aspectos que forman parte dos devanditos medios, ben servíndolles como soporte material (Francisco Campos, "As artes gráficas", pp. 33-55) ou como soporte tecnolóxico (Xavier Alcalá, "As telecomunicacións", pp. 411-431), ben proporcionándolles gran parte da información que estes *mass-media* posteriormente comunican (Juan López Rico, "As axencias informativas", pp. 91-100; Consuelo López Vila, "A documentación", pp. 171-182) ou ben sendo unha compoñente máis, con maior ou menor relevancia segundo os medios (Margarita Ledo Andión, "O deseño", pp. 197-211; Manuel Sendón, "A fotografía", pp. 213-269; Eduardo Galán, "A historieta", pp. 271-293).

O *Informe* remata cun par de achegas bibliográficas. A primeira, "Catálogo da comunicación en Galicia por autores" (pp. 503-519) a cargo de Xulio Álvarez Farifas, é unha lista de autores que trataron nas súas obras algún aspecto que versaba sobre os medios de comunicación, non obstante a utilidade desta contribución é relativa, xa que non se presenta a ficha bibliográfica completa, polo que non sabemos nin a editorial nin o ano, nin sequera se son libros

ou artigos que aparezan nalgunha publicación, amais de non se especificar se se trata dunha lista exhaustiva, orientativa, etc. A segunda contribución bibliográfica é xa de carácter máis específico e tamén moito máis rigoroso: son "Apuntamentos para unha bibliografía sobre a historia da prensa galega" (pp. 521-554) e o seu autor, Marcos Valcárcel, aclara xa na presentación que se trata dunha achega provisional, aínda que procurou que fose o máis exhaustiva posible. As fichas bibliográficas aparecen agrupadas en sete grandes bloques e tras cada unha delas hai un breve comentario orientativo.

A continuación deterémonos naqueles artigos que tratan máis ou menos directamente o tema da lingua galega nos medios de comunicación en Galicia.

A primeira colaboración é a de M<sup>a</sup> Dolores Cabrera cun traballo titulado "A empresa editorial e o mundo do libro". A autora analiza a situación do mundo editorial galego da década 1980-1990, baseándose nas cifras do ISBN, completadas cos resultados dun traballo inédito, "A produción editorial galega. 1980-1990", elaborado por esta autora en colaboración con Anxos Ferradáns e Dolores Picallo. Entre outros aspectos, proporciona información sobre cal é a lingua en que se produce a oferta editorial, onde destaca o uso exclusivo do galego por parte da maioría das editoriais ou uso alternado dalgunhas, aínda que sempre atentas á realidade galega. Tampouco esquece os servizos de publicacións das institucións que, curiosamente, editan indistintamente nas dúas linguas ou mesmo se decantan claramente polo uso maioritario do castelán (Universidade de Santiago, por exemplo). Tamén lle dedica un apartado á comparación da produción de libros en galego, fronte ás outras linguas do Estado Español, onde se aprecia un importante avance editorial en Galicia, froito en grande parte, segundo a autora, da relación e dependencia respecto do mundo do ensino, un dos grandes demandantes de libros en galego.

Xa no ámbito da prensa escrita, G. Luca de Tena escribe "Os diarios: da prensa política á política da empresa". A perspectiva deste autor, aínda analizando a mesma realidade có traballo de X. L. García ("Unha reflexión contemporánea sobre a prensa", pp. 57-77) é moi distinta e cremos que moi interesante. Mantén que a prensa galega sofre de centralismo ideolóxico: non só a lingua dos xornais non é a galega (presenta datos, tomados dun estudio de Víctor M. Rico López: *Os xornais e a lingua*), senón que tamén hai ausencia de información galega, debido en grande parte á invasión de información foránea (o 80% das novas non son de elaboración propia). Remata a súa colaboración cunha serie de cadros, entre os que aparece un en que se amosan as porcentaxes de emprego do galego en 1977, 1982 e 1987.

Marcos Valcárcel, pola súa parte, nun artigo que titula "As revistas en galego (1975-1991): a difícil supervivencia", destaca o grande volume de produción de temática cultural, a cal representa máis da metade dos títulos. Fai unha clasificación das publicacións en galego, seguindo un criterio fundamentalmente temático, aínda que tamén inclúe un epígrafe para a prensa comarcal e local. Estas dúas dimensións da prensa galega tamén son estudadas en senllos artigos de Rosa Cal, "A prensa local" (pp. 101-123) e por Xosé López García, "A prensa comarcal" (pp. 125-142), aínda que ningún dos dous autores lle dedica especial atención á lingua vehicular destes medios.



Elena Goyanes Vilar ocúpase na súa colaboración, "A lingua" (pp. 183-195), da presenza do galego nos medios de comunicación actuais. Remítese para dar cifras a un traballo inédito, elaborado por un equipo de lingüistas e xornalistas e que leva por título "O galego nos medios de comunicación escritos". Pero non só lles dedica a súa atención ós medios escritos, senón que tamén fai un breve repaso polos medios audiovisuais, onde só é verdadeiramente relevante a presenza do galego na radio e na televisión autonómicas. Tampouco é importante a presenza da nosa lingua na produción das axencias de noticias, que lle dedican unha mínima parte (A Axencia Galega de Noticias produce en galego tan só un 2% das súas noticias).

En canto ós xornais, non só detecta unha importante porcentaxe do escrito en galego nos ámbitos da cultura e da opinión, senón tamén no da publicidade, sobre todo de institucións (a presenza de entidades privadas que se anuncien en galego é mínima).

Se cadra o máis relevante da súa contribución son os datos obtidos do devandito traballo inédito que mostran as actitudes dos distintos axentes -e pacientes- no proceso da comunicación. Sorpréndenos gratamente atopar cifras como que o 70% dos lectores de xornais estarían dispostos a ler un diario en galego. En canto ós xornalistas, os datos son bastante contradictorios: o 67'5% estaría disposto a escribir integramente en galego e o 48'8% afirma que a escolla é decisión persoal, o cal non parece moi coherente con que o 92'96% escriban habitualmente en castelán, nin con outros datos como que o 57'5% opina que o galego lles limita o potencial de difusión.

En "A radio" (pp. 295-303), X. R. Pousa presenta, en canto á programación en galego, datos non moi esperanzadores, xa que á parte da RAG e de Onda Cero Monforte e Onda Cero Vilalba, a presenza do galego no resto das emisoras non é en absoluto significativa. Analiza, en primeiro lugar, as audiencias das denominadas radios convencionais, onde aparece o galego só de xeito anecdótico, ocupando unha parte mínima da programación dalgunhas cadeas. Polo que se refire ás radiofórmulas, ás que lles son fieis o 45% dos oíntes de radio en Galicia, a presenza do galego é nula. Estes últimos datos están en sintonía coas opinións daqueles que suxiren a creación dunha segunda canle autonómica baixo a modalidade de radiofórmula.

O galego goza dunha maior presenza nas radios públicas locais, as cales presentan practicamente un 100% do seus contidos en galego, segundo os datos achegados por Henrique Sanfiz Raposo no seu artigo, "A radio municipal" (pp. 305-326). Hai nove emisoras funcionando actualmente e 24 concellos solicitaronlle xa unha emisora á Xunta.

Por último, deterémonos no artigo de L. Álvarez Pousa, "A televisión" (pp. 327-374). Estamos diante dun traballo bastante longo e denso, onde se analizan moitos dos problemas, carencias e perspectivas da TVG, a única televisión galega e en galego, feitas as salvidades dalgunhas televisións locais que están a funcionar e a dos curtos espazos que a TVE dedica a "programación territorial". A TVG serviu, segundo o autor, de instrumento de normalización, aínda que o labor fundamental que debería realizar e para o cal foi creada, o reforzamento da identidade lingüística e cultural de Galicia, vese dificultado por problemas de moi diversa índole, como poden ser: a falta de modelo definido e propio, o im-

pacto das privadas, que trouxeron canda elas a crise do concepto de televisión como servizo público, amais da guerra de audiencias. Directamente relacionado con isto, están as voces que avogan pola privatización do ente (opinión que o autor non comparte) ou algúns dos retos ós que se enfrenta, tales como os da estabilización da audiencia e, ó mesmo tempo, o de conectar cun público máis amplo. Tamén apunta algunhas solucións que axudarían ó desenvolvemento da TVG, como son a creación da segunda canle, a integración das televisións locais, así como a necesidade de conquista-los campos de actuación europea para que non sexa a TVE, e con ela a lingua e a cultura españolas, a que fale por nós en Europa.

Aínda que non é este un traballo feito para sociolingüistas e a perspectiva predominante é a xornalística, non hai que deixalo de ter en conta para entende-la realidade da comunicación en Galicia e, a partir dela, entende-la realidade da lingua nese contexto, tan importante e tan influente na nosa sociedade.

ELISA FERNÁNDEZ REI

Costa Val, Maria Graça, *Redação e textualidade*, Livraria Martins Fontes, São Paulo, 1991, 133 p.

Nunha recensión anterior sobre unha monografía catalana de Lingüística Textual apuntei algúns dos aproveitamentos que desta teoría se poden facer dentro do ensino das linguas. O libro que a esta hora comezo a comentar é un dos mellores exemplos que pasaron polas miñas mans de como deben rendabilizarse e conxugarse as ensinanzas da LT.

Unha das eivas recorrentes da maioría dos traballos de LT estriba na mafia herdada dos costumes estruturalistas de aplica-los exemplos ó sistema teórico. As unidades ou fragmentos textuais empregados nos manuais e traballos de LT son case sempre textos modélicos (literarios, xornalísticos, etc.) ou textos manipulados adrede para demostra-lo funcionamento de determinados aspectos da teoría. No libro do que agora me ocupo sóbose fuxir destas prácticas.

Costa Val recolleu na súa obra a análise de cen redaccións escritas realizadas na proba de acceso á universidade establecida no sistema educativo brasileiro. Os textos son producións particulares de alumnos que remataron o bacharelato e a profesora brasileira tentou organizar un sistema teórico que servise para aprecia-la funcionalidade das súas mensaxes.

Na primeira parte preséntase o modelo que utilizou para realiza-la investigación. Segundo Costa Val, un texto é perfecto se atende o aspecto semántico (coherencia), o formal (cohesión) e o pragmático (funcións informativa e comunicativa). A textualidade determina o conxunto de características que definen o que é un texto. Para delimitar estas calidades distingue dous bloques: o que reúne elementos conceptuais e formais e o que contén os aspectos pragmáticos. No primeiro grupo diferencia a rede de relacións conceptuais que se poñen en xogo no texto (coherencia) e a manifestación lingüística desas relacións significativas (cohesión). A definición e a delimitación de correspondencias entre estes dous aspectos constituíron sempre un punto crucial da LT. A autora do libro define con claridade os dous conceptos e traza con tino o sentido das súas relacións.

O outro conxunto de factores que determinan a textualidade dunha unidade lingüística están cos protagonistas do acto comunicativo. Seguindo a Beaugrande e Dressler establécense os elementos pragmáticos que repercuten na configuración do texto. Aínda que este é un capítulo da LT tratado con reparo por moitos estudiosos, a autora demostra a necesidade de consideralo na análise textual. O texto elabórase para cumprir uns obxectivos (intencionalidade), debe cadrar coa situación en que se desenvolve a comunicación (situacionalidade), ten que resultar interesante e proveitoso para o receptor (informatividade) e ha de ter en conta as relacións establecidas con outros textos (intertextualidade).

No segundo capítulo da primeira parte detállanse os criterios que se usaron na avaliación das redaccións. Na estimación da coherencia e da cohesión empregáronse as regras de Charolles: a permanencia no texto dos núcleos semánticos e formais (continuidade), a presentación de información nova e os mecanismos formais usados con este fin (progresión), o respecto dos principios lóxicos e o uso axeitado de termos e modos verbais (non contradicción) e a organización dos feitos no discurso (articulación).


Algúns dos factores pragmáticos relacionados co contexto (intencionalidade, aceptabilidade e situacionalidade) examináronse por xunto para tódolos escritos, xa que as redaccións foron producidas en condicións idénticas. Para medida da efectividade da comunicación a autora brasileira centrouse na medida da imprevisibilidade da información e da suficiencia dos datos. A primeira parte do libro conclúese recoñecendo que a análise da textualidade dificilmente pode ser obxectiva; aínda que os aspectos formais se poden avaliar con exactitude, a estimación dos factores pragmáticos está subordinada sempre ós coñecementos dos interlocutores.


A segunda parte da obra contén os resultados da análise das cen redaccións. Os textos foron compostos na proba de selectividade de 1983 por alumnos de letras que teñan entre dezasete e vintedous anos. O tema proposto foi o da violencia social. O primeiro estudo é cuantitativo; avalíase o funcionamento da coherencia, da cohesión e da informatividade. O 85% dos textos presenta problemas relacionados coa informatividade, a metade das redaccións ten insuficiencias na coherencia (sobre todo na continuidade e na non-contradicción) e poucos son os escritos en que se rexistran fallas graves na cohesión (articulación, uso dos pronomes anafóricos e xusteza no emprego do vocabulario).

A análise cualitativa realízase con máis detalle. Con moito acerto a autora retoma cada un dos elementos cos que avalía a textualidade e a feito vai mostrando as deficiencias que respecto deles presentan os textos. Nesta sección demostrase a utilidade da metodoloxía proposta na primeira parte do libro. Para Costa Val os textos teñen unha armazón ben constituída, formalmente mostran poucas desviacións do padrón lingüístico. Sen embargo son textos pobres, compostos con razoamentos previsibles, pouco efectivos e con niveis baixos de informatividade e coherencia.

O interese máis destacable da obra é o de saber agrupar a xeito unha serie de criterios válidos e efectivos para determina-lo grao de proximidade dunha redacción escrita ó modelo textual óptimo. As propostas teóricas non son novas, pero o seu emprego e a conxunción dos aspectos pragmáticos, semánticos e formais convértenas nunha achega moi proveitosa. Un libro recomendable para percibi-lo rendemento que se pode tirar da LT e tamén para decatarse da posibilidade de constituír un marco teórico preciso dende o que achegarse á análise da composición dos textos escritos.

XULIO C. SOUSA







R E A L  
ACADEMIA  
GALEGA  


## CONTIDO

---

- 5 X. BOUZADA FERNÁNDEZ  
A lingua galega no sector dos servicios ou as racionalidades, dilemas e paradoxos presentes en usos cotiáns da lingua galega
- 19 A. M. LORENZO  
A lingua galega nas actividades laborais do sector secundario: do hábito adquirido á interacción social
- 25 X. R. FREIXEIRO MATO  
A lingua de Crecente Vega (*Codeseira*, 1933): un paso adiante no proceso de estandarización do idioma
- 55 L. BLANCO  
Ourensanismos en *Xente ao lonxe*
- 67 X. DOMÍNGUEZ DONO - A. FACHAL FRAGUELA  
A fauna en Cunqueiro. As aves
- 81 I. SALGADO BASOA - M. PÉREZ RODRÍGUEZ  
A fauna en Cunqueiro. Os peixes
- 87 R. MARIÑO PAZ  
O padre Sarmiento no seu tempo
- 101 C. HERMIDA  
Lamas Carvajal e o Rexurdimento
- 117 X. M<sup>a</sup> LEMA SUÁREZ  
Os nomes de persoa dunha parroquia rural galega: Berdoais (1607-1760)
- 135 C. SILVA DOMÍNGUEZ  
A combinatoria do posesivo na frase nominal

∞

C A D E R N O S D E L I N G U A